

Estudar toponimia

***Aproximacións
metodolóxicas
e interpretativas***

**Edición a cargo de
Ana Isabel Boullón Agrelo**

Verba

Anexo 75

2017

ESTUDAR TOPONIMIA
APROXIMACIÓN METODOLÓXICAS E INTERPRETATIVAS

Edición a cargo de
ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

Verba
Anexo 75

2017
Universidade de Santiago de Compostela



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2017

Maquetación

Raquel Vila-Amado

Edita

Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publicacions

DOI <https://dx.doi.org/10.15304/9788416954353>

ISSN 2341-1198

ISBN 978-84-16954-35-3

A edición e preparación deste volume foi financiada parcialmente cunha axuda da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia - Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ó grupo de investigación Filoloxía e Lingüística galega (USC).

ÍNDICE

Limiar

Ana Isabel Boullón Agrelo.....5

A historiografía da toponomástica na Romania

Antón Santamarina9

A clasificación semántica da toponimia

Paulo Martínez Lema 37

***Veigha*: léxico e fonética da Galicia prelatina?**

Carlos Búa..... 57

Toponimia miñorá: *Miñor, Nigrán, Gondomar, Baiona*

Gonzalo Navaza 81

Antropónimos en topónimos galegos

Antón Palacio Sánchez 115

Achegas metodolóxicas para a investigación lingüística en toponimia medieval

Gonzalo Hermo González.....137

O réxime xurídico da toponimia en Galicia: distribución competencial, organización e conflitos xudiciais

Alba Nogueira López157

Bibliografía esencial da toponimia galega169

LIMIAR

O xerme deste volume foi o curso de verán da USC *Toponimia: interpretación e actuación* que tivo lugar en Santiago de Compostela durante o mes de xullo de 2013. O seu obxectivo era proporcionar ós asistentes unhas ferramentas útiles para, por unha banda, coñecer os fundamentos da toponimia galega en canto á súa conformación, ós seus compoñentes etimolóxicos, á súa análise científica e, por outra banda, para actuar sobre o terreo en canto á súa recollida e consolidación. Houbo, por tanto, conferencias e tamén obradoiros para mostrar a metodoloxía da pescuda da microtoponimia. O curso foi exitoso, con 72 matriculados e a implicación de varios concellos (Rois, Touro, e a Mancomunidade Arousa Norte, que comprende Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira) que concederon axudas para a recollida de microtoponimia nos seus respectivos territorios; o resultado foi a recuperación de cerca de 5.700 nomes de lugares, para seren posteriormente xeorreferenciados.

Neste volume recóllense unha selección das conferencias alí pronunciadas, elaboradas por especialistas con longa traxectoria no estudo da onomástica de Galicia. Nas últimas décadas o estudo da toponimia galega cobrou un extraordinario pulo, paralelamente ó acceso da lingua a usos anteriormente vedados e en resposta á necesidade de elaborar un nomenclátor depurado das interferencias lingüísticas e de coñecer e divulgar esta parte tan importante do noso patrimonio inmaterial. Aumentou en gran medida o número dos estudos descritivos, pero aínda cómpren reflexións sobre aspectos xerais do corpus. Un dos obxectivos do curso de verán, e mais deste volume, é o de proporcionar esas orientacións metodolóxicas.

Varios dos colaboradores son membros da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e, como tales, participantes desde o primeiro momento da elaboración do *Nomenclátor de Galicia*, polo que levan moitos anos estudando de maneira intensiva e extensiva a realidade toponímica. Antón San-

tamarina, catedrático *ad honorem* na Universidade de Santiago de Compostela e un dos fundadores do Instituto da Lingua Galega, comeza o volume cun percorrido da evolución dos estudos de toponimia na Romanía, e o encadramento nela dos estudos toponímicos de Galicia. Gonzalo Navaza, profesor da Universidade de Vigo, exemplifica a pescuda etimolóxica con *Miñor*, *Nigrán*, *San Fiz*, *Gondomar*, *Baiona*, e demostra a necesidade dunha perspectiva interdisciplinar que sume á lingüística os coñecementos da historia do territorio, da documentación medieval, da xeografía, as vías de comunicación e as advocacións relixiosas. Antón Palacio, tamén profesor da Universidade de Vigo, mostra a fonda interrelación entre os nomes de lugares e os nomes de persoa; o seu obxecto de estudo non son aquí os topónimos formados polos nomes de poseores (denominados deste xeito por Joseph M. Piel) no período de creación do romance, senón os máis recentes. Así, detalla os procedementos de formación de centos de topónimos a partir de nomes e apelidos, desde a Idade Media en diante.

Un dos terreos máis esvaradíos á hora de investiga-la orixe etimolóxica dos nomes de lugar é o compoñente prerromano. Carlos Búa (Universität Leipzig), que conxuga a súa formación en filoloxía clásica e lingüística indoeuropea co coñecemento da lingüística románica, ilustra coa palabra *veiga* (voz común e despois topónimo e apelido) a dificultade de desentrañar as relacións entre as linguas prelatinas (de raíz indoeuropea ou preindoeuropea). Ademais, desbota a posibilidade de que a gheada (ou espirantización do *g*, como el prefire denominala) sexa un fenómeno debido ó substrato.

Outras contribucións son froito de investigadores novos que xa demostraron experiencia na investigación científica da toponimia. Paulo Martínez Lema (Universidade de Lisboa) propón unha clasificación semántica para a toponimia galega, sempre coa prevención sobre as dificultades dos encadramentos, dado que son continuas as situacións fronteirizas. Pola súa parte, Gonzalo Hermo (Instituto da Lingua Galega) dá conta das especificidades que cómpre ter en conta para o estudo da toponimia medieval.

Por último, Alba Nogueira (Universidade de Santiago de Compostela) achega a perspectiva xurídica: o uso da toponimia pertence ó dereito público e está regulado pola lei, non depende da vontade particular. En Galicia está estipulado o uso da forma galega como exclusiva, o que se regula nas leis autonómicas e se recoñece nas leis estatais. A autora tamén explica o procedemento legal para a fixación dos nomes de lugar, que se reflectiu no *Nomenclátor de Galicia* de 2003.

O libro péchase cunha bibliografía selecta que quere servir de guía breve para asomarse ós principais estudos sobre a toponimia galega.

En suma, as achegas que se presentan aquí pretenden contribuír ó coñecemento da historiografía, da metodoloxía da investigación toponímica e dos seus compoñentes etimolóxicos. Nos nomes de lugar podemos trazar a nosa traxectoria como pobo desde moito máis atrás de que existise memoria escrita, lemos o relato de como os nosos devanceiros se foron apropiando da terra para habitala e aprobeitala, os antigos nomes persoais que usaron e que se esqueceron, a paisaxe física das augas, do terreo, da fauna e a vexetación. Conservamos como testemuñas de tales procesos unha enorme cantidade de topónimos. Confío en que este volume estimule o seu estudo científico, pois constitúen parte fundamental do noso ser lingüístico e histórico.

Ana Isabel Boullón Agrelo
Universidade de Santiago de Compostela
Marzo 2016

A historiografía da toponomástica na Romanía

Antón Santamarina

Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

§1. Bosquexarei neste traballo unhas liñas xerais sobre a historiografía da toponomástica dos países románicos (quitada Romanía). Moitos dos nosos nomes de lugar teñen unha orixe compartida coa doutros países. É verdade que hai rexións onde hai tipos exclusivos, ou onde predominan máis algúns tipos. Pero na maioría dos casos hai as mesmas bases léxicas. Se collemos unha base como QUERCUS ou FILIX (de plantas que estean distribuídas por todo o mundo romano) atoparemos moitas coincidencias (en cada lugar coa historia fonética, morfolóxica e sintáctica propias). Case o mesmo pasa cos nomes de posesores, aínda que os nomes de persoa variaron bastante por razóns de moda; pero aínda así, se collemos un nome habitual como BASILIUS atoparemos que na forma recta, en xenitivo ou cun sufixo (-acus, -anus, -anicus, -ascus, -ingus....) chegan nomes de lugar desa orixe de aquí á Calabria: NG [=Nomenclátor de Galicia] *Basille, Basillao* ... en terras de Francia: *Bassilhac, Bazillac, Bacillié, Basly, Bailly*... en Italia: *Basiglio, Basiago, Basiasco, Basiano* e seguramente máis). Como os datos toponímicos son tantos case nunca se enfocan desde unha perspectiva global (románica); de feito (aínda que o léxico toponímico podería equipararse ó léxico normal) nunca fixo ninguén un dicionario románico de topónimos (paralelo ó *REW*). Por razóns prácticas e ideolóxicas téndese máis ben a facer toponomástica por nacións ou por dominios lingüísticos; ás veces límítanse os estudos a áreas moi pequenas: un concello, unha parroquia. Pero hai veces nas que esa perspectiva

grande é necesaria. É boa nos casos coma os que acabo de mencionar (plantas, posesores) e é imprescindible cando se trata de voces que pertencen a estratos lingüísticos moi recuados. Estas ideas xerais sobre a toponomástica están moi ben explicadas nun artigo vello pero válido: “Toponomastica”, feito por Petar Skok para a *Enciclopedia Italiana* (1937) (Treccani)¹.

En calquera caso a miña intención é chamar a atención de como se pasou da etapa na que a toponomástica era máis ben territorio da fantasía que da ciencia. Hai un crego inglés (Abram Smythe Palmer), *lecturer* en Oxford, que en 1882 escribiu un tratado (en realidade un dicionario) sobre etimoloxía popular, onde se define o home como “un animal etimolóxico” (*etymologizing animal*). Se dicimos *ferraña* e non **farraña* é porque se reanalizou a palabra e se vinculou con *ferro* (vincular un derivado cun primitivo, aínda que sexa erroneamente, é facer etimoloxía). Por iso na Fonsagrada se lle chaman *largato* ó *lagarto*, e *forniga* á *formiga*. E igual pasa na toponomástica, por iso podíamos parafrasear a definición de Smythe dicindo que “o home é un animal toponimista”: hai en Suiza unha cidade famosa que se chama *Winterthur* ‘a porta do inverno’ que orixinariamente se chamaba *Vitodurum* (‘a fortaleza de Vito’). Ás veces estas etimoloxías de topónimos fanse explícitas (é dicir, explícanse) e teñen autor ou circulan como literatura popular. Poderíamos dar exemplos galegos pero vou lembrar un que é moi clásico. Cóntao (invéntao, en realidade, como burla) Rabelais. O cabalo de Gargantúa estaba pasando por un souto “horriblemente fértil e cheo de moscas bovinas e tabaos ... e desenvaiñou o rabo e, zaramoneándoo, tornou neles de tal maneira que tronzou o souto todo... así que despois diso xa non houbo nin moscas nin tabaos; todo o país foi convertido en campo. E véndoo Gargantúa quedou todo contento e díxolles ós seus: “Je trouve *beau ce*” [paréceme *guapo isto*]. E así este país desde aquela chamouse Beauce” (Rabelais inventou iso para burlarse dos etimólogos –con razón–; pero, sen quere-lo, Gargantúa tiña algo de razón, porque a verdadeira etimoloxía de Beauce é seguramente o celta *Belsa* ‘chaira’ da raíz *Bel-* ‘claro’). Lembremos as vellas etimoloxías de *Lisboa* ou de *Tuy*. Álvaro Galmés ten un libro moi curioso titulado *Los topónimos: sus blasones y trofeos (la toponimia mítica)*, onde veñen moitas destas especulacións eruditas ou míticas. Collo un ó azar: *Rivadavia* (segundo Estrada, *Población general de España 1768*) “Fundáronla griegos, compañeros de Dyomedes, quando a Tuy. Después los hebreos llamaron *Avia* al río, interpretando ‘voluntad del Señor’; y como está en sus corrientes y Rivera, juntándose voces, se dixo *Riba-Davia*”. Máis curioso é aínda o étimo da Coruña (tamén de Estrada): “Lo cierto es que la fundó Hércules Egepcio, años del mundo

¹ [http://www.treccani.it/enciclopedia/toponomastica_\(Enciclopedia-Italiana\)/](http://www.treccani.it/enciclopedia/toponomastica_(Enciclopedia-Italiana)/)

299, y antes de nuestra Redención 1670; y porque a la sazón amaba a cierta Dama tiernamente, que llamaban *Coruña*, dio a la ciudad su nombre”.

Antes de entrar en materia quero lembrar outra cousa: hai que ter en conta que a metodoloxía da toponomástica (etimoloxía dos nomes de lugar) é case a mesma cá do vocabulario común. Polo tanto quen queira dedicarse a esta disciplina sería bo que estudase algún libro sobre a materia (case todos titulados *A etimoloxía*) como os publicados por Malkiel, Pisani, Guiraud, Pfister...)². Hai, de todas maneiras, algunha diferenza entre os dous tipos de vocabulario que poden repercutir na evolución das palabras. Unha delas é que moitos topónimos teñen unha frecuencia de uso moi alta e iso pode incidir no desgaste das palabras (como é o caso de *Satrexas* ‘set’eirexas’ ou *Covarradeiras* ‘covas derradeiras’). E tamén sucede que os topónimos adoitan funcionar en sintagmas fixos (case exclusivamente con artigo e preposicións; non coma o resto dos substantivos que teñen moitas máis combinacións) e iso implica que chega a haber con moita frecuencia casos en que o falante non ten unha idea moi clara da segmentación do sintagma, como acabamos de ver nos exemplos anteriores (onde a xente acabou sentindo como unha palabra o que eran dúas) ou como se ve, con máis claridade aínda, nos múltiples casos nos que cortan as palabras por onde “non se debe” (*A Grela*, *A Maía*, *O Grove*, *Os Riós* [Orriolos 1029], *As Santas* [*As Antas*], e ó revés *Abidueira*). Por iso dubidamos que *Beloso* (ou *Veloso*) poida vir de *Abeloso* como se defende desde Nunes porque un “o abeloso” é difícil de cortar “indebidamente” e ademais xa no CODOLGA moitos *Bellosus*, *Velosus* e *Vellosus* (NPP [=nome propio de persoa]) e ningún **abellanos*. Ou se soldan unhas a outras (*Trascastro*, *Sorribas*, *Xulacasa*). Case é tan impertinente escribir *Ogrove* como sería en Francia escribir *Albarnum* en vez de *Le Bar*.

Víndo xa ó tema (a historiografía da toponomástica románica), vou prestar atención preferente ós primeiro momentos e a aquelas figuras que marcaron o camiño do que é a verdadeira investigación en toponomástica; ou sexa, que foron os mestres dos nosos mestres. Algunhas das figuras que vou recordar xa son coñecidas para moitos dos lectores, outras sono menos. En calquera caso a miña contribución é unha invitación a visitalas pois se alguén quere aventurarse a facer algún traballo deste tipo (aínda que sexa só a toponomástica da súa parroquia) non lle vén mal coñecer para contrastar datos ou para adoptar estratexias como as que adoptaron bos etimólogos antes ca

² Vittore Pisani (1967): *L’etimologia. Storia, questioni, metodo*. Brescia: Paideia.

Pierre Guiraud (1986): *Structures étymologiques du lexique français*, Paris: Payot.

Yakov Malkiel (1993): *Etymology*, New York: Cambridge University Press.

Max Pfister / Antonio Lupis (2001): *Introduzione all’etimologia romanza*. Soberia Mannelli (Catanaro), Rubbetino.

Mário Eduardo Viaro (2011): *Etimologia*, São Paulo, Contexto.

el ou ela. O meu percorrido vai ser por áreas, partindo do leste cara acá. Por iso comezo por Italia que é tamén o país románico no que por primeira vez apareceron estudos de toponomástica feitos co rigor que esixía o método histórico comparativo.

§ 2. Italia. A toponomástica como disciplina lingüística vólvese do método comparativo inaugurado por F. Bopp (*Über das Conjugationssystem...*) en 1816; e principalmente do método histórico comparativo inaugurado por J. Grimm (*Deutsche Grammatik*) en 1819. A aplicación de maneira rigorosa deste método á toponomástica románica tarda aínda case uns cincuenta anos (o seu nacemento é coetáneo co da Dialectoloxía cuxa fundación se atribúe a Ascoli cos *Saggi Ladini*, de 1873). Os toponimistas están de acordo con outorgarlle o título de fundador da disciplina no campo románico a Giovanni Flechia (1811-1892), orientalista e romanista; o seu texto fundacional é un artigo dunhas 100 páxinas publicado en 1873: “Di alcune forme de’ nomi locali dell’Italia Superiore” formados con determinados sufixos (de propiedade fundiaria) mediante unha fórmula que podemos representar así: *fundus, predium, castrum, palatium, campus, agger, casa, curia, cohors, domus, vallis, silva, villa....* [case sempre desaparecido] + NPP + *-ago, -igo -asco -ate -engo: Ca+martin+asca*. Continuou pouco despois cun artigo semellante referido ó napolitano e despois (1880) con outro traballo titulado “Nomi locali derivati del nome delle piante”. A partir de aí comezaron a proliferar por toda Italia os estudos toponímicos en dúas direccións: a) ou ben tratando de explicar sobre todo o territorio certos tipos toponímicos ou b) explicar todos os topónimos dunha determinada área ou rexión. Pero o mérito de “abrir camiño” correspóndelle a Flechia. Ernest Muret (de quen falarei despois) recoñece claramente que foi Flechia quen “antes ca eles [d’Arbois Jubainville e Longnon, de quen falarei tamén] e máis ca ningún outro contribuíu a trazar o bo camiño”. Curiosamente Muret non se lembra de Föstermann que 10 anos antes ca Flechia (1863) escribira unha Toponimia alemá.

Pois ben, despois de Flechia, en Italia é moi numerosa a lista de toponimistas nun e noutro campo (por tipos ou por rexións). Entre aqueles ós que se lles recoñece maior autoridade (e foron máis prolíficos) están os nomes de Dante Olivieri (1877-1968), estudoso da toponimia véneta, lombarda, piemontesa etc.; Silvio Pieri (1856-1936), da Toscana; Carlo Battisti (1882-1977) [o do dicionario etimolóxico, o dialectólogo, o actor: interpretou o personaxe de Umberto D. no film homónimo (1951) de V. De Sica], toponimia trentina e prerromana. O colega de Battisti do Dicionario etimolóxico, G. B. Alessio (1909-1984), toponimia calabresa, abruzesá, molisana pero tamén voces de

orixe prerromana (foi o primeiro en estudar a raíz *kar(r)a / *gar(r)a ‘pedra’ no vocabulario e na toponimia. Para a toponimia prerromana hai que lembrar principalmente a Vittorio Bertoldi (1888-1953); é coñecido por traballos de variado tipo, entre eles de onomasioloxía (ten sobre esta materia un estudo prodixioso sobre os nomes da “tollemerendas” na Romania); recordámolo aquí polos seus estudos sobre sustrato mediterráneo, en especial polo seu estudo “Problèmes de substrat. Essai de méthodologie dans le domaine préhistorique de la toponymie et du vocabulaire”, *Bulletin de la Société de linguistique de Paris* XXXII [1931 (daquela dirixida polo esixente Meillet)], pp. 93-184. E así por diante... Entre os últimos, Giovan Battista Pellegrini (1921-2007). Pellegrini é especialista en toponomástica friulana; toponomástica italiana de orixe árabe (que se dá principalmente en Sicilia e nalgunha que outra zona do S. de Italia). Pero recordámolo aquí principalmente por dous libros de carácter divulgativo e de consulta: un é a *Toponomástica italiana. 10.000 nomi di città, paesi, frazioni, regioni, contrade, fiumi, monti spiegati nella loro origine e storia* 1991; é un libro de características semellantes (e ese é o propósito confesado do autor) ó libriño de Dauzat *Noms de lieux* que vou mencionar despois. É coautor tamén con outros catro dun *Dizionario di toponomástica*; a autora principal é a xermanista Carla Marcato (así o declara Pellegrini no prólogo pero ademais vese porque as entradas están asinadas e a sinatura CM é a máis abundante; os outros tres colaboradores son Giulia Petracco Sicardi (especialista en top. lígur), o xesuíta Giuliano Gasca Queirazza (†2009, especialista en piemontés e occitano) e Alda Rossebastiano. Unha entrada (breve) ó azar (poño entre parénteses cadrados [], como no resto dos exemplos, aclaracións miñas):

Magnago. (Mi). Situato nella pianura padana alla sinistra del Ticino, il centro dista 39 km da Milano (LUI [=Lessico universale italiano] XII, 548).

Magniago nel sec. XIII, il toponimo riflette una formazione di tipo prediale con il personale latino *Manius* o *Magnius* e con il suffisso aggettivale *-acus*, come supposto già da Flechia, 1871, 43

Quizais habería que facer neste percorrido un sitio especial para a toponimia sarda (aínda que é moi nova), por ser unha paisaxe moi especial. Alí parece que non houbo indoeuropeos antes da chegada dos romanos (só paleosardos, dos que non se sabe de onde viñeron nin que lingua falaban; non era indoeuropea nin púnica, aínda que desta última familia había colonias na beiramar; Cágliari [en sardo *Casteddu*] é púnico). Hai varios libros sobre o asunto, pero son moi recentes, como queda dito: Massimo Pittau (que supón que os nuráguicos eran parentes dos etruscos): *I nomi di paesi, città, regioni, monti, fiumi, della Sardegna. Significato e origine* (1997) e Giulio Paulis

(que supón unha parentela cos vascos e/ou cos iberos – como antes Hubschmid), *I nomi di luogo della Sardegna*, 1987, como tamén agora Blasco Ferrer, *Paleosardo. Le origini linguistiche della Sardegna neolitica* (2010); Fontana Gorru explicaríase polo vasco *gorri*: ‘fonte-rosa’ –ferruxinosa; pero é dubidoso; e Salvatore Dedola (que lle busca parentela ó paleosardo co púnico), *Toponomastica sarda. I nomi di luogo prelatini e i toponimi di età nuragica di tutti i paesi della Sardegna* (2004).

§3. Suíza. Un dos países no que houbo maior preocupación polos nomes xeográficos foi Suíza. Hai unha páxina de internet³ onde se pode atopar unha bibliografía, se non exhaustiva, si polo menos co máis escolleito; aínda que ten a sede en Zurich refírese á Suíza enteira, polo tanto ás tres rexións románicas (francesa, italiana e romanche).

Como me vou referir preferentemente á Suíza romanda vou lembrar unicamente dous ou tres nomes. Un deles, o pioneiro –pero aínda lembrado– é Henri Jaccard (1844-1922), trece anos máis vello que De Saussure; profesor de primaria (pero Doutor Honoris Causa pola U. de Lausana); foi experto en botánica (*Catálogo da flora valesiana* 1895); recordado entre os toponimistas polo seu *Essai de toponymie romande* de 1906; en realidade é un dicionario por ABC, pero os topónimos que inclúe están ben documentados historicamente e controlados foneticamente (con todo, Muret non o menciona entre os seus mestres). Cf. un exemplo.

Genève, *Geneva* dans César, *Genava*, III-VI^e s., *Gebenna* dans toutes les chartes du moyen âge, employé pour la première fois par le pape Pascal II en 1100, peut-être, suivant Galiffe, pour éviter la confusion avec Gênes. On trouve les formes *Geneva*, *Genava*, *Genuava*, *Gennava* (Tab. Peutinger), *Genova*, *Genabe*, 563, *Genaa*, 441, 517, 585, 859, *Canava*, 381, *Jenava*, 523, *Janoba*, *Januba*, *Jenuba*, *Jenuva*, *Januva* (Grég. de Tours), *Janua* (Frédégair), *Januis*. Du celte *genava*, bouche de rivière, embouchure, *gen*, bouche, et *ava*, eau; hibern. *genou*, cormique *genau*. Le nom ligure de *Genua*, Gênes, a le même sens d’après Holder. [Sobre esta etimoloxía hai que ter en conta dúas cousas. Hoxe ponse en dúbida que *Génava* sexa céltica (ou lígur); actualmente –seguindo a Pokorny– crese máis ben que procede dunha raíz ie *genu- *gneu- (a mesma que explica o lat. *genu* ‘xeonllo’; semanticamente vaille mellor porque Xenebra non está nunha desembocadura; tampouco en Xénova desembocan un gran río (o Polcevera); Xenebra (como tamén Xénova) está nunha curva ou xeonllo. E a segunda advertencia: o acento orixinario era no primeiro -e- (en al. aínda é *Genf* e na pronuncia local en Xenebra é *zɛ̃nəva*); pero en fr.-pr. é frecuente que os esdrúxulos pasen a graves (*cánnabum* > *tsenèvo*) e por iso *Génava* pasou a *Genève*].

Pero esa obra pioneira (moi semellante á de Balari que mencionarei despois, cando me refira a Cataluña) queda moi cativa á beira da realizada por

³ <https://www.ortsnamen.ch/index.php/2013-05-16-09-32-11/bibliosourcener.html>

Ernest Muret (1861-1940) –catro anos mais novo ca Saussure, de quen foi alumno en París en 1885-1886; foi colega del despois na Universidade de Xenebra (foi Muret quen escribiu a necrolóxica de de Saussure no *Journal de Genève*, 26 febreiro de 1913). No libro de *Portraits de médiévistes suisses (1850-200)*⁴ ... (era tamén medievalista, pois foi editor de textos medievaís, como o seu mestre Gaston Paris) a autora do seu retrato considéralo “le père de l’onomastique suisse”. A obra de Muret en forma de artigos non é moi abundante (como se pode ver na páxina que recomendei antes; arredor de 15); tampouco escribiu que eu saiba senón un libro sobre toponomástica (cuestións metodolóxicas): *Les noms de lieux dans les langues romanes*⁵, que recolle 4 conferencias dadas no Collège de France en marzo de 1928 (o libro é de 1936); este libríño é aínda hoxe unha excelente guía para quen se interese en facer toponomástica. Pero o seu traballo principal, con todo, está incorporado ó *Glossaire des patois de la Suisse Romande*. Este *GPSR* é unha obra monumental ideada por Louis Gauchat, Ernst Tappolet e Jules Jeanjaquet. En principio estaba previsto que recollese só o vocabulario común pero en 1902 decidiron incorporarlle tamén a toponomástica. E foi Ernest Muret quen tomou a dirección da enquisa toponímica, tarefa na que o acompañaron colaboradores diversos (arquivistas, secretarios das comunas etc). Dirixiu esta empresa durante 30 anos. Á beira dos nomes que figuran nos catastros oficiais das 946 comunas francófonas extraeu tódalas mencións que figuran en documentos antigos e ademais pateou cada comuna para recoller da fala viva da boca dos mellores informantes a pronunciación auténtica (como facían os seus colegas coas diferentes partes do malle ou do arado). Á morte de Muret o ficheiro tiña 125.000 entradas⁶, para os que traballan nelas hoxe con certas dificultades de interpretación⁷.

Unha entrada do *GPSR*: **désert**, acepción 8:

8º. Noms de lieux (aire : Vd Côte, Centre, V. Entr., Nend., St-Luc; choix pour Vd). *Bois Désert* Vd Montricher (CN 1222); è bou dézè, champs, bois; *Bois Désert* Vd Chavornay et Corcelles-sur-Chavornay (CN 1203); *ao bou dézè*, bois; *en Praz Dézert* Vd Vufflens-le-Ch., champs; *Pradéjert* V St-Luc dès 1851, *Pradésert* 1880; è-m præ dèjèr, prés; *les Vignes Désertes* Vd Épendes; è vønyè dézèrtè, bois (cf 4º); *Vignes Désertes* Vd Suchy dès 1678 (SGF. 295), prés, bois, champs; *Tsandéserte* V Liddes; *in tsā* [cf *tsō*] *dézèrta* di *mòdzon* [génisses], var. *di vats*, *di mæuton* Mn., *tsan dézèrta* SCH.; *Tsandéserte* V Bourg-St-P. (CN 1345), *Champ Désert* (SGF. 529, CN 282); *tsan* [pour *tsā* ?] *desérta*, combe. || «Fribourg au Pays *Desert*», trad. de «Fribourg in Öchtlandn [Uechtland]» (N vers 1570 J.J. *Traités d’alliance*, 176).

⁴ *Portraits de médiévistes suisses (1850-2000). Une profession au fil du temps*. Études réunies par Ursula Bähler e Richard Trascher, Genève, Droz, 2009.

⁵ <http://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k6347919d/f1.item.r=etymologie.langEN>

⁶ Un espécime do «fichier Muret» en <http://www.unine.ch/gpsr>

⁷ http://famille.megard.ch/public/lieux_MM/TopoBardonnex/TopoSourcesE.Muret.pdf

Emprunt: *FEW*, III, 52 b. Certains n. de l. pourraient se rattacher au fr. *désserter* «défricher», attesté jusqu'au XVIII^e s. (*FEW*, III, 319a, sous **xartum*). Cf. les suiv.

Para que se vexa como era o traballo destes toponimistas remito a unha páxina de Maurice Casanova “Enquête toponymique en Valais”⁸ da que traduzo un parágrafo:

Acompañémolo este 26 de xullo de 1917 a Lourtier, onde se reúne cun correspondente do *Glossaire*. O 27 recorre o vale ata Bonatchiese (unhas seis horas de camiño entre ida e volta), o 28 as brañas [*alpapes*] que dominan Lourtier, o 29 pásao na aldea e revisa as anotacións con informantes. Do 30 ó 1^o de agosto chove: visita diferentes informantes e os arquivos do concello (a máis de 7 km). O 2 de agosto diríxese á cima do vale; co seu acompañante o guía Maurice Fellay, descobre os topónimos referidos ós sitios das costas desoladas ó longo do seu itinerario; na braña de Mazeria recolle unha vintena de nomes da boca do maioral Ferdinand Rosset; tres horas máis aló, en Charमतane, Emile Luisier, “salgador”, dálle máis de 80 nomes. E chega así á cabana de Chanrion onde pasa a noite: estamos a 2.462 m de altitude e a máis de 6 horas de Lourtier andando a boa marcha, cun desnivel de 1.400 m. Ó día seguinte baixa ó vale e volve comezar a enquisa na braña de Lia, co informante Benjamin Fellay de 82 anos. Sen esperalo, entre as manchas violetas do lapis-tinta unha nota: “chuvia”. Acabará de encher o seu “calepino” [bloc] (formato 17x10,5, 100 páxinas) os días seguintes. E así, pacientemente, Muret encherá 126 cadernos de millares de nomes en *patois*, nunha notación un pouco particular que marea aínda os redactores do *Glossaire*”.

Non podemos pasar sen mencionar outro monumento da onomástica románica, o ideado por Robert von Planta (1864-1937) e levado a cabo coa axuda de Andrea Schorta (1905-1990) e Konrad Huber (1916-1994), o *Rätisches Namenbuch* [I (*Materialien*) 1939; II 1 e 2 (*Etymologien*) 1964, III 1 e 2 (*Personennamen*) 1986, 1600 páxinas]. Igual que para o *Glossaire*, estaba previsto incorporar os nomes propios ó *Dicziunari Rumantsch Grischun (DRG)* comezado en 1912 pero, sobre a marcha, Planta cambiou de parecer e acordou separar a onomástica da obra xeral. Recolle toda a toponimia do cantón dos Grisóns, mesmo a das zonas que na actualidade son de fala alemana ou italiana pero que en tempos recuados foron ladinas, e polo tanto manteñen onomástica rética na toponimia actual e nos arquivos. Non é o momento aquí de pormenorizar as finalidades da obra, que son tres fundamentalmente: a) recoller tódolos nomes de lugar vivos ou documentados en textos antigos e modernos; b) coleccionar tódolos nomes de persoa en uso ou desuso; c) descubrir e demostrar as etimoloxías de ambos os tipos. O traballo principal e máis duro correspondeulle a Schorta, que foi quen recorreu o territorio dun lado a outro facendo enquisas. Chegaron a xuntar máis de 300.000 fichas. O *RN* é un libro modélico. Corominas (que cando apareceu o primeiro volume xa tiña algún material recollido para o seu *Onomasticon*) quedou entusias-

⁸ <http://www.centre-etudes-francoprovencales.eu/cef/bollettini/nouvelles-centre-27-1993-406.pdf?r=0.828561443728>

mado e fíxolle unha recensión chea de eloxios; o mesmo Corominas é en certa maneira (como Schorta) da escola de romanistas de Zurich e por iso non é de estrañar que entre o *Namenbuch* rético e o *Onomasticon* catalán haxa tantas semellanzas formais (sobre o *Namenbuch* hai dous artigos de Corominas na súa *Tópica hespérica*).

Dato final e curioso: o *Rätisches Namenbuch* empezou a facerse poñendo o propio von Planta os fondos necesarios para levalo a cabo.

Habería que citar moitos outros mestres da toponomástica suíza (entre eles Jud); pero imos mencionar só dous porque teñen algo que ver coa toponimia hispánica. Un é Johannes Hubschmid (1916-1995), romanista, indoeuropeísta, vasquista, caucasista, eslavista... De 1944 a 1952 traballou no Servizo Topográfico Federal, despois como “privat dozent” e máis tarde como Prof. honorario en Berna. É recordado principalmente polos seus numerosos artigos, instrutivos desde o punto de vista metodolóxico, sobre topónimos prerromanos. Os lectores españois teñen dous capítulos del na *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, un sobre “Lenguas prerromanas, [parte] 2, Testimonios antiguos” (sobre voces do vocabulario común) onde trata de discriminar capas de substratos tomando en consideración as áreas de dispersión de diferentes palabras; e outra colaboración na mesma *ELH* sobre “Toponimia prerromana” : I “Pre-ide”; II “Céltico e paracéltico” III “Grego”. O texto é de 1959 e seguramente dos textos onomásticos da *ELH* é o que máis actualidade perdeu.

O outro helvético que nos interesa é Paul Aebischer (1897-1977), autor de innumerables artigos de onomástica (entre outras cousas, porque era ademais especialista en literatura francesa medieval: Roland, teatro...). En forma de libro ten, que eu saiba, *Les noms de lieux du canton de Fribourg (partie française)* 1976; e o que nos interesa a nós: *Études de toponymie catalane*, publicados polo IEC en 1926. O método de Aebischer é moi semellante ó de Muret: para cada forma moderna rastrexo en documentos de arquivo as formas intermedias. É a única maneira remontarse aos étimos de palabras moi desgastadas como *Llefia*: 1146 Lifiano, 1097 Niffiano, 1091 Liphian, 1077 Niphiano, 1012 Nifiano, 1012 Ninfianum Nymphius (Schulze 518).

§4. Francia (filólogos non só franceses). Auguste Longnon (1844-1911) é considerado universalmente o fundador da toponomástica francesa. Comezou como autodidacta (partindo de zapateiro, coma seu pai). Comparte co seu pai a paixón pola historia rexional. Entre os libros cos que conta a biblioteca paterna está a *Histoire des comtes de Champagne* de Henri d’Arbois Jubainville. Sendo Longnon aínda case un adolescente envíalle ó autor da *Histoire* unha serie de notas críticas que o sabio lle agradece no tomo IV.

Finalmente Longnon acabou facendo os seus estudos no Collège de France onde foi primeiro discípulo e despois colega dos máis grandes filólogos da época; máis tarde foi profesor na École de Hautes Études (1879-1911). O tópico principal da súa actividade científica foi a xeografía histórica (*Étude sur les pagi de la Gaule*, 1869-1872, *Géographie de la Gaule au VI^e siècle*, 1878, *Dictionnaire topographique du département de la Marne*, 1891, *Atlas historique de la France depuis César jusqu'à nos jours* 1907). Naturalmente estes estudos fixeron que batese a diario con nomes de lugar, en textos de todo o andar temporal desde os romanos ata á súa época; e foi vendo as sucesivas maneiras de denominar os lugares e os procedementos de como se formaban, en especial os nomes de posesores (cos sufixos en *-i*, en *-acum*, *-ingen*; cos rexentes *villa*, *cohortem* etc). Longnon foi proclamado por Dauzat “o verdadeiro fundador da toponomástica francesa.” aínda que o propio Longnon lle cedía este honor a Jules Quicherat, *De la formation française des anciens noms de lieu* (1868). Xuízo parecido ó de Dauzat merécello a Ernest Muret, que se considera discípulo indirecto de Longnon (nunca lle deu clase, pero foi o seu modelo, xunto con Flechia).

O seu método está explicado nunha réplica que lle fai a un crítico dun traballo seu. Nesta contestación están os principios da súa doutrina: “¿Pode alguén reprochame en serio non ter en conta todas as indicacións que proporcionan os textos que quero interpretar xeograficamente? Todo o contrario; pero unha vez utilizadas estas indicacións, se non abundan para dar unha solución do problema, recorro á fonética; e non penso que ninguén, tocante a isto, poida reprochame nada. É máis, non paro de chamar en axuda miña, cando se trata de textos coma o de Gregorio de Tours, a tradición eclesiástica, que a consecuencia da persistencia local do culto dos santos, permite ás veces chegar a unha identificación segura. Ademais non deixo nunca, cando podo, de interrogar e facer sitio ós textos intermedios entre o meu punto de partida e a época moderna” Noutra ocasión di: “La seule méthode véritablement scientifique consiste à rechercher les formes anciennes de chacun de ces noms”. Por iso sabemos que os dous *Charenton* modernos (*Charenton-le-Pont* e *Charenton-sur-Cher*) teñen orixes diferentes: Carento-onis e Carantó-magus respectivamente. Só no caso de que lle falten datos positivos aventura hipóteses, pero sempre prudentes. A falta de testemuños antigos recórrese a homónimos (o que non deixa de ter riscos como acabamos de ver no caso de *Charenton*). A fonética vén en segundo lugar, o que non é de estrañar, sendo como era máis historiador ca filólogo. (V. Chaurand, no prólogo á edición moderna de de Longnon).

O libro *Les noms de lieux de la France. Leur origine, leur signification, leurs transformations* foi publicado póstumo por Paul Marichal et Léon Mi-

rot e recolle os apuntamentos das clases de 1879-1880, 1881-1882 (os xoves), 1889 e ss. en períodos de 4 anos ata que morreu. A aparición en libro é de 1920-23-29 (3 vols); a guerra demorouno. Segundo os editores “Longnon ne laissait rien a l'improvisation: le texte de ses leçons était entièrement rédigé” de maneira que os editores apenas manipularon nada excepto numerar os parágrafos e facer os índices. O libro é bastante analítico (capítulos con listas) con algo de carencia de visións de conxunto. E só se refire a sitios habitados (que non é pouco).

Entre as dúas datas (a morte de Longnon 1911 e a aparición do seu libro) aparecen outros dous libros. Un en 1913, da autoría de Hermann Gröhler (1862-1958), profesor en Breslau (nun Gymnasium), *Über Ursprung und Bedeutung der französischen Ortsnamen* (I. 1913, II. 1933). Ós toponimistas franceses sábelles algo mal que a primeira gran obra científica publicada sobre toponimia francesa sexa dun alemán (de feito Gendron, *L'origine des noms de lieux en France*, nin o menciona nas páxinas de historiografía da toponomástica francesa nin o inclúe na bibliografía; pero para A. Moralejo é unha “magistral obra” (principalmente nesta obra e na de M. Pidal, de quen foi alumno directo, foi onde aprendeu o vello Moralejo a disciplina toponímica). E a outra obra é de Albert Dauzat (1877-1955), *Les noms de lieux. Origine et évolution* 1926 (e varias edicións posteriores, algunhas delas póstumas, hoxe creo que xa non se reedita). É un libro pequeno (264 pp.) pero bastante denso. Abarca todo o territorio románico francés. Este texto (de carácter divulgativo) foi rescrito de maneira máis técnica en 1939 como *Toponymie française*. Como era dialectólogo (foi o ideador do *Nouvel Atlas Linguistique de la France par Régions*) non aforra a ocasión de presentar os resultados en forma de cartas. A maior parte do libro segue a ser válida. Cando escribía Dauzat aínda se cría que o vasco era ibérico, polo tanto este apartado hai que lelo con esta cautela. Pero Dauzat, á parte deses dous libros mencionados, é autor ou iniciador de moitas outras empresasa onomásticas; entre elas foi fundador e director da importante *Revue internationale d'onomastique* (1949 a 1977). Foi o promotor do primeiro congreso de onomástica en París (1939) continuado despois de 1949 polo ICOS (pero os congresos de ICOS contan o der Paris coma o primeiro).

O terceiro gran libro de carácter xeral é de Auguste Vincent (1879-1962). O autor era conservador na Biblioteca Real belga e profesor; de feito o seu libro, *Toponymie de la France*, procede de clases que impartiu no Institut des Hautes Études de Belgique a partir de 1919. O libro ten tres partes: I Fenómenos xerais (sobre cómo se forman os topónimos, sufixos, etimoloxía popular etc); II Antigüidade; III Alta Idade Media; IV A Idade Media no seu

conxunto (por temas, varios subapartados). Igual que os seus antecesores bota man dos testemuños antigos (o cal para o territorio francés, máis que para ningún outro, é indispensable). A estrutura de cada entrada é parecida a esta: (Dentro dos top. *Gaulois*)

***novio**- ‘nouveau’ (v. d’Arbois, *Rech.* 531) . Plusieurs transformations analogiques. –*Neufjours* (Chaveroche, Corr.) XV Novem diebus, 1542 Nueiols (A. Thomas, *NE* [= *Nouveaux Éssais*]...)...

Dentro da literatura toponímica francesa (referíndonos unicamente a obras de carácter xeral) hai que mencionar tamén a Charles Rostaing (provenzalista 1904-1999) por ser quen deu remate a unha obra iniciada por Dauzat e Gaston Deslandes (xeógrafo), *Dictionnaire etymologique des noms de rivières et montaignes en France* (1978). Ou Ernest Nègre, autor dun texto en forma de diccionario, en tres volumes: *Toponymie Générale de France* 1990-1991.

Para os que queiran unha obra de conxunto da toponimia francesa (agora que a de Dauzat xa non se publica e está algo vella) podemos acudir a Stéphane Gendron, *L’Origine des noms de lieux en France. Essai de toponymie* 2003.

Hai ademais destas obras de carácter xeral un número moi considerable de traballos de ámbito rexional (País d’Oc, Bretaña...) ou local; ou tamén de carácter restrinxido (nomes de orixe normanda, os nomes dos ríos da beira dereita do Sena, o nome da ‘faia’ na toponimia e centos doutros); hai bibliografías específicas sobre top. francesa.

§5. Cataluña. Cómpre dedicar un espazo especial a Cataluña nesta historiografía porque no terreo da onomástica (igual que no da lexicografía histórica) os filólogos cataláns foron máis dilixentes cós das outras áreas da península. Os toponimistas cataláns consideran o fundador da súa toponomástica a Josep Balari i Jovany (1844-1904), autor dos *Orígenes históricos de Cataluña* (1897), onde analiza, entre outras cousas, os documentos da época condal de Cataluña (ss. IX-XII); nese libro inclúe unha primeira parte (270 páxs das 705 que ten) que trata da etimoloxía e o significado dos topónimos. Cf este ex da p. 39:

Quer.— La palabra *quer*, cuya forma latinizada es *cherum*, significa roca. La identidad de significación de estos dos vocablos se encuentra puesta de manifiesto en una escritura del año 985, en que se establece equivalencia entre *rupem* y *cherum Clarrinti*.

Una forma análoga á *quer* es en irlandés el nombre *carr*, que significa también roca. Joyce hablando sobre el particular dice que “la palabra *carr*, aunque no se encuentra

en los diccionarios, es empleada en algunas partes de Irlanda para significar roca, y algunas veces región peñascosa”. Es posible que á la palabra *quer* se le haya de reconocer un origen celta. (Balari)

No Institut d’Estudis Cataláns (IEC) houbo desde a súa creación (1911) unha sección de onomástica, na que estaba o mesmo Fabra. Pero nos primeiros anos dedicouse máis ben a ditaminar sobre as grafías correctas (ou sexa, a facer toponimia máis ben que toponomástica). O IEC segue aínda empeñado no mesmo e ten publicacións que son a nosa envexa, coma o Atlas por concellos publicado recentemente.

Aínda que hai bastante literatura toponímica catalá na primeira metade do XX (xa mencionei a Aebischer e poderíamos mencionar tamén a Meyer-Lübke, que dedicou un opusculiño a *Els noms de lloc en el domini de la diòcesi d’Urgell*, 1923, entre outros), a obra de maior envergadura na toponomástica catalá foi a emprendida por Corominas. O interese de Corominas pola toponimia vén de antes da guerra e non foi allea a súa vocación (nin á súa maneira de traballar) o que aprendeu dos seus mestres, en primeiro lugar do seu profesor en Barcelona, Josep M. Casacuberta (que dirixía a sección de toponimia do IEC cando Corominas era estudante); Casacuberta fora discípulo de Gauchat e Jud en Zúrich e coñecía ben a metodoloxía da disciplina aínda que os seus traballos iniciais non acabasen cristalizando despois nunha obra toponímica (acabou dedicándose á edición de clásicos cataláns). Foi realmente Corominas quen a levou a cabo máis ou menos cos criterios de Casacuberta; pero ademais Corominas completou el mesmo a súa formación tamén na escola de Zúrich (curso 1928-1929 con Gauchat, Steiger e Jud entre outros); e foi sen dúbida Jud quen o influíu máis; nunha necrolóxica del incluída en “Els mestres recordats” do seu libro *Lleures...* dedícalle este eloxio:

Incomparablemente máis exacto e preciso ca Meyer-Lübke, máis sabio ca un Jaberg ou un Duraffour, de coñecementos máis vastos e universais que un Menéndez Pidal, un Rohlf, un Migliorini ou un Bertoldi; dun método máis seguro e ponderado que Spitzer; máis digno de confianza nas súas afirmacións ca Gamillscheg; máis orixinal e tamén máis sabio ca Wartburg; ningún dos seus colegas se lle pode poñer á beira.

Naturalmente, Corominas sabía tamén ben como traballaba Muret. Antes da Guerra, cando traballaba no IEC na Sección filolóxica, comezou o seu ficheiro, sacado do baleirado de documentos e enquisas; contan os seus biógrafos que cando en 1939 (tiña 34 anos) marchou ó exilio deixaba un ficheiro de máis de 100.000 cédulas do “despullament” de documentos; ademais das que procedían das enquisas, mapas, catastros modernos etc. Só puido retomar o traballo das enquisas (interrompidas en 1939) a partir

de 1952, cando volvía a Cataluña de vacacións ou para estadias de investigación (con pasaporte de cidadán norteamericano, que conservou ata que morreu). Vindo xa á súa obra: ten unha cantidade considerable de contribucións “menores” (artigos e conferencias) que recolleu el mesmo en dous libros (de 2 vols. cada un): *Estudis de toponímia catalana* en Barcino (a editorial de Casacuberta) 1965 (todo de toponomástica catalá, ou de metodoloxía da toponomástica); e *Tópica hespérica* en Gredos 1971. Este último contén unha miscelánea de cousas filolóxicas (non só toponímicas) como se desprende do subtítulo: *Estudios sobre los antiguos dialectos, el substrato y la toponimia románicas*, pero a toponimia é quizais a parte privilexiada. Con todo, o seu *opus magnum* é o *Onomasticon Cataloniae*. Empezou a coller materiais para el, como deixo dito, en 1931 (empresa para a que contou con axuda de bastantes persoas). Contouno pormenorizadamente no 5º Congreso do ICOS en Salamanca en 1955 (o texto está en francés nas actas (*Onoma IV*), despois en *ETC* e agora no *Onomasticon*). Mellor que describilo cito algúns parágrafos (que traduzo do francés); aínda que é un pouco longo reproducíoo porque é a mesma cousa que fixeran antes Muret e Schorta, e é o que ten que facer calquera que queira facer un Onomástico grande ou pequeno:

Faise primeiro un baleirado das fontes escritas: cartas, planos, catastros, guías, xeografías, monografías municipais; pódense completar con listas inéditas proporcionadas por amigos ou correspondentes. Sendo nós mesmo alpinista e andadeiro inveterado, recorremos a pé, moitas veces e en todos os sentidos, case toda a Cataluña española e francesa e o País Valenciano; no decorrer desta viaxes interrogamos constantemente a xente do país e anotamos un gran número de nomes de lugar. Todos estes materiais escritos e orais son pasados a fichas e transcritos en listas de maneira que no momento de facer a enquisa definitiva unha gran parte da toponimia municipal xa é coñecida do entrevistador. ...como informante prefírese un paisano, ás veces un cazador, un guía, un garda forestal, e antes ca nada un paisano que cultivase terras en diferentes partes do concello, ... un pastor pode ser bo se non é moi taciturno. ...descártanse sempre os empregados municipais e os mestres, os “sabios” e outros intelectuais locais que, salvo en casos particulares non coñecen nin a metade do que pensan e case sempre dan informacións suxeitas a caución. ... A enquisa faise desde a cima dun outeiro ... ó fin da enquisa procédese ó interrogatorio por “grupos semánticos” (fontes, regos, picos, casas...) ... e finalmente pídeselle ó interrogado unha lista das aldeas do arredor, próximas ou distantes, e os xentilicios ... porque frecuentemente se descubren variantes aberrantes ou arcaicas dos nomes de lugar.

Tamén describe como recolleron os nomes de persoa (usando documentación antiga, *fogaratges*, *repartiments*...). O resultado é mellor velo cunha entrada mostra (collo unha case ó azar). [A microestrutura dunha entrada case sempre se repite: a) documentación; b) etimoloxía; c) outras hipóteses previas; d) xustificación da propia].

Barguja

[a] PRON. MOD. *barbúžə* a Arsèguel; *burbúžə* Estayana 1935 (VIII, 117, IX, 132) DOC. ANT. 839 *Barguia*, *Acta C. SdUrg* (PPujol, núm. 136; BDC XI, 4).

[b] L'ETIM. establerta supra [refírese a **Bar** < basc. *ibar*] per a aquest nom es indiscutible.

[c] Pista falsa: Hubschmid (*ZCeltPhil.* XXIV, 211), citant una mención de *Bergioia* (*Hi. Lgd.* V, 115) i un *Cenebrun de Bergoias* de 1264 (*An. H. Gasc.* II, 4, 64), opina que ve dun gal. *BERGOVIA, format com el conegut GERGOVIA (i cf *Top. H.* I, 71). En tot cas, però, aquestes dades medievals no són del NL cat., sinó, parònims gascons (el doc. de 1264 és d'Auch).

[d] I ben mirat també és dubtós que aquests siguin céltics; i ha a més *Bergouey* municipio bearnès del c^o Bidache (*Bergui* c. 982, *Bergoy* 1286 i s. XIII, *Bergoey* 1397), i altrs en el BPyr, *Bergoue*, i *Bergoueis* [seguramente erro por *Bergouets*] a la Vall d'Ossau (PRaymond, *Di. To. BPyr*, on pot ser la *t* és un afegit gràfic de fantasía, a la francesa [o que nos confirma que *Bergueis* por *Berguets* era realmente un erro]), tots tres situats a la part alta d'una vall. També, doncs, aquets noms gascons és de creure que vinguin del bascoaquitànic, potser com a paral.lels exactes del nostre *Barguja* (com sigui que hi ha oscil.lació molt estesa entre *ar* i *er*, per causes múltiples, romàniques i ja basques). Sols que aquí la situació per alt d'una vall i l'absència del contrastant *-bar* o *Bar*, ens fa decantar decididament per l'esmentada base IBAR-GOIE, -A 'vall amunt', sense cap contrast.

Corominas non leu nin recolleu todo nin deixou resoltos todos os problemas etimolóxicos (e moitos que pensou que deixaba resoltos non o están; é bastante fantasioso ás veces). De feito hai hoxe bastantes toponimistas cataláns que seguen a estudar zonas da área catalá (Valencia, Mallorca, o Campo de Tarragona, Catalunya Nord) como é o caso do valenciano E. Casanova; ou a estudar aspectos xerais da toponimia ou a revisar hipóteses etimolóxicas á luz de datos novos, como son os casos de Enric Moreu, Joan Mascaró Pasarius (Menorca), Enric Ribes i Marí (Eivissa i Formentera), Josep Moran (Universitat de Barcelona e Institut d'Estudis Catalans).

§6. España (e principalmente o dominio castelán). En España tardan en aparecer empresas dedicadas á toponimia semellantes ás que apareceron en Italia, Suíza ou Francia (e mesmo Cataluña). Se imos á bibliografía do *Atlas toponímico* de Jairo García (2007) podemos comprobar que case non hai ningunha entrada que vaia máis atrás de 1960 (e das poucas que hai non todas son de toponimistas españois, pois a maioría corresponden a estranxeiros: Aebischer, Krahe, Rohlf; só Asín Palacios ten unha *Contribución a la toponimia árabe de España* que é de 1941). É verdade que nesa bibliografía de Jairo García figura Menéndez Pidal, que escribiu sobre toponimia antes

desa data (1941); cítao sempre pola recolleita *Toponimia prerrománica hispana* que é de 1968; pero nesta *TPH* hai algún estudo (grande) que publicara xa en 1918. En calquera caso, aínda que vaiamos a outras bibliografías máis exhaustivas, os estudos toponímicos referidos ó dominio castelán anteriores a 1960 son moi raros. Sobre Pidal volvo despois.

Para que haxa unha verdadeira toponomástica xeral en España hai que chegar á *Enciclopedia lingüística hispánica (ELH)*, aparecida en 1960 aínda que ten un prólogo de 1958, asinado polos seus organizadores Balbín, Alvar, Badía e Cintra. (Hai que dicir que a obra fracasou despois de feitos os dous primeiros volumes, se cadra porque a hexemonía do español dentro do hispánico acabou molestando a cataláns e portugueses). Pero a pesar de que fracasase, o capítulo que a nós nos interesa, a Toponimia, que vai no vol. I desde as páxinas 445 a 646, quedou feita. Hai que dicir tamén que os lectores destas páxinas de toponimia non están escusados de ler as cen páxinas anteriores, de antroponimia (347 a 444), porque os nomes de posesor son moi abundantes na toponimia; nin o capítulo das linguas prerromanas (3 a 149) porque moitas das voces que se estudan nestes capítulos son toponímicas, nomes apelativos (referidos a cousas da natureza) que se usan tamén moito na toponimia (do tipo *lama*, *bidueira*, *nava...*). Os toponimistas citan constantemente este libro, que aínda é de cabeceira; os colaboradores son o xa mencionado profesor zuriqués J. Hubschmid (a toponimia prerromana); o semitista da Universidade de Barcelona Josep M^a Solá Solé (1924-2003), (fenicia); A. Montenegro Duque (1918-, profesor de Historia antiga en Valladolid), (latina), J. M. Piel (1903-1992, romanista de Colonia, daquela en Coímbra), (xermánica); Joan Vernet i Ginés (1923-2011, da Universidade de Barcelona, arabista, tradutor do Corán e das 1001 noites), (arábiga); Luis López Santos (1903-1973, cóengo e catedrático de EM en León) (haxiotoponimia); Francisco Marsà (1924-1998, catedrático de español na Universidade de Barcelona desde 1972), (toponimia da Reconquista). Aínda que hai algunhas partes desta enciclopedia que son mellores ca outras e que nalgunhas materias avanzou moito a ciencia desde aquela (por exemplo, no coñecemento das linguas prerromanas), o certo é que para quen faga toponimia hispana é aínda unha obra de consulta obrigada. Mágoa que non teña un índice de formas.

Antes da *ELH* (1960) quen traballara máis intensamente sobre toponimia española (terras do domino castelán, principalmente) fora Menéndez Pidal. A Pidal interesáballe a historia da lingua española (interna e externa) e na toponimia atopou material moi abundante tanto para entender qué linguas se falaban no territorio que despois ocupou o castelán, como para a xeografía dialectal antiga de varios fenómenos, como para a cronoloxía

doutros. En 1918 por exemplo estuda os topónimos de orixe vasca que teñen -ε- -ᵛ- (-berri, -gorri, -otz, -toi, -oi do tipo Etxeberri/Xavier) e iso válelle para sacar conclusións tanto dos límites da lingua vasca como da datación e cronoloxía da ditongación. De poucos anos despois son os *Orígenes del Español* (1926) no que, como se sabe, vai facendo unha xeografía histórica dos diferentes fenómenos (resultados de -ai- , -ct-, -ě-, f-...) e un número moi considerable dos exemplos son topónimos ou antropónimos (e son centenaes de exemplos: *Kadrectas*, *Cadrechas* (< CATARACTAS, na Rioxa), *Auteros de rege* (nas terras de Sahagún...), *Fenares Henares... Colombaira Colombar Colomera...* Das 7.400 palabras que ten o índice, unhas 2.800 son topónimos (neste caso a maioría de orixe latina). Non é estraño, polo tanto, que puidese sacar parágrafos enteiros de *OE* e inserilos sen cambios no *TPH* (o dos sufixos átonos do tipo -aru, -alu... que aparecen en topónimos como *Brácara*). Despois daquel artigo de 1918 e dos topónimos que atopa de pasada nos *OE* (1926) non volveu ocuparse de toponimia con certa intensidade ata a década de 1940. Os artigos desta época inseriunos no libro de 1969 *TPH*. Chama a atención que a obra toponímica de Menéndez Pidal se refira case toda ela ós topónimos prerromanos ou vascos. Creo que xa deixo xustificado por qué. En calquera caso tamén na toponimia (coma na gramática histórica) se pode considerar a Menéndez Pidal o fundador co artigo de 1918 e co *OE*.

§7. Portugal. Empezo cun preámbulo sobre Leite de Vasconcelos (1858-1941). Desde 1883 ten traballos toponímicos breves (“miudezas toponímicas” como di el), non sistemáticos, aparecidos principalmente na *Revista da Sociedade da Instrução do Porto*, na *RL* ou no *Arqueólogo Português*. Nun deses artigos anuncia que “o autor está preparando para o prelo *um livro de Toponímia portuguesa*”, pero o certo é que nunca apareceu. Leite de Vasconcelos era un investigador moi serio e todas as súas propostas se non son sempre correctas, á vista do que hoxe sabemos, son polo menos atendibles. E ademais cando non sabe declara a súa ignorancia e láméntao. Falando da toponimia mondinense tropeza con UCANHA e di: “Com quê ánsia não buscaria eu conhecer a história do nome do meu berce! Com tudo, se cheguei a algum resultado, não atingi tudo o meu desideratum”.

No ano 1931 xuntou todo ese material disperso no vol III dos *Opúsculos* e ocupan case 200 páxinas (277-471). Fíxolle un índice onomástico que ten unhas 600 entradas. É un corpus moi pequeno e ademais é un material moi heteroxéneo, por iso somos reticentes en lle outorgar a Leite de Vasconcelos o título de fundador da toponomástica portuguesa.

Tamén son reticente en outorgarlle este título (igualmente pola cantidade) a José Joaquim Nunes (1859-1932), o mesmo que escribiu a gramática histórica pola que aínda estudabamos nos anos 60; o mesmo que editou as cantigas de amigo e amor que aínda se seguen consultando. O artigo toponímico polo que é aquí recordado é “A vegetação na toponímia portuguesa” de 47 páxinas, publicado no *Boletim da Classe de Letras da Aademia de Ciências* no ano 1921 (o mesmo ano da *Crestomathia arcaica* e dous anos despois da *Gramática histórica*). Son unha 150 bases toponímicas, a maioría delas coincidentes con apelativos (*aveleira, azevo, giesta*) con abundanciais na maior parte dos casos transparentes (*Avelal, Azevedo, Giestal*).

En realidade, os verdadeiros fundadores da toponomástica portuguesa foron dous alemáns. Cronoloxicamente (se é que houbese un fundador único) corresponderíalle este mérito a Georg Sachs, filólogo de estirpe hebrea, nacido en Berlín en 1909; traballou na embaixada española en Berlín; foi lector de alemán en Madrid entre 1933-36; polas leis raciais nazis emigrou para os USA, onde foi profesor na Columbia por un breve tempo, ata que morreu, en 1939. Era discípulo de Gamillscheg (o mesmo que invitou a Lois Tobío a falar de Galicia nun seminario da súa Cátedra [falamos do ano 1930 ou 1931]; o mesmo que invitou a Risco a un “party” na súa casa de Berlín (cóntao en *Mitteleuropa*); o mesmo que chegou a facer unha visita aquí a Galicia e a falar nunha sesión no *Seminario de Estudos Galegos*). Gamillscheg tiña un proxecto coñecido como “Romania Germanica” para ver a pegada xermánica en terras románicas (e de feito é famoso por un libro así titulado); e dentro dese proxecto insírese a tese do seu alumno Sachs: *Die germanischen Ortsnamen in Spanien und Portugal* (1932), 121 páxinas. Estuda un total de 2.400 nomes. Como é sabido, a maior densidade de topónimos desta orixe están no NO; segundo o censo que fai o propio Sachs, os nomes xermánicos de entidades de poboación son o 15% do total na provincia da Coruña e Lugo; entre un 10-12% nas provincias de Braga e Porto; en Oviedo o 3%, en León e Burgos o 1%, e así por diante (pero cada vez menos). Se varreramos para a casa poderíamos (falando en número de topónimos esclarecidos) considerar a Sachs o fundador tamén da toponomástica galega. Foi pena que morrese tan novo.

O outro fundador é o ben coñecido de todos J. M. Piel. Fixo a tese en Bonn baixo a dirección de Meyer-Lübke sobre *Die Mundart von Courtisols bei Châlons sur Marne* (hoxe: Châlons-en-Champagne) a dúas horas e media de Tréveris, de onde era natural. En 1926 comezou como lector en Coímbra; desde 1938 foi profesor nesa universidade; e desde 1953 ata o seu retiro en 1968 profesor ordinario en Colonia. Á parte dese traballo de dialectoloxía e algún labor filolóxico nos primeiros anos (edicións de D. Duarte o a *Deman-*

da do santo Graal) ou dalgúns pormenores de gramática histórica, a maior parte da súa obra está dedicada á etimoloxía e á toponomástica, ás veces en libro, outras en artigos. Pode verse unha bio-bibliografía del en *Verba* 19 (1992) feita por Lorenzo. Na bibliografía da tese de G. Navaza, Piel é o autor que máis entradas ten (e seguro que non inclúe todos os items): hai 73, entre libros e artigos. Parece que a busca do elemento xermánico na Romania estaba de moda nas universidades de Berlín e Bonn; se cadra por iso empezou Piel un estudo ó que continuou dedicándose toda a vida: *Os nomes germânicos na toponimia portuguesa*, unha serie de 17 artigos que empezaron a aparecer en 1933 no *BF* (consultable en rede no Camoens⁹) e que acabaron constituíndo un libro en 2 vols. *Adões-Novegilde* 1936; *Oldões-Zendo* 1945. Neste caso pon os topónimos (na súa forma portuguesa moderna) como lemas, e despois fai o estudo etimolóxico. Son só topónimos portugueses; inda non caera na conta de que non se pode facer toponomástica latina e xermánica de Portugal ignorando Galicia. Por iso pronto empezou a poñer nos títulos dos seus traballos de toponomástica, “portuguesa e galega”. O primeiro de que eu teño noticia é este: “Lateinische Namengut in portugiesischen und galizischen Ortsnamen” 1937. Como se ve polo título desta segunda obra que acabo de mencionar, o outro gran tópico da indagación toponímica de Piel (se é que non é o mesmo) son os nomes de posesores. Todos os nomes xermánicos (ou o 99%) da nosa toponimia son de posesores. Pero tamén houbo posesores hispanorromanos antes que xermánicos; e é a estes ós que dedica outro dos seus traballos máis volumosos: *Nomes de “possesores” latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa* (1948). Xuntados os dous grupos latinos e xermánicos e algún celta) son os mesmos que no N de Italia (Flechia) e en Francia (Longnon) se formaban co sufixo *-acum* (*Savegnago*, fr. *Savignac*, *Savigné*, *Savigny*) e aquí con *-ano* (*Saviñao*) ou con ese duradoiro xenitivo en *-i* que aínda non está moi ben explicado como puido durar tanto (*Sabín*). De aí para diante a historia da toponomástica portuguesa xa é mais coñecida ata chegar ó *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa* (1993) de Machado, pasando polos traballos de P. Cunha Serra (na década dos 50-70), D. Lopes (sobre arabismos), con moitos máis traballos antes e despois en especial de toponimias locais.

§8. Galicia. Como moitas outras cousas, a onomástica (e máis concretamente a toponomástica) empeza con Sarmiento, quen no seu *Onomástico* [hoxe chamariámoslle *Onomasioloxía*]¹⁰ inclúe 362 parágrafos (397-759), dos 893,

⁹ <http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/biblioteca-digital-camoes/lingua-1.html>

¹⁰ Editado e comentado por J. L. Pensado en 1998.

referidos á xeografía e ás xenealoxías (pero principalmente á primeira). Fai unha clasificación en dez categorías (campos “semánticos”) bastante semellante á que 150 anos despois fixeron os fundadores (Gröhler). Moitas veces nas etimoloxías dá de maneira moi telegráfica as bases; por exemplo, na clase 1ª (nomes da Historia Natural, excluídas as plantas) dá de maneira encolumnada o nome galego e á dereita o latino do animal. E así:

<i>Lobeira y Matalobos</i>	de Lupus
<i>Lagartóns</i>	de Lacertus

A maioría das veces faino aplicando os principios do seu “Systema de Elementos Etymológicos” (ou sexa, aplicando unhas regras que operan “con certeza matemática”). Pero non faltan concesións tamén ó “método Ménage”:

<i>Campo de Vecerro</i>	de Vitulus, Vitellus
-------------------------	----------------------

onde cadra a semántica pero non a fonética. Non sabemos como se pode chegar de calquera dos dous étimos a *becerro*. Seguramente está pensando na etimoloxía que lle debe a Covarrubias: cambiando “V en B, T en su aspirada, la L en R”. Pero non debeu de quedar moi convencido da ecuación vitellus=*becerro* porque nun texto posterior propón que *becerro* veña de “viciario” ‘comedor de *vicia* (ervellaca)’.

Noutros apartados guíase pola forma da palabra (aínda que non dea étimos). Por exemplo, determinadas terminacións adscribeas a xermanismos e así considera suevos ou godos os topónimos acabados en *-ade* (como *Guillade*) en *-án* (como *Goyán*) en *-ende* (como *Gosende*), en *-ei*, en *-mil*, en *-riz*, en *-ulfe*... Pero tamén os en *-obre* (como *Callobre*).

E así unha boa presa de topónimos, moitas veces de etimoloxía atendible e outras especulativa (pódense ver comentados un por un en Pensado na introdución do *Onomástico*). Fáltalle o control da gramática histórica, pero en Sarmiento hai moitas intuicións que despois se confirmaron (tanto na toponimia como no léxico común). Nicandro Ares dálle moitas veces a razón en topónimos rebeldes. E Corominas tamén lla dá moitas veces no *DCECH*. Piel, que celebrou en 1969 o 2º centenario do *Onomástico* cun artigo, di de Sarmiento:

“ficamos inmediatamente cativados pela agudeza e frescura de espírito que das súas páxinas se desprendían, pela intuición muitas veces genial com que o P. Sarmiento sabe às vezes encaminhar a solução dum problema etimológico, pela arte de saber reduzir à expressão mais simples questões complexas, pelo tom despretenso, e ó mesmo tempo vigoroso e não raro pitoresco com que expõe as suas ideias, sempre originais e impregnadas duma forte personalidade”.

Na historiografía da toponomástica galega veñen despois de Sarmiento (case 200 anos!!!) os nomes doutros dous ou tres precursores; un é D. Manuel

García Blanco (que foi Xefe da Sección Provincial de Estatística da provincia de Lugo); nacera en 1882 (no Castelo de Pambre) e finou en 1974. Fora Institucionista (ILE), doutorouse en filosofía no ano 1907 coa tese *La clasificación de las ciencias de Bacon a Spencer*, e entre outros méritos ten o de ser o primeiro sociolingüista galego, pois é autor, en 1912, dun ensaio titulado *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega* [Imp. El Noroeste, Lugo]. Benigno Fernández Salgado dedícalle a el unha boa parte do último capítulo da súa tese e considera este folleto “a reflexión máis profunda e madura sobre as condicións sociais do galego que se publicou desde os primeiros tempos do Rexurdimento”. Aínda se lle ve o seu talante de sociolingüista galeguista cando nas páxinas 26 e 27 do opúsculo de 1940 ó que me referirei despois, denuncia o ben que se conserva a toponimia no uso oral fronte á súa forma gráfica (oficial) que é a máis “extraña jerga léxica imagnable porque una tendencia ya instintiva [ou sexa, porque a alienación xa vai impresa nos nosos xens] inclina a traducir al castellano todo vocablo gallego, o a darle por lo menos, apariencia castellana”. ... Problema que está

“agravado por la incultura y negligencia de los órganos colectores de los primeros materiales utilizados en la redacción del Nomenclátor nacional, creándose así funestos precedentes oficiales, a que tan cómodo resulta atenerse” (denuncia ousada en 1940)¹¹.

O outro é Víctor de Olano Silva (Licenciado en Ciencias, funcionario de Correos en Lugo, onde se dedicou ó ensino privado; finalmente debeu de xubilarse como profesor de Instituto (segundo información de X. Alonso Montero). Os seus intereses eran variados como se ve polas súas publicacións: *Sintaxis y prosodia francesa, nuevo método nemotécnico; Terminología científica, industrial y artística; Ortografía española; Un vocabulario d'Os Canteiros* e un *Vocabulario gallego*.

E aínda hai outros dous precursores, pai e o fillo: Andrés Martínez Salazar (1846-1923, editor nos dous sentidos da palabra) e Fernando Martínez Morás (1885-1937, Catedrático de Xeografía Económica de Escola de Comercio e xornalista (Xefe de redacción de *LVG*), autor de monografías de carácter histórico e é ademais o pai de Carlos Martínez Barbeito).

O opúsculo de García Blanco, *Estudio geográfico y toponímico de la provincia de Lugo* s.d. [1940], ten 36 páxinas; nas primeiras (1-22) fala da xeografía física e administrativa de Lugo. Na p. 23 empeza a falar de toponimia pero aínda tarda en entrar nas “orixes filolóxicas” ata a páxina 27, porque as

¹¹ Sobre García Blanco hai agora dous textos reivindicativos importantes: Xulio Pardo de Neyra (2012): *Lingua, ensino e sociedade: os inicios da Sociolingüística galega contemporánea* ou *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega. O nacemento da didáctica da Lingua Galega no ámbito do Novecentismo*. Santiago: Follas Novas, e Goretti Sanmartín Rei (ed.), (2012): *Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Homenaxe a Manuel García Blanco*. A Coruña: Universidade (*Revista Galega de Filoloxía*, Monografía 7).

4 páxinas intermedias están dedicadas ó vocabulario toponímico e á ortografía. Co cal quedan escasamente 9 páxinas do que é verdadeira toponomástica. Nasas páxinas intermedias (nas que fala do vocabulario toponímico) hai algunhas etimoloxías que nos dan idea da formación filolóxica de García Blanco, por exemplo, cando explica que *urbs* (urbe) é (ou era) “un conjunto de edificios (dispuestos de ordinario en forma circular, y de ahí el nombre)” aludindo a que *urbis* é parente de *orbis*, o cal é errado, como podería ter comprobado no dicionario de Ernout-Meillet, que existe desde 1932; ou cando afirma que “*Vila y vigo* tienen una etimología común en la palabra *vicus*, a su vez derivada de la griega *óikos*” onde só é verdade parcial que *vicus* e *villa* teñen unha orixe común (ie. *weik / weik-s-la*) pero non que veñan de *oikos*. Nas nove páxinas finais, que conteñen o traballo verdadeiramente toponímico, fai unha clasificación por estratos e a continuación por campos exemplificando principalmente con voces que aínda son apelativas (*Pena, Penela..*) sen étimo; en xeral ben, aínda que ás veces se deixa levar por parecidos enganosos, como cando mete entre nomes derivados de minerais *Ouro*; ou entre os de santos *Sanxumil* e *Samprizón*; ou mete entre os animais *Teixeiro* e *Teixido*; ou mete (ignoramos porqué) *Raña, Rañoá* e *Rañal* no capítulo de plantas; ou *Tolda* e *Toldaos* en vías de comunicación. E (como era funcionario de estatística) remata cunha estatística de denominacións máis frecuentes: *Vila - vilar* 752, *San X* 505 etc. O *Estudio* de García Blanco é o primeiro moderno (“la nomenclatura toponímica galaica se halla aún del todo inexplorada...”) pero só con moita benevolencia o podemos considerar precursor dos “fundadores”. Apenas entra en topónimos opacos; carece do mínimo control filolóxico. Pouco tempo despois de aparecido (en 1945) fíxolle A. Moralejo unha recensión en *CEG* III que é útil ler despois do opúsculo de GB para que se vexa de qué maneira o mesmo material é interpretado por un amator ou por un profesional.

O traballo de Víctor de Olano Silva foi publicado en tres entregas na *RDTP* vols I, V e X (1945, 1949 e 1954 respectivamente) baixo o título de “Toponimia gallega”. Outra entrega está no *BCMHA* 67-70 (1968). E neste traballo o autor (que, xa dixen, non era do gremio da filoloxía) só se comprometeu co que honestamente podía facer: rebuscar en documentación medieval (López Ferreiro, *CDGH*, *Cart. Sobrado*, *Risco (ES)*, *Tumbo A*, e algúns outros) correspondencias cos nomes de lugar modernos. Intentou facer para o galego o que fixera para o portugués Armando António Cortesão co seu *Onomástico português* de 1912. Velaquí tres fichas de exemplo; a entrada é o nome actual:

Carcaía (S. Pedro de) = *Scm. petrum ad Carcaia* (830) = uilla *carcaia* (10-1-868). *Tumbo A*, Santiago, fol 12 y *ES XIX carcatiam* (6-5-899) = *Carcaia* (19-6-1238).

Cruído [no NG Croído], Ay. de Lousame = Corogido (1158, p. 269. Tomo III, López Ferreiro. [Non debeu quedar moi convencido da equivalencia porque engade en nota: “Hay en Galicia: Corugedo, Coruido, Curigido y Curugido”].

Fraiz [no NG Fraíz e Fraís]. ¿S. Cristóbal de Merin o de outras parroquias de Coruña o Pontevedra? = Frarici (López Ferreiro, tomo II).

A idea de Olano era boa pero na maioría dos casos quédanos a dúbida de se a identificación do topónimo moderno co medieval é correcta; para identificar ben un topónimo hai que ter en conta, ademais da semellanza fonética, os outros topónimos que se citan no mesmo documento, como fai Nicandro Ares, porque hai moita sinonimia nos topónimos; hai centos de *Castro*. Pero o autor detense niso: nin identifica ben moitas veces, nin dá étimos. Seguramente é esa a razón pola que case ninguén o cita; en N. Ares, nas case 1.400 páxs de texto, aparece citado sete veces.

Nesta historiografía non sei moi ben onde colocar tamén outro opúsculo “prehistórico” porque se trata dun discurso académico lido en 1926 por Fernando Martínez Morás e publicado 36 anos despois (1962) na Habana. Ten 31 páxinas, pero como só entra en materia na páxina 20, quedan escasamente 11 páxinas para falar de toponimia; tamén despois dun apartado sobre os estratos (ibérico, céltico, xermánico) fai un repaso das diferentes motivacións (relevo, flora, fauna, santos, posesores etc).

O seu pai (Andrés Martínez Salazar, ademais dalgún escrito breve sobre as etimoloxías da *Coruña* e *Betanzos*, razoables) publicara en 1912 tamén un artigiño sobre “La fauna en la toponimia gallega” (*Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de la Provincia de Orense*), onde dá unha lista non sempre ben controlada de topónimos que veñen de nomes de animais; o primeiro da lista xa di así: “*Abejón*: del cast. abejón, aumentativo de abeja; en gallego actualmente abellón; pt abelhão”. Na introdución falaba da castelanización dos topónimos e de aí a xustificación (implícita) do paso *Abellón* > *Abejón* > *Abejón*. Eu non sei de onde vén *Abeixón* pero parte de dúas cousas inverosímiles: que *abellón* (en singular) poida ser topónimo (non se coñece ningún caso desta motivación; *Abellós* xa é diferente) e aínda que fose posible sería inverosímil que **abejón* se regaleguizase (parcialmente, con ese *-ei-* tan rechamante) en **abejón*. Outras atribucións erradas son sen dúbida *Ansar*, *Avión* (“de *apus* del gr. *apon*”); *Bacorelle* (“dim de *bácoro*”), *Barbudas*, (“de *barbutas*, cierto género de aves trepadoras”), *Ca-bradoiros* (que lembra o francés *Brisecharrue*), *Lobagueira* (que non sei de onde vén pero dificilmente de *Lobo*; conste que Piel (“Über Tiernamen im der hispanischen, insbesondere portuguesischen Toponomastik I”, *Portugiesische Forschungen der Görresgesellschaft* 6, 1966) lle dá a razón (“ein altes

*lupicaria darstellen muss”) e Machado, e Nicandro tamén con reticencias; pero é forma probablemente inseparable de *Lab/vagueira*; hai mesmo un *Lovaxeira* recollido por M. Rodríguez na *Hidronimia* da Arousa); tamén deriva erradamente de nomes de animal *Lobán*, *Lubián*; *Pulleira*, *Pulleiro* (“sitio donde se crían pollos, o el que los vende”); e moitos outros, incluído un *Áspede* que non sei de onde o saca porque non vexo nada parecido no *NG*.

E aínda nos queda nesta relación por mencionar o traballo doutro “aficionado”, precursor do que ía ser despois a tese de G. Navaza: Xosé Ramón y Fernández-Oxea, “Toponimias agrícolas gallegas” *CEG* f. XVI 1950. Ó lado dalgúns nomes derivados de faenas agrícolas (como *Cavada*) a inmensa maioría son nomes derivados de plantas; a entrada defínese co nome da planta en castelán (*abelao*, “avellano, árbol”) ou coa paráfrase ‘sitio de, lugar plantado de X’ (*abelar*, “sitio de avellanos”). En xeral as correspondencias son correctas, pero cando os nomes son opacos déixase levar pola fantasía: *Aceredo* [supoñendo que non sexa unha errata], “lugar plantado de acebos”. Naturalmente non dá etimoloxías.

Seguramente hai máis opúsculos editados ou inéditos anteriores a 1940, que eu non controlo, referidos á toponimia de Galicia; en calquera caso, dúbido que haxa algo mencionable nos cincuenta anos que pasaron desde a aparición dos *Orígenes* de Balari (1897) para Cataluña. Aínda se pode seguir citando a Sarmiento; pero a omisión dos outros que acabo de citar na bibliografía dunha tese sobre toponimia non vai ser causa de reproche ningún.

Porque o certo é que ata 1946 non se produciu nada en materia de toponomástica galega (sen ir en compañía da portuguesa) que tivese o rigor que require a ciencia toponímica moderna. Pois aínda que é verdade que A. Moralejo producira antes dese ano dous traballos metodoloxicamente significativos, ambos publicados en *CEG*, unhas “Observaciones sobre el estudio de la toponimia gallega” (1944) ademais da recensión ó libríño de García Blanco que citei; ou que Piel empezara xa a mesturar o os topónimos galegos cos portugueses en 1937 no seu “Herdo da onomástica latina na toponimia portuguesa e galega” (*VKR* 1937 (22 pp)); o certo é que houbo que esperar a que aparecese o célebre pero breve artigo de Menéndez Pidal, “El elemento *-obre* en la toponimia gallega” (*CEG* II 1946) para que poidamos considerar encetada a nosa andaina polo bo camiño.

O resto da historia xa é mais coñecido. Creo que na historiografía da nosa toponomástica merece ser lembrado un nome: o de Abelardo Moralejo, que empezou en 1952 unha serie de artigos que son exemplares; Moralejo era un brugmaniano (que sabía ben a gramática histórica do galego e doutras linguas e facía caso da regularidade dos cambios), era bo latinista e mesmo bo

indoeuropeísta (Otero Pedrayo dicía del que “vivía as raíces indoeuropeas”); era positivista e, aínda que tiña unha boa vis poética para establecer relacións entre dous conceptos, todo o que non pasase a lei das dúas congruencias, a semántica e a fonética era descartado ou admitido só como hipótese; eu non sei se Moralejo lera as conferencias de Muret pero sei que se atíña ós seus principios, que son moi sinxelos: “para que a interpretación dun topónimo nos satisfaga plenamente esiximos que non estea en contradición cos datos da lingua, nin cos da xeografía e da historia, nin co sentido común”¹²; ou dito doutro xeito, pero coas mesmas ideas (tamén dito por Muret): “para que unha etimoloxía se impona á nosa convicción non chega con gastar nela tesouros de enxeño, ten que estar fundada nun conxunto de datos concordantes e nun razoamento lóxico e persuasivo”¹³. Todos os traballos de A. Moralejo cumpren este requisito e están reunidos en libro con índice desde 1977 (*Toponimia galega y leonesa*) e son imprescindibles no bufete de quen faga toponomástica galega. Este si que non se pode omitir na bibliografía dunha tese.

En realidade deberíamos incluír aquí (na toponimia galega) tamén os nomes de Piel, primeiro só e despois co seu colaborador Kremer (de onde vén o monumental *HGN*, que está en máis do 70% referido a Galicia). De Piel xa queda dito o esencial; non lembrei antes pero lémbroo agora: unha boa presada de artigos de Piel posteriores a 1937 están dedicados exclusivamente a temas de toponomástica galega (en especial desde 1961). Pola súa parte, Kremer é persoa ben coñecida nos círculos filolóxicos galegos actuais e como neste traballo non se fala de vivos queda para outra ocasión falarmos máis amplamente del. Tennes prometido un traballo que aínda está pendente: a colleita (que enchería dous ou tres volumes) de todas as obras dispersas do seu mestre Piel, a tradución dos artigos en alemán e a fabricación dos índices correspondentes.

A partir de entón (refírome a 1946) fixéronse moitos traballos de toponomástica en varias direccións:

a. Monografías sobre un campo semántico grande (como poden ser as plantas en xeral, como a tese de G. Navaza, 1998, publicada co título *Fitotoponimia galega*. A Coruña, 2006) ou pequeno (como pode ser o de Froilán López, “Onomástica galega: *Abelaira* e familia”, 1981).

b. Monografías sobre territorios, que empezan co traballiño de Piel, “Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada” no *Homenaje* a Dámaso Alonso en 1961 (só sobre entidades de poboación); seguido despois unha boa presa de traballos (ás veces teses) como son as toponimias

¹² *Les noms de lieu...*, p. 21.

¹³ *Ibid.* p. 29.

de Pantón (Antón Palacio, 1981), Marín (Elixio Rivas, 1982), Pontedeume (Isidoro Millán, 1987), Sarria (Antonio Díaz Fuentes) ata chegar á de Trabada (Xulia Marqués, 2003) atentos, na maioría dos casos (pero non sempre, como é o caso de I. Millán) a toda clase de topónimos (maiores e menores). Quizais nesta serie hai que ter unha lembranza especial para un vivo, Nicandro Ares, que fixo a toponimia de 34 concellos (dos 67) de Lugo, ademais dalgúns dos arredores (Toques, Melide, Rodeiro, Lalín...) que son da diocese de Lugo.

c. E finalmente hai que sinalar tamén traballos de divulgación (sobre toda Galicia) que teñen como destinatario un gran público (e non só o especializado). Por estas razón adoitan abarcar todo o territorio.

Hai unha esfera da toponimia á que case non me referín: a prerromana. Hoxe hai moitos que son especialistas niso, pero non é o meu caso. Aínda que non son da opinión de Sarmiento, que dicía non gustar de “gastar el tiempo en averiguar lo que ya es inaveriguable”, idea que resoa aínda en Piel 200 anos despois, que non gustaba de adentrarse “nas areias movedizas de un tenebroso mundo lingüístico pré-histórico”, o certo é que nese territorio hai moito e é verificable. Nun xornal recente recollíase a noticia de que atoparan por Lugo un dente dun neno de hai 17.000 anos; é verdade que os pais de aquel neno eran cazadores-recolectores pero moraban en covas e tiñan que pasar ríos ou circular ó longo deles (seguramente moitas veces o mesmo río) e seguramente lles puxeron nomes dos cales algún aínda pode quedar. En calquera caso, os nomes que queden de 2.000 anos para atrás teñen moitas probabilidades de entrar nesa categoría de Sarmiento. Pois ben, neste campo é outro Moralejo (Juan José) o que necesita ser recordado aquí, que era tamén un investigador seguro e prudente. E xa que falamos de mortos só, lembremos igualmente a E. Bascuas, que tamén se atreveu a meterse no territorio celta e paleoeuropeo, con hipóteses que ás veces son difíciles de compartir pero son mellor ca ningunha hipótese.

§9. Referinme nos parágrafos anteriores ás orixes e ós primeiros desenvolvementos da toponomástica románica por dominios lingüísticos, cunha incidencia un pouco maior no caso de Galicia debido a que este escrito foi orixinariamente redactado pensando nun público galego. Quedaron fóra do meu panorama autores (de fóra e de dentro de Galicia) que fixeron grandes contribucións ó estudo da toponimia. Certamente estes merecen outro capítulo nunha historia da toponomástica nacional ou románica. Pero o meu obxectivo non era ser exhaustivo senón mostrar os pasos fundacionais desta ciencia e salientar que as bases metodolóxicas que estableceron os fundadores hai catro xeracións seguen a ser aínda firmes. Hoxe, que tamén para a

toponimia dispomos de ferramentas que facilitan enormemente o labor do investigador, tendemos a esquecer o traballoso que resultou para eles a recolla, a comprobación e a interpretación de datos; en realidade, dalgúns deles xa se fala pouco aínda que foron os mestres dos nosos mestres. Por iso quixen facer esta lembranza do seu labor e do seu talento.

A clasificación semántica da toponimia

Paulo Martínez Lema

Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago

1. INTRODUCCIÓN

A clasificación do material toponímico –ou, séndomos máis específicos, a implementación rigorosa e coherente dun repertorio pechado de criterios para a clasificación dese material– constitúe sen dúbida unha das cuestións inherentes ao estudo dos nomes de lugar, con independencia de se o corpus analizado foi construído a partir do traballo de campo, do baleirado de fontes documentais ou por calquera outra vía.

O noso propósito nesta breve contribución non é, desde logo, darlles solución aos diversos problemas con que o toponimista, con maior ou menor frecuencia, vai ter que lidar no transcurso do seu traballo, senón simplemente achegar unha serie de reflexións e de valoracións críticas nacidas da nosa experiencia investigadora neste ámbito, e que poidan contribuír, na medida do posíbel, ao necesario debate sobre as limitacións que se poden detectar nas propostas taxonómicas máis recorrentes –de xeito moi especial, como veremos, naquelas de base semántica–.

2. TOPONIMIA DELEXICAL E TOPONIMIA DEONOMÁSTICA

Na nosa opinión, un primeiro grande criterio aglutinador que se debería ter en conta, e que permite establecer dous grandes grupos de topónimos ben definidos, é o que podemos chamar a «tipoloxía nominal» do(s) elemento(s) en que se basea cada ítem toponímico. Desta maneira, podemos contrapor os topónimos baseados no repertorio léxico da lingua –quer no seu estadio

actual, quer nalgunha das súas fases pretéritas– a aqueloutros creados a partir de elementos onomásticos preexistentes –ou sexa, baseados noutros topónimos e/ou antropónimos a funcionaren como tales. No primeiro caso falaremos de «toponimia delexical», e no segundo, pola contra, de «toponimia deonomástica». Topónimos delexicais serán, por exemplo, *Carballido* (←*carballo*), *Grixoa* (< ECCLESĪŌLA ← ECCLESĪA ‘igrexia’), *Castrelos* (< CASTRĒLLŌS ← CASTRŪ(M) ‘castro’) ou *Antes* (← *anta* ‘dolmen, monumento megalítico’), mentres que outros moitos como *Donalbai* (< *DOM(I)NI ALBANĪ ← ALBANŪS), *Abuín* (< AUOLĪNĪ ← AUOLĪNŪS) ou *Sarreaus* (< *Sarrianos ← top. *Sarria*) proceden de ítems onomásticos que, cando menos na maior parte dos casos, somos capaces de identificar e reconstruír cun grao relativamente alto de fiabilidade. Ao noso xuízo, este criterio binario é o que podemos aplicar dunha maneira máis sistemática e regular, aínda que implique, como paso previo, o establecemento dunha distinción teórica clara entre as nocións de «nome común» e «nome propio».

Evidentemente, dentro de cada unha desas dúas grandes categorías poderemos establecer, á súa vez, novas subdivisións máis ou menos precisas, varias das cales gozan dunha tradición bastante asentada nos estudos toponomásticos. No caso da toponimia deonomástica, e en función do tipo onomástico concreto en que se basear o nome de lugar, poderemos falar de:

- a antrotoponimia ou «toponimia deantroponímica», que aglutina todos aqueles topónimos formados a partir dun nome de persoa, xeralmente o empregado polo posesor dunha *villa*, *villare*, *fundus* ou similar no período altomedieval, aínda que non necesariamente: *Vilaxoán*, *Senande*, *Castrorramiro*, *Allariz*, *Estévez* ou *Casamaría*, por exemplo, formarían parte deste primeiro gran subgrupo

- a haxiotoponimia encóntrase moi vinculada á subcategoría anterior, ao agrupar nomes de lugar xerados tamén a partir dun antropónimo, mais coa particularidade de o dito antropónimo ser o nome dun santo ou santa. Consecuencia lóxica e esperábel desa circunstancia no plano formal é a frecuente –aínda que non sistemática– conservación do segmento inicial *san(t)*– ou dalgunha das súas variantes, máis ou menos erosionadas pola evolución fonética: deste xeito, a presenza do dito elemento é obvia en casos como *Santadrao* (< SANCTŪ ADRIĀNŪ), *Santaballa* (< SANCTA EULALĪA) ou *Sanamede* (< SANCTŪ MAMETE), mais pode resultar máis difícil de detectar noutros como *Seoane* ou *Seivane* (< SANCTU IŪHANNE)¹⁴.

¹⁴ Noutros traballos (Martínez Lema 2007: 138) temos analizado casos de haxiotopónimos que só mediante o auxilio da documentación medieval e dos rexistros nela recollidos poderemos identificar como tales: pensemos, por exemplo, en *Illán* –nome dunha parroquia do concello de Begonte–, procedente dun antigo sintagma haxionímico SANCTĪ IULĪANĪ en que se verificou a perda do elemento inicial.

- a etnotoponimia, pola súa banda, recolle todos aqueles topónimos procedentes dun antigo etnónimo, se entendermos como tal a denominación mediante a que era coñecida unha determinada colectividade ou grupo étnico. Casos ben característicos e coñecidos na toponimia galega son os de *Céltigos* ou *Suevos/Suegos*, por exemplo.

- finalmente, os xentilicios son nomes de lugar formados por derivación morfolóxica a partir doutros topónimos preexistentes, indicando polo xeral procedencia xeográfica: *Cumbráns/Cumbraos* (← top. *Coímbra*), *Sarreaus* (← top. *Sarria*), *Armeses* (← top. *Asma*) ou *Chamosiños* (← top. *Chamoso*), entre outros, son mostras representativas desta subfamilia topónimica, nas cales recoñecemos ademais algúns dos sufixos máis característicos na creación de adxectivos denominativos –algúns deles aínda operativos na actualidade, se ben baixo a súa variante culta ou semiculta: *-és/-esa*, *-ano/-ana*, *-ino/-ina...*–. Entre os etnónimos e os xentilicios poden existir amplas zonas de intersección que dificulten a adscrición dun determinado topónimo a algunha desas dúas subcategorías. Isto resulta especialmente perceptíbel cando o topónimo en cuestión afunde as súas raíces en estratos lingüísticos e ambientes culturais prerromanos, pois debemos ter en conta que moitos dos etnónimos que coñecemos daquel período histórico –algúns dos cales se perpetuaron até os nosos días precisamente a través do rexistro toponímico– poden ser explicados, en puridade, como xentilicios: por exemplo, o nome con que era coñecido o pobo galaico dos *Supertamarci* adoita ser explicado como un derivado do topónimo *Tamar* –actual *Tambre*–, e poderíamos aducir bastantes máis casos homologábeis, uns mellor estudados ca outros. Tendo isto en conta, non é de estrañar que haxa autores como Untermann (1992: 20) que entenden as formacións de carácter xentílico como un subtipo específico dos etnónimos, definido por unhas motivacións e uns mecanismos morfolóxicos determinados. Porén, para outros investigadores, como Luján (2006: 723), cómpre manter a distinción entre «proper ethnonyms, that is, names primarily used to refer to a people, and ethnonyms derived from a place-name».

3. CRITERIOS SEMÁNTICOS NA CLASIFICACIÓN TOPONÍMICA: PROBLEMAS E LIMITACIÓNS

3.1. Consideracións xerais

Se o eido da toponimia deonomástica pode resultar relativamente doado de demarcar, as dificultades multiplícanse ao tentarmos establecer pautas similares para a toponimia delexical, moito máis abundosa e cuns patróns formais e semánticos máis diversos ca os que teñen sido descritos para a

toponimia deonomástica. De feito, o criterio máis habitual e recorrente á hora de clasificar este tipo de topónimos é atender aos trazos semánticos presentes e/ou dominantes en cada lexema en concreto, o cal permite articular unha serie de «campos toposemánticos» cuxo número e caracterización variará sensibelmente en función do autor e/ou do corpus toponímico sometido a estudo¹⁵.

Mais, para alén desa inestabilidade inherente ás propostas de clasificación semántica –e sobre a que volveremos decontado–, o certo é que existen outras dificultades quizais máis salientábeis, e cuxa relevancia se fai maior á medida que imos accedendo a niveis de análise máis detallados. Quizais unha das máis importantes sexa tamén unha das máis obvias: referímonos á polisemia, ou sexa, ao feito de moitos apelativos vivos na lingua actual e recoñecíbeis como constituíntes de ítems toponímicos presentaren acepcións tan diversas que, en teoría, farían posíbel a adscripción dun mesmo topónimo a campos semánticos diferentes. Ás veces, esas acepcións son específicas dunha determinada área xeográfica, tal e como acontece co substantivo *fraga*, que na maior parte do territorio galegófono presenta valores semánticos vinculados a ‘penedía, lugar penedoso’, mais que noutras áreas ofrece acepcións como ‘zona boscosa’ ou ‘monte con vexetación baixa’, seguramente as máis coñecidas e difundidas grazas ao uso literario do termo¹⁶. En consecuencia, un topónimo como *A Fraguíña* –que, a xulgar pola súa sufixación, non debe ser excesivamente antigo– pertencerá a unha categoría toposemántica diferente dependendo de se o rexistramos no suroeste ou no noroeste do país¹⁷. Un caso análogo pode ser o do apelativo *insua*, que nas zonas costeiras pode ter valores como ‘illote’ ou ‘península’, mais que en moitos puntos do interior de Galicia designa realidades ben diferentes destas, tales como un prado pequeno á beira dun río. Estes exemplos que vimos de sinalar resultan ben ilustrativos de até que punto unha clasificación toposemántica que se pretenda seria e rigorosa estará fortemente condicionada por variábeis de tipo xeolectal.

¹⁵ A primeira proposta taxonómica para a toponimia galega aparece no *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, de frei Martiño Sarmiento, quen recoñece dez grandes tipos ou categorías: “Iº. De los nombres de la *Historia Natural*, exceptuando los de Botánica. IIº. De los nombres tomados de los *vegetables*. IIIº. De los nombres impuestos por la *disposición del terreno*. IVº. De los nombres puestos por las *cercanías a otros objetos*. Vº. De los nombres que aluden al *fundador o poseedor del sitio*, si ha sido *romano*. VIº. De los nombres que aluden al *poseedor o fundador*, si fue *suevo o godo*. VIIº. De los nombres que aluden al *fundador o poseedor*, si ha sido *gallego* posterior. VIIIº. De los nombres de los *sitios marítimos*, que aluden a cosas de mar. IXº. De los nombres que aluden a algún *edificio antiguo o moderno*. Xº. De los *nombres sueltos*, sin atarse a clase” (Pensado 1999: 111-112). Segundo podemos comprobar, todas estas categorías seguen a gozar de vixencia nos estudos toponomásticos modernos.

¹⁶ Vid. Bravo Pérez / Vázquez Freire / Fernández Rei (2006: 358 e ss.).

¹⁷ Sen entrarmos no ámbito da toponimia menor, o ítem *A Fraguíña* aparece como nome de entidades habitadas nos concellos de Vigo, Arbo, Salvaterra do Miño, Parada de Sil, Cambre e Aranga.

Mais a polisemia presenta tamén unha evidente dimensión cronolóxica, é dicir, os significados dos lexemas mudan, transfórmanse co tempo, e non son poucos os casos en que unha determinada acepción acaba por se extinguir ou ben xera outras acepcións máis ou menos distantes da orixinal. Podemos retomar o caso de *insua*, pois sabemos que o seu étimo, *INSULA*, ofrecía xa no propio latín significados tan diversos como ‘bloque de casas’ ou ‘casa arrendada’, ao carón do máis habitual ‘illa, porción de terra rodeada de auga’. O apelativo *val* (< latín *UALLE*) comparece en moitos documentos galegos altomedievais facendo referencia non a unha depresión do terreo entre montañas, senón a un tipo concreto de circunscrición territorial: pensemos en secuencias como *in ualle Nemitos uilla Melangos* (Tombo de Sobrado, 952)¹⁸, *in ualle Sarrie uilla Iusano* (Tombo de Sobrado, 955) ou *in valle Cornanda subtus monte Luanie* (Tombo de Toxos Outos, 1176), onde recoñecemos, respectivamente, os antigos territorios ou xurisdicións de Nendos, Sarria e Cornanda. Do mesmo xeito, e sen saírmos do mesmo ámbito léxico, o substantivo *lago* (< latín *LACŪ*), que asociaríamos instintivamente a unha gran masa de auga, alude en moitos textos dese mesmo treito cronolóxico a zonas cóncavas do terreo, ligadas polo xeral á existencia de túmulos e monumentos megalíticos: así, cando nun diploma do Tombo de Celanova (ano 982) se indica a existencia duns *lacos antigos et mamolas* como elementos de referencia espacial, é nese tipo de realidades no que temos que pensar. A repercusión que estes matices semánticos poden ter na toponimización de lexemas coma estes, ou coma outros que experimentaron procesos similares, semella fóra de calquera dúbida.

Se nos adentrarmos no espiñento mundo da toponimia prelatina, as dificultades vólvense inexorablemente maiores e, en boa medida, imposíbeis de superar. En efecto, a caracterización semántica que podemos facer de moitos dos radicais léxicos pertencentes a ese substrato resulta moi xenérica, imperfecta e, en ocasións, mesmo meramente conxectural. Pensemos, por exemplo, nun radical como o indoeuropeo **mel-*, para o cal se adoita indicar o significado de ‘aparecer, emerxer’, e que, cando menos en teoría, podería estar implicado en diversas formacións toponímicas como *Mallón*, *Mallou*, *Malpica* ou *Melón*, entre outras moitas. Agora ben, de aceptarmos tal presenza, cal sería o significado concreto achegado por esa raíz en cada un dos casos? Un significado oronímico, referido a elevacións do terreo, ou un significado hidronímico, relacionado co nacemento de correntes de auga ou similares?

¹⁸ Todas as atestacións extraídas de documentación medieval que empregamos neste traballo foron obtidas mediante a consulta do CODOLGA para os textos latinos, e do TMLIG para os textos romances.

O corolario desta serie de observacións que vimos de realizar é evidente: se quixermos encadrar un topónimo na categoría semántica máis axeitada, estaremos obrigados a coñecer –na medida do posíbel– non só o treito cronolóxico en que tal denominación toponímica puido ser acuñada, senón tamén o significado –ou, cando menos, os semas predominantes– que tiña o lexema de base nese momento histórico concreto e no ámbito territorial que esteamos a estudar.

Como xa comentamos anteriormente, o establecemento dun repertorio estábel e pechado de campos toposemánticos varía tamén en función dos autores, dos dominios lingüísticos e, por suposto, dos hábitats e os ámbitos xeográficos abranguidos polo noso estudo: por exemplo, se estudarmos a toponimia dunha zona de interior, é evidente que non terá moito sentido habilitarmos unha categoría específica para a toponimia baseada en talasónimos (vid. §3.2.8). No tocante ás variábeis máis estritamente autoriais, podemos facer nosas as palabras do profesor Terrado Pablo (1999:76-77):

La experiencia enseña que cada toponimista tiene su propia clasificación, inspirada en parte en la de sus predecesores, pero también en los datos lingüísticos que ha manejado. Y se constata también que, una vez lograda tal clasificación, existe la legítima pretensión de que sea útil en otras investigaciones y en otras zonas.

Outra cuestión metodolóxica que se lle presenta ao toponimista é a que xorde á hora de clasificarmos sintagmas toponímicos complexos, en cuxa constitución interveñen elementos lexicais pertencentes a esferas semánticas diferentes: por exemplo, n'*A Pena do Cuco* observamos a combinación dun litónimo e dun zoónimo, mentres que n'*O Rego dos Carballos* identificamos un núcleo nominal hidronímico determinado por un fitónimo. O punto que cómpre esclarecer no tratamento destas secuencias –por outra parte, claramente maioritarias no conxunto do corpus toponímico galego– é se priorizamos o contido semántico do núcleo nominal ou o do modificador –nominal, adxectivo ou doutro tipo– que o restrinxen. Nos nosos traballos e investigacións, a pauta que tendemos a aplicar é a segunda delas, pois, ao noso entender, é o modificador quen achega o matiz semántico realmente decisivo na configuración do topónimo e do seu significado: por tanto, *A Pena do Cuco* formaría parte da clase dos zootopónimos, mentres que *O Rego dos Carballos* debería ser incluído dentro da subclase dos fitotopónimos. De calquera xeito, non deixa de resultar rechamante que, cando é un antropónimo o que interveñen como modificador do núcleo nominal –e sobre todo cando ese antropónimo, por mor da súa antigüidade, está xa plenamente soldado ao núcleo nominal que acompaña–, as dúbidas non semellan existir: topónimos como *Cardeite* (< **casa de Eita*), *Castropol* (< *CASTRŪ PAULI*) ou *Bistipoi*

(< *BUSTŪ PAULĪ) tenden a ser clasificados sistematicamente como antrotopónimos, cando menos na maioría dos casos, e, de acordo coa mesma pauta, adoitan recibir idéntico tratamento outras construcións inequivocamente máis recentes no tempo como *O Campo do Gregorio* ou *O Rego do Sindo*, por exemplo. De acordo co criterio antes apuntado, parécenos, en efecto, a opción máis lóxica e funcional, mais incluso neste ámbito podemos bater con casos fronteirizos: que facemos nun exemplo como *O Rego da Loureira*, cando sabemos que o modificador nominal, aínda que de orixe inequivocamente fitonímica, está a ser empregado xa como nome e/ou apelido persoal? Sobre cuestións deste tipo teremos ocasión de volver no apartado seguinte.

3.2. Principais campos toposemánticos

Malia todo o comentado na epígrafe anterior, o certo é que a implementación dun inventario de categorías toposemánticas máis ou menos exhaustivo resulta até certo punto recorrente nos traballos toponomásticos, e iso incluso por parte de moitos investigadores –entre os cales honestamente nos incluímos– que se amosan escépticos ante clasificacións deste tipo. Nos traballos de investigación que levamos realizado botamos man dun repertorio categorial que bebe basicamente de propostas anteriores e bastante asentadas entre os autores¹⁹, mais que tamén procuramos aplicar do xeito máis laxo posíbel –precisamente por sermos conscientes de que unha utilización excesivamente estrita ou ríxida das categorías toposemánticas pode menoscabar máis aínda a súa funcionalidade–. Pasamos pois a analizar de xeito crítico cada unha desas categorías.

3.2.1. Zootoponimia

Adoítamos entender por *zootopónimo* un nome de lugar baseado nun zoónimo, ou sexa, nun nome de animal. Por tanto, un zootopónimo, do punto de vista motivacional ou etiolóxico, pode estarse a referir a diversas circunstancias: a abundancia dun determinado animal nunha zona (*Gulpilleira* ← *golpe*, *Porqueira* ← *porco*, *Corzás* ← *corzo*...) ou a presenza dun determinado tipo de instalacións destinadas a albergar un animal (*Abelleira* ← *abella*, *Vacariza* ← *vaca*...) son xeralmente as máis frecuentes.

Porén, os zootopónimos non sempre resultan tan transparentes como podería erradamente deducirse dos exemplos sinalados. Por unha banda, como calquera investigador tería ocasión de comprobar en máis dunha ocasión, existen «falsos amigos», é dicir, topónimos de aparente base zoonímica, mais que en realidade deben ser explicados por outra vías ben distintas: pensemos no exemplo de *Cervo*, denominación dunha localidade da Mari-

¹⁹ De todos xeitos, gustaríanos recomendar, pola súa sistematicidade e coherencia interna, as recentes propostas taxonómicas elaboradas por Marqués Valea (2004) e por Castro / Feijoo (2007).

ña luguesa que debemos relacionar con outras como *Cervaña*, *Cervantes* ou *Servia*, todas elas de filiación prelatina e de probábel valor oronímico. Neste caso, un dos motivos que deberían levarnos a desconfiar da orixe zoonímica do topónimo é o feito de o elemento *cervo* aparecer illado, sen ningún tipo de sufixación ou flexión (cfr. *Cervás*), ou sen formar parte dun sintagma toponímico máis amplo (cfr. *Fonte do Cervo*, *A Pena dos Cervos* etc.). Mais, para alén destes casos en que a dificultade radica nunha mera coincidencia formal, contamos con outros nos cales a base zoonímica semella indiscutíbel –e autorizaría, por tanto, a clasificalos sen maior problema dentro da categoría toposemántica que estamos a comentar–, mais a motivación pouco ten que ver con calquera dos supostos antes sinalados, senón que cunha utilización antroponímica do zoónimo: son os que chamamos «zootopónimos de motivación secundaria». Un exemplo ilustrativo é o do topónimo *Mazaricos*, en que recoñecemos o nome da ave homónima (*Numenius arquata*), típica das áreas costeiras e especialmente das marismas. Por tanto, nada nos impediría pensar que un lugar con esa denominación a recibiu precisamente pola característica presenza desa ave, mais quen coñecer a xeografía galega poderá sinalar rapidamente unha obxección evidente: o lugar de Mazaricos encóntrase terra adentro, lonxe da costa, é dicir, nun hábitat en absoluto propicio para o mazarico. Se acudirmos á documentación medieval da zona, poderemos comprobar que a motivación do topónimo é outra ben diferente: xa desde o século XIII temos rexistrada a existencia dunha familia instalada nesa área xeográfica e que tiña por alcume *os Maçaricos/os Maracicos*, é dicir, foi ese sobrenome o que acabou cristalizando como topónimo, de acordo a unha pauta relativamente frecuente na toponimia galega (Martínez Lema 2010: 236 e ss.). Isto implica, entre outras cousas, que topónimos como *Mazaricos*, aínda que nun sentido estrito poidan e deban ser categorizados como simples zootopónimos, representan unha zona de intersección entre estes e os antropónimos, moitos dos cales, como sabemos, teñen a súa orixe máis ou menos remota en antigos substantivos zoonímicos.

3.2.2. Fitotoponimia

Os fitotopónimos son topónimos baseados en *fitónimos*, entendendo como tales os nomes de vexetais, plantas e árbores, así como dos diferentes tipos de extensións vexetais ou arbóreas, como *souto*, *bouza*, *horta*, *pebideiro* e moitos outros. Estas últimas, ao estaren frecuentemente ligadas a actividades de tipo agrario, poden penetrar no ámbito da agronomía e, por tanto, poden xerar denominacións toponímicas susceptíbeis de seren clasificadas quer como fitotopónimos, quer como agrotopónimos (vid. §3.2.6).

3.2.3. Orotponimia

Adoita falarse de *orotopónimos* en referencia a aqueles nomes de lugar baseados en lexemas –quer substantivos, quer adxectivos– cuxo significado se vincula coa configuración morfolóxica do terreo, tales como *val*, *monte*, *chan*, *pino*, *costa*... Teñamos en conta, máis unha vez, a problemática que acarreta a riqueza semántica dos vocábulos: un termo toponimicamente tan produtivo como *monte* pode referirse a unha elevación ou prominencia do terreo, mais tamén adquiriu o significado de ‘extensión cuberta de vexetación espontánea’, que nos autorizaría a tratalo como un fitónimo.

De todos os xeitos, un dos aspectos máis interesantes –e que tamén maiores complicacións teóricas pode ofrecernos– é o que chamaremos «metáforas oronímicas», é dicir, a tendencia dos utentes da lingua a lle aplicaren a un determinado lugar unha voz non explicitamente oronímica, senón un lexema alusivo a algunha outra realidade coa cal ese lugar pode gardar unha certa analoxía ou similitude: ese lexema, por tanto, experimenta un proceso de extensión semántica que o habilita, na práctica, como voz oronímica. Un exemplo claro e recorrente é a serie toponímica vinculada co latín *TABŪLA*, representada por ítems como *Traba*, *Trabada*, *Taboada* e similares, e nos cales parece claro que a toponimización do vocábulo en cuestión veu motivada pola súa aplicación a terreos chans, lisos, similares por tanto a unha táboa. Máis unha vez, o problema é que tal extensión semántica non se restrinxen a contextos unicamente orográficos, senón que tamén se pode verificar noutras realidades: por exemplo, o substantivo *tablada* designa nalgúns puntos do dominio lingüístico astur-leonés un remanso do río (Miranda 1985: 225-229), mentres que o topónimo *Las Tablas de Daimiel*, xa no ámbito propiamente castelanófono, podería explicarse en virtude dunha especialización semántica similar.

As analoxías poden establecerse mesmo con partes do corpo humano e/ou animal, no que Xaverio Ballester (2009) denomina «toponimia anatómica». Un exemplo moi ilustrativo é o topónimo *Mos* –nome dun concello da comarca de Vigo–, resultado do latín *MŌLAS*, e que, ao igual ca os casteláns *La Muela* ou *El Molón*, entre outros, fai referencia a prominencias do terreo que presentan unha característica superficie cha, nunha extensión semántica que probabelmente xa se encontraba estabilizada no propio latín. O problema xorde coas metáforas oronímicas máis puntuais, como por exemplo *O Rabo do Porco*, sintagma toponímico que aparece en varios puntos de Galicia e que semella ter a súa explicación na forma revirichada dun camiño ou dun terreo. Nun caso coma este, a adscrición do ítem a unha categoría toposemántica concreta pode suscitar nos certas dúbidas, pois dependerá de se priorizamos o significado recto dos seus constituíntes

–de carácter netamente zoonímico– ou o sentido figurado do conxunto do sintagma. Persoalmente, tendemos a nos decantar pola primeira opción, pois unha clasificación toposemántica, sempre que for posíbel, debe procurar cinxirse ao significado primario, ao sentido recto dos elementos lexicais analizados²⁰.

3.2.4. Hidrotoponimia

Os *hidrotopónimos* son topónimos baseados en hidrónimos, é dicir, en substantivos cuxo sema definitorio é ‘auga’. Resulta evidente que existe un bo feixe de hidrotopónimos que, por mor da súa ascendencia latina, presentan un alto grao de coincidencia formal e semántica con lexemas aínda vivos e produtivos na lingua común: *fonte, lagoa, regueiro, río...* son algúns dos máis frecuentes. A definición de «hidrotopónimo» permitiríanos aínda incluír nesta mesma categoría outros nomes de lugar cuxo lexema de base parece facer referencia ás características externas e singularizadoras dunha corrente fluvial: eis os casos ben coñecidos e estudados de *Anllóns* ou *Anllo*, entre outros, tradicionalmente explicados a partir de *ANGŪLŪ* e relacionados coa existencia de meandros máis ou menos pronunciados nun curso fluvial²¹. De todos os xeitos, non debemos esquecer que o ámbito da hidroponimia é, moi seguramente, un dos que maior peso ofrece do material lingüístico prelatino, tal e como podemos inferir dun simple repaso polos nomes dos nosos principais ríos: *Miño, Sar, Tambre, Eo, Xallas...* Por fortuna, os estudos sobre a hidronimia prerromana gozaron sempre de grande atención e desenvolvemento na nosa tradición toponomástica, e na actualidade podemos delimitar, cun grao relativamente importante de concreción, o contido semántico de moitos dos radicais e bases léxicas involucradas neses derivados. Dito isto, non é menos certo que sempre fica unha certa marxe de conxectura nas hipóteses, algo lóxico tendo en conta a extraordinaria antigüidade de moitos deses materiais e a pervivencia de amplas zonas de penumbra no que respecta aos estratos lingüísticos máis arcaicos da nosa toponimia.

Tampouco debemos esquecer circunstancias históricas máis específicas que condicionaron a pervivencia de moitos deses hidrotopónimos de filiación prelatina, e que poden distorsionar –cando menos nun primeiro momento– o seu estudo e clasificación. Con certa frecuencia, unha denominación hidro-

²⁰ Precisamente por ese motivo, consideraríamos bastante razoábel englobar moitos destes ítems topónimos dentro dunha categoría propia e específica que denominaríamos *somatotoponimia*, e na cal se integrarían, cando menos, aqueles nomes de lugar baseados en somatónimos –lexemas referidos a partes da anatomía humana– cuxa ampliación semántica por vía da metáfora constitúe un feito puntual que non conseguiu erradicar o seu sentido recto, o seu significado primario.

²¹ Ese significado de ‘meandro, revolta dun río’ está rexistrado na documentación medieval galega: por exemplo, nun diploma do Tombo de Celanova, con data de 1065, faise referencia a *1º pedazo inter seminatura qui iacet in angullo de illo rio*.

toponímica amplía o seu *designatum*, é dicir, pasa a designar non soamente unha corrente fluvial –referente A–, senón tamén a totalidade do territorio natural articulado ao redor dela –referente B–. Moitas veces, o proceso coméntase coa substitución do nome dese río por outra forma máis transparente e mellor motivada, mentres que a denominación orixinal fica fosilizada no nome do territorio ou comarca en cuestión: pensemos no caso do topónimo *Pígara* –de feitura claramente prelatina–, que aínda na Idade Media era o nome do río hoxe coñecido como *Labrada*, e que perviviu até os nosos días dándolle nome a unha parroquia do concello chairego de Guitiriz. Esta pauta, observábel en moitos outros casos análogos, condúcenos a unha conclusión bastante evidente, mais que non sempre se ten en conta na medida en que se debería: cómpre mantermos diferenciado o significado do topónimo –base, en última instancia, da clasificación toposemántica– do seu referente extralingüístico –ou *designatum*–, de tal xeito que topónimos como *Muíños* ou *Labrada*, por exemplo, non poderán entenderse como hidrónimos aínda que a entidade por eles designada sexa unha corrente fluvial. Insistimos na obviedade desta afirmación, mais cremos conveniente tela moi presente, sobre todo dada a tendencia, cando nos enfrontamos a un topónimo que designa unha corrente fluvial e ao cal lle presumimos unha filiación prelatina, de interpretalo sistematicamente en relación a significados de tipo hidronímico, cando é perfectamente posíbel que ese topónimo estivese a facer referencia a outro tipo de circunstancias. Por pór simplemente un exemplo, o profesor Moralejo Álvarez (2002) explicou o topónimo *Mandeo* en base a unha raíz indoeuropea **mend-* / **mond-* relacionada semanticamente coa noción ‘cría de animal’, de xeito que non estaríamos perante un hidrotopónimo *strictu sensu*, senón máis ben ante un zootopónimo, con independencia do tipo de *designatum* a el asociado. Outro tanto podería dicirse de ítems toponímicos moito máis recentes, aínda que homologábeis ao exemplo anterior, tales como *Río Cabalar* –nome dun curso fluvial no concello da Pobra de Trives– ou *Asneiro* –nome dun afluente do Deza–, de asociármolos, respectivamente, aos zoónimos *cabalo* e *asno*.

3.2.5. Litotoponimia

Por *litotopónimo* entenderemos todo nome de lugar en cuxa base léxica prime o trazo semántico ‘pedra’. Tal e como ocorría no caso da hidrotoponimia, nesta subcategoría existe unha cantidade inxente de material para o cal podemos supor unha orixe prelatina. Exemplo típico é o dos topónimos relacionados coa raíz **kar(n)-*, á cal se lle atribúe un significado xenérico ‘pedra’, que haberá que matizar para cada topónimo ou serie toponímica en particular. Os problemas que xorden á hora de clasificar de xeito serio e rigoroso

este tipo de elementos son evidentes, e, por desgraza, a miúdo imposíbeis de solventar. Á xa sinalada dificultade para alcanzarmos niveis de concreción medianamente satisfactorios no estudo do significado destes ítems, debemos engadir aínda casos de hominimia como, por exemplo, *O Carneiral* ou *A Mina das Carneiras*, nos cales poderíamos pensar tanto en zootopónimos como en litotopónimos, de xeito que só un estudo minucioso da zona en cuestión nos permitiría decantarnos por unha destas dúas opcións.

3.2.6. Agrotoponimia

Tendo en conta a produtividade toponímica dos múltiples lexemas cuxo significado garda relación directa coas actividades agrarias, poderemos falar, cando menos teoricamente, da existencia de *agrotopónimos*. Formas como *Agrela*, *Cernado*, *Leira*, *Busto* e moitas outras –cos seus correspondentes derivados– integrarían esta categoría. O problema vén dado neste caso pola contigüidade semántica dun bo número de agrónimos con outros lexemas de carácter máis especificamente fitonímico (vid. §3.2.2), zoonímico ou mesmo lito-nímico, de xeito que a adscrición a calquera destes grupos dependerá en boa medida da xerarquización semántica que establecermos dentro de cada topónimo en particular. Por exemplo, o topónimo *Bardullas* ten a ver co lexema *barda*, que designa un valado de pedras ou ben unha sebe de materiais vexetais que, en calquera dos dous casos, desenvolve unha función moi específica dentro do contexto agrario. Dados os trazos que constitúen o semema de *barda*, a cuestión radica en se priorizamos aqueles referidos ao tipo de material ou aqueloutros máis estritamente vinculados á finalidade desa construción. Ao noso xuízo, deberían gozar de preferencia aqueles segmentos do contido que se manteñen inalterados en calquera caso, e que son, precisamente, os que fan referencia á utilidade do obxecto. De todos os xeitos, esta opción ábrenos a porta doutra categoría toposemántica diferente, da que nos ocuparemos na epígrafe a seguir.

3.2.7. Ecotoponimia

Coñecemos o concepto de *ecotoponimia* a través de García Arias, que a define en sentido laxo como «la influencia del hábitat en la toponimia» (1995: 62). Estaríamos a falar, por tanto, de topónimos cuxa base léxica se vincula semántica e referencialmente aos diferentes tipos de construcións humanas e/ou agrupacións de edificios: *Casa*, *Vigo*, *Castro*, *Tapia*, *Grixoa*, *Sinagoga*, *A Mesquita*²², *Antes*, *Castela*... serían algúns topónimos que, de acordo coa

²² Aínda que topónimos como (*A*) *Sinagoga* nacesen probabelmente como denominacións despectivas –un xeito sutil de lles chamar «xudeus» aos habitantes desas localidades–, e aínda que no caso d'*A Mesquita* teñamos que aceptar as circunstancias históricas expostas por Gonzalo Navaza no seu traballo monográfico sobre o topónimo (vid. bibliografía), o certo é que en ambos os dous casos estamos perante aspectos extralingüísticos que gardan relación máis ben coa etioloxía ou motivación dos ítems toponímicos, e non

definición anterior, formarían parte deste amplísimo subgrupo. Máis unha vez, o problema vén dado pola confluencia en moitos casos de trazos semánticos que xustificarian a inclusión dun ítem toponímico en máis de unha categoría toposemántica. Algunhas situacións poden ser resoltas con relativa facilidade se aplicarmos de xeito estrito e rigoroso o criterio semántico: nun topónimo como *Os Cortellos* é certo que o elemento animal está implícito no corpo semántico do lexema –na medida en que definimos o substantivo *cortello* como ‘lugar en que se crían ou se recollen os animais domésticos’–, mais, ao considerarmos como zootopónimo unicamente aquel nome de lugar cuxa base léxica faga referencia explícita e directa a un animal, resulta evidente que *Os Cortellos* non poderá formar parte desta categoría. Agora ben, nin sequera a adopción de posturas metodolóxicas tan ríxidas nos eximen doutro tipo de complicacións: conforme ao criterio que acabamos de sinalar, un topónimo como *A Vacariza* debería englobarse dentro da familia zootoponímica, mais o certo é que o substantivo *vacariza* presenta na actualidade un significado plenamente estabilizado de ‘corte para albergar o gando bovino’, o que nos sitúa máis unha vez nunha posición fronteiriza.

3.2.8. Outras subcategorías toposemánticas

Aínda que posibelmente a maior parte da toponimia galega poida clasificarse de acordo cos parámetros establecidos para as categorías que vimos de comentar, tamén é certo que poderían engadírselles outras que aparecen con certa frecuencia nos estudos toponomásticos. Por exemplo, non é inusual encontrar a etiqueta de *cromotoponimia* para aqueles nomes de lugar relacionados coa cor dalgún elemento de referencia –tales como *Rubiás*, *A Amarela* e similares–, ou a de *odotoponimia* cando se trata de topónimos asentados en lexemas que evocan os diversos tipos de vías de comunicación –*O Camiño Vello*, *A Rúa de Abaixo*, *A Estrada* etc.– Tamén resulta funcional o termo *talasotoponimia*, cando os lexemas en que se basean os topónimos presentan un contido semántico vinculado ás características específicas do medio mariño –pensemos en *Mar de Fóra*, *Arealonga* etc.–, mais debemos lembrar que moitos talasónimos expresan particularidades do relevo mariño, razón pola cal poden resultar practicamente imposíbeis de diferenciar dos orónimos e/ou dos litónimos: pensemos en termos como *petón* ‘pedra grande que sobre-

estritamente co significado dos substantivos en que se fundamentan –malia ser o cruzamento de ambas as dúas variábeis a que nos dá unha visión cabal e correcta desas formas–. Sabemos, por exemplo, que un sintagma como *O Forno da Moura* está a se referir a un tipo determinado de construción megalítica, mais ese dato non se infire por si só do significado illado dos constituíntes desa estrutura, e nin sequera da súa combinación: é a información extralingüística, a información «cultural» ou «enciclopédica» se se preferir, a que nos axuda a entender na súa plenitude un sintagma toponímico coma este, ou como calquera outro similar. En calquera caso, insistimos en que, de cara á clasificación toposemántica, deben marxinarsen todos aqueles factores ou variábeis que non gardaren relación coa composición semántica dos lexemas.

sae do mar’, *coído* ‘pequena enseada con pedras que o mar foi arredondando’ e outros similares.

Sexa como for, e por moito que afinarmos o inventario de categorías dispoñíbeis, ou que aplicarmos co maior grao posíbel de rigor e sistematicidade os criterios de tipo semántico, sempre bateremos con casos que, dalgún xeito, ocupan as marxes deste modelo taxonómico. Por exemplo, cremos que en ningunha categoría toposemántica das anteriores poderíamos encaixar de xeito convincente a serie de topónimos baseados en adxectivos que describen –con frecuencia en ton pexorativo– unha colectividade humana: casos como o de *Mintiráns*, *Nugallás/Nogallás* e similares. Como tampouco os nomes de lugar xerados a partir de vocábulos que definen un determinado tipo de xestión das terras e que, en virtude dun proceso de metonimia, acaban por se toponimizaren: eis os exemplos de *A Manda*, *O Foro*, *O Instrumento...* e moitos outros ítems homologábeis, e especialmente presentes no ámbito da microtoponimia.

4. OUTRAS PROPOSTAS TAXONÓMICAS PARA A TOPONIMIA

4.1. O criterio glotolóxico

A filiación lingüística dos topónimos constituíu historicamente un dos criterios máis estábeis e recorrentes na clasificación dos nomes de lugar. Neste sentido, na toponimia galega adoitan recoñecerse catro grandes estratos: o substrato prelatino –coas diferentes subdivisións que se estableceren dentro del–, o estrato latino e mais os superestratos xermánico e árabe.

Malia a aparente claridade e sinxeleza deste esquema, o certo é que tamén a aplicación dun criterio glotolóxico coherente e pechado pode ofrecer algunhas dificultades, relacionadas principalmente co solapamento entre os diferentes estratos lingüísticos que se sucederon na configuración do romance galego –en xeral– e do sistema toponímico a el asociado –en particular–. Por exemplo, é habitual que certos elementos pertencentes a unha determinada camada lingüística se proxecten e se perpetúen en estratos posteriores, manténdose vivos e produtivos neles. Isto é o que acontece con aqueles topónimos en que se recoñece un sufixo latino e/ou romance combinado cunha base léxica prelatina, indicio pola súa vez de que esta última se mantivo vivente no ambiente lingüístico que seguiu ao proceso de romanización: eis os casos de *Coirós* (< *KAURIÖLÖS ← *kaur– ‘concavidade do terreo’ + sufixo latino -ÖLŪS), *Carnés* (< *KARNĒNSE ← *karn– ‘pedra’ + sufixo latino -ĒNSIS) e outros moito máis evidentes como *Carballeira*, *Penela* etc. Son exemplos para os que, persoalmente, adoitamos empregar a etiqueta de «toponimia híbrida», malia sermos conscientes da súa inexactitude, ben como da estrañeza

que pode provocar cando o lexema de base, malia a súa orixe prelatina, segue a ser un elemento plenamente funcional no romance moderno –é o caso, precisamente, de *carballo* ou *pena*, por exemplo–.

De todos os xeitos, o que si parece desprenderse ben ás claras de situacións coma esta é que o feito de que un nome sexa portador dun constituínte prelatino non implica necesariamente que a súa orixe se retrotraia a períodos históricos anteriores á romanización lingüística do territorio (García Arias 1995:64). Esta aseveración pode darse en xeral como válida para os restantes fondos lingüísticos detectábeis na nosa toponimia, e obríganos, por tanto, a manter netamente desligada a clasificación glotolóxica dos criterios cronolóxicos: por exemplo, cando incluimos un topónimo como *Baltar*, *Gosende* ou *O Coto do Rodrigo* baixo a etiqueta de «toponimia xermánica», estamos a nos referir única e exclusivamente a que a forma estudada encontra explicación a partir desa camada lingüística concreta, con independencia do período histórico en que cristalizase como nome de lugar, que puido ser simultáneo ou –moi– posterior ao asentamento dos pobos xermánicos no Noroeste da península Ibérica.

4.2. A constitución interna dos topónimos

Outra posibilidade interesante é a de clasificar o material toponímico en función da súa constitución morfolóxica ou morfosintáctica –no caso de topónimos compostos e/ou de sintagmas toponímicos–²³. Este criterio tense considerado frecuentemente para o estudo da toponimia de base antropónimica, para a cal se teñen illado mecanismos formativos concretos que poden ser identificados á súa vez con tramos cronolóxicos bastante ben delimitados: sabemos, por exemplo, que os antrotopónimos baseados no xenitivo onomástico –como *Baltar* ou *Guillar*– son máis antigos ca os que se crean directamente co antropónimo en caso recto –como *Balteiro* ou *Guilleiro*–. Unha análise deste tipo, extrapolada ao conxunto do material toponímico dispoñíbel, faría posíbel a detección dun repertorio bastante amplo de patróns morfolóxicos recorrentes na creación de nomes de lugar, e mesmo a súa adscrición a uns tramos cronolóxicos e/ou a unhas áreas xeográficas determinadas, por exemplo.

4.3. Signo toponímico e referente extralingüístico

Un topónimo pode entenderse como o resultado de asociar un signo toponímico a un referente extralingüístico –ou *designatum*–, estabelecéndose entre ambos os dous planos unha relación de biunivocidade (Martínez Lema 2010: 12 e ss.). Por tanto, as diferentes combinacións que se poden dar entre o signo

²³ Pode observarse a aplicación deste criterio, entre outros, en Alonso Núñez (2006).

e o referente permítenos illar unha serie de dinámicas moi xerais, mais que nos aproximan ao funcionamento interno do sistema toponímico e aos mecanismos que explican a súa evolución e transformación ao longo do tempo.

Dese xeito, a opción que se verifica nun maior número de casos é o da continuidade toponímica, ou sexa, a estabilidade da asociación signo/referente, que consegue pervivir sen máis transformacións ca as esperábeis en calquera dos dous planos: pensemos en casos como *Lugo*, *Betanzos* ou *Muxía*, por exemplo. Noutras ocasións, en cambio, foi o referente extralingüístico o que conseguiu perpetuarse sen maiores alteracións, mais o signo toponímico, pola contra, viuse reemprazado por outro(s) diferente(s). Esta circunstancia, que denominaremos «substitución toponímica», é especialmente frecuente en certos tipos referenciais, como as rúas ou os accidentes do relevo –pensemos, por exemplo, na nomenclatura actual das rúas de calquera cidade e comparémola coa que tiñan esas mesmas rúas hai simplemente un par de séculos–. Unha terceira posibilidade, o «deslocamento toponímico», consiste na extinción do *designatum* e na perpetuación do correspondente signo toponímico en realidades da contorna xeográfica máis ou menos inmediata: o exemplo de *Pígara* e *Labrada* (vid. §3.2.4) é moi ilustrativo a este respecto, como tamén o de moitas outras antigas comarcas e xurisdicións cuxas respectivas denominacións experimentaron unha transformación similar. A cuarta e derradeira posibilidade teórica é a da extinción toponímica, ou sexa, a desaparición de ambos os dous constituíntes do topónimo e, en consecuencia, a do propio topónimo como tal: eis o caso de antiga demarcacións supralocais como a medieval *terra de Toronio*, hoxe desaparecida, e cuxa denominación –até onde nós sabemos– non deixou restos toponímicos²⁴. Evidentemente, estas categorías non se exclúen entre si –haberá casos de topónimos cuxa evolución histórica se vise afectada por máis de unha destas circunstancias–, e, ao mesmo tempo, canto máis exhaustiva e rigorosa for a nosa análise, máis matices poderemos realizar para cada unha desas posibilidades. Por pór unicamente un exemplo, nos casos de substitución toponímica resultará de grande interese tentar determinar as causas de que se producise tal fenómeno: en ocasións trátase simplemente dunha mudanza que procura unha maior transparencia no topónimo –o río Castro, que desemboca na ría de Lires, era coñecido na Idade Media como *T(h)oar*, denominación de orixe prelatina e certamente moito máis opaca para os falantes ca a que finalmente acabou por triunfar–, mentres que outras veces recoñeceremos unha motivación fundamentalmente eufemística –que explica que topónimos como *Perros*, en Brión, ou *Malos*, en Melide, fosen rebautizados como *Os Ánxeles*

²⁴ Para un desenvolvemento máis amplo destas categorías, vid. Martínez Lema (2010: 30-35).

(Palacio 2014)–, situacións todas elas que, para alén da súa relevancia á hora de clasificar os topónimos, constitúen tamén unha atalaia privilexiada da cal observar e analizar a interacción dos falantes cos nomes de lugar²⁵.

Como doadamente pode deducirse, este criterio que vimos de describir resulta especialmente aproveitábel naqueles traballos centrados na dimensión diacrónica ou histórica da toponimia, mais tamén se pode utilizar para complementar estudos toponomásticos de feitura máis convencional. En calquera caso, a súa implementación exixirá o auxilio constante das fontes documentais dispoñíbeis, e moi especialmente das de época medieval.

5. CABO

Como tivemos ocasión de comprobar en todo o exposto anteriormente, a cuestión da clasificación toponímica é un asunto que ofrece aínda múltiples fronteas abertas para os investigadores. Isto resulta aínda máis salientábel se temos en conta a abundancia de traballos e de estudos monográficos que xerou a toponomástica galega ao longo das últimas décadas, e que, cando menos en principio, deberían constituír o punto de partida dunha síntese de criterios e pautas metodolóxicas. Un traballo polo que aínda estamos a agardar, mais que con certeza excedería a capacidade dunha soa persoa.

En calquera caso, observamos que a clasificación toposemántica foi –e, con toda probabilidade, continuará a ser– de uso recorrente entre os estudosos, e en efecto pode servir como marco de referencia útil, sempre e cando formos conscientes das súas limitacións –especialmente patentes cando nos enfrontamos a cörpera toponímicos tan ricos, densos e diversos como o galego–. O fondo lingüístico, a constitución interna dos topónimos e a relación entre signo e referente supoñen opcións alternativas que poden complementar e/ou matizar unha clasificación toposemántica, e que –con excepción talvez do primeiro deles– aínda non foron desenvolvidos como deberían.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Núñez, Aquilino (2006): “Topónimos compostos de Campobeceros”, *Cadernos de Lingua* 28, 121-144.
- Ballester, Xaverio (2009): “Toponimia anatómica. ¡Cuerpo a tierra!”, *Liburna* 2, 25-45.
- Bravo Pérez, Irene / Vázquez Freire, M^a Luísa / Fernández Rei, Francisco (2006): “A configuración do espazo a través do léxico: *fragas, freitas e lameiros*”, en R. Álvarez Blanco / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.). *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 387-460.

²⁵ Vid. Martínez Lema (2013).

- Castro Castedo, Óscar / Vicente Feijoo Ares (2007): “Clasificación semántica da toponimia das catro comarcas”, en *Estudo da microtoponimia das Mariñas lucenses e Ortegal* (62-76). Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 62-76. <http://mediorural.xunta.gal/fileadmin/arquivos/publicacions/DR/Microtoponimiaf__1_.pdf>
- CODOLGA = López Pereira, J. E. (dir.) (1994–): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP). <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>
- García Arias, Xosé Lluís (1995): *Toponimia: teoría y actuación*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Luján, Eugenio R. (2006): “The language(s) of the Callaeci”, *e-Keltoi* 6, 715-748.
- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martínez Lema, Paulo (2007): “Nomes de posesor na toponimia do concello de Begonte (Lugo)”, *Revista de Filoloxía Galega* 7, 125-155.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Martínez Lema, Paulo (2013): “Rou, T(h)oar, Trunco: algúns exemplos de substitución toponímica na comarca de Fisterra (Galicia)”, en E. Casanova Herrero / C. Calvo Rigual (eds.): *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas (6-11 de septiembre de 2010, Valencia)*. Berlín: De Gruyter, vol. 5, 179-188.
- Miranda Pérez-Seoane, Julia (1985): *Contribución al estudio de la toponimia menor de la Cuenca Alta del Esla (León)*. León: Diputación Provincial de León.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2002): “Mandeo, Mendo, Miodelo”, *Anuario Brigantino* 25, 77-86.
- Navaza, Gonzalo (2007): “Sarmiento toponomástico. O topónimo *Mezquita*”, en L. Méndez / G. Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento” (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 87-96.
- Palacio Sánchez, Antón (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, *Estudos de Lingüística Galega* 6, 217-231. <DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.6.1717>>

- Pensado Tomé, José Luis (ed.) (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega (Fr. Martín Sarmiento)*, 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Terrado Pablo, Xavier (1999): *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: INO Reproducciones.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004–): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>
- Untermann, Jürgen (1992): “Los etnónimos de la Hispania antigua y las lenguas prerromanas de la Península Ibérica”, en M. Almagro Gorbea / G. Ruiz Zapatero (eds.): *Paleoetnología de la Península Ibérica: actas de la reunión celebrada en la Facultad de Geografía e Historia de la Universidad Complutense (Madrid, 13-15 diciembre de 1989)*. Madrid: Universidad Complutense, 19-33.

***Veigha*: léxico e fonética da Galicia prelatina?**

Carlos Búa

Universität Leipzig

1. Calquera introdución á historia da lingua galega que se prece sabe dicir algo sobre o substrato lingüístico máis profundo de Galicia: o substrato preindoeuropeo. Pouco se nos adoita dicir en cambio sobre a orixe itálica e indoeuropea da nosa lingua, a pesar de que sobre isto esteamos incomparablemente mellor informados e habería realmente moitas cousas e moi importantes que dicir. É como se o primeiro fose contar algo do noso, mentres que o segundo xa fose falar dunha historia allea, o que é tan certo coma falso respectivamente.

O noso substrato preindoeuropeo só ten en realidade unha relación indirecta coa historia da nosa lingua. Ten que ver cunha parte moi pequena do seu léxico e da súa toponimia, na medida en que teñamos e se poida identificar realmente algunha palabra e/ou nome que en última instancia proceda del, e ten que ver por suposto coa historia lingüística de Galicia, pero iso xa é outra cousa.

No latín que se falou no noroeste da Península Ibérica influíron moitas linguas coas que estaba e estivera en contacto, como por exemplo o grego xa antes de saír de Italia ou a lingua ou variedade(s) de lingua hispanocelta(s) que se falaba(n) no noso territorio despois de se propagar por esta zona. Todas esas linguas tiñan préstamos dos seus respectivos substratos e puideron transmitirle algún deles á latina, que pola súa parte tamén os tiña do seu propio substrato itálico. Así, por exemplo, *ficus* procede dese substrato preindoeuropeo itálico; *oliva* < **elaiuā* tomouse do grego **ἐλαίῤῥα*

(> ἐλαϊᾶ), que pola súa parte o tomara dalgún substrato preindoeuropeo balcánico; e **paramo-*, por último, foi adquirido no noroeste ou áreas veciñas da Península Ibérica a partir dalgunha lingua prelatina local, sendo posible tamén neste caso que se trate dun resto dalgún substrato preindoeuropeo hispánico, dado que para esta palabra non se atopou polo menos de momento ningunha posible etimoloxía indoeuropea especialmente digna de creto. Pois ben, a lingua galega ten tanto ou tan pouco que ver cos substratos prelatinos da Península Itálica, como cos prehelénicos da Península Balcánica como cos precélticos da Península Ibérica, incluído por suposto o noso propio solar.

Agora ben, non cabe dúbida de que o substrato preindoeuropeo do noroeste da Península Ibérica é un substrato de moi especial interese para nós, non como falantes dunha lingua neolatina, senón como habitantes deste territorio. Serían os restos máis antigos da(s) lingua(s) dos que o habitaron, nunha época na que as linguas indoeuropeas aínda non se estenderan por tódolos territorios europeos occidentais nos que despois o cubrirían practicamente todo, nunha Europa occidental, por tanto, lingüísticamente moi diferente da que imos coñecer a partir do momento no que dispoñemos de datos históricos. Non deixa de ser por tanto plenamente lóxico que toda historia da lingua galega inclúa algunha información a este respecto. Só vexo aínda un pequeno problema: sabemos algo realmente sobre esa(s) lingua(s)?

Para intentar responder a esta pregunta debemos empezar por explicar qué se entende por *substrato preindoeuropeo*. O propio termo presupón a existencia e unha contraposición a un *substrato indoeuropeo* do que se distinguiría por ser máis antigo (criterio cronolóxico) e non pertencer á mesma familia lingüística (criterio glotogónico). Para a súa comprensión é por tanto necesario explicar primeiro qué se entende no noso contexto por *substrato indoeuropeo*.

O termo *substrato*, introducido na lingüística por Graziadio I. Ascoli nos anos 60-70 do século XIX, parte da idea de que tanto a historia como por tanto tamén a prehistoria lingüística dun territorio se pode dividir cronoloxicamente en distintas fases ou etapas semellantes aos sucesivos estratos ou capas sedimentarias do solo, tomando neste caso como superficie ou estrato superior de referencia o estrato lingüístico máis antigo perfectamente documentado e coñecido dun determinado territorio, que no noso caso sería o correspondente ao da lingua latina que, como sabemos, se foi introducindo no noroeste dende finais do século II a.C. A lingua falada no momento en que os romanos conquistan esta zona e introducen o latín só se conserva e coñece

dun xeito residual²⁶, polo que se constitúe no noso primeiro substrato (en dirección cronolóxica descendente) ou no substrato máis recente ou tardío (se o miramos en perspectiva ascendente).

Entre os numerosos restos lingüísticos prelatinos de que dispoñemos atopamos moitos nomes de orixe claramente céltica que ademais interactúan de moi distintas maneiras coa lingua latina, polo que debemos partir da base de que cando os romanos chegaron ao noroeste aquí se falaba polo menos unha lingua céltica, unha lingua por tanto indoeuropea. O problema é que a onomástica dunha lingua residual por moi indoeuropea ou céltica que sexa só é identificable e etimoloxizable con seguridade dunha forma moi parcial. A maioría dos nomes conservados desa lingua son para nós escuros ou só interpretables dun xeito moi inseguro e non unívoco.

Está por tanto na natureza deste tipo de material dar pé para discutir se só había unha lingua céltica ou aínda había outra(s) tamén céltica(s) e/ou indoeuropea(s) non céltica(s) simultánea e/ou sucesivamente, pero (polo menos de momento) non é posible chegar a ningunha conclusión clara e segura nese sentido, polo que, a pesar dos esforzos de moitos investigadores, seguimos tendo que limitarnos a partir do coñecemento mínimo asumible que é a existencia de (polo menos) unha lingua céltica prelatina que se constitúe por tanto tamén de momento na única representante segura do substrato máis recente ou tardío da historia lingüística de Galicia que chamamos *substrato indoeuropeo*.

Pero sabemos que Galicia non é o solar orixinario do protoindoeuropeo, de xeito que esta lingua céltica (e calquera outra indoeuropea que eventualmente se falase no noso territorio) tivo que vir de fóra nalgún momento descoñecido²⁷, penetrando nun territorio que xa estaba habitado dende había moitos milenios e no que por tanto se falaba(n) outra(s) lingua(s). Non temos a máis mínima idea de cantos substratos se sucederon dende a chegada dos primeiros homes modernos ata a súa primeira indoeuropeización, nin sabemos de cantas linguas deses substratos pode quedar eventualmente algún resto. En principio, é difícil crer que a indoeuropeización eliminase tódolos nomes precedentes, polo que parece sensato contar coa posible supervivencia dalgún resto de polo menos unha lingua preindoeuropea, sen que de antemán poidamos saber naturalmente se naquel momento no territorio da actual Galicia só se falaba unha lingua ou había máis de unha, non necesariamente

²⁶ Para os termos *linguas fragmentarias* (alem. *Trümmersprachen*), *linguas residuais* (alem. *Restsprachen*) e *linguas residuais onomásticas* (alem. *Eigennamenrestsprachen*), v. Untermann 1983.

²⁷ Aínda que en calquera caso non remotísimo. O léxico patrimonial común das linguas indoeuropeas ten tecnicismos da agricultura e transporte que impiden datar a disgregación indoeuropea en data pre-neolítica, como pretenden os partidarios da teoría da chamada *continuidade paleolítica*.

emparentadas entre si, nin, por suposto, tampouco a potencia cronolóxica do substrato ao que esa(s) lingua(s) pertencería(n). Se fosen períodos de tempo moi longos, sería maior a perda da onomástica do seu substrato precedente. En caso contrario, mesmo se podería conservar algún resto de camadas lingüísticas aínda máis antigas..., pero esto xa é perdernos en imaxinacións.

A ciencia ten por sorte ou por desgraza os seus límites. Chegase o que chegase ata nós dese(s) mundo(s) preindoeuropeo(s), é bastante ilusorio pensar que imos poder facer calquera tipo de distinción ou clasificación máis precisa. O termo *substrato preindoeuropeo* non fai referencia por tanto a un estrato cronolóxico nin a unha lingua concreta, senón que en realidade non é máis ca unha designación xeral para toda a profunda nebulosidade que precedeu á indoeuropeización, fose o que fose.

Agora ben, unha cousa é partir da idea de que entre os nosos restos onomásticos prelatinos podemos ter nomes pertencentes a polo menos unha lingua céltica e outros pertencentes a polo menos unha lingua preindoeuropea e outra moi distinta identificar os que corresponden a esta última ou, se se prefire, ao *substrato preindoeuropeo* sen máis precisións. A postura máis simplista de pensar que todo o que non teña etimoloxía céltica non pode ser céltico ten a mesma validez como dicir que todo o que non ten etimoloxía latina non pode ser galego (*laxe, laverca, aldeia, tomate*, etc.). Lamentablemente as cousas non son tan fáciles, dado que tódalas linguas tomaron e toman préstamos, unhas por suposto moito máis ca outras. Debemos ser conscientes de que toda palabra carente dunha etimoloxía céltica recoñecible puido ser traída ou atopada polos celtas no noso territorio, sexan poucas ou sexan montes e moreas delas, dado que non estamos informados sobre a cantidade de préstamos que había nesa(s) lingua(s). Iso supón que o paso do substrato indoeuropeo ao preindoeuropeo sexa para nós *de facto* unha barreira dificilmente franqueable e que o *substrato preindoeuropeo* na práctica (polo menos de momento) sexa en realidade completamente descoñecido.

2. Nun primeiro momento pensouse, sen embargo, que os restos dese *substrato preindoeuropeo* estaban aí á vista de todos e de feito empezouse a construír a casa polo tellado. Científicos de tanto renome como W. von Humboldt e H. Schuchardt a cabalo dos séculos XVIII-XIX e XIX-XX respectivamente tiñan máis ca claro que o vasco e mailo íbero estaban emparentados e que estas linguas se falaran por toda a Península Ibérica antes da súa indoeuropeización (vascoiberismo)²⁸.

²⁸ E. Hübner publica en 1893 os restos epigráficos prelatinos hispánicos baixo o título de *Monumenta Linguae Ibericae*, coma se dunha única lingua se tratase, mentres que J. Untermann os reunirá un século máis tarde baixo o título *Monumenta Linguarum Hispanicarum*.

Así, dábase por seguro por exemplo que o noso *Iria* era idéntico ao vasco moderno *iria* ‘a cidade’ (von Humboldt 1821: 25), pero resulta que o mellor coñecemento da historia da lingua vasca (grazas entre outros a Michelena e Lakarra) nos foi mostrando que as cousas non son realmente tan doadas. Para empezar, o artigo enclítico *-a* resulta ser un desenvolvemento relativamente recente que non pode asumirse para unha data tan antiga como para que poidese estar xa no noso *Iria*. Trataríase pois, en todo caso, dunha remodelación **iri* → *Iria*, do mesmo xeito que efectivamente se produce por exemplo no caso de celt. **clouni-* ‘prado, campo’ (irl. ant. *clúain* m., galés *clun*) → *Clūnia*. Pero hai que ter en conta ademais que a palabra vasca ten un *h-* etimolóxico e se documenta baixo as variantes dialectais *hiri* e (occ.) *huri*, de entre as que Michelena (1977: 81) pensaba que *huri* podía ser a máis antiga, mentres que agora Lakarra (2010: 222-227) se decanta pola maior antigüidade de *hiri*, que viría de **heri* ‘(lugar) cerrado, rodeado’ (da raíz **her* ‘cerrar, rodear de algo’), coa mesma evolución semántica que temos por exemplo no ing. ant. *tūn*, co significado primario de ‘cerre, lugar cerrado’ (conservado no aaa. *zūn* > alem. *Zaun*) > ing. mod. *town*, e de onde viría tamén a postposición *-iri* ‘cerca’. Á parte disto están diversas formas toponímicas sempre carentes de *h-* inicial como *Ilun-* (cf. *Irunberri* = rom. *Lumbier* < **Ilunberri*) ou *-elun / -elo* (cf. *Pamplona*, ant. *Pompaelo*, tema en *-ilon-* por adaptación latina de **-ilun*) que teñen outra orixe, aínda escura, pero en principio independente tamén do elemento ibérico *ili* que temos por exemplo en *Iliberris*, h. Granada, que na súa forma orixinal ibérica aparece como *ildi*. Vemos, pois, que todo é realmente moito máis complicado do que parece e parecía á primeira vista e que o noso *Iria* que tan ben encaixaba e lle viña á tese vascoiberista resulta que ao final non encaixa ben con nada. O mesmo se pode dicir da palabra *veiga* que aquí nos ocupa, como veremos a continuación.

No *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* de J. Corominas e J. A. Pascual (1980-1991) aparecen recollidos os datos máis relevantes para o estudo etimolóxico desta palabra. É propia das linguas románicas hispanooccidentais (gal. *veiga* [a. 757 *veigas*, a. 841 *veygas*], cast. *vega* [a. 929 *veica*, 969 *beika*], etc.), rara e moderna en Aragón e allea a Cataluña. Tamén está en mozárabe *baica*, *baiga* de onde pasou ao árabe andalusí como *baiqa* (Kiegel-Keicher 2008 203). Os topónimos gal. *Veicela*, ast. *Veiciella* e cast. *Vecilla* con tódalas súas variantes²⁹ < **vaicella* son antigos diminutivos que certifican que o étimo tiña un /-k-/. Habería que partir dunha forma orixinal

²⁹ A *Veicela* en Corullón, León; *Chao de Veicela* en Ibias, León; *Veiciella* en Cudillero, Asturias; *Braña la Veiciella* en Teberga, Asturias; *Veciella* en Caravia, Asturias; *La Viciella* en Caso, Asturias; *La Vecilla* < a. 1097 *Ueziella*, a. 906 *Ueizella*, León; *Becilla de Valderaduey* < a.1097 *Veciella*, a. 1048 *Vezella*, Valladolid; *La Becilla* < a. 1345 *Veziella* en San Cebrián de Campos, Palencia.

**vaica* ou **va(G)ica*, onde *G* representa calquera fonema susceptible de perderse nese contexto³⁰.

Ás formas hispanas aínda se engade que en sardo campidanés (sardo meridional) existe a palabra *bega* co significado de “vallata fertile dalla pianura” (Wagner 1950 254), xa testemuñada nun documento datado entre os anos 1107-1129, por tanto antes da presenza hispánica na zona, polo que non pode explicarse como un influxo hispánico recente, senón que, polo contrario, debe ser unha reliquia do substrato local. É certo que *bega* pode vir dunha protoforma **vaeca*, pero esta non deixa de ser unha das moitas opcións igualmente admisibles e barallables (**bēca*, **boeca*, **běca*, **baeca* e calquera delas con **v-*) que nin sequera coincide plenamente coa palabra hispánica, que pola súa parte non pode vir de semellante **vaeca* que tería dado gal. ***vega* e cast. ***viega*. Por outra parte, sendo unha palabra tan breve e de estrutura fonética tan simple, aínda no caso de que a ecuación formal fose perfecta, se debería ter moi en conta a posibilidade de que non se trate máis ca dunha simple coincidencia. Na miña opinión, a pesar de cantos teceron e tecen hipóteses substratísticas por natureza moi arriscadas coa súa axuda, empezando polo propio Wagner (v. Blasco 1984: 12, Paulis 1990: 603-606), é moi posible que a identificación xenética de *bega* co noso *veiga* e demais formas hispánicas emparentadas non sexa máis ca unha desas “etimoloxías de sonsonete”, como denomina Lakarra (2010) ás que non teñen máis fundamento ca un parecido formal.

A idea de Schuchardt (1909: 465-466) de interpretar *veiga* a partir dunha forma vasca **ibaiko* ‘relacionado co río’ resulta moi atractiva pola súa semántica e conta con bos paralelos noutras linguas, moi especialmente en alemán, que era a lingua materna de Schuchardt, onde temos *Aue* < xerm. **agʷjō* < **akʷjā*, derivado de **akʷā* ‘río’. Pero o atractivo semántico non debe cegarnos ante as dificultades fonéticas e morfolóxicas: hai que admitir unha aférese da vogal inicial pretónica de **ibaiko* que non tería deixado o menor rastro en ningunha das múltiples variantes diacrónicas e dialectais documentadas; que a secuencia vocálica *-ai-* se adoptase ao latín como un hiato *-ai-* e non como ditongo *-ae-*, como en boa lóxica se esperaríase (cf. suf. prelatino **-aico-* → lat. *-aeco-* > gal. *-ego*, cast. *iego*); e por último, que **ibaiko* se transformase en lat. **ibaica* por algún tipo de influencia externa. Non pode dicirse que cada un destes cambios sexa por si mesmo inadmisibile, pero ter que recorrer a todos eles para intentar mostra-la cuadratura deste círculo etimolóxico réstalle sen dúbida moita verosimilitude a esta proposta.

³⁰ Corominas e Pascual parten de **baica* cunha explicación completamente terxiversada en nota 6, onde se parte do étimo considerado definitivo e incuestionable e se lle quita toda importancia ao feito de que “es cierto que la grafía con *v-* es casi constante en cast. y port.”.

O principal problema é, con todo, que en realidade voltamos a estar ante unha etimoloxía “de sonsonete”, porque aquí se están asociando directamente formas vascas modernas con protoformas do substrato prelatino entre as que median nada menos que máis de dous mil anos durante os que sabemos que o vasco, coma calquera outra lingua, non quedou petrificado polo susto ante o inexorable paso do tempo.

Seguindo a Michelena (nunha recensión do ano 1957 ao *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana* de J. Corominas, recollida en Lakarra - Ruiz Arzalluz 2011 vol. 8, p. 560), Lakarra parte para *hibai*, que por certo tamén ten *h-* etimolóxica, dunha protoforma **hurbani* ‘rego de auga’ (*hur* ‘auga’ + *bani* ‘cortado, fendido’ da raíz **ban* ‘cortar’) cunha posterior evolución complexa, pero regular **hurbani* > **huhbahi* > **ihbahi* > **ibahi* > *hibai* (v. Lakarra 2013: 215-216, Gorrochategui - Lakarra 2013: 24).

Se *veiga* tivese algo que ver co vasco *hibai* ‘río’, o seu étimo non sería un derivado da forma actual nin moito menos da dialectal máis recente sen *h-*, senón máis ben da súa forma primitiva **hurbani*³¹, coa que evidentemente non pode ter nada que ver. Corominas e Pascual cren que “esta etimoloxía [*vega* < *(*i*)*baica*] debe considerarse fuera de dudas”, pero o que realmente está fóra de dúbidas é que esta proposta etimolóxica se debe abandonar dunha vez por todas.

3. Se partimos dunha forma orixinal **vaica*, é inverosímil que poida tratarse dunha palabra de orixe prelatina, dado que se esperaríase a súa latinización como ***vaeca* e, como dixen antes, uns resultados actuais gal. ***vega* e cast. ***vioga*. Como alternativa entraría en consideración unha posible orixe xermánica, pero (polo menos de momento) nin se presentou nin vexo ningunha conexión especialmente plausible por esta vía.

Se partimos de **va(G)ica*, sería perfectamente admisible unha orixe de substrato. Trataríase dun derivado mediante o sufixo de relación átono *-ico-* extremadamente produtivo na onomástica de orixe prelatina. Sirvan de exemplos o top. Σεγονρία Παράμυκα de Ptol. 2,6,65 entre os várdulos, h. *Cigüenza del Páramo* ou o etn. *Limici* ‘os habitantes da cunca do Limia’; os hidron. *Sorga* < med. *Sorica* (afl. do Arnoia → Miño) ou Órbigo (afl. do Esla → Douro), que son probablemente formacións dehidronímicas; os teón. *Deo Durbedico* (dat. sg.) de Guimarães, Braga ou *Palantico* (dat. sg.) de Perales del Puerto, Cáceres ‘deus que recibe culto en e coida de **Durbedo-* (ou sim.) e **Palantia*’ respectivamente; o antrop. *Caricus Cari* ‘*Car-ico-* fillo de *Caro-*’

³¹ A perda do /n/ intervocálico na lingua vasca é de época medieval. Xa está consolidada a comezos do séc. XI (v. Michelena 1977 302).

de Contrasta, Vitoria, ou nomes familiares en xen. plur. como *Magilo Elaesi f(ilius) Toutoniquum* (= lat. *Toutonicorum*) ‘*Magilo*, fillo de *Elaesus*, da familia dos *Toutonici* (≈ dos descendentes de **Toutono-*)’ de Yecla de Yeltes, Salamanca, etc. etc.

Schuchardt (1909: 465) reconece que “nos viña de marabilla un **vagica*, *vadica* ou sim., pero non atopamos en ibérico nin hispanocéltico (...) nada con que poder relacionar algo así” (trad. Búa). Non cabe dúbida de que unha palabra como *veiga*, de ser prelatina, tería que estar representada na toponimia antiga, pero o mesmo se pode dicir de *cómaro*, *senra* (< **sénara*) ou *gándara*. O motivo polo que ningunha delas se documenta nas fontes desa época está no feito de que son palabras de uso primario no ámbito da microtoponimia rural e que tales nomes menores só afloran nas nosas fontes epigráficas dun xeito extremadamente infrecuente e esporádico, que é tanto coma dicir que practicamente non a documentamos nin coñecemos³². De feito, cando se atopa algún documento que a recolle, coma no caso do bronce da Dehesa de Morales, Fuentes de Ropel, Zamora, cos seus numerosos topónimos en *-benda*, resulta que quedamos abraiados da produtividade de certos tipos de nomes, polo demais completamente descoñecidos.

Eu inclínome a pensar que *veiga* procede dunha palabra prelatina **va(G)ica* aplicada ás terras chás cultivables dos vales ben irrigados e próximas aos ríos, que nese caso sería un derivado dunha palabra **va(G)o-* ou sim. que podería significar ‘río’, ‘terra próxima ao río’ ou algo semellante. En galo temos un topónimo Οὐαγόριτον (Ptol. 2,8,7), h. Argentan, dép. de l’Orne, Francia, que algúns autores poñen en relación co celt. **uāgno-*, *-ā-* ‘braña, lameiro, campo pantanoso’ (galés *gwaun* f., córn. *goon* f., bret. *geun* f.; irl. ant. *fán* m., v. Sims-Williams 2006 253, Schrijver 2006 253). En La Milla del Río (Carrizo, León) atopouse unha inscrición dedicada pola *Res P(ublica) Ast(urica) Aug(usta)* a un *Deo Vagodonnaego*, que como outros epítetos teonímicos en *-aico-* pode ser un derivado dun topónimo local **Vagodonno-* ou sim. Este nome podería ser un composto e, tendo en conta a designación románica do lugar (*La Milla* [< *Lamilla* = gal. *Lamela*] *del Río*), entra dentro do posible que o seu primeiro elemento **vago-* tamén significase ‘río’, ‘braña, lameiro’ ou algo similar. De ser así, é posible que *veiga* remonte a un primitivo **vagica-* co significado de ‘terra próxima aos ríos’ ou ‘agra/porción de terreo cultivado das terras fluviais (as que tecnicamente se chaman *chairas aluviaias*)’. Pero estas aproximacións son poucas, moi dispersas e “de sonsonete”, polo que non permiten chegar a ningunha conclusión segura.

³² O teón. *Bandue Veigebraego* (dat. sg.) de Rairiz de Veiga, Ourense, presenta un epíteto derivado dun top. **Veigebri-*. O seu elemento inicial **Veige-* pode e debe relacionarse máis ben co antrop. **Veicio-* documentado nas prov. de Lugo e León.

4. Sobre a orixe da *gheada* xa se leva escrito moito. Empezarei por dicir que na miña opinión en galego non hai *gheada* ou mellor dito non hai *gheadas*, porque os que falamos *ghalegho* con *ghe* non estamos cometendo erro, extravagancia nin acto vituperable de ningún tipo como leva implícito semellante designación³³. Naturalmente, podemos pasar a vida insistindo en que o termo *gheada* non ten nada de malo a pesar do seu nome, dado que os lingüistas non o rexeitaron, senón que, polo contrario, o adoptaron como termo científico e mesmo lograron propagar o seu uso, pero para min é coma se na lingüística hispánica para falar dos préstamos ou en xeral das influencias da lingua galega no castelán de Galicia se tivese instalado o termo *gallegada* e se nos dixese agora (e ademais fose verdade) que esta designación está plenamente consolidada e se usa non só con toda a neutralidade propia dun termo científico, senon mesmo co máximo cariño e admiración. Tanto isto como *gheada* serían/son, na miña opinión, auténticas tecnolectadas ou tecnolécticas parvadas que a min persoalmente no caso concreto que nos ocupa me fan moi pouca graza, porque a palabra *gheada* ten a súa orixe na condena e desprezo do castelán dos galegofalantes, manifestos tamén na designación desta variedade de lingua (tan boa, digna e válida coma calquera outra!) como *castrapo*, condena e desprezo que lamentablemente se asumiu e trasladou ao propio galego e non se quixo ou soubo combater contundentemente. Por outra parte, se os *ghalegho*falantes eramos e seguimos sendo clara maioría³⁴, temos dereito a que non nos sinalen como portadores dunha “anomalía” que en todo caso lles corresponderá aos que falan co *gue*. En galego é tan innecesario falar de *gheada* por termos *ghe* como por exemplo de *ceada* por termos *ce*. Son os que diverxen da pronunciación maioritaria os que en todo caso terán *gueísmo* ou *seseo*.

³³ *Gheada* non é un derivado de verbal libre de connotacións (tipo *entrada*) ou en todo caso coas malas connotacións inherentes á base derivativa e non ao sufixo (tipo *cagada*), dado que non existe o verbo **ghear*. Trátase en realidade dunha formación denominal (tipo *parvada* [← adx.] ou *burrada* [← subs.]) derivada do substantivo onomatopeico *ghe* en referencia a un modo de articulación mal visto en determinados ámbitos sociais. Non existe por tanto a *gheada* como abstracto verbal, como se adoita usar en ámbitos lingüísticos e extralingüísticos, senon as *gheadas* concretas que se cometen cada vez que se introduce o *ghe* onde en castelán estándar non lle corresponde. Así nolo manifesta claramente Saco y Arce 1868 13-14: “No habiendo *j* en nuestro dialecto, ya se comprenderá porque los gallegos sin instruccion incurren fácilmente en los trastrueques conocidos con el nombre de *geadas*, nacidos de que repeliendo su oído el sonido áspero de la *j*, la sustituyen con la *g* dulce, diciendo, v. gr.: *gabon* por *jabon* cuando quieren hablar en castellano”. Este tipo de derivación non está en cambio libre de connotacións, como os galegofalantes e castelanfalantes facilmente deben percibir, dado que se usa nas dúas linguas da mesma maneira e coa mesma produtividade. R. Álvarez e X. Xove (2002: 690) din que o produto desta derivación é un “feito que corresponde a unha calidade ou a algo cualificado negativamente”.

³⁴ A pesar dos retrocesos modernos aínda son todos os falantes do galego occidental, onde está a maior densidade e cantidade de poboación, a parte maior dos do galego central e os da zona central do galego oriental. Tamén se ten sinalado unha realización lixeiramente espirantizada para algún punto miñoto do norte de Portugal (Mariño 1999: 271, Fernández Rei 1990: 177).

Un xeito máis científico, máis respectuoso e por tanto tamén máis apropiado de referirse a este fenómeno é como *espirantización do g* que atopo por exemplo en Mariño (1999: 270) e que conta con paralelos noutras linguas e tradicións lingüísticas. Este é un termo frecuente por exemplo na dialectoloxía alemá, onde se dan fenómenos moi similares aos nosos, e que en alemán se di *g-Spirantisierung*³⁵.

Fernández Rei (1990: 53-54) defínea do seguinte xeito: “Denomínase deste xeito a pronuncia do *g* como unha aspirada, xeralmente farínxea que se rexistra en calquera posición: *amigho, ghato* (...). O sonido da *gheada* é semellante á aspiración que representa o *h* de palabras inglesas como *house, have* e non ó fricativo velar xordo do *j* castelán de *mujer* ou *jardín*”. Máis adiante (pp. 163-164) explícanos sen embargo con máis detalle que: “Esta pronuncia faringal é a máis estendida no actual territorio lingüístico galego, se ben tamén se rexistra a realización laringal ou glotal, aínda que en menor medida, (...) e incluso a fricativa uvular sonora (...). Especialmente en falas próximas á costa (...) pode rexistrarse unha realización semellante á do [x] do castelán, fricativo velar xordo (...)” Mariño (1999: 270), nota 60 engade: “As realizacións iguais ou semellantes á da consoante fricativa velar xorda castelá están viciadas pola influencia do idioma social e politicamente dominante en Galicia desde o final da Idade Media”, afirmación na miña opinión excesivamente rotunda que creo que Regueira (2013) matiza acertadamente:

En el habla de las generaciones más jóvenes se encuentra cada vez con mayor frecuencia un sonido fricativo velar [x], semejante al del español estándar, lo que hace que este cambio se pueda atribuir al contacto de lenguas. No obstante, en hablas rurales conservadoras se encuentra también el sonido [x] como realización de la *gheada*, y en alguna de las descripciones fonéticas fiables más antiguas (como en Schneider 1938) ya aparece descrito este sonido, por lo que la atribución al contacto de lenguas no parece tan segura, y en todo caso no puede descartarse una evolución interna.

A espirantización do *g* tamén produce un [x] noutras linguas (v. nota 10) onde dificilmente será por influencia do castelán.

5. Só temos rexistros orais da lingua galega dende hai pouco máis dun século cando a espirantización xa estaba completamente estendida. A súa existencia anterior só pode deducirse do comentario de distintos autores, como o de

³⁵ No alemán da cunca do Ruhr (Ruhrgebietsdeutsch: Bochum, Dortmund, Duisburg, etc.) temos por exemplo espirantización do *g* sonora en posición intervocálica e xorda en posición final: *sagen* [za:yən] ‘dicir’, *Tag* [tax] ‘día’. En fránico oriental (Ostfränkisch: Würzburg, Bamberg, Nürnberg, etc.) a espirantización tamén é xorda en posición intervocálica: *soche* [zɔ:xe] = *sagen* ‘dicir’, [jɔ:xe] = *jagen* ‘cazar’, [a:xe] = *Augen* ‘ollos’, [rɛ:xe] = *Regen* ‘choiva’, [bɔuxɛ] = *Bogen* ‘arco’, [fɔuxl] = *Vogel* ‘paxaro’, etc.

Saco y Arce citado anteriormente, e das representacións gráficas anómalas do fonema /g/. Así, no poema *Mandan, que se han de compòr* de Juan Correa Mendoza y Soutomaior presentado nas Festas Minervais de 1697 atopamos os seguintes versos xa tantas veces citados: “Ora ei lo bay meus fidalgos / os prolojos encurtemos, / que se o exordio for comprido / diràn que he de complemento” (v. Baldomir 2010 133), onde a palabra *prólogos* aparece escrita como *prolojos*, recorréndose sen dúbida ao castelán <j> con valor de /x/ para representar a espirantización do *g*. Non pode tratarse dun erro puramente gráfico e sen máis transcendencia, porque aparece precisamente nun tecnicismo escolar ou universitario e cunha clara intencionalidade. É completamente inverosímil que neste contexto literario alguén que introduce e xoga en ton humorístico con determinados cultismos (*prólogo*, *exordio*) escriba *prolojos* por un puro *lapsus calami*. Máis ben será todo o contrario: que o autor o fai con plena consciencia e intención, marcando co recurso gráfico do -j- que quen lea o texto ao chegar a esta palabra (tamén!) a ten que ler con *ghe*. Isto presupón dúas cousas: que neste momento xa existía a espirantización do *g* e que esta, non obstante, se evitaba e soaba estraña nos tecnicismos propios do español e daquela aínda completamente alleos ao galego. Palabras como o *fidalgos* inmediatamente anterior non necesitaban marca gráfica de ningún tipo, dado que se lían automaticamente coa espirantización propia da variedade galega local (*fidalghos*). No caso de *prólogos* sucedía en cambio todo o contrario, polo que a súa desexada pronunciación espirantizada, que era inusual e resultaba por tanto cómica, se debía marcar expresamente. Pronunciar *prólogo* como [‘prɔloxo] debía producir daquela o mesmo efecto que me produce a min ver escrito e pronunciar *Jujel* (v. www.jujel.com) en lugar de *Google*. Inevitablemente se me escapa un pequeno sorriso e non cabe a menor dúbida de que ese efecto é o que buscaba o autor do noso texto ao escribir *prólogos* “con jota”.

Máis problemática é a cuestión das presuntas “gueadas” en exemplos como *aguares* en vez de *ajuares* nun texto da xurisdicción de Xallas do ano 1652 (Santamarina 1980: 244, nota 5) ou *reliquion* en vez de *religión* nun texto de Fr. Benito Mosquera do ano 1699 (Mariño 2003: 61), dado que esta problemática gráfica tamén se dá no castelán doutros textos e contextos lingüísticos que non teñen nada que ver co galego debido á persistente inseguridade no uso de <g>, <gu> e <j> xurdida trala introdución e progresiva xeneralización da velarización castelá³⁶.

³⁶ Frago (1985: 295) reúne varios exemplos: *Juzmán* ‘Guzmán’ e *Briueja* ‘Brihuega’ nun texto andaluz oriental de 1490; “Y en memorial escrito en 1613 por un clérigo de la catedral de Santiago de Cuba, en el que se defendía de la acusación de judaizante de que había sido objeto, se lee con toda nitidez *sanctiajo de Cuba*”; p. 295: *reliquioso* e *religión* nun documento do Consejo de Indias de 1686.

Pode darse por seguro que a espirantización do *g* existe polo menos dende o século XVII, pero do feito de que non saia á luz antes ou non o faga con claridade non pode deducirse que necesariamente non exista. As grafías que delatan a súa existencia son froito dunha interferencia co castelán: *prolojos* escríbese con <j>, porque cast. /'oxos/ <ojos>, /'roxos/ <rojos>, etc. se escriben con <j>. Pero isto só é así dende o século XVII ou como moi pronto xa no XVI³⁷, dado que esta é a época na que xorde e se xeneraliza o fonema /x/ do castelán³⁸. Os primeiros testemuños do recurso ao <j> para a representación da espirantización galega do *g* non marcan por tanto necesariamente o inicio deste cambio fonético, senón o desta forma de poder representalo. A espirantización actual adoita ser xorda, pero o /g/ é un fonema sonoro, polo que é lóxico pensar que se produciu unha primeira espirantización sonora e un posterior enxordecemento, como tamén se enxordeceron outros fonemas no galego medieval. Ese primeiro estadio sonoro debía ser moi semellante ao que se describe no leste de Lugo e Ancares, onde parece que non sempre resulta claramente perceptible e diferenciábel do alófono aproximante/fricativo normal do /g/, segundo se deduce dos comentarios de distintos estudosos que se ocuparon do tema: segundo Zamora Vicente (1952: 65) no Cebreiro, As Nogais e Pedrafita hai unha “geada disimulada”; segundo Santamaría (1965-66: 77) en Cervantes e Pedrafita “se dan a veces variantes dentro de un mesmo vocablo, pronunciando en ocasións correctamente mentras en outros casos se aprecia a existencia del fenómeno” e en Sober escóitase unha velar semixorda que parece un “carraspeo uvular”; segundo Alonso e García Yebra (v. Alonso 1972: 331) nos Ancares “un mesmo sujeto pronuncia una palabra unas veces con *h*, otras con *g* y otras con una cosa intermedia”.

Se temos en conta que antes dos séculos XVI-XVII non eran posibles as interferencias co /x/ do castelán e que ademais canto máis retrocedamos no tempo menos marcada debía ser a alteración experimentada polo /g/, resulta fácil comprender, por unha parte, que non teñamos ningún tipo de anomalía gráfica que nos revele a súa existencia e obrigado admitir, por outra, que en realidade pode ser moito máis antiga ca a súa primeira manifestación gráfica. Isto non significa sen embargo que nos teñamos que sentir na necesidade

³⁷ Adoita citarse un *rejeyro* a. 1594, como tamén recolle Boullón 2012: 152, pero que segundo ela me advirte persoalmente precisa de ser comprobado. Rivas (1982: 361) dicía “que tenemos verdadera geada ya en 1548 (AHN, 20 [Archivo Historico Nacional, carpeta 1548, n. 20]) cuando se habla de *Veija das Cerdeiras*”, pero Pensado 1983 21 tratou de comprobar a existencia do dato e chega a conclusión de que debe ser un erro.

³⁸ Frago (1985) documenta *hentil* = *gentil* no ano 1519 e unha ultracorrección *joya* = *hoya* xa no ano 1479. En canto á súa zona de orixe, despois de moitas discusións parece que se tende a un consenso. Frago (1993: 437) di que “no creo, pues, que el cambio se introdujera en unas zonas con notable antelación respecto de otras, ni que se extendiera desde un foco originario a la restante geografía peninsular de lengua española” e Ariza (1994: 246) pola súa parte que “No creo que la /x/ castellana sea un influjo del sur, ni tampoco creo que una /x/ norteña invadiese el sur”.

de retrotraela caprichosamente ata a orixe dos tempos co único argumento de que sempre puido estar aí latente. Nesto como en tantas outras cousas é sempre máis recomendable unha pequena dose de prudente escepticismo ca unha sobredose de animosa credulidade.

6. Monteagudo (2003: 38) entra na pugna por dar o testemuño máis antigo da espirantización do *g* cun dato do que ninguén parece terse feito eco: “*Veycha de Valcarce* (Veiga de Valcarcel, prov. de León ...) escrita así por el peregrino a Santiago Harold von Harff en 1496 (...) es, creemos, uno de los primeros testimonios de la geadá gallega”.

De entrada non me parece un dato carente de interese, senón máis ben todo o contrario. Se a espirantización non ten posibilidade de manifestarse graficamente antes do século XVI nos textos autóctonos, só nos queda esperar axuda por parte de alguén de dentro ou de fóra que tivese o interese e a sensibilidade de escoitar atentamente, percibir e anotar unha sutileza fonética deste tipo. Pois ben, todo parece indicar que Arnold (non Harold) era un mozo alemán que tiña esas cualidades.

Arnolt van Harue (alem. mod. Arnold von Harff) era un cabaleiro da nobreza baixorrenana que naceu e morreu (1471-1505) no Castelo de Harff, ducado de Jülich, preto de Colonia (Alemania). Escribiu no seu dialecto ripuario tardomedieval (alem. *spätmittelriparische Schreibsprache*) un relato das súas peregrinacións a Roma, Xerusalén e Santiago entre os anos 1496 e 1498, antes de cumprir por tanto 30 anos e pouco antes de morrer. Dese texto coñécense 15 copias manuscritas, das que 6 se perderon. Foi editado por Eberhard von Groote (1860), e hai tamén edición francesa parcial (Hamy 1908: 217-237), inglesa (Letts 1946) e alemá moderna (Brall-Tuchel - Reichert 2007). V. tamén Almazán (1988).

Arnold mestura na súa obra moita información de primeira man con datos que toma doutros autores e tamén algo de ficción. Con respecto ao camiño de Santiago, como sinala Spiertz (2014), o autor coñece e segue a guía de peregrinos de Hermann Künig von Vach, limitándose en xeral a dar datos de localidades e distancias, pero non se trata nin moito menos dunha réplica ou dunha simple refundición. Arnold tamén achega datos da súa propia colleita.

A súa obra, que se considera un dos relatos de viaxes máis sobranceiros da Idade Media tardía alemá, ten un enorme interese en moitos aspectos. As súas observacións xeográficas, etnográficas, arquitectónicas, económicas, botánicas, zoolóxicas, etc. considéranse valiosísimas. Pero para nós teñen un valor moi especial as súas observacións e anotacións lingüísticas, dado que o autor se interesa por facer traballo de campo, recollendo e en xeral tamén re-

producindo graficamente os seus datos con notable exactitude a partir de informantes cos que se preocupa de contactar directamente. Dado que un dos obxectivos do seu libro é poder servir de axuda aos peregrinos na súa viaxe, inclúe listas de palabras e frases en distintas linguas: albanés, árabe, bretón, croata, grego, hebreo, húngaro, turco e vasco. Algunhas destas linguas, especialmente o albanés, teñen pouca documentación anterior a este texto, polo que os seus datos resultan de enorme importancia para a súa historia (véxase en xeral Beckers 1984 e concretamente para o albanés Hetzer 1981, Elsie 1984; para o bretón Ernault 1911, Thurneysen 1911, Guyonarc'h 1984, Siewert 1991; para o vasco Vinson 1892, Gárate 1931, Michelena 1964). Noutros casos, coma no noso, o valor lingüístico do texto está na recompilación e reprodución da toponimia dos camiños polos que se despraza, sempre que sexa da súa colleita e non simple reprodución das grafías doutros autores e obras precedentes. No traballo de Anreiter (2008) temos por exemplo unha moi interesante análise lingüística dos topónimos tirolese e dos problemas de interpretación das súas transcricións condicionadas pola fala e tradición gráfica ripuaria do autor.

O que aquí ten especial interese para nós atópase entre os datos que achega sobre o tramo berciano do Camiño de Santiago dende Vilafranca en dirección ao Cebreiro. Arnold anota o seguinte:

„Item van Villa francka zo Weychga iij lijgen (...) Item van Weychga zo Alla faba eyn dorff den berch vff ij lijgen“ [Despois, de Vilafranca á *Veiga* 4 leguas (...). Despois, da *Veiga* a La Faba, que é unha aldea, monte arriba, 2 leguas] (von Groote 1860 231-232).

A representación gráfica de *Veiga* como <Weychga> é o que resulta aquí moi sorprendente e interesante, dado que tódolos topónimos anteriores e posteriores con /g/ se escriben con <g>: por exemplo antes *Reuenga* (Revenga de Campos), *Sagon* (Sahagun), *Ponte de Orfigo* (Puente de Orbigo) e despois *Agiata* (Aguiada) ou *Ligundi* (Ligonde). A grafía tan especial e tan marcada de *Weychga* da man dunha persoa que se dedicou a recoller con tan celebrada precisión probas lingüísticas de tantas linguas e que aparece nun topónimo que non está en Hermann König von Vach e que por tanto probablemente o propio autor recolle e engade a partir das súas anotacións, non ten sentido como descoido, senón que polo contrario ten que estar motivada, e a motivación non pode ser outra ca o intento de reproducir a pronunciación espirantizada do *g*. A *Veiga* de Valcarce está nas inmediacións do actual reduto do *g* espirantizado no centro do galego oriental. Segundo Fernández Rei (2004: 309) mesmo se documenta “de xeito moi esporádico no concello berciano de Corullón”, o que nos sitúa exactamente na zona pola que pasou Arnold.

Eu non podoo crer que todo isto sexa casual e insignificante, polo que me parece que Monteagudo está acertado en valorar e considerar este dato como a primeira manifestación gráfica da espirantización do *g*, que por tanto se debe retrotraer polo menos ata finais do séc. XV.

7. Será aínda máis antiga? Sobre a súa orixe discutiuse moito na segunda metade do século pasado. Adóitase falar de tres teses principais: a tese substratista de Alonso Zamora Vicente (1952), a tese castelanista de José Luis Pensado Tomé (Pensado 1970, Pensado - Pensado 1983) e a tese evolucionista [da evolución interna do galego] de Hans Karl Schneider (1938) e Antón Santamarina (1980). Non é necesario que eu reproduza dun xeito crítico agora os argumentos de cada un destes autores. Limitareime a remitir e dicir que coincido coa opinión expresada por Ramón Lorenzo (2009: 310-311): “A idea de Pensado, moi ben argumentada, parece un disparate total” e “Santamarina 1980 dá unha explicación bastante convincente”, aínda que a min persoalmente no seu enfoque básico non me resulta bastante, senón mesmo plenamente convincente e satisfactoria³⁹.

Non vexo sen embargo que ninguén teña argumentado a favor ou en contra da tese substratista. E ese pode se-lo motivo polo que en certos círculos, algúns de máis impacto mediático ca científico, esta idea siga gozando de enorme predicamento. Así, por exemplo, os membros do Proxecto Gaelaeco que cren ter atopado nunha igrexa de Betanzos unha epígrafe que traducen como “zona de habla gaélica” parecen ter tamén fundadas sospeitas de que “uno de los rasgos dialectales más extendidos entre los gallegohablantes, la *gheada*, tenga una raíz gaélica” (Pan 2014). Para Zamora Vicente (1952: 72) era “un fenómeno de sustrato viejísimo, probablemente pre-indo-europeo”. Na mesma liña Rabanal (1958), Fernández González (1981: 65). Tamén o consideraba como posible fenómeno de sustrato Piel (1953-1955: 361).

Se, como acabamos de ver e considerar, *Veychga* non é un simple esPELLISMO, a espirantización do *g* pode ter estado aí durante séculos sen manifestarse graficamente. Entra por tanto dentro do posible e imaxinable que xa estivese en época romana e proceda por tanto efectivamente do sustrato indoeuropeo ou mesmo preindoeuropeo. O problema é que non todo o que é posible e imaxinable se pode tomar en igualdade de consideración nin moito menos tratar sen máis como a opción preferible ou máis verosí-

³⁹ O *queísmo* ou *queísmo* parcial no grupo *-ng-* tautomorfemático (*logho* vs. *longo* ou *lonco*, mentres que en *enghordar* con *-n-* final de morfema temos *gh* analóxico da base derivativa, neste caso *ghordo*) nos dialectos con espirantización mostra que hai un claro paralelismo entre esta e as realizacións alófonicas fricativas e oclusivas do /g/ dos dialectos sen espirantización ([lɔɣo] vs. [lɔŋgo]), o que xa de seu é un claro indicio de que ambos fenómenos están relacionados e de que por tanto un deriva do outro (Santamarina 1980: 249).

mil. Tamén se pode propoñer e sería imposible falsificar demostradamente que a espirantización fose introducida por uns extraterrestres procedentes doutra *ghalaxia*, cousa que espero que non conduza a ninguén a sentirse na obriga de inaugurar unha nova tese *exoestratística*. Non cabe dúbida de que hai que barallar tódalas posibilidades, pero tamén cinguirse aos datos de que se dispón.

A tese substratista, para poder ter algún interese e validez científica, debe acudir e centrarse na análise do material lingüístico antigo e buscar alí as súas probas. Se non as atopa, haberá que concluír que non se sostén e deberá ser rexeitada por puramente especulativa e caprichosa.

Pois ben, na onomástica antiga de orixe prelatina non hai o máis mínimo indicio de que o fonema /g/ tivese unha articulación especial ou remarcadamente espirante. Son de sobra coñecidos os numerosos topónimos en *-brig(a)-* (por exemplo *Nemetobriga*) ou *Brigantium / Brigantia* (de onde os *Brigantinos* > *Bergantiños* da Coruña e mais *Bragança*); o teón. *Lugubo Arquienobo* de Sober, Lugo; o antrop. e topónimo *Segisamo-*, *-a* que probablemente está detrás do top. moderno *Sésamo* de Culleredo, A Coruña, etc. Ningún deste nomes presenta nunca ningunha particularidade gráfica que induza a pensar que o seu *g* sexa máis ou menos espirante do normal e esperable na Romanía occidental con substrato céltico.

Esporadicamente atopamos reduplicacións gráficas, como por exemplo no caso de *Luggu[bo?] Arqu[...]* da cidade de Lugo, pero non é un fenómeno específico do noroeste nin especialmente frecuente no caso do /g/. Tamén temos por exemplo *[A]mbato Alebbio [B]odani f(ilio)* de Belorado, Burgos vs. *Aleba Celti f(ilia)* de Alcántara, Cáceres; *Lugua Caddecun* de Remolina, León vs. *Cadus Ladroni f(ilius)* de Lamego, Viseu, etc. Tampouco é sequera algo propio das oclusivas sonoras: en Palas de Rei, Lugo, temos un teón. *Bandue Bolecco* (dat. sg.) fronte á terminación *-aico-/-aeco-/-eco-* doutros moitos epítetos teonímicos; o teón. *Ataecina* aparece na provincia de Cáceres entre outras moitas variantes como *Attaec[i]nae*; o patrónimo de *Duatius Apini f(ilius)* de Fornos de Algodres, Guarda, reaparece como *Aucalus Appini f(ilius)* en Coria, Cáceres, etc. En realidade, atopamos variantes reduplicadas para calquera consonante e semivogal, sen que saibamos na maioría dos casos a qué se deben realmente. É posible que as grafías <GG>, <DD>, <BB> estean representando articulacións fricativas, pero en calquera caso nada indica que o que se representa mediante <G> ou <GG> sexa algo semellante á espirantización galega do *g*.

Tamén temos moitos exemplos nos que <G> alterna ou substitúe a un <C>. A causa máis frecuente é a sonorización dun /k/ entre fonemas sono-

ros, sobre todo entre vogais, por exemplo na productiva terminación *-aego* < *-aeco* dos epítetos teonímicos (teón. *Bandue Veigebreaego* de Rairiz de Veiga, Ourense, < **-bri-aeco*). En posición inicial é moito máis rara e debida tamén a condicionamentos e circunstancias moi variables. No caso especialmente relevante de *Gallaecia* estamos por exemplo ante unha alteración da forma orixinal *Callaecia* por mor dunha interpretación pseudoetimolóxica que se veu favorecida por diversos factores e circunstancias. O relativamente frecuente uso (epi)gráfico da letra <C> para a indistinta representación dos fonemas /g/ e /k/, herdanza do primitivo alfabeto latino que seguiu coexistindo moito tempo despois de que o alógrafo <G> se especializara na representación específica do /g/, daba pé a que <Callaecia> se lese por descoñecemento ou asociación indebida como *Gallaecia*⁴⁰. Se a isto engadimos que a sonorización do /k/ tamén se podía dar en posición inicial trala vogal final dunha palabra precedente, segundo parece poder deducirse dalgúns variantes gráficas esporádicas con <G> como no caso do antropónimo *Scaeva Gloutif(i)lius* “Scaeva, fillo de *Cloutius*” de Alcollarín, Cáceres, ou do teónimo *Torolo Gombigiego* de Maceda, Ourense, “para o deus **Torolus Combiciaecus*”, resulta fácil imaxinar as inseguridades e vacilacións que podían xurdir na fala e escrita dos gobernantes, administradores e demais persoas foráneas e por suposto tamén dos historiadores e xeógrafos que na súa maioría nunca puxeron un pé no noroeste da Península Ibérica e eran ademais os primeiros en sucumbir á tentación de helenizar, celtizar ou familiarizar do xeito que fose os nomes tan raros cos que por aquí se atopaban. A existencia dunha onomástica claramente céltica (etn. *Celtici*, top. *Brigantia*, *Nemetobriga*, etc.) redundaba ademais nunha case inevitable asociación dos calaicos (lat. *Callaeci*) cos galos (lat. *Galli*) e favorecía a súa progresiva consolidación. O seu establecemento definitivo acadouse probablemente coa creación da provincia *Gallaecia* na época de Diocleciano, a finais do séc. III d.C., despois dunha longa convivencia das dúas variantes gráficas⁴¹.

⁴⁰ No alfabeto latino primitivo as letras gregas kappa <K>, gamma <Γ> [de onde <C>] e qoppa <Q> usábanse indistintamente para /k/ e /g/ ante /a/, /e, i/ e /o, u/ respectivamente. Por exemplo: antrop. <Kavios> = *Gavios* (posteriormente *Gaius*), <recei> = *regei* (posteriormente *regī*) “para o rei”, <eqo> = *ego* “eu”. Co tempo foise xeneralizando o uso do <C> en case tódolos contextos, especializándose máis tarde os alógrafos <C> e <G> na representación de /k/ e /g/ respectivamente. O <K> pasou así a ter un uso moi restrinxido e esporádico como grafía facultativa do /k/ ante /a/ (por exemplo, <karus -a>, <karissimus -a> con relativa frecuencia en toda a epigrafía antiga), mentres que <Q> seguiu sendo moi usual ao manterse para a representación do /k/ no frecuente contexto fonético [ku]. Cando xa o uso do <G> para /g/ estaba moi estendido, seguimos tendo moitos textos nos que <C> e algúns nos que <G> se sigue usando indistintamente para /k/ ou /g/, por exemplo <Fl(aviae) Conimbricae> nun altar de Conimbriga ou <gognatio> = *cognatio* nunha inscrición de Aldeia Nova, Miranda do Douro.

⁴¹ Un *Saturninus Augusti libertus* que documentamos en Lugo nun monumento dedicado, entre outros deuses, aos *Laribus Callaeciarum*, reaparece nunha epígrafe grega de Pérgamo datada cara ao ano 200 d.C. na que nos informa de que antes de chegar a estas terras fora entre outras cousas ἐπίτροπον Ἀστυρίας καὶ Καλλιρκίας “procurador de *Astyria* e *Callectia*”. Nunha inscrición de Roma de cara ao ano 180 d.C.

Este /g/ <G> secundario, xurdido por lenición e sonorización dun /k/ en distintas circunstancias e/ou alteracións irregulares de diverso tipo, tampouco mostra o menor indicio dunha espirantización especialmente notable nin a menor coincidencia xeográfica coa área da espirantización galega do *g*.

Na inscrición rupestre latina do Penedo de Remeseiros, São Miguel de Vilar de Perdizes, Montalegre, Vila Real, atopamos un <migi> en lugar de *mihi* (CIL II 2476). Non se trata sen embargo de ningún indicio de que o <G> se pronunciasse aquí coma un /h/, senón dunha simple representación hipercorrecta da forma oral *mii* ou *mī* (< *mihi*), debida a que no latín vulgar non só se perdera o /h/ en tódalas posicións, senón frecuentemente tamén o /-g-/ intervocálico (cf. as variantes *vīnti* e *viginti* no mesmo texto de CIL VIII 8573: *d(is) M(ani-bus) s(acrum) Caius Iulius Qu[i]jetanus vixit annis viginti quattor mensibus nove diebus vinti quattor*). Por outra parte non me consta que en Montalegre teña existido unha espirantización moderna especialmente forte do *g*.

Grafías helenizadas como a dos Ἀμφίλοχοι de Estrabón 3,4,3 correspondente a un pobo bracarense descoñecido só responden á tendencia de moitos autores a considerar gregos e helenizar formalmente todos aqueles nomes de aspecto helénico. Neste caso debe tratarse duns **Ambilogi* ou sim. que son asimilados ao nome do mítico rey de Argos Anfíloco. A helenización mediante -χ- non ten absolutamente nada que ver coa pronunciación orixinal do nome. Polo demais, ao non estar localizados, nin sequera sabemos se este pobo residía no norte do convento bracarense que abranguía as terras meridionais da actual Galicia e por tanto dentro ou fóra do territorio no que posteriormente se vai manifestar o *g* espirantizado.

Para rematar debemos deternos aínda brevemente no uso do <H> na epigrafa antiga. Aparece sobre todo en material de orixe non prelatino, ás veces dun xeito incorrecto como no caso de *Iovi Hoptumo M(axumo)* dun altar de Montalegre, Vila Real, Portugal, de onde se deduce naturalmente o seu enmudecemento. Das grafías con <H> pseudoetimolóxicas ou tal vez puramente ornantes non se libra o material prelatino: os *Helleni* bracarenses, segundo escribe Plinio nat. 4,112 en lugar de **Eleni* reciben o seu *H-* inicial e *-ll-* dobre por asociación co nome dos helenos (gr. Ἕλληνες, lat. *Hellēnes*); os *orgenomescos* aparecen nunha epígrafe de Vega de Riacos, Respenda de la Peña, Palencia, con <H-> sen ningunha xustificación recoñecible: *Anna Doidena An(...) filia Horgenomescum*.

Na zona da capital luguesa atopamos en cambio exemplos inequívocos da aspiración dun -s- intervocálico representada mediante <H>: o teónimo no-

temos en cambio un *Marcus Bassaeus Rufus* que nos informa de que fora *proc(urator) Asturiae et Gallaciae* (CIL VI 1599 = VI 31828 = ILS 1326), utilizando neste caso a variante gráfica con *G-*, co que se pode ilustrar así a coexistencia das formas escritas *Callaecia* e *Gallaecia* a finais do século II d.C.

roccidental *Cossue*, *Cusue* dat. sg. (con grafías <-ss->, <-s-> para /s/ simple xordo) aparece aquí como *Cohue* e *Cuhue*. Neste caso o <H> representa moi probablemente un fonema ou fono aspirado. Pero este cambio fonético non parece ter repercutido na fonética latina nin consecuentemente na galega, onde é completamente descoñecido. Coa espirantización do *g* non ten tampouco absolutamente nada que ver.

A súa presenza non é sen embargo completamente irrelevante para o caso que nos ocupa. Móstranos que cando na nosa onomástica de orixe prelatino aparece un fonema ou un fono semellante ao resultado da espirantización galega do *g* se recorre á letra <H>, como se fai tamén noutros territorios (aquitano, xermánico, etc.). Nada desto se produce nunca en relación co fonema /g/, sexa primario ou secundario.

Podemos chegar así a unha conclusión clara: nada induce a pensar que a espirantización galega do *g* poida ser de orixe prelatina. Non ten por tanto ningún sentido darlle a máis mínima relevancia a esta hipótese nin moito menos considerala máis fidedigna e preferible a tódalas demais. A súa atribución ao mundo preindoeuropeo, como barallan ou admiten algúns, é dicir, a ese mundo do que non temos a máis mínima idea, é algo que xa cae por completo no terreo da ciencia ficción. Está pois máis ao menos ao mesmo nivel da hipótese exoplanetaria.

BIBLIOGRAFÍA

- Almazán Climent, Vicente (1988): “El viaje a Galicia del caballero Arnaldo von Harff”, *Compostellanum* 33, 363-384.
- Alonso, Dámaso (1972): *Obras completas I. Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos.
- Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove Ferreiro (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Anreiter, Peter (2008): “Die Stationen in Tirol auf der Pilgerreise des Arnold von Harff”, *Studia Etymologica Cracoviensia* 13, 9-22.
- Ariza Viguera, Manuel (1994): *Sobre fonética histórica del español*. Madrid: Arco Libros.
- Baldomir Cabanas, Xohán Xabier (2010): *A literatura galega dos Séculos Escuros e do Prerrexurdimento*. Universidade da Coruña: online <<http://hdl.handle.net/2183/7338>>
- Beckers, Hartmut (1984): “Zu den Fremdsprachenalphabeten und Fremdsprachenproben im Reisebericht Arnolds von Harff (1496-98)”, in G. Heintz / Schmitter, P. (eds.): *Collectanea Philologica. FS für Helmut Gipper zum 65. Geburtstag*. Baden-Baden, 73-86.

- Blasco Ferrer, Eduardo (1984): *Storia linguistica della Sardegna*. Tübingen: Niemeyer. <DOI: <http://dx.doi.org/10.1515/9783111329116>>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012): “A gheada na onomática (achegas á estandarización)”, *Estudos de lingüística galega* 4, 151-168.
- Brall-Tuchel, Helmut / Reichert, Folker (2007): *Rom, Jerusalem, Santiago. Das Pilgertagebuch des Ritters Arnold von Harff*. Colonia / Weimar / Viena: Böhlau.
- Elsie, Robert (1984): “Die Albanian Lexikon of Arnold von Harff, 1497”, *Zeitschrift für vergleichende Sprachforschung* 94, 113-122.
- Ernault, Émile (1911): “Le Breton d’Arnold von Harff”, *Revue Celtique* 32, 280-289.
- Fernández González, José Ramón (1981): *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (2004): “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”, en *A lingua galega: historia e actualidade II*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, 307-336.
- Frago Gracia, Juan Antonio (1985): “Valor histórico de las alternancias grafémicas en los fonemas del orden velar”, *Revista de Filología Española* 65, 273-304. <DOI: <http://dx.doi.org/10.3989/rfe.1985.v65.i3/4.492>>
- Frago Gracia, Juan Antonio (1993): *Historia de las hablas andaluzas*. Madrid: Arco Libros.
- Gárate, Justo (1931): “El texto vasco de von Harff”, *Revue Internationale de Etudies Vascos* 32, 242-244.
- Gorrochategui Churruca, Joaquín / Joseba A. Lakarra Andrinua (2013): “Why Basque cannot be, unfortunately, an IE Language”, *The Journal of Indo-European Studies* 41, 1-35.
- Guyonarc’h, Christian-J. (1984): *Aux origines du breton. Le glossaire vannetais du Chevalier Arnold von Harff, voyageur allemand du XVème siècle*. Rennes: Ogam-Celticum.
- Hamy, Ernest Théodore (ed.) (1908): *Le livre de la description des pays*. París: Leroux (Appendice V.- Itinéraires des pèlerinage du Chevalier Arnold von Harff (1496-1498), 217-237).
- Hetzer, Armin (1981): “Wie ist Arnold von Harffs Wörterverzeichnis (1496) zu lesen? Ein Beispiel für das Ineinandergreifen von albanischer und deutscher Sprachgeschichtsforschung”, *Balkan-Archiv N.F.* 6, 229-262.

- Kiegel-Keicher, Yvonne (2008): “Arabismos y romancismos: el iberorromance y el hispanoárabe en diálogo”, en H.-J. Döhla e.a. (eds.): *Lenguas en diálogo: el iberorromance y su diversidad lingüística y literaria. Ensayos en homenaje a Georg Bossong*. Madrid: Iberoamericana, 201-217.
- Lakarra Andrinua, Joseba A. (2010): “Haches, diptongos y otros detalles de alguna importancia: notas sobre numerales (proto)vascos y comparación vasco-ibérica (con un apéndice sobre *hiri* y otro sobre *bat-bi*)”, *Veleia* 27, 191-238.
- Lakarra Andrinua, Joseba A. (2013): “Monosyllabic root and the reconstruction of Proto-Basque”, en M. Martínez Areta (ed.): *Basque and Proto-Basque*. Frankfurt: Peter Lang, 173-221.
- Lakarra Andrinua, Joseba A. / Íñigo Ruiz Arzalluz (eds.) (2011): “Luis Michelena Elissalt”, *Obras Completas*. Donostia-Gasteiz: UPV/EHU.
- Letts, Malcolm (1946): *The Pilgrimage of Arnold von Harff, Knight, from Cologne, through Italy, Syria, Egypt, Arabia, Ethiopia, Nubia, Palestine, Turkey, France and Spain, which he accomplished in the years 1496 to 1499*. Londres: Hakluyt Soc.
- Lorenzo, Ramón (2009): “Fenómenos fonéticos relacionados co substrato”, en D. Kremer (ed.): *Onomástica galega II. Onimia e onomástica e a situación lingüística do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 299-317.
- Mariño Paz, Ramón (1999): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Michelena, Luis (1964): *Textos arcaicos vascos*. Madrid: Minotauro.
- Michelena, Luis (1977): *Fonética histórica vasca*. Donostia: Diputación de Guipúscoa.
- Monteagudo García, Luis (2003): “Menhires y marcos de Portugal y Galicia”, *Anuario Brigantino* 26, 25-50.
- Pan, Jorge (2014): “Excavando en busca de raíces gaélicas”, *Diario ABC* 03.08.2014 <<http://www.abc.es/local-galicia/20140803/abci-inscripcion-gaelico-betanzos-201408031116.html>>
- Paulis, Giulio (1990): “Sopravvivenze della lingua punica in Sardegna”, en *L’Africa romana, Atti del VII Convegno di Studio*. Sassari: Gallizzi, 599-639.
- Pensado Tomé, José Luis (1970): “Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geadá y sus causas”, *Revista de Filología Española* 53, 27-44. <DOI: <http://dx.doi.org/10.3989/rfe.1970.v53.i1/4.779>>

- Pensado Tomé, José Luis / Carmen Pensado Ruíz (1983): «Gueada» y «Geada» gallegas. Santiago de Compostela: USC.
- Piel, Joseph M. (1953-1955): “Recensión a A. Zamora Vicente, *La frontera de la geada*”, *Revista Portuguesa de Filologia* 6, 360-361.
- Rabanal Álvarez, Manuel (1958): “Rasgos de sustrato en la lengua gallega”, en *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*. Vigo: Galaxia, 119-128.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2013): “Factores internos y externos en los cambios fonológicos en el gallego actual”, resume online para o 27 *Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, Nancy 2013 <<http://www.atilf.fr/cilpr2013/programme/html/section8.html>>
- Rivas Quintas, Eligio (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: USC.
- Saco y Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto y Freire.
- Santamaría Sande, M^a Pilar (1965-1966): “La geada en la provincia de Lugo”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo* 8, 71-81.
- Santamarina, Antón (1980): “Novas consideracións ó redor das orixes da gheada”, *Verba* 7, 243-249.
- Schneider, Hans Karl (1938): “Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense, Spanien)”, *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, 69-145, 193-281.
- Schrijver, Peter (1995): *Studies in british celtic historical phonology*. Amsterdam-Atlanta: Rodopi.
- Schuchardt, Hugo (1909): “Span. vega, nava”, *Zeitschrift für Romanische Philologie* 33, 462- 468. <DOI: <http://dx.doi.org/10.1515/zrph.1909.33.4.462>>
- Siewert, Klaus (1991): “Das bretonische Glossar im Reisebericht des Ritters Arnold von Harff”, *Zeitschrift für Celtische Philologie* 44, 239-272. <DOI: <http://dx.doi.org/10.1515/zcph.1991.44.1.239>>
- Sims-Williams, Patrick (2006): *Ancient Celtic Place-Names in Europe and Asia Minor*. Oxford -Boston: Blackwell.
- Spiertz, Willi (2014): “Die Pilgerfahrt des Ritters Arnold von Harff zu den Pilgerstätten der Christenheit, nach Rom, Jerusalem und Santiago de Compostela (1496–1498)”, en *Portal Rheinische Geschichte* <<http://www.rheinische-geschichte.lvr.de/themen/Das%20Rheinland%20im%20Sp%C3%A4tmittelalter/Seiten/PilgerfahrtdesArnoldvonHarff.aspx>>
- Thurneysen, Rudolf (1911): “Eine Liste bretonischer Wörter aus dem 15. Jahrhundert”, *Revue Celtique* 32, 1-4.
- Untermann, Jürgen (1983): “Indogermanische Restsprachen als Gegenstand der Indogermanistik”, en E. Vineis (ed.), *Le lingue indoeuropee di frammentaria attestazione. Die indogermanischen Restsprachen. Atti del Convegno della Società Italiana di Glottologia e della Indogermanische Gesellschaft*. Pisa: Giardini, 11-28.

- Vinson, Julien (1892): “Un texte basque du XVe siècle”, *Revue de linguistique* 25, 95ss.
- von Groote, Everhard (1860): Arnold von Harff, *Die Pilgerfahrt des Ritters Arnold von Harff. Von Cöln durch Italien, Syrien, Aegypten, Arabien, Aethiopien, Nubien, Palästina, die Türkei, Frankreich, Spanien, wie er sie in den Jahren 1496 bis 1499 vollendet, beschrieben und durch Zeichnungen erläutert hat*. Colonia.
- von Humboldt, Wilhem (1921): *Prüfung der Untersuchungen über die Urbewohner Hispaniens vermittelt der Vaskischen Sprache*. Berlin: Dümmler.
- Wagner, Max Leopold (1950): *La lingua sarda. Storia, spirito e forma*. Berna: Francke.
- Zamora Vicente, Alonso (1952). “La frontera de la geada”, en *Homenaje a Fritz Krüger* I. Mendoza: Universidad Nacional de Cuyo, 57-72.

Toponimia miñorá: *Miñor, Nigrán, Gondomar, Baiona*

Gonzalo Navaza

Universidade de Vigo

O. INTRODUCCIÓN

O val formado polo río Miñor define unha pequena comarca costeira de 144 Km² situada no sur da Ría de Vigo e enmarcada entre as serras do Galiñeiro e da Groba e a enseada de Baiona. Comprende os concellos de Baiona (44,7 Km²), Gondomar (74,5 Km²) e Nigrán (34,8 Km²). Desde os tempos altomedievais, estas terras constituíron na administración eclesiástica o *arciprestado de Miñor*, pertencente á sé de Tui, a cal foi sufragánea de Braga ata o século XI, o que explica algunhas particularidades dialectais do galego tudense que se manifestan tamén na toponimia⁴². A demarcación de Miñor formaba parte da *Terra de Toroño*⁴³, que incluía todo o territorio pertencente á dio-

⁴² Por exemplo, as solucións *ouro*, *oura* para os sufixos latinos *ōRIU*, *ōRIA* (*Pousadouro*, *Corredoura*), e ó para o diminutivo feminino *-ōLA* (*Figueiró*, *Pereiró*, *Eiró*), se ben este último tamén se estende ás Rías Baixas.

⁴³ Fernández Rodríguez (2004) dedicoulle un estudo monográfico a este territorio medieval, que tiña ao seu cargo un *tenente* ou un *meiriño* e estaba constituído por diferentes “terras menores”, entre elas Miñor. Aparece como *Turonio* en Idacio (séc. v) e na *Divisio Theodomiri* a.569. Na documentación de Tui, Oia e Melón en latín consta como *Toronio* ou *Thoronio* e en romance *Toroño* (*Torono*, *Toronio*). Usouse ata o século xv. O topónimo é prerromano; a terminación *oño*, *oña* corresponde talvez a un sufixo celta (Bascuas 2015: 396) pero *Tor-* ou *Tur-* podería ter valor oronímico ou hidronímico e descoñecemos a motivación que orixinou o topónimo. Desde que o Padre Flórez (*España Sagrada* XXII: 183) identificou este corónimo medieval co nome da parroquia de *Torroña*, no concello de Oia, moitos autores, de Ávila y la Cueva a Bascuas, aceptaron que o actual *Torroña* era alteración dunha forma medieval *Toroño*. Non obstante, esa identificación é moi dubidosa. Os *Torono*, *Toronio*, *Toroño* da documentación medieval sempre se refiren ao territorio, e non á parroquia de *Torroña*, que se rexistra con *a* final, como no documento de 13 de xuño de 1285 de Santa María de Oia: *viindo per Torona ende como vay a pressa, ende oo*

cese de Tui situado na marxe dereita do Miño. Logo dos estragos causados nesa área a finais do século x e comezos do xi polas incursións de musulmáns e normandos, no proceso de reorganización do territorio ademais do poder eclesiástico tamén tivo singular protagonismo a monarquía, que se no século xii dispuña na comarca do enclave do castelo de *Santa Helena* (v. infra), desde comezos do xiii pasou a contar coa vila e porto reguengos de Baiona, cabeza da administración civil da comarca e o seu principal núcleo de poboación, ademais de capital do concello do seu nome. O antecedente remoto do actual concello de Gondomar é o señorío laico que reunira os coutos de Vincios, Morgadáns e Gondomar na segunda metade do século xvi na persoa de García Sarmiento⁴⁴, pai do primeiro conde de Gondomar. As parroquias e coutos situados ao norte do val, que no século xix deron orixe ao actual concello de Nigrán, constituían no Antigo Réxime a cámara ou partido de Parada de Miñor, que fora na Idade Media de señorío episcopal ata que no ano 1593 pasou á coroa e a depender de Baiona, integrándose na Procuradoría Xeral de Miñor; este cambio de señorío e mais as vías de comunicación provocaron o desprazamento do seu centro civil desde a parroquia de Parada á de Nigrán. Ocúpome aquí dos principais topónimos da comarca, a súa orixe e significado e algúns pormenores da súa historia. Ademais do estudo lingüístico dos significantes, dedico atención tamén aos valores referenciais e a certos aspectos da transmisión dos topónimos, pois cada unha das formas estudadas ofrece singularidades que exemplifican o valor documental dos nomes de lugar e a importancia da toponomástica tamén como ciencia auxiliar da historia. Trato en primeiro lugar o hidrónimo *Miñor* e o seu composto con *Val* e a continuación os nomes dos actuais concellos de *Nigrán*, *Gondomar* e *Baiona*, nesta mesma orde que coincide coa orde cronolóxica do nacemento dos topónimos.

As atestacións medievais que se citan proceden maioritariamente da documentación da catedral de Tui, do Mosteiro de Santa María de Oia e mais da Colexiata de Baiona e tomeinas de fontes accesibles en internet (CODOLGA, TMILG e Portal PARES). Nas referencias que fago delas, nos máis dos casos só indico a data da atestación, pero dou a referencia da fonte cando a cita procede da lectura dos manuscritos reproducidos fotograficamente e a forma toponímica citada non sae nos buscadores ao non formar parte de resumos ou rexestos. Para a documentación do mosteiro de Santa María de Oia segúin

uisso do couto (...)do mosteiro d'Oya... E no mesmo documento: *Ferrnán Ferrnández, notario per carta del rrey en Torono, escreuí* (AHN Clero, c. 1807, nº 11). A identificación dos dous topónimos bate tamén coa posición periférica de *Torroña* nun territorio tan extenso.

⁴⁴ Don García Sarmiento deixou pegada do seu nome na localidade chamada *Garcías* na parroquia viquesa de Saiáns (Navaza 2011: 65).

as lecturas do traballo inédito realizado no ILG da Universidade de Santiago por M^a Carmen Pérez González e Ramón Lorenzo, que consultei na copia que posúe o IEM (Instituto de Estudos Miñoráns).

1. MIÑOR

Igual que sucede coa denominación doutros territorios históricos como *Limia*, *Deza* ou *Xallas*, o nome desta terra (*terra de Mineor*, a.1142; *terra de Minor*, a.1179) coincide co nome do seu río principal. O valor hidronímico é sen dúbida o orixinario: o nome do río pasou a aplicarse tamén á comarca e non ao revés. Desde o século XIII a antiga *Terra de Miñor* comeza a denominarse nos documentos tamén *Val de Miñor*, como veremos. O sintagma *de Miñor* usouse igualmente como segundo elemento de topónimos compostos para referirse ás poboacións ou demarcacións situadas no val: a vila e porto de *Baiona de Miñor*, a parroquia de *Santa Cristina de Miñor* (hoxe Santa Cristina da Ramallosa), o señorío de *Gondomar de Miñor* ou a parroquia e partido de *Parada de Miñor*. A esta parroquia de Parada fai referencia a atestación máis antiga que posuímos do hidrónimo: *Parata in ripa de Minor* a.915, onde o grafema <n> corresponde xa a unha nasal palatal /ɲ/ na fala, igual ca outras grafías da documentación posterior en latín e romance como *Mineor*, *Minnor*, *Mignor*, *Mior* etc.

Desde polo menos o século XVII o río Miñor consta nalgunhas fontes, especialmente cartográficas, como río *da Ramallosa* (*Río de la Ramallosa*, *Río de Ramallosa*) na súa desembocadura no esteiro da Foz, coñecida tamén como *Foz da Ramallosa*. Esta denominación alternativa do tramo final do río é irradiación do nome da *Ponte da Ramallosa*, construída no século XIII como parte das infraestruturas viarias promovidas desde Tui polo dominico Pedro González Telmo, San Telmo. A importancia e celebridade desta ponte medieval sobre o río Miñor, cargada ata hoxe de tradicións orais e vinculada a lendas e ritos de fertilidade, provocou unha expansión do topónimo, que pasou a aplicarse tamén a outros accidentes xeográficos inmediatos, incluídas as dúas parroquias unidas pola ponte: os nomes de *Santa Cristina de Miñor* e *San Pedro de Filgueiras* conviviron ata o século XVI cos de *Santa Cristina da Ramallosa* (polo menos desde 1528) e *San Pedro da Ramallosa* (atestado en 1544) ata que finalmente se impuxeron estes últimos. Non foi propiamente unha retoponimización, pois só mudou o segundo elemento do composto, de uso exclusivo en rexistros formais, xa que en ambos os casos o nome principal era o haxiotopónimo, coincidente coa advocación. *Ramallosa* é un adxectivo feminino derivado de *ramallo*, *ramalla* (e este de *ramo*, *rama*), relativo á ‘vexetación’ ou á ‘leña miúda’, un fitotopónimo (Navaza

2006: 461) de orixe latina ou romance, que naceu cando o nome de *Miñor* xa tiña moitos séculos de antigüidade.

Aínda que en moitas fontes se lle atribúe ao curso do río Miñor unha lonxitude de 16 km desde o seu nacemento no norte da Serra do Galiñeiro, na parroquia viguesa de Zamáns, ata a desembocadura na Foz, esa medida inclúe tamén o seu principal afluente, chamado hoxe *Río de Zamáns*. Ao Miñor propiamente dito correspóndelle só a metade dese curso, e tanto no uso local coma na cartografía e na rotulación viaria actuais só recibe o nome de *Miñor* o río resultante da confluencia do río de Zamáns co río das Rasas a carón da Paradela, no núcleo urbano de Gondomar. Na documentación medieval, non obstante, o nome de *Miñor* aplicábase tamén ao actual río de Zamáns, isto é, designaba o curso enteiro, desde a Serra do Galiñeiro ata o mar. Así se constata a comezos do século XII na demarcación medieval do couto de Vilaza (hoxe unha das parroquias de Gondomar), outorgado pola raíña Urraca e o seu esposo Raimundo de Borgoña; nela chámase *Miñor* o río que pasa pola zona coñecida aínda na actualidade como *O Pego Negro*, a carón da estrada que une Gondomar con Vincios: *ad flumen Minoris ubi dicunt Pelagum nigrum* (a.1106). Non sabemos cando se perdeu ese uso, pero no século XVIII xa estaban consolidadas as denominacións de hoxe: no Catastro de Ensenada (1753) o río chámase *Río de Zamáns* nese mesmo lugar: *otro al sitio Pego negro (...) muele con agua corriente del expresado rrio de Samanes* (a.1753, CME, Vincios, Interrog. 17^a).

O hidrónimo *Miñor* ten orixe prerromana. É o habitual na hidronimia, especialmente a que denomina ríos de certa importancia, que polo regular conservan os seus nomes prehistóricos. Nas atestacións medievais en latín do nome deste río pode haber coincidencia homográfica co adxectivo latino *mīnōr*, *ōris* ‘menor’, pero debemos desbotar a posibilidade de que sexan a mesma palabra. Tanto o resultado actual *Miñor* como a constante presenza de *i* na primeira sílaba en todas as atestacións medievais esixen un étimo con *ī* longo, e o dese adxectivo latino era breve (de aí o resultado en *e* de *menos* ou *menor*); ademais, a propia sintaxe desas atestacións, co hidrónimo en xenitivo ou con preposición (*flumen Minoris* a.1106, *riuum de Minor* a.1149) non se corresponde coa esperable se se tratase dun adxectivo latino. A vogal tónica de *Miñor* realízase hoxe maioritariamente con *o* aberto /ɔ/, o que podería levar a supoñer un étimo con /ɔ/ breve, pero nese contexto fónico o topónimo tamén pode proceder dun étimo con *ō* longo.

Véñse aceptando comunmente entre os especialistas que o hidrónimo *Miñor* ten relación etimolóxica co nome do río *Miño*, o principal dos ríos galegos, do que só se diferenciaría pola súa terminación *-or*. Para *Miño*, do-

cumentado como *Minius* nas fontes clásicas, propuxéronse moi variadas etimoloxías, examinadas por Moralejo Álvarez (2004: 203-216 e 2007: 257-279). Hans Krahe (1949-1950: 256 e 1964: 98) incluíu o nome do Miño, xunto cos doutros ríos de Europa (galo *Moenus*, hoxe *Main*, inglés *Meon*, irlandés *Main*, *Maoin*, polaco *Minia* e *Mianka*, lituano *Minija*, italiano *Mignone*...) como representantes dun antigo tema hidronímico formado mediante un alongamento nasal a partir da terceira das raíces indoeuropeas **mei-* establecidas por Pokorny (IEW 710.3), a que significa ‘camiñar, ir’. Desde entón, esa é a etimoloxía máis aceptada: *Mei-n-io* > *Min-io* > *Miño*. Carlos Búa, non obstante, advirte que o *Minius* con que aparece o hidrónimo galego nas fontes clásicas podería ser a latinización dunha forma indíxena **Mni(o)*, explicable tamén a partir da raíz indoeuropea **ab-* (IEW 1) ‘auga’ (*apud* Moralejo Álvarez 2007: 278). Sexa como for, non parece haber dúbida da orixe indoeuropea do nome do Miño. Krahe advirte que a dispersión xeográfica dos hidrónimos da raíz **mei*, localizados en áreas célticas, itálicas e eslavas, obriga a supoñelos pertencentes ao máis antigo estrato indoeuropeo, o que el denominou *alteuropäisch*, paleoeuropeo.

Polo que respecta á terminación *or*, que diferencia *Miñor* de *Miño*, non parece haber dúbida de que se trata dun sufixo. Villar Liébana ten explicado moitos topónimos prerromanos en *or* e *ur* da península e de fóra dela a partir dun elemento hidronímico que remonta á raíz **ūrā* ‘auga’ (Villar 2000: 191-208), o que levaría a considerar como compostas, e non derivadas, as formas en que está presente. Con todo, debemos desbotar para *Miñ-or* esa posibilidade, pois ao estar a vogal dese elemento en posición tónica esperaríamos un resultado en *-ur* que se contradí con todas as atestacións antigas de *Miñor*. A terminación *or* ha de ser, xa que logo, un sufixo. Desbotado o *ōr* latino e o seu correspondente romance, que só forman derivados substantivos a partir de verbos ou ocasionalmente de adxectivos (*cantor*, *reitor*, *sabor*, *grandor*), temos que inclinarnos por un sufixo tamén prerromano *or* (*ōr* segundo Bascuas), presente noutros hidrónimos europeos e ben representado no occidente hispánico, coma nos nomes dos ríos *Sabor* (< medieval *Salabor*), *Salor*, *Onor*, etc. Tanto Moralejo Álvarez (2007: 279) como Bascuas reparan no rendemento deste sufixo *or* na hidronimia paleohispánica e advirten que moitos dos hidrónimos en que está presente parecen formar parella alterna con hidrónimos idénticos pero derivados en *ón* (ríos *Sabor* e *Sabón*; *Salor*, *Salón* e *Jalón*; *Ibón* e *Ibor*; *Lidón* e *Lidor*, etc.). Bascuas, que chega a sospeitar que «talvez teñamos aquí unha pervivencia da arcaica declinación indoeuropea en *r / n*», explica *Miñor* a partir de *Miño* con ese sufixo (2015: 225), pero non aclara se o étimo que propón é **Min-or* ou con dobre sufixa-

ción **Min-i-or*. Neste segundo caso, de acordo coa mencionada alternancia, o noso *Miñor* tería correspondencia co nome do río que aparece mencionado como *Minionem* en Virxilio (*Eneida* X, 183), na Etruria, hoxe *Mignone*.

Moralejo Álvarez propón outra hipótese etimolóxica para *Miñor*. Para *Miño* acepta a explicación de Krahe e inclúeo entre os hidrónimos galegos que poden adscribirse ao estrato paleoeuropeo (Moralejo 2007: 336). Cre tamén que *Miñor* é un derivado de *Miño*, mesmo un topónimo replicante de *Miño*, motivado por este, mais aínda que reconece o rendemento que ten na hidronimia o mencionado sufixo *or*, alternativo de *on*, non cre que poida entrar na formación de *Miñor* por razóns morfolóxicas, xa que esixiría no étimo unha sufixación complexa (co sufixo *io* de *Miño* ademais dese sufixo *or*), e considera máis recomendable supoñer que a terminación *or* do nome do río corresponde ao resultado dunha forma de xenitivo dun sufixo diminutivo latino:

Pero, además de que una alternancia entre las sufixaciones complejas **ior* y **ion* no parece tan normal, para *Miñor* hay otra hipótesis más recomendable por su economía. Del antropónimo *Pinius* el diminutivo o afectivo *Piniolus* tiene notable documentación medieval y llega hasta hoy en *Piñor* (seis en toda Galicia), *Dompiñor* (dos veces) y otras variantes (...), de un *possessor* en genitivo **Pinioli*. Este conjunto nos sirve de guía para proponer que el *Miñor* es un **Miniolus*, un ‘Miño pequeño’ que contrasta con el grande y próximo *Minius*.

Así, *Miñor* supone un genitivo **Minioli* que se explica bien si partimos del **Vallis Minioli* que se continua hoy en *Valminor* o *Val Minor* (ino *Val de Miñor!*); por no haber hoy una entidad de población *Miñor*, nos ahorramos, pero no excluimos, suponer un “nomen possessoris” gen. **Minioli* (Moralejo 2007: 279-280).

A esta etimoloxía de Moralejo pódenselle apoñer varias obxeccións. O seu reparo ás sufixacións complexas nas formas pertencentes a ese tema hidronímico contradíse co *Minionen* de Virxilio (hoxe *Mignone*), aínda que para *Miñor* nin sequera é necesario supoñer un iode no étimo, pois cabe a posibilidade de que en vez do sufixo *io* do nome do *Miño* teñamos directamente o sufixo *or* no do *Miñor*, sen sufixación complexa ningunha. Nese contexto fónico, cun *n* intervocálico tras *ī* longo, dun étimo sen iode **Mīnor* resulta igualmente a consoante nasal palatal, coma en *viño* < *vīnu* ou *piñeiro* < *pīnariu*. En segundo lugar, é certo que un étimo en *ōli* pode dar un resultado romance en *or*, coma no exemplo antropotoponímico en que se apoia Moralejo, pero nos topónimos derivados dese exemplo as atestacións medievais amosan vacilación nas grafías *Pinol* / *Pinor* (a grafía maioritaria con que se rexistran os dous *Piñor* ourensáns ata o século XIV é con *l* final), mentres que *Miñor* sempre se documenta con *r*, sen excepción. En terceiro lugar, Moralejo apoia a súa

hipótese na crenza de que *Val Miñor* ou *Valmiñor* é a forma patrimonial (di entre exclamacións que non é *Val de Miñor*), e posto que a estrutura habitual dos compostos cun primeiro elemento *Val-* (< lat. VALLEM), tanto galegos coma doutras áreas peninsulares e románicas adoita levar a preposición *de* ante o substantivo que constitúe o segundo elemento do composto (*Valdeorras*, *Valdemiñotos*, *Valdedeus*, *Valdegodos*, *Valderramos...*), a anómala estrutura de *Val Miñor*, sen preposición, obrígao a optar por supoñer un xenitivo nese segundo elemento para explicar a anomalía. Nótese que Moralejo considera este condicionamento morfosintáctico aínda máis forte ca o carácter orixina-riamente hidronímico de *Miñor* (e en consecuencia a súa relación con *Miño*), posto que non exclúe a posibilidade dunha orixe antropotoponímica do nome do río, a partir dun nome persoal masculino *Minius* rexistrado na epigrafía da Tarraconense, de xeito que o río Miñor tería o seu paralelo nunha *Fuente Miñor* en Coca, Segovia, para a cal se suxire como orixe o xenitivo dun antropónimo latino **Miniolus* (Moralejo 2007, nota 278).

Estas razóns invalidan a hipótese de Moralejo, polo que debemos seguir aceptando como máis verosímil a que supón que *Miño* e *Miñor* corresponden a dúas sufixacións diferentes dun tema hidronímico que remonta á terceira das raíces indoeuropeas **mei-* de Pokorny, como propuxo Krahe para o segundo. Esta explicación non exclúe que *Miñor* poida ser hidrónimo replicante de *Miño*, isto é, motivado por este, tal como pretende Moralejo, cun significado como ‘o Miño pequeno’, dada a proximidade xeográfica dos respectivos estuarios. Aínda que non podemos ter certeza do valor do sufixo *or* presente na hidronimia, é ben coñecido o emprego do seu paralelo *on* para formar derivados a partir do nome principal do río que serven para denominar o seu curso alto ou ben un afluente, como en *Avia* e *Avión*, *Deza* e *Dezón* (> *Dozón*) etc., cun valor moi probablemente diminutivo, segundo se deduce do feito de que en usos idénticos tamén se emprega o sufixo diminutivo correspondente ao latín *ĒLLU*, *-ĒLLA* (*Sar* e *Sarela*, *Sárdoma* e *Sardomela*, *Tambre* e *Tamarela* etc.).

De *Val de Miñor* a *Val Miñor* pasando polo castelán

A denominación *Val Miñor* ou *Valmiñor* que toma Moralejo como punto de partida para a súa hipótese non é denominación tradicional, senón unha creación recente, produto da regaleguización dunha forma castelanizada *Valle Miñor*, que á súa vez substituíra un *Valle de Miñor* anterior, resultado da adaptación ao castelán da forma patrimonial galega *Val de Miñor*.

Val de Miñor é a forma que rexistramos desde o século xiii como alternativa a *Miñor* ou *Terra de Miñor*, e convive con estas denominacións durante

a Idade Media ata acabar desprazándoas. Os notarios asinan como *notario en Tebra et en Miñor* (a.1257), *notario en Bayona et en Minor* (a.1266), *en Bayona e enno val de Miñor* (a.1280, a.1281), *notario jurado de Tebra e de Minor* (a.1282), *en terra de Miñor* (a.1290), *Val de Miñor* (a.1387), *en el Val de Miñor* (a.1446). A denominación *Val de Miñor* non só é habitual na documentación medieval en galego, senón tamén na do século xvi en castelán, e só no xvii comeza a verse substituída nesta lingua en medios eclesiásticos pola forma que castelaniza o primeiro substantivo, *Valle de Miñor*, o que vén sendo propiamente unha hipercastelanización, pois na toponimia do dominio lingüístico castelán o latín *vallem* tamen pode dar o resultado *val-* na posición proclítica do primeiro elemento de compostos. Para a datación desa hipercastelanización pode servirnos de referencia o feito de que no tomo becerro de San Domingos de Tui (anos 1588-1647), escrito integramente en castelán, nos asentos do foro dos bens de Juan de Arines lemos *Val de Miñor* no título e nos rexistros iniciais, datables a finais do século xvi e os primeiros anos do xvii, mentres que unha anotación posterior, de diferente man, engade: *Paga esta capellanía este año de 618 Maria Afonso, viuda q quedo de Juan de Arines. Vive en Fontán, Valle de Miñor*» (AHN, Clero, L10398 PARES). Desde o século xvii ata a segunda metade do xix esta forma, *Valle de Miñor*, é a que se usa na documentación escrita. Rexístrase indistintamente con e sen artigo: *María Troncoso (...), natural del valle de Minor* (a.1625, Pares), *feligressia de Gondomar y Valle de Miñor* (a.1641, Pares), *vecino del valle de Miñor en el nuestro rreyno de Galicia* (a.1662 Pares).

O Padre Sarmiento, nas viaxes de 1745 e 1754 e noutros textos emprega a forma galega («*llaman así en Val de Miñor.*») e a castelanizada («*hacia el Valle de Miñor*», «*en el Valle de Miñor*»...). Podemos ter certeza de que a forma usual na fala era daquela *Val de Miñor*, aínda que só asome esporadicamente nos textos escritos.

Valle de Miñor é tamén a forma que figura no Catastro de Ensenada (1753), onde se repite no encabezamento das respostas ao Interrogatorio das distintas parroquias:

En la feligresia de Santiago de Parada á doze dias del mes de Abril año de mill setezientos cinquenta y tres, el sr don Bartholomé Joseph de Araujo y Cadabal, regidor perpetuo de la Ciudad de Tuy y comandante de los trozos del Partido del *Valle de Miñor* (CME, Mañufe).

A denominación castelanizada *Valle de Miñor* segue a ser a habitual nos textos escritos no século xix: *Pedro Loudrón, apoderado del Valle de Miñor* (a.1815 PARES), *José Arias Teijeiro, comandante de Voluntarios Realistas del valle y partido de Minor* (*Diario de Avisos de Madrid*, 9-06-1825),

Alonso Real, alcalde del valle de Miñor (El Herald, 17-09-1843) etc. Esa é tamén a forma que recolle o dicionario de Madoz: *el valle de Miñor* (Madoz 1845: s.v. *Bayona*).

A forma sen preposición entre os dous elementos do topónimo composto (*Valle Miñor*) é insólita antes das últimas décadas do século XIX. Atópamola por primeira vez na documentación de Santa María de Oia, no libro dos bens deste mosteiro en Panxón (AHN Clero L.10213 PARES), que contén documentación de 1511 a 1672 e vai precedido dun índice (“Tabla de lo contenido en este libro de Panxon”), onde se le “*Valle Miñor*” e “*Memorial simple de los bienes que este Monasterio tiene en el Valle Miñor*”. Aínda que ese índice non leva data, é sen dúbida moi posterior aos documentos que forman o volume e semella do século XIX. Na década de 1840 comezamos a rexistrar algunhas veces *Valle Miñor* na prensa de Madrid (por exemplo, en *La Postdata* 17-04-1844), mais antes da década de 1880 son casos moi excepcionais, algún deles simple gralla de impresión, fronte ao habitual *Valle de Miñor*. En Galicia rexistramos o uso de *Valle Miñor* por primeira vez en Antonio de la Iglesia nun poema de *El Álbum de la Caridad* (1862: 250), («*Por el* [refírese ao mes de maio] *do Miño nas veiras / e mais no valle Miñor / Antre froles de roseiras / Láyase o doncel de amor*»), onde non pode atribuírse a esixencias da métrica porque é doada a solución que respecta o topónimo con preposición sen alterar o oitosílabo. Máis de dúas décadas máis tarde, en *El Idioma Gallego*, reproduce unha paremia popular coa forma tradicional galega: *Millor por Millor, Val de Miñor* (1886: III, 222). Para a consolidación da denominación *Valle Miñor* debeu ter influencia decisiva o *Faro de Vigo*, decano da prensa española, fundado en 1853. Na década de 1870 comeza este periódico a empregar ocasionalmente a variante sen preposición, por exemplo, na información sobre o proxecto de ferrocarril a Baiona, que foi tema reiterado nas súas páxinas durante anos (en artigos sobre este asunto lemos *Valle Miñor* en 20-06-1876 ou 19-01-1888, por exemplo, e *Valle de Miñor* en 19-02-1880 ou 6-12-1889). Desde 1880 o *Faro de Vigo* usa *Valle Miñor* de modo sistemático na información eclesiástica ou das viaxes do bispo de Tui, quizais porque o propio bispado emprega esa forma, e pouco a pouco vaise facendo habitual nos textos de determinadas seccións, dependendo das preferencias de cada autor, ata que acaba por xeneralizarse a toda a redacción do periódico, en contraste coa información procedente do propio val, onde continúa empregándose a forma castelanizada con preposición, como nunha carta ao director enviada polos «*cosecheros de vinos del Valle de Miñor*» (*Faro de Vigo*, 22-07-1888). Na década de 1890 a proporción das ocorrencias da forma con preposición vai diminuindo sensiblemente. Xornalistas como Xoán Neira

Cancela (Vigo 1849 - Ourense 1909) contribuíron a difundir a forma *Valle Miñor* noutras publicacións periódicas de Galicia e de fóra dela. A consolidación definitiva da denominación sen preposición debeu de producirse a partir de 1902, data en que o xornalista Xosé María Barreiro (Baiona 1871-1923) fundou na súa vila natal o semanario titulado *El Valle Miñor*.

É de supoñer que durante o século XIX a forma popular oral seguía a ser *Val de Miñor*, tal como a recolle Antonio de la Iglesia en *El idioma Gallego* (1886). O triunfo de *Valle Miñor* sobre *Valle de Miñor* debeuse ver favorecido tamén polo feito de que na primeira destas formas non se afastaba tanto da forma patrimonial *Val de Miñor*, cuadrísílaba tamén.

Ao longo do século XX, *Valle Miñor* triunfou tamén na fala local (hoxe segue sendo moi empregada por falantes nativos), ao tempo que comezou a usarse en textos escritos en galego a súa regaleguización, *Val Miñor*. Esta foi a que se *restaurou* na transición, por supoñela o topónimo xenuíno galego, e nestas últimas décadas gañou notable extensión de uso.

2. NIGRÁN

As parroquias situadas na marxe dereita do Miñor orbitaron no século XI e XII arredor do castelo que aparece na documentación medieval de Tui e de Oia como Castelo de Santa Helena⁴⁵, que probablemente é o que deixou vestixio na toponimia na aldea chamada *O Castelo* na parroquia de Camos⁴⁶ e no *Monte (do) Castelo*, entre Camos e Parada. Coa excepción dalgúns enclaves como o mencionado couto de Vilaza ou a vila e porto de Panxón, que era granxa do mosteiro de Oia, este territorio foi desde o século XII señorío

⁴⁵ *Sancte Elaie* (a.1106) *Castellum Sanctae Helenae in terra de Mineor* (a.1142), *castellum in Toronio quod dicitur Sancta Helena et est in terra de Minor* (a.1179), *tenente Castella de Toronio uidelicet Soueroso* [Sobroso], *Thebram* [Tebra] *et Sanctam Helenam* (a.1211), *in Uilla Mediana* [Vilameán] *iuxta Pandion* [Panxón] *in termino Castellí de Santena* (a.1220. Oia, A. H. N., Clero, Carpeta 1797, nº 9). Non sabemos cal era exactamente o nome romance dese castelo nin hai unanimidade na súa localización: Fernández Rodríguez (2004: 22) sitúao na serra do Galiñeiro, na parroquia viguesa de Zamáns, mentres que outras fontes o sitúan entre as parroquias de Camos e de Parada. Nas alegacións ao PXOM de Nigrán (Concello de Nigrán, 2013) lemos que no polígono GA 36035089, Outeiro dos Mouros - Castelo de Parada, «estivo e fican restos do castelo que durante case mil anos foi dos principais da Terra de Turonio / Torroño: o Castelo de Santa Helena» (debemos supoñer que se quixo dicir “hai case mil anos” e non “durante case mil anos”).

⁴⁶ *Camos* aparece como *ecclesie Sancte Eolalie de Caamones* (a.1228), *Caamones* (a.1232), *Rui Iuglar de Camoez* (a.1265), *Johán Reymúndiz, cauleyro que fuy de Camoes* (...), *Fernando Álvarez de Camoes* (a.1274), *Fernán de Camoes* (1299) etc. Nesta parroquia ten orixe o apelido toponímico de *Camos* [Cámões] moi presente na vida municipal de Pontevedra no século XV, e mais a estirpe do poeta portugués Luís Vaz de Camões. O topónimo é probablemente un etnónimo ou xentilicio prerromano *CALAMONES, que debemos interpretar como un derivado de *CALAMO cun sufixo átono ONES (na forma do apelido en portugués produciuse un desprazamento do acento). É verosímil que este *CALAMO conteña un derivado aumentativo dun tema oronímico *CAL- formado a partir da primeira das raíces indoeuropeas *kel- (IEW, 544), a que ten o significado de ‘erguer, elevar’, o que concorda coa situación de Camos respecto doutras parroquias do val. Outro derivado xentilicio en ONES átono témolo no nome da veciña parroquia de *Malvas* (en Tui, na estrema con Gondomar), que aparece na documentación medieval de Oia como *Malones* e *Maloes* (a.1229).

do bispo de Tui, ata que en 1593 pasou a ser de señorío real, constituíndo a Cámara e Partido de Parada de Miñor. Na división municipal do primeiro terzo do século XIX, a capitalidade dese territorio desprazouse da parroquia de Parada á de Nigrán, e desta tomou o seu nome o novo concello creado. As vías de comunicación (a estrada de Vigo a Baiona) e a progresiva importancia de Vigo provocaron ese desprazamento.

O topónimo *Nigrán* foi ata hai pouco un topónimo escuro e pouco estudado. Tratouno sucintamente Gerardo Sacau (1998: 86), quen o considerou derivado do adxectivo latino *niger* ‘negro’ a partir dun uso antroponímico, pero sen entrar a comentar a natureza desa derivación. Eu ocupeime con máis detalle nun artigo (Navaza 2012) onde explico a morfoloxía do topónimo e comento o seu significado histórico con razóns como as que expoño aquí.

As atestacións documentais máis antigas que coñecemos de *Nigrán* son relativamente serodias, do século XIII, onde aparece simplemente como nome dunha freguesía do arciprestado de Miñor. Non obstante, pódese afirmar que na data desas primeiras atestacións o topónimo e a parroquia de Nigrán xa contaban polo menos con medio milenio de existencia, segundo se pode deducir do propio nome, como veremos, e tamén do seu santo titular (*San Fiz*), que constitúe unha das advocacións primitivas da difusión do cristianismo en Galicia e corresponde ao período que vai do século IV ao VIII.

A etimoloxía de *Nigrán* como resultado dun nome persoal formado a partir do adxectivo latino *niger*, proposta por Sacau, é a máis verosímil e as atestacións medievais parecen confirmala. En realidade, a do latín *niger* semella a única raíz coñecida que pode dar conta do topónimo. A terminación en *án* coincide coa de moitos antropotopónimos, pero non se axusta á morfoloxía das formas toponímicas emparentadas co adxectivo *negro* e os seus derivados comúns (*Negros, Negrelos, Negral, Negrás, Negrado, Negradas, Negreda, Negredo, Negreira, Negreiros...*), polo que é razoable supoñerlle unha orixe antroponímica, tendo en conta que a antropotoponimia foi recurso habitual na creación dos nomes de núcleos de poboación e que *Niger* e os seus derivados tiveron uso como nomes persoais desde os tempos da Gallaecia romana ata a Idade Media.

Joseph M. Piel non incluíu no seu estudo dos topónimos formados a partir de nomes de posesores latino-cristiáns no noroeste peninsular ningún exemplo emparentado con *Niger* (Piel 1947), a pesar de que tanto este nome coma algúns derivados (*Nigellus, Nigrinius, Nigrrianus...*) foron moi empregados como cognomes en todo o imperio (Kajanto 1965: 228), e das formas *Nigra, Nigrrianus, Nigrina, Nigrinianus, Nigrinius* e *Nigrinus* hai atestacións epigráficas en Hispania (Abascal Palazón 1994: 439-440). A xulgar pola epigra-

fía, na Gallaecia romana foron menos frecuentes ca noutras áreas (Rodríguez Colmenero 1997: nº 240), mais aínda así non faltan exemplos entre nós, coma o *Niger Camali* dunha estela romana de Pentes, A Gudiña (id. nº 231) ou o *Nigrinius* doutra estela do concello de Riós (id. nº 242).

Doutros derivados non posuímos atestacións documentais, pero proba o seu uso no noroeste peninsular a pegada que deixaron na toponimia; así, os tres *Negrelle* que recolle o nomenclátor de Galicia (no concello coruñés de Aranga e nos ourensáns de Maside e Melón) parecen esixir un étimo *NĪGRELLI, xenitivo dun antropónimo **Nīgrellus*, que vén sendo unha variante do clásico *Nīgellus* recreada a partir de *nīgru(m)* mediante o sufixo diminutivo.

Algúns destes nomes seguiron empregándose como antropónimos durante séculos, especialmente *Niger* e o correspondente romance *Negro*. Na documentación medieval galega en latín rexístrase con relativa frecuencia o uso de *Niger* como sobrenome ou apelido; tomamos algúns exemplos do CODOLGA: *Petrus Niger* (ano 1168, Sobrado), *Fernandus Niger* (ano 1184, Lugo), *Petrus Niger clericus auriensis* (ano 1225, Ourense), *Fernandus Niger* (ano 1231, Oseira). Desde o século XIII rexístramolos coa forma romance *Negro*, coma nun documento de Santa María de Oia de 1275: «*Domíngos Martís, fillo de Martín Negro*» (Oia, AHN, Clero, C.1805, doc. nº 1).

O *i* da primeira sílaba do acusativo latino *nīgru(m)* era breve, de aí o *e* do seu resultado regular romance *negro*. Que no topónimo *Nigrán* (onde é átona) se rexistre como *i* sen vacilación desde as atestacións medievais ata hoxe non debe ser obstáculo para adscribir o topónimo a esta familia léxica, dado o contexto fónico (ante *-gr-*; cfr. a pretónica de *igrexia*, procedente dun *e* latino). Outros derivados comúns presentes na toponimia (os mencionados *Negral*, *Negrelos*, *Negradas*, *Negreiros*...) presentan sempre *e* na pretónica, sen dúbida remotivados polo primitivo *negro*.

No galego central e oriental, un antropotopónimo en án de orixe latina⁴⁷ procede necesariamente dun xenitivo dun nome persoal en ANUS (como *Lebozán* < NEPOTIANI ou *Buxán* < BUSIANI, dos nomes *Nepotianus*, *Busianus*). No galego occidental, onde se localiza *Nigrán*, no resultado en án conflúe un segundo tipo de antropotopónimos de orixe latina: os que conteñen o resultado do acusativo de adxectivos creados a partir do nome persoal cos sufixos

⁴⁷ Un grupo numeroso de antropotopónimos galegos en án procede de nomes persoais de orixe xermánica en *-ANE(M)* OU ANI: *Forxán* < FROILANE, *Goián* < GAUDILANE etc. pero desbotamos a posibilidade desta orixe para *Nigrán*, que consideramos de orixe latina. No repertorio de formas onímicas de orixe xermánica empregadas na antroponimia galega medieval non se coñece ningunha que poida explicar o noso topónimo. Así e todo, no concello coruñés de Miño, parroquia de Perbes, existe un lugar chamado *Nigrofe*, topónimo que parece conter na súa terminación o xenitivo do elemento antroponímico xermánico ULFUS (HGN 374, 63), polo que quizais debamos consideralo un híbrido latino-xermánico composto deste elemento co latín NIGER. De momento, a falta de documentación antiga deste topónimo non nos permite saber cal foi a súa forma orixinaria.

ANU(M), ANA(M). Isto quere dicir que antropotopónimos coma *Lourenzá* < (VILLA) LAURENTIANA ou *O Saviñao* < (FUNDU?) SABINIANU tamén presentarían na zona de Nigrán un resultado en án.

Deste xeito, os dous étimos posibles para Nigrán son ou ben un derivado do nome *Nīger* coa forma NIGRANA(M) ~ NIGRANU(M) ou ben un xenitivo NIGR(I)ANI, do nome *Nigr(i)anus*. A diferenza entre unha ou outra orixe non só afecta ao nome do posesor, senón tamén á cronoloxía (Piel 1948: 147 e ss.), pois se a fórmula do xenitivo é propiamente medieval ou altomedieval (entre nós tivo o seu máximo rendemento na creación de topónimos nos séculos VIII e IX), a fórmula adxectival en ANA(M) ou ANU(M) corresponde fundacións anteriores: son *villae* e *fundi* galaicorromanos ou suevos, isto é, dun período que vai desde o século III ou IV ata o século VIII. Á súa vez, esa fórmula en ANA(M), ANU(M) comezara a empregarse no imperio romano para substituír a clásica sen sufixo derivativo (como *Via Appia*, *Fundus Aemilius* ou *Aquas Flavias*).

O uso de *Nigrianus* está documentado en Hispania (Kajanto 1965: 228) aínda que non posuamos atestacións no noroeste. *Nigrán* podería explicarse regularmente a partir do seu xenitivo NIGRIANI, quizais como nome dunha VILLA NIGRIANI, onde o latín *villa* ou o romance *vila* mantiñan aínda, como seguiu sucedendo durante séculos, un significado próximo ao orixinario latino *villa* ‘explotación agrícola’. A perda do iode (*Nigrán* e non **Nigrián*) non é anómala en galego nese contexto fónico, coma no nome *Cibrán* ~ *Cibrao* (< CIPRIANU). Pero sería igualmente verosímil un étimo a partir do xenitivo dunha variante sen iode *Nigranus*, creada a partir de *Niger* mediante o sufixo correspondente a ANUS, sufixo de altísimo rendemento na onomástica persoal latina e altomedieval. Esta forma *Nigranus* empregouse no Renacemento para latinizar apelidos de orixe eslava emparentados coa raíz érn- ‘negro’, coma no caso do bispo e historiador checo Jan ČernýNigranus.

Aínda que a evolución a *Nigrán* desde o xenitivo de *Nigr(i)anus* é perfectamente verosímil, o máis antigo dos rexistros que posuímos do topónimo, coa súa grafía *Nigrana*, parece apoiar o étimo que parte do nome persoal *Niger* mediante un feminino adxectival (VILLA) NIGRANA. Neste caso *Nigrán* sería un topónimo como *Lourenzá*, formas orixinariamente femininas (concordan con *villa*), mais aquí, polas características dialectais do galego occidental, perdeu a marca de xénero, como así mesmo acontece co nome do hoxe chamado *Cabo Touriñán*, que tamén é orixinariamente un feminino e aparece na documentación medieval como *Tauriniana* ou *insula Tauriniana*.

Tratándose dunha única atestación, e relativamente tardía, cabe a posibilidade de que o *Nigrana* do documento máis antigo sexa unha falsa latinización da forma romance. Na documentación medieval de Tui que aínda per-

manece inédita haberá sen dúbida outros rexistros en latín do nome, moitos deles anteriores á máis antiga das atestacións que coñecemos, que permitirán confirmar ou contradicir esta hipótese etimolóxica. Entre esa documentación a que non tivemos acceso estarán dous documentos mencionados polo P. Flórez (*España Sagrada* XXII, 106, 127-128) e por Ávila y La Cueva (II, 510) correspondentes á doazón do couto de Nigrán ao bispo de Tui e a súa confirmación en 1243. De momento, velaquí as atestacións que coñecemos do século XIII e da primeira metade do XIV:

Johannes Caluus, prelatuſ ecclesie de *Nigrana* (ano 1254, Oia, AHN, Clero, C. 1801, doc n^o 10).

in loco qui dicitur *Nigraam* (ano 1319, Oia, AHN, Clero, C. 1821, doc. n^o 19).

Johán Eanes de Lagar de Villa Noua, morador em *Nigrãa* (ano 1332, Oia, AHN Clero, C. 1826, doc. n^o 3).

Dominga Rrodrigues, moller que ffoy de Pero Eanes de Villa Meaa, que he na fllegesía de Ssan Ffijſ de *Nigraa* (ano 1338, Oia, AHN Clero, C. 1827, doc. n^o 7).

Johane Anes de *Nigraa* (ano 1315, Oia, AHN, Clero, C. 1819, doc. n^o 20).

Affonso Eanes, rreitor da egleia de *Nigraan* (ano 1349, Oia, AHN, Clero, C. 1830, doc. n^o 19).

em Barro, enna ffrigesía de *Ssam Ffijnz de Nigraãn* (ano 1350, Oia, AHN, Clero, C. 1831, doc. n^o 5).

Joham Peres do Canpo, morador em *Nigraãn* (ano 1350, Oia, AHN, Clero, C. 1831, doc. n^o 5).

enna ffreigressía de *Ssan Ffīs de Njgraãn* (ano 1356, Oia, AHN, Clero, C. 1832, doc. n^o 18).

As grafías das atestacións romances aquí transcritas tamén concordan co étimo en *ana* que suxire a forma latina da primeira, pero non debemos tomalas por probas inequívocas, xa que o dobre *a* das formas *Nigraa*, *Nigrãa*, *Nigraan* pode ser simple representación gráfica da vogal tónica nasalizada ou en contacto con consoante nasal; na mesma documentación de onde tomamos as citas reproducidas tamén podemos ver grafías idénticas en nomes procedentes de formas en ANE OU ANI: *Silvaan* (< SILVANI), *Gondiaan* (< GUNDILANE) OU mesmo *Johaana* (< IOHANNE).

Os indicios cronolóxicos que nos proporciona a advocación parroquial de Nigrán veñen apoiar tamén un étimo (VILLA) NIGRANA.

3. SAN FINS ~ SAN FIZ DE NIGRÁN

San Fiz ou *San Fins* (< SANCTU FELICE) é relativamente común no santoral galego. No Nomenclátor de Galicia constan 51 parroquias que teñen por advocación este santo (a décimo sétima advocación por orde de frecuencias), ademais de 13 entidades de poboación denominadas co haxiotopónimo *San Fiz*

ou *San Fins* (Navaza 2009: 192). En Portugal existen tamén 18 localidades chamadas *Sanfins*, todas ao norte do Douro (Amaral Frazão 1981: 705-706).

Estes nomes tiveron orixe no culto de San Fiz, *Sanctum Felicem Gerundensem* (*Sant Feliu, San Félix, San Felice*), un dos santos característicos da Hispania Tarraconense, mártir dos primeiros anos do século IV, en ocasións emparellado co seu contemporáneo San Cucufato ou Cugat de Barcelona, tamén mártir, que non só tivo culto en Galicia senón que deixou pegada toponímica en *Sancovade* (< SANCTU CU[CU]FATE), en Samos.

O culto de San Fiz comezou pouco despois do seu martirio e non tardou en estenderse desde Xirona, onde era venerado como santo local, a outros lugares. No século V xa había unha igrexa na Galia, en Narbona, que o tiña por titular; Gregorio de Tours (538-594) dedícalle un capítulo do seu *De gloria martyrum* referindo un milagre ocorrido na basílica do santo, e en Hispania debeu coñecer parella difusión pola mesma época, en ocasións confundido con outros santos homónimos, especialmente o contemporáneo itálico San Fiz de Nola (*Santo Felice di Nola*), aínda que unha inscrición de Guadix datada no ano 652 é ben explícita ao referirse a «*Sci Felicis Gerundensis*». A celebración de San Fiz de Xirona pertence ao fondo antigo da liturxia hispana; a súa festividade figura en todos os calendarios mozárabes, que sinalan para ela o primeiro día de agosto (García Rodríguez 1966: 305, 307).

Ao noroeste peninsular o culto deste San Fiz de Xirona debeu chegar tamén nunha época temperá, nos últimos tempos da Gallaecia romana ou no período suevo. Un dos mosteiros fundados por San Froitoso na primeira metade do século VII estaba dedicado a este santo (García Rodríguez 1966: 306), e o seu discípulo e biógrafo San Valerio do Bierzo, tamén do século VII, ofrécenos nunha pasaxe da súa *Replicatio sermonum a prima conversione* unha caracterización de San Fiz como un dos santos propios da instalación do cristianismo *in partibus infidelium* e do combate cos cultos pagáns:

«cunque in excelsi montis cacumine stulta populi sacrilega caecitatis dementia profana daemonum delubra impie insipienter paganorum ritu excoleret, fidelium christianorum ope tandem probosa obscenitas destruitur, opeque omnipotentis Domini *in nomine sancti Felicis martyris basilica construitur*» (Valerius Bergidensis, *Replicatio sermonum*, segundo o ms. de Alcobaça, citado por García Rodríguez 1966: 431).

Xa que logo, o culto a *San Fiz* é un indicio de antigüidade da parroquia e do seu nome, polo que debemos considerar esta advocación como proba a favor da hipótese de que *Nigrán* contén o resultado dun antigo *VILLA(M) NIGRANA(M)*.

No nomenclátor e na rotulación viaria de Nigrán, a advocación parroquial aparece hoxe como *San Fiz*. A variante local, non obstante, era *San Fins*, coa

nasal secundaria xerada coa caída do *l* intervocálico, igual ca noutras áreas do galego occidental e en particular da zona tudense, e coincidente coas formas portuguesas veciñas (*Sanfins*).

Na segunda metade do século XVI, logo do concilio de Trento, o proceso de revisión do santoral e do calendario que culminaría no pontificado de Gregorio XIII⁴⁸ fixo que algúns santos tradicionais que non se axustaban ao santoral canónico ou presentaban dificultades onomásticas sufrisen alteracións no seu nome ou na súa identidade⁴⁹. A coincidencia da festividade de San Fiz coas solemnidades romanas de San Pedro *ad Vincula*, o primeiro día de agosto, deu orixe a unha advocación mixta que en Galicia se rexistra coas variantes *San Pedro Fiz*, *San Pedro Fins* e *San Pedro Félix* e en Portugal como *São Pedro Fins* e *São Pedro Félix*, aínda que nalgún caso chegou producirse a substitución da advocación orixinaria pola de *San Pedro*. Así e todo, nestas alteracións só se viron afectadas as advocacións parroquiais, non os haxiotopónimos constituídos polo nome tradicional do santo. A alteración da advocación tivo diversa fortuna nunhas parroquias e noutras, supoñemos que segundo o maior ou menor grao de enraizamento do haxiónimo tradicional na cultura local⁵⁰.

Para a advocación parroquial de Nigrán, a partir de mediados do século XVI atopamos a miúdo nas fontes eclesiásticas *San Pedro Fiz*, *San Pedro Finz* ou *San Pedro Félix*, igual que sucedeu noutras advocacións idénticas. Con todo, a forma patrimonial *San Fins* ou *San Fis de Nigrán* segue a aparecer esporadicamente na documentación escrita ata o século XIX, polo que deducimos que era a usual na fala. Das diversas formas castelanizadas ou desgaleguizadoras acabou por impoñerse nesas fontes a forma latinizante simple *San Félix* (contrariamente ao que sucedeu noutras parroquias galegas e portuguesas, onde se consolidaron, polo menos na tradición escrita, formas compostas *San Pedro Fiz*, *San Pedro Fins* ou *San Pedro Félix*). Ávila y la Cueva, ao tratar da advocación de Nigrán, emprega tamén o nome simple, e non o composto co de San Pedro: «la iglesia de Nigrán venera por patrono tutelar a San Félix Mártir de Gerona, a quien celebran su fiesta el 1º de Agosto» (Ávila: II, 511). Na documentación de orixe eclesiástica do século XVI vemos que o nome simple da advocación tivo que competir coa variante composta con *Pedro*, que non chegou a triunfar; nos textos apare-

⁴⁸ A reforma do calendario é de 1582. En 1586 e 1589 publicouse o *Martyrologium Romanum* de Baronius, que serviu de referencia para o santoral antigo.

⁴⁹ Por exemplo, o tradicional *San Amaro* foi equiparado desde instancias eclesiásticas oficiais con *San Mauro*, de xeito que este nome pasou a interpretarse como a forma castelá ou a castelanización de *Amaro*.

⁵⁰ Algúns exemplos da disparidade de solucións en nomes de freguesías portuguesas que conteñen este haxiónimo: a freguesía de *Sanfins da Castanheira* (Chaves) ten por orago *San Pedro Fins*; a de *Sanfins* (Valença), *San Pedro Félix*; a de *Sanfins* (Valpaços), *San Pedro* (Amaral Frazzê 1981: s.v.).

ce tamén con variantes castelanizantes como *San Feliz*, *San Felice* ou *San Fínez*, que seguramente non tiveron uso real e han de ser só o resultado dunha tradución espontánea, no momento da escrita, da forma *San Fins* da fala:

...lugar y felegresia de *San Pedro Finz de Nigran* a beinte y ocho días del mes de setiembre del dho año de mill e quinientos e cincoenta y sete anos (ano 1557, Baiona, Colexiata, Apeo vello, AHN Clero L. 9998, f. 450r).

...en el lugar de *San Pero Finz de Nigram* al primero día del dho / mes de septubre [sic] del dho ano de mill e quinientos y cincoenta y sete anos (ano 1557, Baiona, Colexiata, Apeo vello, AHN Clero L. 9998, f. 454r-v).

felegresia de *san pedro finz de Nigran* (ano 1578, Apeos de Tui na Cámara de Parada, AHN, 112r, Clero L.20219).

sant pedro finz de Nigran (ano 1578, Apeos de Tui na Cámara de Parada, AHN, 113v, Clero L.20219).

Cassal de Vilamean (...) en la dha fra. de *Sant Pedro Finez de Nigran* (ano 1578, Apeos de Tui na Cámara de Parada, AHN, 126v, Clero L.20219).

Juan de San Roman, bezino de la felegresia de *San Felice de Nigran* (s. xvii, Baiona, Colexiata, libro 3º de foros 1612-1709, AHN, Clero, L. 19931, f. 6r).

No Catastro de Ensenada (1752) figura como *San Phelix de Nigrán*. Ata finais do século xx a parroquia constaba nos nomenclátore oficiais como *Nigrán (San Félix)*. Na actualidade, a forma da advocación que recolle o *Nomenclátor de Galicia* (2003) é *San Fiz*.

4. GONDOMAR

Gondomar é topónimo exclusivo de Galicia e do norte de Portugal. Ademais da parroquia e o concello miñoráns, no territorio galego levan este nome dúas aldeas no concello da Estrada (*G. de Arriba* e *G. de Abaixo*). En Portugal *Gondomar* é o nome de oito localidades, todas situadas no norte do país, entre elas a cidade de *Gondomar*, no distrito do Porto.

O topónimo ten orixe nunha forma *Gundemari*, xenitivo dun nome persoal *Gundemaro (Gundemarus)*, un nome da tradición onomástica xermánica medieval achegada por suevos e visigodos. É un antropónimo bímembre; o primeiro elemento corresponde ao moi común *Gund / Gunt* ou *Gond / Gont*, presente noutros moitos nomes como *Gonderedus*, *Gundimirus*, *Gundinus*, *Gundisalvus* ou *Gundulfus* e procedente do gótico **gunþi* ‘combate, loita’ (HGN 163) e o segundo, *-marus*, menos frecuente (presente por exemplo en *Baldomarus*) é probable adaptación dun gótico **mahra* ‘cabalo’ (HGN 200, 310). A diferenza doutros nomes de orixe xermánica que se documentan na península desde o século v, *Gundemarus* só

se rexistra a partir do VII. A atestación máis antiga en que o atopamos aparece como cognome dun dos reis godos, *Flavio Gundemaro*, que ocupaba o trono do reino visigodo de Toledo no ano 611. Fóra dese caso, todas as atestacións do nome (e dos seus derivados patronímicos ou toponímicos) anteriores ao ano 1000 se sitúan no noroeste peninsular, no territorio da antiga Gallaecia, comezando polo nome dun bispo de Viseu chamado *Gundemaro*, no mesmo século VII (HGN: 165), o que permitiría consideralo un nome máis suevo ca visigodo.

Na documentación galega en latín dos séculos VII a XI, o nome *Gundemaro*, aínda non sendo dos máis frecuentes, non pode considerarse insólito, dadas as varias ducias de galegos chamados así que nos ofrece o CODOLGA, entre eles un curioso *Gundemaro Lubiçome* (ano 1062, Celanova), cun sobrenome que constitúe a máis antiga documentación do romance *lobishome*. Nese século XI o nome de *Gundemaro* xa comezara a caer en desuso e no XII desaparece por completo, de xeito que se pode establecer que o seu período de vixencia no repertorio onomástico persoal galego vai do século VII ao século XI. Nese mesmo período tivo que producirse o nacemento dos diferentes topónimos *Gondomar*.

Algúns dos *Gondomar* portugueses, o mesmo ca outros topónimos galegos idénticos que non sobreviviron (polo menos na toponimia dos núcleos de poboación, aínda que quizais sobrevivan como microtopónimos) están documentados desde os séculos IX e X. As atestacións que coñecemos do noso *Gondomar* de Miñor son máis tardías, pero o máis probable é que sexa tan antigo coma os demais. Na mencionada carta de 1106 en que a raíña dona Urraca e o seu esposo o conde Raimundo de Borgoña acoutan a Paio Godareiz e a súa muller a vila de Vilaza, lese:

In Dei omnipotentis nomine. Ego, quidam comes Raimundus totius Gallacie dominus, una cum coniuge mea donna Urraca Adefonsi, totius Ispanie imperatoris filia, vobis, Pelagio Godareiz, et uxori vestre donne Maiori facimus kartulam de cauto quod imponimus cuidam vestre ville que vocatur Villaza. Oriturque cautum illius in Varcenam Rotunda et vadit per divissionem que est inter fontanum et ipsam Villam Azam cuius est cautum et in locum qui dicitur Eirola ubi addidit Latanias et inde per villam viam recta linea ad fogium; de sobreira ventosa autem it per illam viam currituriam Sancte Elaie, et vadit per recortum et inde ad flumen Minoris ubi dicunt Pelagum nigrum postea ad Portelam, inde vero per illum lumbum usque feret in Grovam *super Sanctum Salvatorem de Gandari*, et vadit ad squilarem et inde per illum vallum inter ipsam ecclesiam de Paratelam et feret in illum pontem de Varcena ubi prius incoavimus (ACTui, publicada por Pallares e Portela 1971).

Ese *Sancto Salvatore de Gandari* debemos interpretalo como erro de copista ou de lectura por *Sancto Salvatore de Gondomar* ou *Gondomari*, xa que se sitúa, xunto con outros topónimos recoñecibles que sobreviven na

actualidade, na liña de demarcación que pasa polo río de Zamáns (*Miñor* no documento) no sitio chamado do Pego Negro (*Pelagum Nigrum*) e segue polo camiño que vai por riba de San Salvador (quizais o camiño do Picoto, detrás da igrexa actual?) ata a Paradela, ou sexa, a vila de Gondomar. A *Paradela* (un diminutivo de *Parada* < PARATA, un topónimo viario, quizais replicante de *Parada de Miñor*) é aínda hoxe a denominación do núcleo urbano onde se encontra a casa consistorial de Gondomar, un topónimo de uso exclusivamente local, pouco coñecido e menos usado polos non nativos, que vai esmorecendo ante o emprego do nome da parroquia e do concello para denominar todo o núcleo urbano da vila⁵¹. Do documento ten especial interese que apareza San Salvador como advocación da freguesía, pois igual que sucede con *Nigrán*, o haxiónimo achega información para datar a orixe da parroquia.

O *San Bieito* actual é, xa que logo, produto dun cambio de advocación que se produciu despois de 1106. Como o culto de San Bieito foi especialmente promovido polas institucións monásticas, é verosímil que a substitución se producise poucas décadas máis tarde, por influencia do mosteiro de Santa María de Oia (fundado en 1132), que durante séculos contou con dereitos, rendas e propiedades en todo o val e nas illas, ou ben do aínda máis próximo mosteiro bieito feminino creado a mediados dese século (c. 1149) en *Santa Baía de Miñor*, na marxe esquerda do río, que deixou pegada no nome da parroquia de Donas⁵². A titularidade vella de Gondomar, *San Salvador* (isto é, Cristo), constitúe tamén unha das advocacións parroquiais propias do santoral hispánico antigo, previo á gran crise do século VIII (García Rodríguez 1966: 109), o que concorda coa posibilidade de que o *Gundemaro* que orixinou o noso topónimo vivise no século VII, tal como se daba a entender na primeira explicación etimolóxica do nome de Gondomar, formulada por Prudencio de Sandoval a comezos do século XVII.

Sandoval, bispo de Tui entre 1608 e 1612, erudito cronista da orde do bieitos e amigo persoal de Diego Sarmiento, o primeiro Conde de Gondomar, en cuxo pazo miñorán pasou longas tempadas, na súa *Antigüedad de la ciudad y yglesia cathedral de Tuy* (1610) consideraba o topónimo *Gondomar* como un dos principais vestixios atribuíbles aos suevos no territorio da diocese tudense e identificaba o individuo Gundemaro que deu orixe a ese topónimo

⁵¹ Na actualidade, dun xeito paralelo, o nome de *Vilameán* (o principal núcleo de poboación da parroquia de Nigrán e capital do concello) está sendo substituído polo nome de *Nigrán*, especialmente entre os forasteiros. Ao estar situado na área de expansión demográfica de Vigo, é moi alta a poboación de orixe foránea. No veciño concello de Tomiño, limítrofe con Gondomar, o nome da capital (*O Seixo*) padece a mesma competencia fronte ao nome da parroquia e do concello (*Tomiño*).

⁵² No *Nomenclátor de Galicia* (2003) figura o nome da parroquia como *Donas (Santa Baía)*. A denominación máis común na actualidade é *Donas*, pero entre a poboación nativa a parroquia é coñecida simplemente como Santa Baía (que, xa que logo, non é só advocación senón tamén haxiotopónimo), continuación do *Santa Baía das Donas* con que aparece en toda a documentación histórica.

como un dos seus reis: «y sabemos que los Sueuos viuieron en ella, y assi quedaron cerca lugares delos nombres delos Reys, como *Gondomar*, de *Gondemaro*» (Sandoval 1610: 8v).

Sandoval sabía sen dúbida que o único rei rodocumentado daqueles tempos que levou ese nome non era rei suevo, senón do reino visigodo de Toledo (*Flavio Gundemaro*), por iso a continuación insiste na vinculación tradicional dos reis godos co territorio do antigo reino suevo, onde presumiblemente pasaban os príncipes do reino de Toledo os seus anos de formación, o cal apoia no exemplo do rei Witiza, cuxa vinculación co territorio tudense ten apoio documental:

Y despues los Godos echando los Sueuos de Galicia, venieron aqui, y dicen muchos autores y es tradición de la tierra que embiaban los Reys a criar sus hijos en esta ciudad [...]. Aqui se crio Vuitiça [sic] desde niño, y siendo de diez y seis años, año de seyscentos [sic] y nueue, el Rey Egiça le nombro por compañero y sucesor en el Reyno y diole la prouincia de Galicia y que residiese con su corte en Tuy (Sandoval 1610: 8v).

Outros autores do século xvii e do xviii aceptaron e repetiron a hipótese de Sandoval que vincula o nome de Gondomar cun suposto rei suevo chamado Gundemaro. No século xviii, o Padre Sarmiento, que coñecía a obra do bispo de Tui, parece non compartir enteiramente esa opinión; no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1757-1762) límitase a incluír o nome de Gondomar na relación dos pertencentes á clase sexta, formados a partir de nomes persoais “suevos o godos”, pero non o asocia a rei ningún. No século xix, Francisco Ávila y la Cueva considerou a hipótese de Sandoval conxectura sen fundamento e non lle concedeu creto. Ao rexeitar por fantástica a atribución da fundación de Gondomar ao rei Gundemaro, Ávila rexeita tamén a explicación, que hoxe temos por incontrovertible, de que o topónimo proveña dese nome persoal de orixe xermánica e sostén que ha de ser un topónimo prerromano, creado polos “antiguos habitantes de Galicia” (Ávila: II, 267). Atribuírlle a fundación dunha poboación a algún importante personaxe do pasado sen máis apoio ca algunha semellanza nos nomes foi, en efecto, un lugar común de certas fantasías propias da etimoloxía e a historia precientíficas. A diferenza desas atribucións, a hipótese formulada por Sandoval, aínda carecendo de apoio documental, non deixa de ser verosímil, se consideramos non só a antiga advocación parroquial de San Salvador, que fai pensar nunha fundación no século vii, senón tamén o feito de que, tal como intuía o bispo erudito, o nome de *Gundemaro* pode cualificarse de suevo, pois onde se rexistra o seu uso é na área do antigo reino suevo, do mesmo xeito que tamén son exclusivos desta área os topónimos derivados del, desde o Gondomar do

distrito de Viseu (o extremo meridional dos territorios consignados na *Divisio Theodomiri* ou *Parroquial suevo*) ata unha *Cella Gundemari in ripa de Mero*, nas mariñas coruñesas, que non sobreviviu ata hoxe e que aparece rexistrada nun documento compostelán do ano 830. Que un rei godo de Toledo puidese portar un nome característico dos suevos obríganos a considerar a posibilidade de que teña relación con estes. No ano 585 o reino suevo fora derrotado e anexionado polo reino visigodo, pero iso non impediu que o territorio dos suevos continuase gozando de certa autonomía e que algúns sectores da súa nobreza alcanzasen o poder na nova metrópole. Non ha de esquecerse que os visigodos vencedores acabaron por aceptar a relixión dos suevos vencidos, nunha época en que é moi vaga a fronteira entre o poder relixioso e o civil e militar. Non é inverosímil, pois, que o Gundemaro que deu nome a Gondomar fose o mesmo que exerceu de rei en Toledo. Para un dos *Gondomar* portugueses hai indicios que permiten afirmar que foi fundación do bispo Gundemaro de Viseu, que viviu no século VII. O máis probable, con todo, é que os diferentes *Gondomar* fagan referencia a un señor local, como sucede coa maior parte dos topónimos derivados dun antropónimo en xenitivo.

Aínda que Prudencio de Sandoval non dispoñía de suficiente información da *Tude* do tempo dos suevos, parece que encontrou na cidade unha arraigada tradición (“dicen muchos autores y es tradición de la tierra”); con todo, o *suevismo* que manifesta en varios capítulos da *Antigüedad de la ciudad y yglesia cathedral de Tuy* (1610) débese a outras motivacións. A súa é unha obra composta e publicada na época da anexión do reino de Portugal á coroa de Castela, no contexto dunha política promovida polos reis da casa de Austria co obxecto de estreitar as relacións de Portugal cos outros reinos da coroa, e na dimensión eclesiástica desa política advírtese a decidida vontade de reforzamento das relacións da diocese de Tui coa súa antiga capital arquidiocesana (é significativo que o libro se publique, en castelán, en Braga), de aí a importancia que Sandoval lle concede ao pasado común galegoportugués do reino suevo. Deste xeito, Sandoval é o principal precedente dos autores relacionados con Tui que no Rexurdimento galego do século XIX promoveron a exaltación do pasado suevo, como o historiador Leopoldo Martínez Padín ou o literato Teodosio Vesteiro Torres, que acuñou o topónimo *Suevia* como sinónimo historicopéutico de Galicia.

5. BAIONA

As tentativas de explicación etimolóxica do nome da vila de Baiona contan tamén cunha longa tradición escrita, que remonta polo menos ao século XVI. A versión de máis arraigamento popular é un xogo de enxeño ou interpre-

tación xeroglífica que segue os modelos da *arte etimolóxica* empregada na heráldica: frágmenbase o termo opaco e relaciónase cada fragmento cun termo transparente que lle outorga significado; os nomes dos veciños concellos de Nigrán e de Gondomar teñen igualmente as súas etimoloxías populares que seguen o mesmo procedemento⁵³. Estas etimoloxías populares e lendas etiolóxicas tamén forman parte da historia cabal dos topónimos, por máis que non teñan relación coa ciencia da etimoloxía. Polo que se refire ás hipóteses máis eruditas ou científicas que tentaron explicar o nome de Baiona, algunhas ignoran a documentación medieval, que neste caso é imprescindible para sabermos a orixe do topónimo, e algunhas das que si a coñecen non a interpretan correctamente.

O licenciado Molina, na súa *Descripcion del Reyno de Galizia y de las cosas notables del*, publicada en Mondoñedo en 1550, inicia con Baiona a relación “De los puertos de mar”:

Y luego comienço, mas no del peor,
Sino el primero, que llaman Uayona,
Aqueste se dize que tiene corona
De ser de navios escala mejor (fol. 25).

E na parte correspondente en prosa comenta:

Aquel pueblo de Vayona se llamaua antigamente Voyana, por vn buey que tiene por armas, y corrupto el vocablo se dize Vayona: otros dizen que se llama Vayona por Vaya [léase <baía>], porque es la mejor playa del rio. Lo alto de la villa se llamaua Monte de Buey, y agora se dize Monte Real, despues que el Rey Catholico la libertó de todo pecho (fol. 25).

Estas dúas explicacións do nome de Baiona, ben pola *nao* e o *boi* heráldicos que aínda perviven hoxe no escudo municipal ou ben como derivado de *baía*, repítenas case todos os autores posteriores, sobre todo para refutalas, especialmente a primeira. O nome non pode vir do escudo, naturalmente, pero o escudo si vén do nome, isto é, o escudo de Baiona contén unha etimoloxía do topónimo, aínda que sexa segundo os procedementos da *arte etimolóxica* do brasón e non os principios da lingüística histórica. E pode dicirse ademais que o escudo de Baiona está en lingua galega, que a súa lectura heráldica se fai en galego, xa que require o substantivo *boi*, do mesmo xeito que se pode dicir que se fixo en galego ou que é unha creación da lingua galega a escolla da vieira como símbolo do Camiño de Santiago, pois só en galego se producía a homfonía entre o adxectivo derivado de *VIA* ‘camiño’ e o nome da cuncha, un adxectivo derivado de *VENUS*. A representación heráldica do topónimo Baiona é especialmente manierista ou artificioso.

⁵³ O nome viríalle ao primeiro dun tempo en que se estragaban as colleitas e non quedou *ni gran* e o segundo de que no pasado aquela terra estaba no *ghondo do mar*.

sa, pois en vez de fragmentar o topónimo, o habitual dos *escudos parlantes*, que entenden o nome como un composto dos seus emblemas (cf. as armas do apelido *Bolaño*, que conteñen un bolo e un año), a relación de Baiona con *boi* e *nao* constrúese mediante o anagrama (as mesmas letras en distinta combinación); é un xogo de letras ademais dun xogo de palabras. O anagrama é imperfecto, pois altera unha vogal (cando di o Licenciado Molina que antigamente se chamaba *Voiana* talvez quixo dicir *Voiona*, que satisfai o anagrama), pero é un feliz achado como xogo de palabras ou *agudeza*, por encontrárense os emblemas remotivados: a *nao* polo carácter portuario e mariñeiro de Baiona e o *boi* polo nome da punta ou promontorio do *Monte do Boi* (oficialmente rebautizado máis tarde como Monte Real, onde se ergue na actualidade o parador Conde de Gondomar).

Dúas décadas despois da publicación do libro de Molina, o humanista Ambrosio de Morales é o primeiro en facer referencia ao documento fundacional do topónimo. Na *Viage de Ambrosio de Morales por orden del rey D. Phelipe II a los Reynos de León, y Galicia, y Principado de Asturias*, realizada no ano 1572, no apartado dedicado a Santa María de Oia di:

Monesterio de Cister cerca de Bayona, y quasi à la Costa. Es Fundación y Dotación del Emperador D. Alonso. Dióle el Emperador al Monesterio la Villa de Baiona, y dice en el Privilegio “Et nolumus ut vocetur ut antea *Erizana*, sed imponimus ei nomen *Baiona*”. Despues los Reyes siguientes tomaron à Bayona por la importancia de su Puerto, y dieron al Monesterio en recompensa un termino redondo que llaman Coto.

De lo que dice el Rey en su Privilegio se entiende quan mala fabula es lo que dicen en Bayona, trayendo la Villa una Nao y un Buey por Armas, dicen que de ambos vocablos Buey y Nao se juntó el nombre de Bayona. (Morales, Tit. 53. P. 141).

A parte inicial do texto induce a erro na súa literalidade. Afonso VII fundou e dotou Santa María de Oia en 1132 e na década de 1130-1140 dooulle ao mosteiro a vila e porto que daquela aínda se chamaban *Erizana*, aparentemente un adxectivo feminino derivado de *ERICIUM* ‘ourizo’. A frase en latín que reproduce Morales corresponde a un documento sesenta anos posterior, do momento en que *los Reyes siguientes tomaron à Bayona por la importancia de su Puerto*. É a carta de poboamento emitida o 7 de maio de 1201. O monarca xa non é o Emperador, Afonso VII, senón o seguinte Afonso, hoxe chamado Afonso IX⁵⁴. A Morales non parece importarlle tanto a precisión cronolóxica (non ofrece datas) como desacreditar a tradición recollida xa por Molina, e demostra que o topónimo non pode ser corrupción de *boi* e *nao* porque nese documento en latín xa aparece como *Baiona* no intre en que

⁵⁴ “Afonso oitavo chamado noveno”, propiamente o oitavo no cómputo galego ou leonés, e tamén na época: no século XIII, o rei que coñecemos como Afonso X o Sabio era Afonso IX (cf. o título completo de *Las Siete Partidas del Sabio Rey don Alfonso el nono*).

se lle impón á vila, antes chamada doutro xeito. Non se pronuncia acerca de onde sae o novo nome.

Quen si se pronuncia sobre esa cuestión é o bispo tudense Prudencio de Sandoval, que dedica especial atención a Baiona na *Antigüedad de la ciudad y yglesia cathedral de Tuy* (1610) porque «la villa de Bayona es el lugar de mas importancia que el Rey tiene en Galicia». No apartado que comeza baixo o epígrafe *Población de Bayona. / Era 1239. Año 1201. 7 de Mayo*, describe a punta do Monte do Boi dicindo que está *metida en la lengua del mar como el calcaño de un çapato* e engade:

Cerca deste montizillo de peñas, por las montañas, valles y llanos vezinos, auia muchos lugarejos... [...] Los más nombrados destes lugares eran dos que se llamauan el vno Erizana, otro Bayona; fueron, o la mayor parte dellos, del monesterio de santa Maria de Oya, que está allí cerca fundado en la misma ribera del mar, como tengo dicho; en su archiuo está la carta de vna nueva población que el rey dō Alonso de Leon hiço donde agora está Bayona en el año de Christo de 1201 a 7 de mayo, siendo obispo de Tuy don Pedro, y en esta carta les dio los fueros y leyes que auian de guardar los nuevos pobladores, que por ser todo tan notable y que tanto toca a este Obispado, los pondre aqui, sacados del mal latin que tienen (Sandoval, 141v-142r).

E a continuación dedícalle varias páxinas á paráfrase e comentario do documento. Nelas lemos:

Dice que concede y dà al consejo de Bayona, o Erizana derechos y fueros o costumbres con que viuan y tengan su villa en justicia [...] dales el lugar de Erizana para que pueblen en el, con sus terminos y diuisiones, de manera que hagan vna buena villa & impono (dice) *eidem villa de nouo nomen Bayonam*. Y les dà que los moradores desta villa no paguen portazgo en todo el Reyno... (Sandoval, 142r).

Fronte á pregunta que Morales deixara sen responder, Sandoval opta por supoñer que o nome de Baiona era previamente a denominación dalgún dos lugares dos arredores, isto é, admite que antes de 1201 xa existían dúas po-boacións veciñas chamadas unha *Baiona* e outra *Erizana*. O bispo de Tui non podía descoñecer o verdadeiro significado da locución adverbial *de nouo* do texto latino, porque daquela *de nuevo* aínda tiña no seu castelán nativo o mesmo significado, que non era o actual, senón o equivalente a ‘por primeira vez’⁵⁵. Mais neste caso o rigor do historiador someteuse á vontade pastoral do bispo, que se viu obrigado a admitir que Baiona xa existía con este nome polo menos no século XII para non entrar en contradición co que di noutra parte do seu libro ao tratar das nove mártires xemelgas do tempo dos romanos que se veneran principalmente como Santa Quiteria e as súas irmás ou ben como

⁵⁵ Sirva de exemplo a edición de Alcalá do Lazarillo, que se anuncia baixo o título como «nuevamente impresa, corregida y de nuevo [= ‘por primeira vez’] añadida», editada no ano 1554 (Sandoval nacera en 1553). O mesmo significado tiña en galego en contextos coma este dun documento de Oseira do século XIV que recolle o TMILG: «das vinnas que vos Domingo Vidal fezerdes *de nouo* daredes terça en vossa vida...».

Santa Librada ou Liberata e as súas irmás (esta é a denominación en Baiona, onde contan con templo propio erixido en 1701). Segundo algunhas lendas haxiográficas medievais, as mártires naceran nun lugar impreciso chamado *Valcagia* ou *Balchagia*, que certa tradición baseada nuns apócrifos *Beviarios de Sigüenza* identificaba con Baiona de Galicia. Sandoval encargouse de achegar a autoridade de certo Julián Arcipreste de Toledo, que vivira *polos los años de mil y ciento* e a quen o bispo de Tui cualifica como *el mas raro ingenio que ha auido en España, cuyo libro de letra Gothica está en el Escorial*. Dese libro transcribe o bispo o seguinte:

Natae sunt (dice Iulian) istae diuinae sorores Geniuera, Eumelia, Victoria, Germana, Gema, Martiana, Quiteria, Basilisa, Vuilgefotris vel Liberata vno partu in ciuitate Gallaciae *Valcagia*, quae nunc dicitur *Bayona*, prope ciuitatem dictam Tudensem (Sandoval 36v-37r).

Valcagia, a cal chaman agora (supostamente o século XII) *Baiona*. Son moitos os autores posteriores que seguen considerando *Valcagia* ou *Balchagia* un nome antigo de Baiona. Huerta y Vega, nos *Anales de Reyno de Galicia* (1773), menciona todos os antigos nomes erradamente atribuídos pero omite o auténtico de *Erizana*:

Siguiendo la costa, la primera que se ofrece es la Villa de Bayona, sobre cuyo nombre varían sumamente los Escritores. Unos quieren es la que los Romanos llamaron Aqua Augusta, de cuyo dictamen es Orlandino, pero con conocido yerro, pues la equivoca con la Bayona de Francia, que es cierto tuvo este nombre. Otros, cuyo dictamen son Vasco y Florián de Ocampo, quieren fuesse la que llamó Labrica Appiano, y nuestro Pomponio Mela Lambriaca, ciudad nobilissima y señalada en la Conquista de Bruto. Pero por la mesma Conquista se reconoce que Lambriaca es muy distinta del sitio de Bayona. Y assí el nombre cierto de Bayona es el que le dan las Actas de las nueve hermanas sus naturales, donde se llama Balchagia. Oy se llama Bayona, ó por un Buey que tiene por Armas, como quieren unos, que en el idioma del país se dice Boy o segun otros, porque su Rivera es la mejor vaía de la costa (Huerta y Vega 1773: I, I, 4).

O pergamiño que contén o texto da carta de poboamento de Baiona do ano 1201, que o bispo Sandoval puido ver en Santa María de Oia a comezos do século XVII, permaneceu no arquivo do mosteiro ata mediados do século XIX, xa que o puido consultar tamén Ávila y la Cueva. De Oia pasou á Academia da Historia, en Madrid, e na actualidade ignórase o seu paradiro (Bernárdez Vilar 2003), polo que nos interesan sobre todo as escasas citas literais do documento en latín, especialmente o *Et nolumus ut vocetur ut antea Erizana, sed imponimus ei nomen Baiona* que xa reproducía Morales e este *impono eidem villa de nouo nomen Bayonam* que inclúe Sandoval entre a súa paráfrase en castelán. Moitas das cláusulas regulan cuestións de carácter mercantil e revelan a vontade do rei de fomentar un porto comercial próspero na vila. Faise mención explícita do comercio marítimo con Francia, con

naves francesas que chegan a Baiona ou mercadorías do país que se envían a Francia, ao porto da Rochela:

De la barca Francesa se ha de dar al Rey sesenta sueldos, y pagados, quela libre el maestro de la nave con sus marineros y con su haçienda; si vinere alguna naue francesa al puerto, y no descargare todo lo que trae, pague al Rey trecientos sueldos (...). Qualquier carga de otra haçienda que fuere a la Rochela, un sueldo, assi de Carabela como de Pinaza (Sandoval, 146r-146v).

Francisco Ávila y la Cueva, que puido consultar o pergamiño conservado en Oia, volve reproducir na súa obra (c. 1852) unha paráfrase dos *fueros dados a los pobladores de Bayona*, incluíndo partes que omitira Sandoval. Advirte tamén o erro en que incorrera Ambrosio de Morales ao identificar a Afonso VII con Afonso IX, achéganos a información de que a carta de Baiona fora despachada polo rei *en una de las islas de Bayona nombrada del Faro*, onde se atopaba o mosteiro de *Santo Estevo de Sías* ou *Cíes* (Ávila: II, 118), aínda que cremos que o *Faro* do texto (*facta carta... apud Farum*) ha de ser máis ben a cidade da Coruña, daquela chamada *Faro*. Polo que respecta ao nome de Baiona, Ávila é concluínte:

...se lee lo siguiente, como copia el Sor Sandoval: *Et impono eidem villae de novo nomen Bajonam* etc., y pongo a la misma villa de nuevo nombre Bayona. Por donde resulta clara y evidentemente fue el espresado Rey Dn Alonso 9º quien impuso a la dicha población el nombre de Bayona que hoy tiene y que hasta su tiempo no ha sido conocida con el, y sí le daban el de Erizana. De consiguiente queda sin fuerza ni vigor todo quanto en contario se ha escrito sobre el particular (Ávila: II, 117).

Obsérvese tamén que corrixe en *Bajonam* a lectura *Baionam*, *Bayona* de Morales e *Bayonam* de Sandoval. O <j> representa a vogal. Dado que Ávila coñecía as versións precedentes e puido ver o documento orixinal, debemos conceder creto á súa transcripción.

Para Ávila y la Cueva non hai dúbida de que o topónimo non existía antes de 1201, aínda que tampouco dá resposta explícita á cuestión de onde procede o novo nome de Baiona que impón o rei. Non faltan autores, anteriores e posteriores, que suxeriron a posibilidade de que ese nome de Baiona puidese ser *eco de la de Gascuña*, ou sexa, da *Baiona* vascofrancesa (*Baiona* tanto en éuscaro coma en gascón, igual ca hoxe, *Bayonne* na adaptación ao francés). Rodrigo Méndez Silva, na *Población general de España* (1675) supón que foron galos os que impuxeron o nome *en memoria de la suya francesa*, pero sitúa o feito na prehistoria:

Fundaronla compañeros de Diomedes, quando à Ribadavia, llamandola Erizana. Despues la amplificaron Galos Celtas 290 años antes de la humana Redencion, y dixeron Bayona en memoria de la suya Francesa. El Licenciado Molina dize tomò el nõbre Bayona de vn buey que tiene por armas, corruto el vocablo, quedò Bayona. Otros quieren

resultasse de Baia siendo la mejor playa del río. Mas cierto es lo impusieron Franceses. (...) la poblò nuevamente el Don Alonso Dezimo [sic] de Leon. Año 1201, empeçando à 7 de Mayo, que largamente privilegiò (Méndez Silva 1675: 181).

Reproduce case literalmente as palabras de Méndez Silva setenta anos máis tarde Juan Antonio Estrada («la dixeron Bayona en memoria de la de Francia») na obra case homónima de 1747 (*Población general de España: sus reynos, y provincias, ciudades, villas y pueblos, islas adyacentes y presidios*), pero na edición corrixida de 1768 rectifica e omite toda relación con Francia e os franceses ao falar do nome da vila, sen dúbida tras ler a edición da viaxe de Ambrosio de Morales que realizou o Padre Flórez en 1765, pois recae nos seu mesmo erro na confusión do monarca fundador de Oia e o que concedeu a carta a Baiona.

Hoxe podemos ter certeza de que, tal como expuxo Ávila y la Cueva, o nome de Baiona naceu en 1201. Na colección documental do mosteiro de Santa María de Oia, en todos os textos en que se fai referencia á vila durante o século XII (lembremos que a señoreaba o mosteiro antes de 1201) aparece coa única denominación de *Erizana*, e *Baiona* só aparece na documentación do século XIII, cando xa é reguenga. A explicación do topónimo galego como topónimo imitativo ou réplica do da cidade vascofrancesa, datable en 1201 e atribuíble a Afonso IX con todo rigor científico e apoio documental, formulouna Elisa Ferreira Priegue en 1988 no seu libro dedicado ao comercio marítimo medieval de Galicia. Aínda que o topónimo non é propiamente o obxecto do seu estudo, conclúe que o nome da vila galega foi “tomado indudablemente” do da cidade vasca:

es un nombre propagandístico y augurativo, típico de la repoblación urbana que rebautizaba las Valencias y Florencias de nueva planta, en un deseo de emular el prestigio de las originales; tal vez con un fin más concreto, un reclamo para atraer a los mercaderes bayoneses de paso (Ferreira 1988: 78).

O traballo de Ferreira debeu de pasar inadvertido para algúns estudosos que se ocuparon de topónimo Baiona en datas posteriores, como Martínez Lema, que suxire con prudente cautela unha posible relación con *Baiña* e semellantes (2010: 90) ou Galmés de Fuentes (2000: 118-120), en quen lemos, referíndose ao noso *Baiona*:

El topónimo de Pontevedra se repite en Bayona de Tajuña (Madrid) y Bayonne (Pyrénés Atl.). Para este último se ha pensado en una etimología totalmente vasca: *ibaiona* ‘la buena vega’, que si puede ser válida para el topónimo francés, localizado en el país vasco, para los Bayona de Pontevedra y Madrid, necesariamente ibéricos, la composición propuesta para Bayonne resulta excesivamente vascoide (Galmés 2000: 118).

A opinión de Galmés fundaméntase na crenza de que as tres Baiona que menciona son topónimos independentes de etimoloxía común. Iso suscita graves problemas fonéticos, comezando pola conservación do *n*-intervocálico nos tres territorios, por máis que se teña empregado como argumento a favor dunha suposta extensión de vasquismos prehistóricos en áreas peninsulares moi extensas (Lorenzo Arribas 2008). Pero se o nome da cidade vasca é o único antigo, e os outros son réplicas medievais, entón non cabe obxectar que sexa *excesivamente vascoide* a explicación a partir do éuscaro (*i)bai* ‘río’ con que tradicionalmente se vén explicando o topónimo, posto que está en territorio vasco, independentemente da controversia de se *ibai* é propiamente un vasquismo ou máis ben un termo prerromano, posiblemente indoeuropeo, conservado en éuscaro (DCECH s.v. *vega*).

Igual ca Baiona de Miñor, o nome de *Bayona de Tajuña* (e verosimilmente tamén o doutra *Baiona*, pequena aldea no litoral meridional portugués) é tamén unha réplica ou eco da cidade vascofrancesa. *Bayona de Tajuña* tivo vixencia como topónimo entre o século XII e o ano 1814⁵⁶, e fora denominación imposta *ex novo* coa conquista cristiá da segunda metade do século XII. Aínda que non se conserva documentación fundacional, o nome puido impoñerse nas últimas décadas dese século, isto é, no tempo en que Afonso VIII de Castela aspiraba, por dereitos da súa esposa Leonor Plantagenet (filla de Leonor de Aquitania), ao señorío do cobizado porto da Baiona de Gascuña. Cando Afonso IX outorgou a carta da nosa Baiona de Miñor, en maio de 1201, estaba acompañado da súa esposa dona Berenguela, filla do seu curmán Afonso VIII de Castela e de Leonor Plantagenet (neta, polo tanto, de Leonor de Aquitania e bisneta de Guillerme de Aquitania), e o rei tiña sen dúbida moi presente durante aquel tempo a estirpe aquitana da súa esposa, pois a primoxénita dos cinco fillos que tiveron, nacida en 1202, recibiu o nome de Leonor, coma a avoa e a bisavoa. A evocación do prestixioso porto da Baiona vascofrancesa cadraba ben coa vontade de promover un porto comercial no Atlántico e de integrarse nas redes de comercio marítimo francés que chegaban a Portugal⁵⁷.

⁵⁶ En 1814, para evitar que o nome incomodase a Fernando VII lembrándolle a súa experiencia da Baiona vasca, Bayona de Tajuña foi rebautizada como Titulcia, tomando o nome da antiga poboación romana.

⁵⁷ Ademais do interese estratéxico e comercial, a monarquía tamén se interesou pola actividade pesqueira do porto de Baiona e durante séculos ocupouse de promovela. No XVI, os pescadores de Baiona participaron na descuberta e colonización dos mares e as costas de Terra Nova e do Canadá, en competencia con portugueses, vascos e bretóns. Entre eses pioneiros merece salientar o nome de Ares de Saa, rexedor da vila de Baiona de Galicia, que por cédula real expedida o 10 de febreiro de 1542 recibiu 61.065 morabedís polo seu salario de capitán dunha caravela que enviara o rei (o Emperador Carlos V) á captura de pescadas do 25 de xullo ata o 27 de novembro de 1541, e previamente, no mesmo ano de 1541, outra carabela de Baiona de Galicia, ou a mesma de Ares de Saa, fora tamén enviada polo Emperador “aos baccalaos” (Ducéré 1893: 255). Outras expedicións pesqueiras semellantes que partiron do porto de Baiona desde a década de 1520, algunhas co propio Ares de Saa como capitán, son polo menos simultáneas, se non ante-

Non son raras nesa época as retoponimizacións de poboacións preexistentes, segundo o modelo das que se practicaban ao son do avance dos reinos cristiáns cara ao sur, o mesmo ca as *Vilanova* ou as *Valencia* «de nueva planta» que menciona Elisa Ferreira. Detrás das retoponimizacións está polo regular a vontade real, e adoitan coincidir coa concesión de foros ou cartas de poboamento outorgados polo monarca. O coñecido como *Fuero de Benavente*, dado por Fernando II en 1167, e que serviu de modelo para outros foros e cartas do mesmo rei e do seu fillo o noso Afonso IX, en realidade foi outorgado á poboación chamada *Malgrad* (*Malgrat*, *Malgrado*), e o nome de *Benavente* é unha retoponización culta consecuenta do propio foro, que evita as connotacións negativas do elemento *mal-* substituíndoo por unha especie de antónimo (*ben*) segundo o modelo doutra retoponización augurativa da Roma clásica (*Beneventum* substitíra un antigo *Maleventum*). Antón Palacio, que se ocupou da historia das retoponimizacións eufemísticas de lugares chamados *Malos*, *Perros* etc. na Galicia do século XVI, refire algúns precedentes dos séculos XII e XIII, dos cales nos interesan en especial os relativos a poboacións situadas na diocese tudense, como *Contrasta / Valença* na banda portuguesa ou a propia sé diocesana de Tui, cuxo nome pretendeu substituírse polo de *Bonaventura*, cambio que non prosperou (Palacio 2014: 218). A que si prosperou foi a substitución posterior (no séc. XV) de *Lazoiro* por *Salvaterra* (de Miño), motivada probablemente polas connotacións negativas de *lacerar*, *lacería*, *lázaro* (DCECH s.v. *lacerar*), e para a súa nova denominación tamén se bota man de fórmulas toponímicas foráneas.

Algunhas das razóns expostas nos parágrafos precedentes relativas á historia e etimoloxía do topónimo xa foran tratadas por Xoán Bernárdez Vilar (2001, 2003), quen tamén reparou na importancia da explicación de Ferreira Priegue mais, aínda que non a rexeita, tampouco parece persuadirse por completo, e comenta con cautela que «a afirmación tal vez resulte un tanto arriscada, mais podería axustarse á realidade». Vacila porque interpreta erradamente a locución *de novo* da carta de poboamento, pois di: «que no ano 1201 Afonso IX lle impoña ó lugar de Erizana o nome de *Bajonam*, *de novo*, obriga a pensar que xa o debeu de levar antes» (Bernárdez Vilar 2003: 39). Hoxe non debe haber dúbida de que o nome de Baiona naceu en 1201 como réplica do da cidade do Adour. Se como demostrou recentemente Henrique Monteagudo (2014) a terra de Toroño foi un importante foco dos inicios da cultura trobadoresca na nosa terra, podemos engadir que o propio nome de Baiona de Miñor naceu en 1201 tamén como eco galego de aires occitanos.

riores, das de vascos e bretóns que precederon as “descubertas” de Jacques Cartier, quen realizou a viaxe en que describe a costa do Canadá en 1534 (do bretón Jacques Cartier, “descubridor” do Canadá, sábese que actuou en varias ocasións, en datas posteriores, como intérprete de portugueses).

BIBLIOGRAFÍA

- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994): *Los nombres personales de las inscripciones latinas de Hispania*. Murcia: Universidad de Murcia Universidad Complutense de Madrid.
- Amaral Frazão, A. C. (1981): *Novo dicionário corográfico de Portugal*. Porto: Editorial Domingos Barreira.
- Ávila y la Cueva, Francisco (1995): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. 4 vols. Ed. Facsimilar do manuscrito de c.1852. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Bascuas, Edelmiro (2015): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Bernárdez Vilar, Xoán (2001): “Baiona e o rei Afonso”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 122, vol 25, 75-82. [Santiago de Compostela: Editorial Sept].
- Bernárdez Vilar, Xoán (2003): “Consideracións acerca de Baiona e do Rei Afonso”, *Revista de Estudos Miñoranos* nº 3. [Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos].
- Ducéré, M. E. (1893): “La Pêche de la Morue et la découverte de Terre-Neuve”, *Bulletin de la Société des Sciences, Lettres et Arts de Pau* (1892-1893), 2^{me} Série, Tome 22, 246-257. [Pau: Léon Ribaut, Libraire de la Société], [consultado en Gallica: <http://gallica.bnf.fr>]
- Estrada, Juan Antonio de (1747) *Población general de España: Historia cronológica, sus tropheos, blasones y conquistas heroycas, descripciones agradables, grandezas notables, excelencias gloriosas, y sucesos memorables, islas adjacentes, y presidios de Africa*, 3 vols. Madrid: Imprenta del Mercurio.
- Estrada, Juan Antonio de (1768): *Población General de España: sus reynos y provincias, ciudades, villas y pueblos, islas adjacentes y presidios de Africa*, 2 vols. Madrid: Imprenta de Andrés Ramírez.
- Fernández Rodríguez, M. (2004): *Toronium: aproximación a la historia de una tierra medieval*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos.
- Ferreira Priegue, Elisa M^a (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza (colección Documentos históricos).
- Flórez, P. Henrike (1798²) *España Sagrada. Theatro greographico-histórico de la Iglesia de España*. Tomos XXII e XXIII (Tui). Madrid: Viuda e hijo de Marín.
- Galmés de Fuentes, Álvaro (2000): *Los topónimos: sus blasones y trofeos. (La toponimia mítica)*. Madrid: Real Academia de la Historia.
- García Rodríguez, Carmen (1966): *El culto de los santos en la España romana y visigoda*, Madrid: CSIC.

- Huerta y Vega, Francisco Xavier (1773): *Anales del Reyno de Galicia*. Santiago: Imprenta de Andrés Fraíz.
- Iglesia, Antonio de la (1862): “O maio”, en *Álbum de la Caridad: Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial, 249-255.
- Iglesia, Antonio de la (1886): *El idioma gallego, su antigüedad y vida*. Tomo III. A Coruña: Biblioteca gallega.
- Kajanto, Iiro (1965): *The latin cognomina*. Helsinki: Societas Scientarum Fennicae. Cítase pola reimpresión de 1982: Roma: Giorgio Bretschneider.
- Krahe, Hans (1949-1950): “Alteuropäische Flussnamen”, in *Beiträge zur Namenforschung* 1.1 (1949-50), 24-51 e 1.3 (1949-50) 247-267.
- Krahe, Hans (1964): *Unsere ältesten Flussnamen*. Wiesbaden: Otto Harrassowitz.
- Lorenzo Arribas, José Miguel (2008): “Bayona/Baionas: 1 a 3”, en *El Rinconete. Revista del Centro Virtual Cervantes*. 31-marzo de 2008 [http://cvc.cervantes.es/el_rinconete/anteriores/marzo_08/31032008_02.htm]
- Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Madoz.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do tomo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Méndez Silva, Rodrigo (1675): *Población general de España: sus trofeos, blasones y conquistas heroycas*. Madrid: Roque Rico de Miranda.
- Molina, Licenciado (1550 [2005]): *Descripcion del Reyno de Galizia y de las cosas notables del*. Mondoñedo [ed. facsimilar 2005 en Valladolid: Editorial Maxtor].
- Monteagudo, Henrique (2014): *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII*. Noia: Ed. Toxosoutos.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2004): “El río Miño y sus etimologías”, en A. Franco (coord.): *Patrimonio Artístico de Galicia y otros estudios. Homenaje al Prof. Dr. Serafín Moralejo Álvarez, III*, Santiago: Xunta de Galicia, 203-216 (257 reeditado en *Callaica nomina*).
- Moralejo Álvarez, Juan José (2007): *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. Santiago de Compostela: Fundación Barrié de la Maza.
- Morales, Ambrosio de (1572 [1765]): *Viage de Ambrosio de Morales por orden del rey D. Phelipe II a los Reynos de León, y Galicia, y Principado de Asturias para reconocer las reliquias de Santos, Sepulcros Reales y Li-*

- bros manuscritos de las Catedrales y Monasterios*. Ed. de Fr. Henrique Flórez. Madrid: Antonio Marín.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2009): “Parroquias e toponimia”, en Fernando García Pazos (coord.), *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Sociedade para o desenvolvemento cormarcal de Galicia - Xunta de Galicia, 181-201.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2011): *Saiáns. O nome dos lugares*. Vigo: Instituto de Estudos Miñoranos.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2012): “Nigrán, Vilaméan, Seixas”, en B. Arias Freixedo, X.M. Gómez Clemente e G. Pérez Durán (coords.): *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*. Universidade de Vigo: Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
- Palacio Sánchez, Antón (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, *Estudos de Lingüística Galega* 6, 217-231. <DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.6.1717>>
- Pallares Méndez, M. Carmen / Portela Silva, Ermelindo (1971): *El bajo valle del Miño en los siglos XII-XIII. Economía agraria y estructura social*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela Servicio de publicaciónes.
- Piel, Joseph M. (1947): «Nomes de ‘possessores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa», *Biblos* 23, 143-202, 283-407. Separata: Coimbra, 1948.
- Piel, Joseph M. & Kremer, Dieter (1976): *Hispano-Gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter Verlag.
- Pokorny, Julius (1959[1994]): *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch (IEW)*, 2 vols. Tübingen und Basel: Francke. [cítase pola versión dixital 2.0 (xuño de 2011), de acceso en <https://indo-european.info/indoeuropean.html>]
- Rodríguez Colmenero, Antonio (1997²): *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Chaves: Câmara Municipal de Chaves.
- Sacau, Gerardo (1998): *Os nomes da ría de Vigo. Cabo Silleiro – Berbés*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Sandoval, Prudencio de (1610): *Antigüedad de la ciudad y iglesia cathedral de Tuy*. Braga: Frutuoso Lourenço de Basto.

- Sarmiento, Fr. Martín (1754 [1999]): “Viaje a Galicia en 1754”, en X. L. Pensado Tomé / Lectorado galego de Salamanca: *Galicia desde Salamanca* (2). Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Sarmiento, Fr. Martín (1757-1762 [1999]): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Ed. de J. L. Pensado Tomé. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.
- Villar Liébana, Francisco (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana*. Salamanca: Ediciones de la Universidad.

Abreviaturas

- AHC = Archivo Histórico Nacional (os documentos deste arquivo que se consultaron son accesibles no portal PARES <http://pares.mcu.es/>)
- CME = *Catastro del Marqués de la Ensenada* (1752-1753). Os libros de respostas ao Interrogatorio consultáronse no portal PARES (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [<http://corpus.cirp.es/codolga/>]
- DCECH = Corominas, Juan / José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Editorial Gredos.
- HGN = Piel / Kremer (1976)
- IEW = Pokorny (1959)
- NG = Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares. Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. [Accesible en internet: <http://www.xunta.es/nomenclator>]
- Oia = Colección documental de Santa María de Oia. [Lectura inédita de Ramón Lorenzo / M^a Carmen Pérez González, ILG -USC]
- PARES = Ministerio de Cultura y Educación: *Portal de Archivos Españoles*. [<http://pares.mcu.es>]
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<http://ilg.usc.es/tmilg/index.php>]

As citas de publicacións periódicas proceden da Hemeroteca Digital da Biblioteca Nacional de Madrid (<http://hemerotecadigital.bne.es/>). As do *Faro*

de Vigo non están accesibles en internet, e foron consultadas en copia dixitalizada no Arquivo do *Faro de Vigo*, en Vigo, e mais na Biblioteca Central da Universidade de Vigo.

Antropónimos en topónimos galegos

Antón Palacio Sánchez

Universidade de Vigo

É un feito ben sabido que son moitísimos os apelidos que teñen orixe topónímica. Menos frecuente, pero nada raro, é o proceso inverso, é dicir: que un apelido ou un nome propio dea lugar a un topónimo. E disto é do que nos imos ocupar neste traballo.

Nun recente artigo titulado «Los topónimos de la tragedia», publicado no xornal *La Voz de Galicia* (11-01-2014) trala desaparición de tres persoas de mesma familia arrastradas ó mar por unha onda de grandes dimensións, o xornalista explicaba certas denominacións das rocas da costa de Valdoviño que recibiran novos nomes a raíz de sucesos tráxicos ocorridos nelas; así, unha rocha chamada *A Chá* pasou a chamarse *A de Eleuterio*, en memoria dun home desaparecido nese lugar. Outro percebeiro que o mar levou apareceu, pasado un tempo, na roca que agora se chama *A Volta de Ignacio*; do mesmo xeito *A Madalena* leva o nome da muller que apareceu nela días despois de morrer afogada. Pero estas denominacións non só se inspiran en sucesos tráxicos, senón tamén noutras circunstancias e, ás veces, incluso albiscamos nelas trazos humorísticos. A roca *Brillante de Suárez* ocupa o lugar en que se botaron ó mar os restos dun cabalo chamado *Brillante* pertencente a un veciño que levaba aquel patronímico. *O Periquito de Regueiro* é o esgrevio lugar en que extraía percebes unha familia deste apelido. E *A Vaca de Varela* é a zona en que un veciño así apelidado deu collido tantos percebes que, co produto da súa venda, puido mercar unha vaca. Todas estas denominación – recollidas de achegas de varios veciños da zona– deben ser relativamente recentes.

Estes casos, referidos todos a microtopónimos, demostran a intensa relación dos nomes e apelidos (antropónimos) cos nomes de lugar (topónimos) e o frecuente transvasamento que segue funcionando nas dúas direccións: os topónimos dan lugar a apelidos e os antropónimos orixinan nomes de lugar.

O feito é ben coñecido e está ben estudado: durante a Idade Media, un nome persoal convertíase frecuentemente en nome de lugar, ben el só (*Eiré, Faxilde, Sabarís, O Xen, Arcade...*) ou ben precedido por outro elemento (*Vilafiz, Portomarín, Lamasendín, Lamamarín, Castrotañe, Fontemirón...*); constitúen o corpus dos que coñecemos como antropotopónimos, formados xeralmente con nomes de poseores latino-cristiáns ou xermánicos, tan ben estudados por Piel e por outros. No que segue, non me vou ocupar destes nomes derivados de poseores medievais, senón de topónimos en que entran nomes persoais dos que se usan hoxe (como *O Roque, Casroque, Castrolázaro...*) ou apelidos actuais, como *Díaz, Os Díaz, Os Fernández*. Por outra parte, referireime só a nomes de lugares habitados incluídos no Nomenclátor de Galicia, e deixarei fóra microtopónimos como os mencionados ó principio deste traballo.

1. TOPÓNIMOS EN ANTROPÓNIMOS, ANTROPÓNIMOS EN TOPÓNIMOS

Toponimia e antroponimia están profundamente intrincadas. Non son insólitos os casos en que un apelido detoponímico dá lugar a un novo topónimo, é dicir, un topónimo orixina un apelido e este, á súa vez, dá lugar a un novo topónimo. Un destes casos témolo, segundo creo, na aldea chamada *Paraxuá* (Samos, L) –de etimoloxía incerta, pero documentada como *PARAIOLA* no séc. XI– que deu lugar a un apelido *Parajuá* que, con esta forma anómala e castellanizada, levan en Galicia 85 portadores⁵⁸. Pois ben, paréceme que este apelido está na base do topónimo *Os Paraxuás* (A Pastoriza, L).

Un caso semellante témolo no topónimo *Os Buios* (Magalofes, Fene), non lonxe doutro lugar chamado *Buio* (Sillobre, Fene), orixe do apelido homónimo que levan en Fene case dúas ducias de portadores. É a pescada que morde a súa propia cola: o nome de lugar úsase para identificar persoas e, xa convertido en apelido, volve converterse en topónimo.

Estes nomes e apelidos que pasan a formar parte de topónimos proceden adoito de personaxes que, na Idade Media, tomaron posesión dun lugar por concesión dos monarcas ou por outras circunstancias e que, nese momento, trocaron o nome primitivo. En Castela están estudados varios casos deste tipo.

É moi interesante e coñecido o caso de *Peñaranda de Bracamonte*, que desde o século xv leva como sobrenome o da familia que rexentou o seu señorío. Anteriormente chamouse simplemente *Peñaranda* ata que, por con-

⁵⁸ A información do número de portadores do apelido está tomada dos datos do Censo de poboación do ano 2011, proporcionados polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) á Real Academia Galega, que se poden consultar en rede na páxina web do Instituto de Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/cag/>>.

cesión do rei Xoán I de Castela, no ano 1375 empezou a celebrarse alí unha feira tódolos xoves e a vila pasou a denominarse *Peñaranda del Mercado*, para distinguila de *Peñaranda de Duero*, que non está lonxe dela. No século xv, un dos señores da vila –un almirante de Castela chamado Álvaro Dávila ou de Ávila– casou con Xoana de Bracamonte, filla e herdeira do almirante Rubín de Bracquemont, un nobre de orixe normanda que viñera como mercenario a Castela para loitar xunto a Henrique II de Trastámara «o das Mercedes». Pois ben, os descendentes dese matrimonio adoptaron o apelido materno, que pasou así a formar parte do topónimo. É un caso singular por canto estamos ante un apelido de orixe toponímica que, traspasando fronteiras, volve á súa orixe: un topónimo francés (*Bracquemont*) convértese en apelido, chega a Castela e, xa adaptado ó castelán, pasa a formar parte dun topónimo español.

Vexamos algún caso máis. Un lugar que no séc. XIII se chamaba *Bellomonte* foi repoboado no séc. xv e pasou a chamarse *Belmonte de la Sierra*; despois converteuse en *Belmontejo*. En 1474, era señor de Belmontejo o mestre de Santiago e conde de Paredes de Nava don Rodrigo Manrique, inmortalizado polo seu fillo Jorge Manrique nas súas fermosísimas *Coplas*, quen conseguiu convertelo en vila independizándoo respecto de *Torre de Juan Abad* (outro lugar con «nome e apelido»). Nese momento, cambiou o nome de *Belmontejo* a *Villamanrique* (Ciudad Real).

Este modo de designa-los lugares continuou en séculos posteriores. *Barajas de Melo* (Cuenca) foi, ata o séc. XVII, *Barajas de Huete*, pois era unha aldea que pertencía á xurisdición de Huete. En 1553, o rei outorgoulle independencia e pasou a chamarse *Barajas de Suso* e, xa no séc. XVII, pasou a pertencer a Francisco Melo de Portugal e Castro, un nobre portugués que foi vicerrei de Sicilia e de Cataluña e gobernador dos Países Baixos baixo o reinado de Filipe IV. Curiosamente, un devanceiro deste personaxe deu nome ó lugar portugués chamado *Rui de Melo* (Elvas), co que vemos que un mesmo apelido pode dar lugar a dous topónimos en dous países actualmente separados. Resulta tamén sorprendente que un individuo homónimo daquel Rui de Melo portugués dese orixe ó topónimo allaricense *Roimelo*.

Sirvan os casos ata agora citados para demostra-la gran vinculación da antroponimia coa toponimia e, ó mesmo tempo, para exemplifica-la influencia que sobre os nomes de moitos lugares exerceron antigamente non soamente os reis, senón tamén os señores e, máis modernamente, militares e políticos.

En Galicia temos casos semellantes ós arriba descritos. O primeiro que nos vén á cabeza é *As Pontes de García Rodríguez*, que leva este nome desde o ano 1372 en que o rei Henrique II lle entregou o señorío a García Rodríguez de Valcárcel o lugar que ata daquela se chamaba *Pontes de Hume*.

Outro topónimo que leva o mesmo nome é *Vilagarcía de Arousa*, denominada así desde que en 1441 a fundou don García de Caamaño «o Fermoso».

Nin no de Arousa nin en ningún dos outros tres *Vilagarcía* galegos –dous en Lugo e outro en Ourense–, o segundo elemento do nome de lugar se pode considerar estritamente apelido, xa que naquel momento *García* era nome persoal, non só apelido, como o é hoxe. Outro tanto ocorre co *García Sánchez* (Lalín, P). Pero si é apelido nos dous topónimos pontevedreses *Garcías* (Vilar, Mondariz e Saiáns, Vigo) e no lucense *Os Garcías* (Merille, Oourol, L), que serán máis tardíos ca aqueles, é dicir, posteriores á época en que o nome persoal se converteu en apelido.

2. A DIFÍCIL DATACIÓN DESTES PROCESOS

Xa vimos que nalgúns dos casos que citei ó principio –e tamén no caso das *Pontes de García Rodríguez* e no de *Vilagarcía de Arousa*– é posible fixa-la data en que o prenome ou o apelido se converteron en topónimo ou pasaron a formar parte del. Pero en Galicia só nuns poucos casos é posible datar ese cambio.

Son, sen dúbida, moi antigos os topónimos en que aparecen nomes frecuentes na Idade Media que deixaron de usarse despois e son hoxe insólitos. Ese debe se-lo caso de *Valdarias* (Montederramo, O), que parece conter un nome persoal frecuentísimo xunto coas súas posibles variantes *Airas*, *Ares* e *Aries* na Idade Media e que deixou de usarse como tal, aínda que hoxe se conserva como apelido tamén moi frecuente. O mesmo ocorre con *O Mendo*, *A Menda*, *Casal de Mendo*, *Casdemendo*, *O Porto de Mendo* e *Mencide*, nos que entra o nome persoal de orixe xermánica *Mendo*, tamén desusado hoxe. Da mesma época medieval deben tamén se-los topónimos *Dona Orraca* (Vilalba, L), *Outeiro de Orraca* (Allariz, O) e *Valdorraca* (O Saviñao, L); a estes tres, quizais lles poidamos engadir *A Casa do Raque* (As Pontes de García Rodríguez, C), que pode ser forma deturpada de *A Casa de Orraca*. Antigo tamén debe ser *Ordoño* (Vilalba, L), pero pode non selo tanto *Ordóñez* (Friol, L) e non o é, desde logo, *A Avenida de Ordóñez* (Tomiño, P). Tamén *A Alduara* debe ter, como nome de lugar, orixe medieval, pois os nomes *Ilduara*/*Aldara* deixaron de usarse ata que foron recuperados e se puxeron de moda hai menos de medio século. Indicios de antigüidade onomástica teñen tamén *O Lombo de Afonso* (As Pontes de García Rodríguez, C), *A Viladafonso* (A Estrada, P) e *A Ponte Nafonso* (Noia e Outes, C) por conteren o nome *Afonso* na forma tradicional galega, hoxe moi desprazada pola variante con *-l-* coincidente coa castelá. E o mesmo podemos dicir dos coruñeses *Gonzalvo*, *O Gonzalvo*, *Portogonzalvo* e *O Gonzalves* pois neles está presente a forma antiga *-Gonzalvo*, que conservan como apelido tres

ducias de portadores galegos– desaparecida en beneficio de *Gonzalo*, apelido que levan case trescentos portadores.

En cambio, é bastante recente, de hai menos dun século, a incorporación do apelido no caso do concello lucense de *Negueira de Muñiz*. O actual concello creouse en 1925 ó escindir-se en dous o de Burón –con capital na Pobra de Burón–, para dar lugar ó da Fonsagrada e ó de Negueira, nome este ó que, tres anos máis tarde, se engadiu o *de Muñiz* para honrar a un seu alcalde chamado José Antonio Muñiz Álvarez.

Outro caso moderno é o de *Vilavidal* (Ramirás, O), topónimo que sabemos nacido a finais do séc. XIX ou principios do XX, xa que o núcleo habitado actual se formou ó pé da estrada arredor dunha casa de indiano construída por un retornado que, orgulloso do seu apelido, a bautizou ó estilo americano como *Villa Vidal*.

Sería interesante investigar nas fontes documentais, que poderían deitar luz sobre estes aspectos escuros. O traballo de campo e as fontes orais tamén poden aclaralos nalgúns casos. Así, nunha enquisa feita para a revisión do NG que está en curso soubemos que o lugar chamado *O Calistro* (Fonteita, O Corgo, L)⁵⁹ debe o seu nome ó dun señor chamado *Calisto* segundo informa unha súa neta actualmente viva. Este testemuño, á parte de indicarnos que se trata dun topónimo relativamente recente, tamén nos permite deducir que se debe a un nome de pía e non ó apelido *Calisto*, que levan actualmente en Galicia só oito portadores e é, probablemente, foráneo.

3. OS PROCEDEMENTOS

Tratarei de sistematizar algo o considerable número de topónimos galegos que se formaron a partir de antropónimos usados actualmente.

3.1. Topónimos formados só cun nome de pía

Dado que –como acabamos de ver no caso de *Calisto*– moitos dos actuais nomes de pía funcionan tamén como apelidos, non sempre se pode determinar se o topónimo está formado a partir do prenome ou do cognome. Nalgúns casos, é case segura a primeira das hipóteses: *A Cataliña* (Vilacova, Salvaterra de Miño, P) formouse, con seguridade, sobre o nome de pía, pois, a diferenza do apelido correspondente, conserva a forma galega tradicional, a que aparece máis nos textos antigos e na literatura tradicional (*Santa Catariña da neve é veciña, Pola Santa Catariña, procura leña e fariña, Por Santa Catariña non queda volalla viva nin no forno nin na cociña...*); se non é castelán, o apelido vigués *Catalina* pode estar referido a este topónimo que, ó converterse en cognome, se viu sometido a un proceso de oficialización que, quizais pola pouca importancia da aldea, non atinxiu ó nome do lugar.

⁵⁹ No NG actual figura sen o artigo.

O lugar denominado *O Cataliño* (Xallas de Castriz, Santa Comba, C) parece orixinado a partir do alcume dun individuo ('o fillo ou o home de Cataliña') que alí habitase, pois os apelidos rexistrados en Galicia emparentados con este nome non teñen orixe toponímica, senón patronímica: *Catariño*, *Catalino* (con cadanseu portador) poden ser erratas do censo, e *Catarino*, con 32 portadores, debe ser apelido de orixe portuguesa.

Tamén do lugar chamado *O Fagundo* (Os Vilares, Guitiriz, L) se pode presumir que se deba ó nome de pía, pois só tres persoas levan en Galicia este nome como apelido, en contraste co cento de portadores galegos con apelidos patronímicos en *ez/es* derivados del.

Outros casos son menos evidentes; así, en principio, poderíamos pensar que o lugar chamado *Álvaro* (Muxía, C) está constituído por un nome de pía, pero esta certeza dilúese cando comprobamos que en Galicia están censados máis dun cento portadores de *Álvaro* como apelido.

Véxamolos nun cadro:

Topónimo	Nº portadores do apelido homónimo	Apelidos emparentados ou variantes	Outros nomes de lugar en que entra o prenome/apelido
<i>A Alduara</i> (Castro de Rei, L)	0		
Álvaro (Muxía, C)	108	Álvarez _{80,692} Álvares ₉ Álvare ₆	<i>Casaldálvaro</i> (Cortegada, O) <i>O Álvaroxil</i> (O Valadouro, L)
<i>Antoño</i> (A Golada, P) <i>A Antoa</i> (Xermade, L)	0	<i>Antón</i> _{1,544} <i>Antonio</i> ₅₁₇ <i>Antoña</i> _{38?} <i>Antona</i> ₁₀ <i>Antonia</i> _{6?}	
<i>O Cataliño</i> (Santa Comba, C) <i>A Cataliña</i> (Salvaterra de Miño, P)	0	<i>Catarino</i> ₃₂ <i>Catalina</i> ₁₆	
<i>O Calistro</i> (O Corgo, L)	1	<i>Calisto</i> ₈	<i>Cascalisto</i> (As Pontes de García Rodríguez, C)
<i>O Fagundo</i> (Guitiriz, L)	3	<i>Fagúndez</i> ₈₂ <i>Fagundes</i> ₁₄ <i>Facúndez</i> ₄	
<i>Gaspar</i> (Baños de Molgas, O) <i>Gaspares</i> (San Sadurniño, C)	289		

<i>Gonzalvo</i> (Ortigueira, C) <i>O Gonzalvo</i> (Miño, C)	37	<i>Gonzalo</i> ₂₉₅ <i>Gozalo</i> ₃₇ <i>González</i> _{176.007} <i>Gonzálvez</i> ₈₀	<i>O Gonzalves</i> (Carballo, C) <i>Portogonzalvo</i> (Moeche, C)
<i>Lois</i> (Oza dos Ríos, C)	3.416	<i>Luís</i> _{1.107}	<i>Roilois</i> (Vialagarcía de Arousa, P)
<i>O Mendo</i> (Ordes, C) <i>A Menda</i> (Catoira e Vigo, P).	17	<i>Mendos</i> ₅ <i>Mende</i> ₂ <i>Méndez</i> _{22.735}	<i>Casal de Mendo</i> (Pontevedra) <i>Casdemendo</i> (San Cibrao das Viñas, O) <i>O Porto de Mendo</i> (Ouro, L) <i>Mencide</i> (< <i>Men(do) Cide</i>) (Palas de Rei, L)
<i>Nicolao</i> (Ortigueira, C)	81	<i>Nicolau</i> ₃₂ <i>Nicolás</i> ₂₁₃	
<i>Ordoño</i> (Vilalba, L)	2	<i>Ordóñez</i> _{2.036} <i>Ordoñes</i> ₆	<i>Ordóñez</i> (Friol, L) <i>A Avenida de Ordóñez</i> (Tomiño, P)
<i>O Roque</i> (Arteixo, C) e Tomiño, P)	118		<i>Casroque</i> (Friol, L)
<i>O Pichín</i> (Alfoz, L) <i>A Pichina</i> (Boqueixón, C)	91 (<i>Pichín</i>)		
<i>Sancho</i> (Nigrán, P) <i>A Sancha</i> (Cariño, C)	0	<i>Sánchez</i> _{49.974}	<i>O Casancho</i> (A Caniza, P) <i>Vilasancho</i> (Lalín, P) <i>Vilasanche</i> (Ferrol, C) <i>Os Sánchez</i> (As Pontes de García Rodríguez, C) <i>As Sanches</i> (Cesuras, C) <i>Vilasanche</i> (Ferrol, C) <i>Sanche</i> (Muras, C e Ouro, C) <i>Sanche Grande</i> (Xermade, L) <i>Sanche Pequeno</i> (Xermade, L) <i>A Casanova da Sanche</i> (Xermade, L) <i>Sancharredonda</i> (As Neves, P) <i>Vilazanche</i> (Moeche, C)

<i>O Sanchón</i> (Vilalba, L)	18		
<i>Sebio</i> (Arzúa, C) <i>O Sebio</i> (Arzúa, C)	142 (<i>Sebio</i>)	<i>Eusebio</i> ₇	<i>Casebio</i> (Pantón, L)
<i>Vidal</i> (Chantada e Vilalba, L)	23.434		<i>O Gorvidal</i> (Alfoz, L) <i>Soutovidal</i> (Pontearreas, P) <i>Vilavidal</i> (Ramirás, O)
<i>Xácoma</i> (Abadín, L)	490 (<i>Jácome</i>)	<i>Jaime</i> ₆₂ <i>Jaimes</i> ₃₂ <i>Jaimez</i> ₅	

En cambio, a forma en plural parecen indicar que o topónimo se formou a partir do apelido. Os lugares *Antóns* e *Os Antóns* fan seguramente referencia a ‘individuos que levan o apelido *Antón*’, que ten hoxe en Galicia máis de 1.500 portadores, ós que se suman máis de 500 *Antonio*, e outros máis de 50 femininos *Antoña*, *Antona* e *Antonia*⁶⁰. Noutros casos, como veremos máis abaixo para os topónimos *Vidás*, *Os Vidás* e *Os Ramís*, a hipótese non resulta tan segura.

No cadro anterior observamos que os topónimos formados con nomes de pía femininos (*A Alduara*, *A Antoa*, *A Menda*, *Xácoma*) son menos frecuentes cós formados con nomes masculinos. Con estes nomes femininos haberá que andar con coidado; así, aínda que hai en Galicia 76 portadores do apelido *Esperanza* e moitas máis mulleres que o levan como prenome, o lugar chamado *A Esperanza* (San Sadurniño, C) denomínase así polo feito de haber alí unha ermida baixo esa advocación da Virxe. En cambio, *Esperanzo* (Lobios, O) podería explicarse como un alcume con sentido de ‘o home ou o fillo dunha muller chamada *Esperanza*’, aínda que parece máis probable que, como *Esperante* (media ducia en Galicia) represente un nome de posesor latino-cristián SPERANTIUS, un *signum* místico derivado do lat. *sperans-antis*, part. pres. de *sperare* ‘agardar, ter esperanza’. A mesma prudencia debemos ter co topónimo *As Carolinas* (Ribeira, C), pois pode tratarse dun nome festivo aplicado a xentes procedentes de *Carolo* (Palmeira, C), que non queda moi afastado. Por outra parte, os apelidos *Carolino* e *Carolina* son tan pouco frecuentes en Galicia –só dous e un portadores actuais, respectivamente– que é moi pouco probable que puidesen orixina-lo topónimo mencionado.

⁶⁰ Non falta o patronímico *Antónnez*, que ten un portador en Galicia.

Ó lado dos topónimos formados a partir dos nomes de pía, tamén os hai formados con hipocorísticos; así, ó lado dos xa citados *A Cataliña* e *O Cataliño* tamén temos *A Catuxa* (Arteixo e Ortigueira, C). O topónimo *A Chisca* (Roís, C), e quizais tamén *As Chiscas* (Corrubedo, C), poden explicarse polo uso como nome de lugar do hipocorístico de *Francisca*. O equivalente masculino vémololo no lugar denominado *Os Xicos* (Cabanas, C), que se referiría a ‘familia ou fillos de Xico’ (hipocorístico de *Francisco*). Talvez poidamos incluír nesta grupo *Pepe* (A Estrada, P)⁶¹, pero non *Pepes* (Carballedo, L), que parece representar o cognome *Pepiz* –derivado do antropónimo *Pepius* e rexistrado en documentos galegos xa no séc. x–, contaminado polo hipocorístico. Do mesmo xeito, o topónimo *Pepe* pode representar un nome de posesor latino, antigo e medieval, ou un hipocorístico moito máis moderno; só se se coñece a data do topónimo se podería dirimi-la orixe verdadeira.

Tamén o topónimo *Panchóns* (As Neves, P) podería encerrar un alcume, formado sobre o hipocorístico *Pancho*, de *Francisco*. Menos dubidoso parece *Os Titos* (Abadín, L), que case seguramente ten orixe nun hipocorístico, pois os 13 portadores galegos do apelido *Tito* están censados na comarca de Vigo e constitúen, moi probablemente, unha soa familia, sen ningunha relación co lugar chairego citado.

Son poucos, pero moi interesantes, os topónimos formados por un nome de persoa precedido de *don* ou *dona*, semellantes a *Dombrollo* (que debe ser un *don Braulio*; Friol, L), *Donalbai* (Begonte, L) e *Donalbán* (O Corgo, L) e, xa con nomes hoxe aínda usados, *Don Xulián* (O Corgo, L) e *Donrramiro* (Lalín, P), ós que debemos engadir, con nomes femininos *Dona Elvira* (Villardevós, O) e o xa citado *Dona Orraca*.

3.2. Topónimos formados só cun apelido

Do mesmo xeito que ocorre cos nomes de pía, o procedemento moderno máis sinxelo, e quizais o máis frecuente, para a creación do topónimo é a utilización do apelido coa mera anteposición do artigo masculino plural. Así, ademais dos xa citados, en Galicia atopo *Os Alvites* (A Pastoriza, L), *Os Amados* (Gondomar, P), *Os Anidos* (Cabanas, C), *Os Ares* (Abadín, L), *Os Baltares* (Ordes, C), *Os Besteiros* (A Estrada, P), *Os Cabidos* (Sada, C), *Os Candales* (Cedeira, C), *Os Castedos* (Castro de Rei, L) –o apelido *Castedo* é toponímico, relacionado co lugar homónimo de Barredo (Castroverde, L)–, *Os Cuñarros* (Ponteceso, C), *Os Cuquexos* (Os Blancos, O), *Os Dezas* (Touro, C), *Os Díaz* (Oourol, L; ó lado de *Díaz*), *Os Domínguez* (Vilariño de Conso,

⁶¹ A partir de atestacións do onomástico medieval portugués, reconstrúe Piel (1947: § 318) un hipotético antropónimo *PEPPUS, do que descoñece a orixe, que, pola xeminación expresiva da consoante, lle parece un hipocorístico; esta sería a orixe do topónimo *Pepe* (Vila Real).

O), *Os Durás* (Cabanas, C), *Os Grañas* (Sobrado, C), *Os Guerras* (Boimorto, C), *Os Lamas* (Cabanas, C), *Os Leás* (Viveiro, Lu; o apelido *Leal* lévano case 2000 galegos e o de Viveiro é, despois do de Vilalba, o concello con maior densidade de portadores), *Os Lemos* (Rianxo, C), *Os Luíses* (Ouro, L), *Os Mañás* (Arzúa, C; hai 12 portadores de *Mañán* e 476 de *Mañana*), *Os Mariños* (Abadín, L), *Os Mestres* (Vila de Cruces, P; hai 18 portadores do apelido *Mestre*), *Os Mouriños* (A Laracha, C; tamén hai *Mouriños* en Ortigueira, C), *Os Mouróns* (Malpica de Bergantiños, C), *Os Nandíns* (Gondomar, P), *Os Noenlles* (Teo, C), *Os Pallares* (A Golada, P; máis de mil portadores do apelido), *Os Paraxuás* (A Patoriza, L), *Os Pardiños* (O Grove, P; hai 275 portadores do apelido *Pardiño*), *Os Rascados* (Arzúa, C; hai 333 portadores de *Rascado* en Galicia), *Os Reinaldos* (Crecente, O; 357 portadores do apelido *Reinaldo* e 4 de *Reinaldos*), *Os Ricos* (Mesía, C), *Os Salgados* (Riotorto, L), ó lado de *Salgados* (Rairiz de Veiga, O), *Os Samartiños* (Monfero, C), *Os Sardiñas* (Cabanas, C), *Os Sánchez* (As Pontes de García Rodríguez, C), *Os Verdes* (Abadín, L), *Os Vilariños* (A Capela, C). Como dubidoso, sinalamos *Os Raiñas* (O Saviñao, L), pois non rexistramos o apelido coa forma feminina, aínda que si hai 27 portadores de *Raiño*, ós que se poden sumar 13 de *Rainha* e 11 de *Rainho*, que serán portugueses.

Hai algúns que se repiten en varios concellos; así *Os Caseiros* (Abadín, Paderne, Sanxenxo, Val do Dubra), *Os Fernández* (Crecente, A Pobra de Trives, Vilariño de Conso), *(Os) Fontáns* (Pontevedra, Portas e Vigo) –*Fontán* é apelido toponímico–, *Os Garcías* (Ouro; ó lado de *Garcías*: Mondariz e Vigo), *Os Gomes* (Ortigueira e Carballo) e *Os Gómez* (Vilariño de Conso e A Caniza), *Os Pardos* (Ordes e Ortigueira), *Os Condes* (Boimorto, Covelo, Padrón e Sober) e *Condes* (Allariz) no NG que é, en realidade, *Os Condes*, con artigo –trátase moi probablemente do apelido, moi común na zona, como se ve no cantar: «Na Mezquita e na Merca/e mais non sei onde/ o que non é Cid é Conde»–, e *Os Tatos* (A Estrada e A Lama).

Aínda que o apelido *Preto* ten actualmente só tres portadores en Galicia, é moi probable que o topónimo *Os Pretos* (Mañón e Vilalba) se formase a partir deste apelido, pois hai máis de 14.000 persoas galegas apeladas *Prieto*, moi probable forma castelanizada daquel, xa que é demasiado frecuente para ter orixe foránea.

Moitas veces resulta útil observa-lo mapa de distribución dos portadores actuais do apelido para decidir sobre o carácter do topónimo. Así, por exemplo, aínda que en principio pode pensarse que estea orixinado pola presenza de varios regatos, parece máis probable que *Os Torrentes* (Neda, C) deba o seu nome ó apelido toponímico *Torrente* –816 portadores galegos–, se te-

mos en conta que un 10% deles están censados en Neda, o concello galego que alberga a maior densidade do apelido.

Cando o apelido correspondente acaba en *-l*, a forma do plural é a tradicional do galego; así *Os Leás, Ramís* (Mondoñedo, L), *Os Ramís, Vidás, Os Vidás* (de *Leal, Ramil* e *Vidal*, respectivamente). Nestes dous últimos casos a orixe inmediata podería estar noutro topónimo e non no apelido, porque se dá o caso de que ambos teñen cerca aldeas que deron lugar a apelidos: *Os Ramís* (Ponte Caldelas, P) pode indicar ‘xente procedente de *Ramil* (A Lama, P)’ e *Os Vidás* (Abadín, L e As Pontes de García Rodríguez, C) poden referirse a ‘xente procedente do lugar de *Vidal* (Vilalba, L)’ ou da parroquia homónima de Trabada (L); *Vidás* (Taboada, L) pode ser xentilicio referido ó próximo lugar de *Vidal* (Chantada, L).

Do mesmo xeito, o lugar *Os Noenlles* (Teo, C) pode referirse á xente procedente de *Noenlle* (Boqueixón, C) ou representa-lo apelido *Noenlle*, que ten en Galicia 34 portadores.

Na formación dos plurais, e nos casos en que o apelido acaba en *-n*, o topónimo adopta a terminación característica da zona dialectal: así *Os Durás* fronte a *Os Nandíns*.

Tamén se dá algún caso de formas hipercaracterizadas. Así, no actual NG figura un lugar chamado *Reis* (O Vicedo, L) que moi probablemente represente o apelido, coma outro lugar homónimo de Sanxenxo (P) e como *O Casal de Reis* (Teo, C); pois ben, a enquisa de campo indícanos que, en realidade, o lugar do Vicedo se chama *Os Reises*, cun plural hipercaracterizado que a comisión de Toponimia (21/3/2014) aprobou para substituí-lo que agora figura no NG. Do mesmo xeito, tamén con plural hipercaracterizado, ó lado dos xa citados *Os Pérez* (Oia, P) e *Os Peres* (Cesuras, C), atopamos *Os Péreces* (Abadín, L).

Nalgún caso, o patronímico pode estar disfrazado. Así, segundo Nicandro Ares, no topónimo *Quinzán das Peras* (Chantada, L) pode haber referencia ás froitas, ou ser unha deturpación de *Pérez*, que determina a *Quinzán* para diferenciarlo dos tamén chantadinos *Quinzán da Vila* e *Quinzán do Monte* e do moi próximo *Quinzán*, no lindeiro concello de Taboada.

Como ocorre cos nomes de pía, son poucos, pero tamén existen, os topónimos en que aparecen formas femininas ou feminizadas dos apelidos, aplicadas a propietarias dos lugares correspondentes ou orixinadas pola concordancia con substantivos deste xénero, como *terras* ou *leiras*. Isto dáse tanto no singular *A Cendona* (Pontevedra, P), *A Faxarda* (Ribadeo, L), quizais *A Menda* (de *Mendo* ou de *Mende*: Catoira, C e Vigo, P) coma no plural: *As Basilias* (Abadín, L: hai 33 portadores galegos do apelido *Basilio*), *As Sanches* (Cesu-

ras, C), *As Sanchas* (ó lado de *Os Sánchez*, xa citado), *As Antonesas*. Acabo de citar *A Cendona*, co mesmo apelido que vexo en *Seiscendóns* (O Covelo, P), non lonxe do que puido se-lo lugar orixinario do apelido: *Cendón* (A Lama, P).

Moitos menos frecuentemente aparece o apelido nos topónimos sen artigo: *Caíños* (A Pobra do Caramiñal, C; hai 184 portadores galegos do apelido *Caíño*), *Díaz* (Cerdido, C; tamén *Os Díaz*), *Estévez* (Santa Comba, C), *Garcías* (e *Os Garcías*), *Ordóñez* (Friol, L),

Quizais se poidan incluír neste grupo os topónimos que encerran nomes de meses: *Os Febreiros* (Vilalba, L), *O Maio* (Muros, C), *Casmaio* (Cervo, L). Unha ollada ós mapas que indican a distribución territorial dos apelidos correspondentes parece confirma-la hipótese: hai en Galicia 52 portadores do apelido *Febreiro* –17 deles en Vilalba– e 127 da forma *Febrero* –case todos polo norte de Lugo–, 2.161 portadores do apelido *Mayo* e 18 de *Maio*, dos cales máis dunha cuarta parte están censados en Muros. O pequeno número de portadores de *Marzo* como apelido fai menos probable esta explicación para o topónimo *O Marzo* (Castro de Rei, L).

3.3. Topónimos compostos con substantivo + antropónimo

Noutros moitos casos, o apelido ou o nome persoal aparece como segundo elemento do topónimo, engadido, con preposición ou sen ela, a outro elemento como *agro*, *casa*, *casal*, *curral*, *cruz*, *eido*, *eira*, *fonte*, *lama*, *mesón*, *monte*, *outeiro*, *pazo*, *pena*, *ponte*, *porta*, *vila*, etc.

Sen pretender ser exhaustivo, indico a continuación unha mancha de topónimos que conteñen ou poden conter na súa composición nomes de pía ou apelidos. Algúns son seguros; para outros, e dada a orixe toponímica de moitos apelidos, só un estudo pormenorizado de documentos referidos a cada un deses nomes de lugar permitiría discriminar entre os que se refiren ó topónimo e os que o fan, secundariamente, o apelido toponímico.

Con **agro**: *Agrodosío* (Muxía, C) é un lugar afastado dous dous lugares *O Sío* (Castro Caldelas, O e O Incio, L), polo que parece que puido formarse sobre o apelido *Sío*, que ten en Galicia 625 portadores. A posición átona de *agro* favoreceu que o substantivo se reducise: é o caso de *Ardexurxo* (Abegondo, C), *Arxubín* (Quiroga, L), e *Ardesende* (Boqueixón, C e San Cristovo de Cea, O) nos que parecen esta-los apelidos *Xurxo*, *Xubín* e *Sende*, que teñen en Galicia, respectivamente, 184, 12 e 340 portadores (os dous primeiros coa forma anómala *Jurjo* e *Jubín* debida á castelanización administrativa). En *Ardarís* (Boqueixón, C), *Ardariz* (San Sadurniño, C), *Arderís* (Oroso, C) pódense ve-los apelidos *Arís* (304 portadores), *Ariz* (11 portadores), *Erís* (8 portadores), *Eriz* (un portador) que son, á súa vez, de orixe toponímica.

Con **campo**: O Campo de María Méndez (Ribadeo, L)

Con **cas(a)**: Co primeiro elemento na súa forma plena, só atopamos *Casamaría* (Silleda P), *Casamuniño* (Guitiriz, L), *Casanande* (Ribeira, C; hai cinco topónimos *Nande*, pero ningún deles na zona de Ribeira; 184 portadores do apelido *Nande*) e *A Casa de Xenara* (Monfero, C). Moito máis habitual é que atopémo-la forma reducida *cas-*: *Cascalisto* (As Pontes de García Rodríguez, C), *Cascarlos* (Ortigueira, C), *Casmartiño* (3 veces), *Caspedro* (Quiroga, L), *Casroque* (Friol, L; tamén hai *O Roque*) e *Castomás* (Castro Caldeas, O), topónimo este no que pode esta-lo prenome ou o cognome, pois hai 226 portadores galegos do apelido *Tomás*, variante do moito máis frecuente do tradicional *Tomé*, que levan máis de 3.000 portadores. Nalgúns casos, pode haber haplloxía: *Casebio* (Pantón, L) e *O Casancho* (A Caniza, P), deben ser, respectivamente, *Ca[sa Eu]sebio* e *Ca[sa]Sancho*. Cos mesmos dous elementos, pero unidos pola preposición (**cas + de + nome persoal**): *Cas de Pedro* (Carballedo, P), *Casdelope* (San Xoán de Río, O), *Casdemendo* e *Casdemiro* (Chantada, L e Melias, O).

Coa forma plena, é dicir **casa~cas~casas + (de) + apelido**: *Casa de Antelo* (Negreira, C), *Casabreira* (Pol, L), *A Casa de Areán* (Monterroso, L; preto de *Aréan* (Rodeiro, P): hai 954 portadores do apelido), *A Casa de Fidalgo* (Irixoa, C), *Casa do Frade* (A Estrada, P), *A Casa de Fonseca* (Monfero, C), *Casa de Naia* (Antas de Ulla, L), *A Casa de Pardo* (Friol, L), *A Casa de Parga* (Friol, L), *Casa de Sa* (O Saviñao, L). *A Casa do Prado* (Vimianzo, C) pode analizarse como formada co apelido ou co substantivo común. Co 1º elemento reducido en *cas*: *Casdoniño* (hai 182 portadores do apelido *Niño*), *Casdosteo* (hai 3 portadores do apelido *Esteo*); *Cas de Moure* (Carballedo, L) e *Casdecid. Casderrei*.

Tamén en plural: *Casas de Gai* (Monterroso; hai 686 portadores do apelido *Gay*; que ten, á súa vez, orixe toponímica: *Gai* en Portomarín, L), *Casas de Núñez*. *As Casas do Francés* (hai 69 portadores deste apelido) e *As Casas do Cego*, que pode ser alcume, pois só hai un portador do apelido.

Cas + apelido: *Casbarreiro* (Friol, L), *Casbeiro* (Bóveda, L), *Cascacheda* (Vila de Cruces, P), *Cascamaño* (Vilalba, L), *Cascancela* (Friol, L; distinto de *Casa da Cancela*, que tamén o hai), *Cascarballo* (Montederramo, O), *Cascardoso* (Covelo, P), *Cascaxide* (2.v.) (hai apelido *Cagide*), *Caschao* (Xermade, L), *Cascortés* (Pantón, L), *Casfalcón* (Vilaboa, P), *Casferreiro* (A Peroxa, O), *Casferro* (Friol, L), *Casfiel* (Castro Caldeas, O), *Casfigueiro* (Piñor, O), *Casgutierre* (A Peroxa, O), *Casmaio* (Cervo, L), *Casmoniño* (Piñor, O), *Caspardo* (Friol, L), *Caspicón* (A Peroxa, O; máis de 880 portadores do apelido), *Caspiñón* (O Pereiro de Aguiar, O), *Castorres* (Friol, L; ó lado de *Souto de Torres*), *Castrigo* (Ames, C), *Casvasco* (Celanova, O).

Aínda que hoxe non hai portadores deles, é probable que sexan apelidos os segundos elementos dos topónimos *Casdeguístola*, *Casdequille* e *Casfarexa*.

Outros casos son máis dubidosos: *Cascarreira* pode interpretarse como forma reducida de *casa (da) carreira* ou considera-lo 2º elemento como un apelido; do mesmo xeito, en *Casalousada* temos un 2º elemento que tanto pode ser un apelido coma un adxectivo referido ó teito.

A forma *Cas* convértese en *Car* por rotacismo, e así temos *Cardecide* (Cuntis, P) co mesmo apelido (*Cide*: 25 portadores) que atopamos en *Lamacide*, en *Mencide* (< *Men(do) Cide*) e en *Vilacide* (2 v.); *Carderrei* (Silleda, P); e *Carmoniño* (ó lado de *Casmoniño* e *Casamuniño*) co mesmo elemento que vemos en *Moniños*, que supoñemos representan o apelido *Meniño/Miniño*; *Carvalente* (Vila de Cruces, P), aínda que o apelido *Valente*, con 95 portadores galegos, é maioritariamente ourensán. En *Carrromao* (Agolada, P) pode esta-lo apelido *Romao*, que só ten en Galicia 22 portadores, ningún deles pola zona onde se localiza o topónimo; pero existe alí o apelido *Romano*, que ben pode ser forma castellanizada de *Romao*; tamén o topónimo *O Romano* (Crecente, P) debeu ser orixinado polo apelido –que ten case trescentos portadores galegos– e non ó revés. En *Carrroipaz* (Curtis, Po) pode estar o composto *ca(sa)+Roi+Paz*, pois o apelido *Paz*, abundantísimo en toda Galicia, está presente no concello de Curtis (29 portadores) e nos lindeiros con el de Guitiriz, Oza dos Ríos, Vilasantar, e noutros próximos como Coirós, Paderne e Frades. O topónimo *Carboentes*, lugar e parroquia de Rodeiro (P), pode estar formado polo apelido *Boente*, que ten en Galicia máis de cincocentos portadores e é, á súa vez, de orixe toponímica, pois tal é o nome dunha parroquia arzuá. O –s final é secundario: ‘*casa+dos+Boente(s)*’

Casal + (de) + nome persoal: Casalbieito, Casalpaio (ó lado de O Casal do Paio e de Lama de Paio), Casal de María, Casaldálvaro, Casal de Diego, Casal de Gonzalo, Casaldomiro,

Casal/casar + de + apelido: *O Casal de Horta*, *Casal de Rei*, *Casal de Sande*, *Casal de Vello*, *Casardansola* (hai 5 portadores de *Ansola*) e *Casaldegas* (hai en Galicia 10 persoas que levan o apelido *Egas*) –comparable co portugués *Casegas* (Castelo Branco)–, *Casaldares* (2 v.). Quizais poidamos engadir *Casaldegonce* (só unha persoa leva este apelido en Galicia) e *Casalderrique*, que quizais represente un *Casal de Henrique* (116 portadores de *Enrique* como apelido).

Con **castro**: *Castrobuxán* (Vimianzo, C), *Castrolázaro*, *Castrolandín* (Cuntis P; ó lado de *Landín*, en Ortigueira, C; o apelido *Landín* ten máis de 700 portadores galegos), *Castrorramil*, *Castro Ramiro*.

Con **curreal**: O Curral dos Mateos (Friol, L).

Con **cruz**: A Cruz de Guerra (Vilasantar, C) e A Cruz de Méndez (Touro, C)

Con **eido**: O Eido Fernández, O Eido Gonzalo ambos en Covelo (P).

Con **eira**: *A Eira de Concha* (Oleiros, C; cfr. con *Catuxa*, tamén hipocóricico).

Con **feal**: *O Feal de Paula* (Barreiros, Lu).

Con **fonte**: *Fonte Alvite* (2 v.), *Fonte Díaz* (Touro, C) co mesmo apelido que vemos en *Vilardíaz* (A Fonsagrada, L), *Fontemaría* (Arbo, P)

Con **lama**: *Lamartín* (12 apelidados *Lamartín*). Haploloxía (*lama*+*martín*)

Con **mesón**: *Mesón de Pardo* (Leiro, O), *O Mesón de Varela* (Mesía, C), ó lado de *A Volta de Varela* (Portomarín, L).

Con **monte**: *Monteveloso* (Castrelo do Val, O), *O Monte Xaquín* (Vilagarcía de Arousa, P).

Con **outeiro**: *Outeiro Fernando* (Ponteareas, P). *O Outeiro de Doncel* (O Páramo, L; hai 67 apelidados *Doncel*), *Outeiro de Orraca* (~~Alhariz~~, O), *Outeiro de Millán* (hai 2.479 portadores do apelido *Millán*)

Con **pazo**: *Pazo Aguiar* (Cervo, L) pero non *O Pazo de Sande*, porque hai *Sande*, nin *O Pazo de Meis*, porque hai *Meis*. Nin *Pazo de Arán* (Vilalba, L), porque hai *Arán*.

Con **pena**: *Penadiz* (Vilar de Barrio, O), *Penamaría* (A Fonsagrada, L), *A Pena de Martín* (Oza dos Ríos, C), *Penatomé* (Vilalba, L), *A Pena de Roldán* (Guitiriz, L).

Con **ponte**: As Pontes de García Rodríguez, Ponte Rodríguez (Vilalba, L), A Pontexil (Ponteareas, P).

Con **porta**: A Porta dos Mariños (Padrón, C) ó lado de Mariño, O Mariño, Os Mariños.

Con **porto**: *Portodiz* (Santiso, C), *Portogonzalvo*, *Portomartiño* (A Lama, P), *O Portopaio* (Carballo, C), *O Porto de Gómez* (Cuntis, P), *Portomedal* (Val do Dubra, C; 93 portadores de *Medal*), *Porto Meilán* (Lugo, L) *Portoquintáns* (Coristanco, C), *Porto Romeu* (Barro, P). Non debemos incluír *Portomartín* (Lalín, P) porque hai *martín* no mesmo concello.

Con **prado**: *Praderrei* (Campo Lameiro, P)

Con **rego**: *O Rego do Lopo* (Barreiros, L).

Con **val**: *Valbuxán* (O Bolo, O).

Con **vila**: *Vilalvite* (Friol, L), *Vilacendo* (Foz e Palas de Rei, L), *Vilafernando* (Trabada, L), *Vilacrespo* (Lalín, P), *Vilaester* (Vilalba, L), *Vilaestévez* (Zas, C e Lugo, L), *Vilafernández* (Dumbría, C), *Vila Fernández* (Santiago de Compostela, C), *Vilamarta* (Cerdeira, C), *Vilamoura* (Lugo e Punxín, O), *Vilaprego* (Tordoia, C), *Vilarramil* (Palas de Rei, L), *Vilasilvestre* (Vilalba,

L; máis dun cento de portadores de *Silvestre*), *Vila Valdés* (Ordes, C), *Vilaxurxo* (Castroverde, L); con preposición: *A Viladafonso* e *Vila de Amigo*. Hai que engadir algúns que parecen referirse a construcións relativamente recentes, como *Vila Herminia* (Valdoviño, C) e o xa citado *Vilavidal*.

Con **vilar**: *Vilarantón* (Navia de Suarna, L), *Vilarbuxán* (Bóveda, L) e *Vilardíaz*, xa citado, *Vilar Ramilo* (Zas, C), *Vilarxoán* (Frades. C e O Incio, L), *Vilarxubín* (A Fonsagrada, L); con preposición: *Vilar de Paio Muñiz* (A Merca, O), *Vilar de Peres* (Carballo, C), *Vilardesilva* (Rubiá, O) e *Vilardemilo* (?) (Viana do Bolo, O).

Con **volta**: *A Volta de Varela* (Portomarín, L).

3.4. Casos dubidosos

Como dixen antes cando me referín ós topónimos *Os Ramís* e *Os Vidás*, non sempre é doado saber se o topónimo representa propiamente o apelido. Así, por exemplo, o lugar de Gondomar chamado *Os Nandíns*, xa citado, pode debe-lo seu nome ó apelido *Nandín*, que ten 165 portadores galegos concentrados por aquela zona, ou ser propiamente un xentilicio co significado de ‘xente proveniente de *Nandín*’, unha aldea de Nigrán moi próxima a aquel lugar. É dicir, *Os Nandíns* puido orixinarse a partir dunha familia así apelidada ou polo feito de ser xente con calquera outro apelido pero procedente do lugar de *Nandín*.

O lugar chamado *Os Mourices* (Palas de Rei, L) pode representa-lo apelido *Mouriz* (992 portadores) ou indicar simplemente ‘xente procedente de *Mouriz*’, unha aldea de Rodeiro que non está lonxe da de Palas.

Do mesmo xeito, en *Casianes* (Valdoviño, C) debe esta-lo topónimo *Ianes*, que está no mesmo concello, e non o apelido (*Eanes*) que vemos en *Martianes* (Narón, C).

Algo semellante pode ocorrer co topónimo *Os Lamegos* (Mondoñedo, L) que se pode explicar a partir do apelido *Lamego* (42 portadores en Galicia) ou como xentilicio referido a ‘xente procedente de Lama’, pois cerca Mondoñedo, en concellos lindeiros con el, temos *Lama Grande* (Abadín) e *A Lama* (Alfoz), hipótese esta que se reforza polo feito de o sufixo *-ego* ter moita vitalidade naquela zona (*chairego, focego, viveirego...*). Con todo, non pode rexeitarse completamente a posibilidade de que esteamos ante un sobrenome, pois, nalgunhas zonas de Galicia, o *lamego* ou *lamote* é unha ave de rapina diúrna; neste caso, o alcume é semellante a *Falcón*, *Gabián* e *Peneireiro*.

Moitos apelidos foron, en principio, nomes de oficio. Cando aparecen na toponimia, tampouco se pode saber con seguridade se o nome de lugar se refire directamente ó oficio dos seus habitantes ou se, como no caso de *Os*

Sardiñas, se orixinou a partir do apelido dos primeiros habitantes do lugar. Poño un exemplo: no topónimo *Os Queixeiros* (Chantada, L) podemos estar ante unha denominación referida a persoas que elaboraban ou vendían queixos ou a persoas que levaban o apelido *Queixeiro* (276 portadores en Galicia), como é certamente o caso de *Casqueixeiro* (Carballedo, L); á súa vez, o apelido *Queixeiro* pode ser toponímico (*Queixeiro*: lugar e parroquia de Monfero, C) ou de oficio. Só a consulta de documentos antigos ou as achegas das historias familiares particulares pode ir aclarando estas dúbidas.

Neste caso poden estar polo menos algúns dos topónimos *Os Beleiros* (Ourense), *Os Bestilleiros* (Ribadeo, L), *O Canteiro* (C₁, L₂), *Os Canteiros* (C), *Caseiro* (O₁), *Os Caseiros* (L₁, C₂, P₁), *Casqueiros* (Pazos de Borbén, P), *O Cribeiro* (Pontearreas, P) e *Os Cribeiros* (Ortigueira, C), *O Cunqueiro* (Portomarín, L), *O Gaitero* (Cambre, C), *Os Gaiteros* (San Sadurniño, C), *O Poceiro* (Coristanco, C; 478 portadores galegos); aquí podemos incluír *O Basteiro* (Neda, C), apelido referido ó ‘que fai ou vende albardas chamadas *bastes* ou *bastos*’ que ten 370 portadores galegos. Tamén nos topónimos *Cacheiro*, *O Cacheiro* e *Cacheiros* pode haber apelidos orixinados por nomes de oficio, pois *cacheiro* figura en dicionarios galegos co sentido de ‘oleiro, o que fai cachos ou utensilios de barro’ (< *cacho* ‘recipiente, cazo’ < lat. CACCULUM ‘ola’). Tamén os atopamos coa forma en feminino: *A Santeira* (Viveiro, L), *A Gaiteira* (Oleiros, C).

Hai ademais unha serie de topónimos que non teñen explicación doada se non é como formados a partir dun apelido procedente dun alcume. Adoitan ir precedidos do artigo –xeralmente, en singular– e son topónimos únicos ou moi pouco frecuentes no Nomenclátor de Galicia.

Entre eles están os formados unicamente con nomes de aves en singular, pois se ben estes nomes están moitas veces presentes nos topónimos, ben sexa coa forma en plural (*As Curuxas*), ou mediante a adición de sufixos abundanciais (*A Curuxal*, *A Curuxeira*, *As Curuxeiras*, *O Pombal*, *Pombar*, *Pombeiro*...) ou como elemento de composición (*Niño do Azor*, *Niño do Corvo*, *A Pena do Corvo*, *Penas Corveiras*, *Rego do Galo*...), é moito máis raro que o nome de lugar consista no nome da ave en singular (*A Andoriña* (3 v.), *A Pomba* (2v.)...). Tendo isto en conta, parécenos probable que o topónimo *O Falcón* (Pobra de Brollón, L) non se refira directamente ó nome da ave, senón o apelido que tamén vemos en *Casfalcón* (Vilaboa, P). O mesmo podemos dicir de *O Corvo* (2v: Coristanco, C, e As Neves, P), que pode ser apelido como o é en *Percorvo* (Cervo, L), que é un *Per(o) Corvo*, en formación semellante á do topónimo portugués *Torre de Moncorvo*, adoito chamado só *Moncorvo* (Braganza), que procede dunha *Torre de Men(do) Corvo*.

Os topónimos *O Galo* (Arteixo, Co) e *Os Galos* (Ribadeo, Lu) tamén deberon ser orixinados polo apelido e non ó revés. Coma *Touro*, *Galo* parece alcume aplicado, con connotacións de virilidade, a un individuo e pode incluírse nunha serie de apelidos formados con nome de aves como *Capón*, *Corvo*, *Galiño*, *Garza*, *Pato*, *Paxaro*, *Perdiz*, *Pita*, *Pombo* e outros. Malia que *Galo* ten hoxe en Galicia menos dunha decena de portadores –a maioría censados en Melide–, son máis de 250 os portadores da forma castellanizada *Gallo*; como sobrenome –e despois apelido– está documentado en Galicia xa no séc. XII: *Rudericis cognomento Gallus ~ Rudericos Gallus* a.1168, *Petro Gallo* s.a. TSobrado, *Miguel Galo de Aguiar*, veciño da vila de Viveiro a.1593 ACS. Non resultaría estraño, pois, que os dous topónimos citados arriba fosen, en orixe, apelidos.

O Pombo (Frades e Cambre, C) pode ser, desde logo, un zootopónimo, pero tamén ten unha moi doada explicación se o consideramos constituído polo apelido, dada a gran presenza que este ten en Galicia, onde están censados máis de 4.600 portadores. *O Polo* (Vilalba, L) parece formado co apelido *Polo*, que, con 568 portadores, é característico do norte de Lugo e da Coruña, dos cales 32 están censados no concello de Vilalba. Poden estar no mesmo caso *O Carrizo* (Palas de Rei e Vilalba, L) e *Os Carrizos* (Agolada, P).

Tamén parecen orixinados por apelidos ou alcumes outros moitos nomes de lugar como *O Bailón* (Mugardos, C), *Os Calzados* (A Capela, C), *O Capelo* (Co₂, Ou₁, Monfero, San Sadurniño e A Bola) e *Capelos* (Santiso, C), *O Carbón* (O Porriño, P: 413 portadores; deles 142 na Estrada), *Os Conchados* (Begonte, L: hai 554 portadores de *Conchado*), *O Morán* (Oia e O Rosal, P), *O Prego* (Carballo, C), *O Roxo* (Lu₂: Palas de Rei e Sober), *Regalados* (Zas. C) e *Os Regalados* (As Pontes de García Rodríguez, C), *O Torrado* (Guntín, L) e *Torrados* (Mondariz, P), *O Veloso* (Bueu, P). Esta parece se-la explicación segura para *Os Sardiñas* (Cabanas, C). Se no censo atopamos 23 persoas que se apelidan *Rabelo*, 17 *Ravelo*, 47 *Rebelo* e 15 *Revelo* non parece arriscado supoñer que os topónimos *O Rabelo* (As Neves, P) e *O Rebel* (Sanxenxo, P) e quen sabe se *Os Rebeldes* (Valga, P) son nomes de lugar orixinados por este apelido.

Ante casos coma os que acabo de citar, un pensa se ás veces non nos enganarán as aparencias. O topónimo *Os Buxos* (Ribeira, C), único en Galicia, é, en principio, doadamente explicable como fitotopónimo. Pero hai 32 galegos portadores do apelido *Buxo*, dos cales 29 están censados na cidade de Pontevedra. Dada a forma en singular do apelido, non parece que este poida proceder do topónimo mencionado, que, como dixemos, ten forma en plural: *Os Buxos*. Teríamos, pois, que pensar que, como o *Boix* catalán, o apelido *Buxo* se orixinou nun microtopónimo non localizado. Pero hai outra posibilidade:

Buxo tamén é moi doadamente explicable como alcume aplicado a un individuo robusto e san, tal e como se fai aínda hoxe na comparación (*forte*) *coma un buxo, máis san ca un buxo*, que se aplica a unha persoa xa andada pero aínda rufa. Témolos documentados desde finais do séc. XIV: *Sancha Dominges Buxo* a.1392 THSantiago, *Bernal Buxo* a.1534 e a.1539 AHUS, *Bernal Bujo* a.1560, *Bernal Buxo* a.1645 ACS. Por iso, é posible que o topónimo *Os Buxos* fose orixinado a partir do apelido (ó xeito de *Os Sardiñas*) e que só secundariamente teña relación co nome da planta.

Os topónimos pontevedreses *O Temperán* (A Caniza), *Tempráns* (O Grove) e *O Rapado* (Tui) poden proceder de adxectivos aplicados ó terreo, pero tamén se explican moi doadamente a partir de apelidos orixinados en alcumes. O apelido *Temperán* ten en Galicia 92 portadores, *Rapado* ten 54.

3.5. Nome + apelido

O Álvaroxil, Xan Xordo (Santiago de Compostela, C), *Xan Amigo* (Sada, C) e *Poramigo* (Ouro, L) –que debe ser un *Pero Amigo*–, co mesmo apelido que en *Illar de Amigo* (San Román, Lugo) e *Vila de Amigo* (Portas, P).

En *Alfonsares* (Guitiriz, L) e en *Miguelares* (San Sadurniño, C) vémo-lo mesmo apelido que en *Casaldares*, *Os Ares* e *Leira de Ares* e, moi probablemente, en *Valiñadares* (Mondoñedo, L).

Gonzalvite (< *Gonza(lo)alvite*), *Mencide* (< *Men(do) Cide*), que xa citei antes, *Perrodríguez* (Vilalba, L) = *Pe(ro)rodríguez*⁶².

Martín Mouro (Aranga, C; 670 portadores de *Mouro* e 130 de *Moura*).

En *Sancharedonda* (As Neves, P) debe esta-lo apelido *Redondo* (máis de 2.500 portadores galegos, xunto con máis dun cento de *Redonda* e case cen *Redondos*, apelidos toponímicos), concordado co sexo da persoa que o levaba, como se facía adoito na Idade Media, cando os apelidos aínda non eran hereditarios. Isto pode ser un indicio da antigüidade do topónimo.

María de Amido (As Somozas, C; 87 portadores de *Amido*).

3.6. Nome + dous apelidos

Malia a aparencia, non existen topónimos en que aparezan dous apelidos. Non podemos contar entre estes o lugar chamado *García Sánchez* (Lalín, P) nin *As Pontes de García Rodríguez* porque *García* foi nome persoal na Idade Media.

4. OS NOMES MÁIS FRECUENTES NOS TOPÓNIMOS

Teñen unha certa frecuencia, pois son 15, os topónimos formados co nome *Paio* ou con este nome seguido dun apelido: *Paio* e *O Paio*, *O Portopaio*, *Paio*

⁶² Rivas (1991: 505) cita *Marrodríguez*, microtopónimo documentado en 1885 en Marín, tamén rexistrado como *María Rodríguez*.

Rodríguez (Curtis, C), *Paiosaco*. A posición átona en que queda o nome de pía favorece a deturpación en *Pai-*, *Pei-*, *Pau-* *Pou-* e incluso *Pan-*: *Paicordeiro* (Allariz), *Paidavella* (< *Paio de Abella?*), *Paipaz*, *Pai da Cana*, *Painavalla/Peinavalla* (Valdín, A Veiga, Ou) *Peimoure* (Guntín, L), *Peixoanes* (2 v.), *Peiluz*, *Peimogo*, *Paucabaleiro* (Taboada, L), *Paulouro*, *Pausalido*; *O Pouxaneiro* (Riotorto, L). A *Panfolía* (Pantón, L), parece derivar dun *Paio Folia*; o apelido *Fulías* ten sete portadores galegos, un deles censado precisamente en Pantón.

Tamén é frecuente *Pedro* seguido dun apelido. Como ocurría con *Paio*, tamén neste caso a posición átona do nome favorece a deturpación en *Pero*, *Per*, *Por* e, quizais, *Pur*: *Peronegro*, *Peropombo*, *Peroselo* (? : hai un portador de *Selo*), *Perotato*, *O Peroxil* (cfr. *O Alvaroxil*), *Percordeiro* (cfr. *Paicordeiro*), *Percorvo*, *Perdeán* (?), *Perdecanaí* (hai alí o lugar de *Canai* e 268 portadores de *Canay*) e *Perrodríguez* (Vilalba, L); *Poramigo* (Ouro, L), *Pormadeira* (Ortigueira, C; 23 portadores de *Madeira* e 33 de *Madera*), *Porpalla* (Ordes, C; 161 portadores de *Palla*), *Porvelo* e *O Porvelo* (1726 portadores de *Velo* e 33 de *Belo*), *Pordelapa* (Avión, O), *Por da Tronca* (Mañón, C); *Porrromeo* (Muras, L) pode ser un *Per(o)romeo*, pois hai 345 portadores galegos do apelido *Romeo* e 336 de *Romeu*; *Porxesta*⁶³ (Muras, L: hai un portador do apelido *Gesta*). Quizais se poida engadir *Purdeus* (Parada de Sil, O) co apelido, frecuente en Galicia, que está presente en *Mesón de Deus* (Ordes, C, concello en que hai 15 portadores do apelido); *Peralbar* (Carnota, C) pode ser un *Per(o) Alvar*, pois temos hoxe en Galicia ben presente o apelido *Albar* ou *Alvar* (360 e 167 portadores, respectivamente); *Pramado* (San Sadurniño, C) pode ser un *P(er)o Amado* (3.909 portadores). E *O Pomouro* (Ares, C) pode ser un *P(er) o Mouro*, pois tanto este apelido como na forma feminina *Moura*, están ben representado en Galicia, sobre todo na provincia da Coruña.

Ás veces, o prenome pode estar ben disfrazado: se temos *Diz* (Dozón, P e Outes, C), *Penadiz* (Vilar de Barrio, O) e *Portodiz* (Santiso, C) ademais de *Os Dices*, podemos pensar que o lugar hoxe chamado *A Perdiz* (A Lama, P) sería antigamente un *Per(o) Diz* (*Didaci*) que adquiriu o artigo espúreo por etimoloxía popular.

Son menos os formados con *Rodrigo* ou *Roi*, *Rou*, *Rui*: *Roidíaz* (Vilalba, L) co seu paralelo *Roidiz* (As Pontes de García Rodríguez, C), *Roilois* (Vilagarcía de Arousa, P), *Roimelo* (Allariz, O); *Roufigueira* (Boiro, C); *Ruibelo* (Pravío, Cambre, C) e *Ruibó* (Cee, C) non parece que teñan que ver con *Ruibal* e *A Ruibal*, que deben ser fitotopónimos.

⁶³ *Porxestas* no Nomenclátor, que vai ser modificado.

Outro nome moi repetido é *Martín*, que atopamos como nome de lugar ou de parroquia case dúas ducias de veces en Galicia. Aínda que, en principio, parece claro que se trata dun topónimo formado sobre un nome de posesor *Martinus*, non podemos descarta-la posibilidade de que algún dos *Martín* sexa en realidade o apelido *Martín*, que ten en Galicia case 6.000 portadores. Serán seguramente apelido nos topónimos *A Bouza Martín*, *O Pinar de Martín*, *A Pena de Martín* e non o será no caso de *Porto Martín* (Lalín, P), que se refire a unha aldea *Martín* do mesmo concello. En cambio, *Portomartín* (Cotobade, P) non ten cerca ningún lugar *Martín*, polo que debeu formarse co apelido.

Así pois, vemos que cando o apelido é toponímico, en moitos casos, non podemos saber se estamos ante un nome de lugar formado co apelido ou formado co propio topónimo. Para decidirmos por unha ou outra posibilidade, ás veces basta con comproba-la toponimia da zona, como apuntamos para o caso do lalinense *Porto Martín*. Do mesmo xeito, o segundo elemento de *Porto Meilán* (Lugo, L) queda descartado como apelido porque hai unha aldea *Meilán* no mesmo concello.

Outros son, con seguridade, apelidos: *Porta do Cao* (Begonte, L) e *Porta dos Caos* (Frades, C), pois non hai topónimo *Cao* ou *Caos*.

5. A DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DESTE TIPO DE TOPÓNIMOS

Hai certas zonas en que os topónimos orixinados por apelidos parecen ter unha maior presenza ca noutras. Sen facermos cálculos para coñece-la proporción en que aparece este tipo de nomes de lugar en relación con outros doutra orixe (fitotopónimos, hidrotopónimos, orotopónimos, haxiotopónimos, etc.), resulta rechamante, por exemplo, que nun concello como Abadín (L) atopemos *Os Amados*, *Os Anellos* (173 portadores galegos de *Anello*, coa maior densidade precisamente en Abadín e en Mondoñedo), *Os Arantes* (19 portadores de *Arantes*), *Os Ares*, *As Basilias*, *Os Carracedos* (Abadín, con 90 portadores de *Carracedo*, é o segundo concello con maior densidade), *O Fermín* (19 portadores galegos de *Fermín* como apelido), *Fernandaño* (?), *Os Mariños*, *Os Pérecos*, *Os Titos*, *Os Trinta* (hai 277 portadores galegos do apelido *Treinta*, se ben é certo que maioritariamente censados no Baixo Miño), *Os Verdes*, *Os Vidás* e *Xácoma* (490 portadores de *Jácome*). Aínda que tamén poder ser directamente fitotopónimos, poderían ser orixinados por apelidos outros topónimos de Abadín como *Os Carballás*, *Os Currás*, *Os Liñares* (hai pola zona o apelido castelanizado en *Linares*). E a mesma orixe en apelidos poden te-los topónimos *Os Caseiros* e *Os Ferreiros*, do mesmo concello.

Outro concello en que abunda este tipo de topónimos formados con apelidos é o de Friol: *Casantalla*, *Casbarreiro*, *Cascancela*, *Casferro*, *Casparto*,

Casroque, Castorres; A Casa de Pardo, A Casa de Parga; podemos engadir A Marcela, O Curral dos Mateos e Os Ordoñez.

Unha última sondaxe no concello das Pontes de García Rodríguez ofrece estes resultados: *Cascalisto, A Casa do Raque, A Casa de Xenara, O Casal do Paio, Porto Ferreiro*; só o apelido, en singular ou en plural: *O Mariñao* (quizais alcume), *O Palmeiro; Os Regalados, Os Sánchez, Os Vidás*; con nome e apelido: *Peipaz, Percordeiro, O Porvel, Roidiz.*

6. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

Xa para acabar, direi que me pareceu sorprendente o elevado número de topónimos en que están presentes nomes e apelidos dos que actualmente usamos, un número que non me parecía tan elevado antes de achegarme a eles. Creo que sería interesante comparalos cos doutras áreas peninsulares e ver se se dan nelas coa mesma frecuencia.

Por outra parte, habería que remexer nos documentos para dilucidar, nos casos en que pode haber dúas interpretacións, cales destes topónimos orixinaron o apelido e, ó revés, se foi o apelido o que orixinou o topónimo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares, Xunta de Galicia, 2003. <<http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>>

Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de ‘possesores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa”, *Biblos* 23, 143-202, 283-407.

Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico*. Lugo: Alvarellos.

Achegas metodolóxicas para a investigación lingüística en toponimia medieval⁶⁴

Gonzalo Hermo González

Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo ofrécese como unha contribución de orde teórico-práctica ao campo da investigación en toponimia histórica. O artigo propón unha serie de cuestións metodolóxicas que xurdiron a partir do traballo co *Libro II de tenzas* da catedral de Santiago de Compostela, a cuxa edición e estudo onomástico consagramos a nosa tese de doutoramento.

Os temas abordados constitúen algúns dos puntos centrais que afectan ao traballo lingüístico co material toponímico contido nos manuscritos da Galicia medieval. Son consideracións, dúbidas e problemas que tiveron que ser resoltas durante o percorrido que vai do inicio da investigación e que veñen sistematizarse neste artigo co propósito de pólos ao dispor doutros lingüistas interesados na cuestión.

Constatamos, así mesmo, a escaseza de literatura teórica verbo da materia, non só no ámbito máis estrito da toponomástica galega, senón tamén no máis amplo da románica. O estudo dos nomes propios continúa a ser unha disciplina escasamente atendida por parte da filoloxía, á que non falta quen lle discuta o seu estatuto lingüístico e onde os traballos rigorosos se mesturan con outros altamente especulativos ou propostos desde perspectivas non científicas. Esta realidade é especialmente marcada se a comparamos con

⁶⁴ Este traballo realizouse ao abeiro dunha bolsa-contrato FPU do Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, acadada na convocatoria de 2012.

outras pólas do mesmo saber, onde abunda a literatura teórica que serve de base para unha investigación ben pautada.

Conscientes desta carencia, o noso artigo quere configurarse como unha achega, mais tamén como unha chamada, á elaboración de traballos de teoría e metodoloxía da toponomástica con ollos postos na realidade galega. É este o mellor xeito de incentivar a investigación nos nomes de noso e, consecuentemente, un mecanismo apropiado para preservar unha parte esencial do patrimonio inmaterial de Galicia.

2. O USO DAS ATESTACIÓNS MEDIEVAIS NO MARCO DOS ESTUDOS DE TOPONIMIA. PERSPECTIVAS METODOLÓXICAS

O aproveitamento das fontes documentais antigas, especialmente, no caso galego, das medievais, representa un dos recursos máis frecuentes dos que os onomasiólogos se valen para levar a cabo o traballo de pescuda etimolóxica. Pénsese que, fronte aos especialistas en léxico común, os estudosos de toponimia dispoñen dun corpus textual do que botaren man moito máis amplo e recuado no tempo: non só contan cos textos producidos a partir da segunda metade do século XIII, cando se inicia a escrita en romance galego, senón tamén co conxunto dos manuscritos latino-galaicos conservados, con aqueles redactados en lingua castelá e, aínda, nalgunha ocasión esporádica, coa epigrafía antiga, onde figuran topónimos e teónimos galaicos de orixe latina e prelatina. Valla como exemplo o caso de *Morrazo*, que se rexistra, cando menos, desde a segunda metade do século VI, momento en que aparece recollido no *Parroquial suevo*⁶⁵, e que continuará figurando na documentación de xeito ininterrompido ata a contemporaneidade. Por razóns doadas de inferir, é imposible atopar unha forma do léxico común á que lle poidamos seguir o rastro nun campo temporal tan dilatado, por moito que a documentación escrita en latín recollese, moitas veces, algún apelativo arromanzado ou xa en romance.

O uso das fontes históricas no ámbito da toponomástica dáse, sobre todo, naqueles traballos que estudan nomes de lugar *opacos*, é dicir, os que non coinciden con ningún apelativo do léxico común vivo e, polo tanto, non se pode establecer a súa orixe dun xeito inmediato (por exemplo, *Lugo*, *Burela* ou *Ourense* fronte a topónimos transparentes como *Vilar*, *Ribeira* ou *A Capela*). Nestes casos, a consideración das atestacións antigas contribúe a fixar hipóteses etimolóxicas solventes, na medida en que a través delas se

⁶⁵ O chamado “Parroquial suevo” (*Parochiale Suevum*) ou “Divisio Theodomiri” constitúe a fonte esencial para estudar a organización relixiosa, política e social da *Gallaecia* a finais do s. VI da nosa era. Consiste nunha listaxe das trece dioceses coas súas correspondentes “ecclesiae” (un total de 107), que compuñan a organización eclesiástica do Reino Suevo nos últimos momentos da súa historia (Sánchez Pardo 2014: 440-441). O texto definitivo foi fixado por Pierre David (1947).

visualizan estadios lingüísticos máis achegados ao étimo. Véxase, se non, o que acontece co topónimo *Serantes*, que tivemos a oportunidade de estudar noutro momento (Hermo González 2013a). Grazas ás fontes documentais, soubemos que a solución actual dese nome procede, por disimilación, dunha antiga forma *Sarantes*, con *a* pretónico, e iso conduciunos a argumentar a favor dunha vinculación etimolóxica cos hidrónimos *Sar* e *Sarela* ou co hidrotopónimo *Sarria*.

Por outra banda, as atestacións históricas poden servir para refutar hipóteses etimolóxicas artelladas sen ter en consideración a historia documental do topónimo. Así acontece co nome do barrio compostelán de *Conxo*, o cal se ten valorado como unha ultracorrección motivada pola gheada a partir da solución deturpada moderna **Conjo* (> **Congo*), que proviría de CANONICU. Non obstante, a existencia de formas gráficas do tipo *Conjo* e *Conio* nos textos da Idade Media, que indican unha pronuncia fricativa, e non oclusiva, da consoante posnasal, contradín esa hipótese.

Incluso naqueles topónimos cuxa orixe semella transparente a primeira vista, o recurso á documentación antiga pode resultar revelador. Poñamos por caso, o nome da aldea de *Carantoña* (Tállara, Lousame) nada ten que ver co apelativo homónimo que se define como ‘xesto que deforma o aspecto normal do rostro’ (DRAG), como o demostra un manuscrito de 1342 onde figura como *Carantono*, con *o* final (TMILG). Malia que contamos con outros datos que nos permitirían por si mesmos desbotar esa hipótese, como o illamento dun radical prelatino **car(r)-* (*Car-iño*, *Carr-axo*, *Carr-egal*, *car-ambelo*) coa concorrencia do sufixo tamén prelatino *-oño/-oña*, a presenza documental axuda a obxectivar esa idea.

O habitual nos estudos de toponimia é a abordaxe desde as formas modernas, as efectivamente vivas na fala no momento presente. Un traballo paradigmático de pescuda toponímica podería ser aquel que, partindo da solución actual dos nomes de lugar circunscritos a un determinado espazo xeográfico, realiza hipóteses etimolóxicas onde o recurso á documentación histórica do lugar, se tal recurso se ofrece, serve a xeito de proba ou ratificación. No ámbito galego, ese é o xeito de obrar de boa parte das obras máis importantes da toponomástica recente, como é o caso das de Palacio (1981), Rivas (1982), Marqués (2004) ou Navaza (2006).

A orde inversa, é dicir, aquelas obras onde o punto de partida o representan as solucións gráficas reflectidas na documentación antiga, nomeadamente a medieval, e o de chegada as formas vivas, é menos frecuente, se ben, como apunta Kremer (2010: 9), é este o procedemento máis axeitado para atinxir un coñecemento cabal da xénese dos topónimos. Malia a escaseza de

material agromado baixo esta perspectiva, no noso ámbito de coñecemento temos un exemplo valioso, o representando polo labor investigador de Paulo Martínez Lema (2008, 2010). Martínez Lema baleira os topónimos do *Tombo de Toxos Outos* e ofrece un estudo que se dirixe, na medida do posible, a localizalos, establecer correspondencias entre o nome medieval e o moderno e estudalos do punto de vista etimolóxico. Polo seu carácter pioneiro, os traballos deste lingüista serán citados varias veces ao longo desta abordaxe.

A perspectiva de traballo que parte das atestacións medievais conta con algunhas vantaxes de orde metodolóxica, nomeadamente permite atender todos aqueles topónimos que, polos motivos que veremos a continuación, non contan cun lema moderno, e polo tanto quedan fóra das abordaxes realizadas desde a realidade presente.

Nas páxinas que seguen atenderemos algunhas das cuestións centrais que tocan á investigación en toponimia que parte das atestacións textuais da Idade Media. Entraremos, en primeiro lugar, na materia que atinxe ao baleirado das fontes para, a continuación, tratar a relación entre a lingua dos manuscritos, as atestacións dos topónimos e a fiabilidade lingüística dos mesmos. Por último, abordaremos algúns dos problemas principais que presenta a súa localización xeográfica e a correspondencia co denominación actual do mesmo territorio.

3. O BALEIRADO DAS FONTES DOCUMENTAIS

O primeiro problema ao que debe enfrontarse o onomasiólogo que traballe con fontes éditas ten que ver coas garantías que presentan as propias edicións. Boa parte da produción documental galega da Idade Media foi transcrita de acordo con criterios que responden máis aos intereses da historiografía ca os da lingüística, de tal xeito que a vontade de baleirar a máxima cantidade de material posible xoga en detrimento da calidade das transcripcións. Os lingüistas precisamos edicións que respecten a realidade escriptolingüística dos manuscritos, nun abano de posibilidades que vai daquelas transcripcións que apostan por un maior grao de proximidade á *scripta* do texto (*edicións paleográficas* «*duras*») a aquelas outras que combinan o respecto polo aspecto grafolingüístico coa vontade de interpretación (*edicións filolóxicas*). Sobra dicir que non son válidas para este obxecto as que optan por modernizar a lingua, mais tampouco aquelas pensadas para un uso historiográfico, pois, como afirma Ramón Lorenzo (2004: 450): «os editores sen formación lingüística descoñecen a lingua medieval e moitas veces eliminan características lingüística fundamentais nas súas edicións ou len incorrectamente, polo que as súas lecturas non son válidas». Estamos con Oliveira Marques e

Rodrigues, citado polo propio Lorenzo (2004: 451), cando sostén que estas eivas existen «ñã por incapacidade científica dos autores, mas porque os seus profesionalismos se centran noutras áreas, e porque eles vñem a paleografía apenas como instrumento de lectura de documentos para a recolla de información».

Este tipo de edicións, con ampla tradición na nosa contorna cultural⁶⁶, son sempre interpretativas, quñese dicir, desenvolven as múltiples abreviaturas que forman parte do *usus scribendi* dos tabelións do medievo. O problema neste eido é duplo: por unha banda, afecta ao xeito de reflectir graficamente esas abreviaturas na transcripción e, pola outra, toca á maneira de desenvolvelas.

Verbo do primeiro punto, cabe dicir que as edicións filolóxicas optan ora por representaren en itálico toda aquela intervención da man editorial que non estea presente no texto, como recomenda Maia (1986: 29-30), ora por facelo só nas ocasións en que as posibilidades gráficas son múltiples, na liña de Lorenzo (2004: 451). Poñamos por caso, <q>, cun trazo sobeposto, abrevia *que*; pois ben, neste punto Maia e a súa escola editarían a secuencia <ue> en itálico, ao non figurar por extenso no documento, mentres que Lorenzo prescindiría desa precisión, xa que non existe ningunha outra posibilidade gráfica para ese segmento alén de <ue>. O fundamental aquí é que ambos coincidirían en marcar a intervención editorial en abreviaturas problemáticas do punto de vista gráfico e escriptolingüístico, como pode ser a moi frecuente <mor>, cun signo xeral por riba, que cabe interpretar como *mor[avidis]*, *mor[avedis]*, *mor[abidis]*, *mor[abedis]*, *mor[abedjs]*, etc., nome dunha moeda de uso corrente na Península Ibérica desde o século XII. A diferenza coas edicións para historiadores radica en que estas non acostuman a marcar en ningún caso a intervención do transcriptor, de tal xeito que, en casos problemáticos ou que suscitan un especial interese lingüístico, resulta imposible discernir se a secuencia gráfica é produto da man do escribán ou da do editor moderno.

Ademais de non sinalar a súa achega, o editor pode falsear a realidade da lingua medieval á hora de desenvolver as abreviaturas, por descoñecemento ou por aplicar acriticamente normas de transcripción pensadas para outros contextos idiomáticos. Téñase en conta que os historiadores que editan documentación galega foron formados na paleografía española, cuxas normas de transcripción non se poden aplicar de xeito directo aos manuscritos de noso sen distorsionalos no plano escriptolingüístico (Lorenzo 2004: 450-451). Un caso paradigmático neste sentido é o que afecta ao patronímico *Martiz*, *Martís* ou *Martíns* (Boullón 2007: 289, 291), xeralmente abreviado <mrt>, cun

⁶⁶ Os filólogos incorpóranse cedo á edición da produción literaria medieval, pero non así á instrumental, sen dúbida a que presenta maior rendemento toponímico.

trazo por riba. O editor desinformado, seguindo as pautas da escola castelá, desenvolverá *Martínez*, solución allea ao galego. Basta realizar unha rápida consulta ao TMILG para decatarse da cantidade de rexistros que a forma *Martínez* “presenta” na documentación medieval galega, un total de 578 nun corpus que atinxe os séculos XIII, XIV e XV, os cales ben puidesen ser abondos para decretar, a quen descoñeza a cuestión aquí comentada, a indiscutible galeguidade da forma. Se a isto lle sumamos a ausencia de itálico ou de marcas que sinalen a intervención editorial, podemos facernos unha idea de ata que punto as edicións que aquí comentamos son, non soamente falibles do punto de vista lingüístico, senón mesmo potencialmente enganosas para a investigación do toponomástico que as manexe sen coidado.

En termos xerais, a toponimia presenta menores problemas canto ao desenvolvemento das abreviaturas cá onomástica persoal, pois esta última cinguíase na Idade Media a un número moi reducido de formas con frecuencia alta, o que explica a tendencia dos amanuenses a acurtalas. Mesmo así, nada nos garante que esta caste de edicións non interveñan erradamente nos nomes de lugar nunha dirección tamén pseudocastelanizante ou simplemente equivocada. De feito, a falta de formación toponímica, sumada a un interese menor polo plano escriptolóxico dos manuscritos, levou en ocasións a presentárense edicións con erros de lectura nas secuencias gráficas referidas a topónimos (e non só a eles). Martínez Lema (2010: 66, 146-147, 243-244) sinala varios erros deste tipo a propósito da edición do *Tombo de Toxos Outos* (Pérez Rodríguez 2004), de entre os que podemos citar **Alueris* por *Anlunis*, hoxe *Anllóns* (Ponteceso, Bergantiños), **Elues* por *Colues*, hoxe *Colúns* (Mazaricos, O Xallas), ou **Merocallo* por *Meroncelle*, hoxe *Morancelle* (Pereiriña, Cee, comarca de Fisterra).

Por maior abastanza, os criterios editoriais varían sensiblemente duns paleógrafos a outros, ás veces prescindindo de representaren determinadas características gráficas que teñen relevancia fonética, e estas decisións editoriais non sempre se explicitan nunha epígrafe ou nota introdutoria, polo que hai que inferilos da propia transcripción. Por todos estes motivos, salvo que traballemos con edicións críticas, ou co que arriba chamamos *edicións paleográficas «duras»*, o investigador verase obrigado a acudir á fonte orixinal para comprobar se as lecturas das secuencias gráficas referidas a topónimos son correctas. Isto fórzanos a adquirir, cando menos, nocións básicas de paleografía, diplomática, codicoloxía e crítica textual, disciplinas pouco atendidas, cando non directamente excluídas, dos plans de estudos de filloxía e dos actuais graos de lingua e literatura. Se a toponomástica é en si mesma unha área de saber transversal, que require dunha formación case que integral no

eido humanístico, a escasa fiabilidade lingüística dalgunhas fontes éditas chama de seu por aumentar coñecementos non especificamente lingüísticos no investigador interesado na materia. Con todo, as expectativas de futuro son esperanzadoras. A cada paso é maior o número de fontes editadas con criterios filolóxicos, de tal modo que, se esta liña de traballo se estende no tempo, os problemas que aquí comentamos acabarán sendo materia do pasado.

4. A FIABILIDADE LINGÜÍSTICA DAS ATESTACIÓNS TOPONÍMICAS EN RELACIÓN Á LINGUA DO TEXTO

Tendo en conta o marco temporal que abrangue a Idade Media, podemos atopar no territorio galego documentación escrita en tres linguas distintas: latín, galego e castelán. Aproximadamente ata a segunda metade do século XIII, o latín é exclusivo. O galego comeza a agromar a partir dese momento, con tendencia a dominar nos séculos XIV e XV, aínda que sempre en concorrencia co latín. O castelán aparece moi cedo como lingua documental ligada ás relacións coa corte e á cúpula nobiliaria, ata impoñerse na Idade Moderna (Monteagudo 1999: 127-129). Aínda é posible encontrar manuscritos escritos en galego a comezos do XVI, se ben se trata xa dun fenómeno residual.

Para os onomasiólogos, calquera dos textos producidos nesta época constitúe un material de pescuda valioso. Con todo, o código en que foi redactado o manuscrito determina aproximacións sensiblemente distintas.

A priori, os documentos escritos en galego son os que gozan dunha maior fiabilidade respecto da realidade lingüística dos topónimos que recollen, malia os problemas que, en si mesma, presenta a relación entre as *scriptae* medievais e a lingua efectivamente falada na altura. A cuestión soborda os límites que nos pautamos neste artigo⁶⁷. Conformámonos con sinalar aquí que o investigador en toponimia histórica deberá ter en consideración a dimensión escriptolingüística dos manuscritos romances, pois, do contrario, caerá facilmente en erros e tirará conclusións equivocadas. Por poñer un caso, no *Libro II de tenzas* (folio 3r), a parroquia de Santaia de Arca (O Pino, comarca de Arzúa) figura como *Santa Aya d'Arqua*. Só coñecendo a realidade dos textos medievais, poderemos concluír que o segmento gráfico *Arqua* agacha unha pronuncia do tipo *arca*, malia que a grafía utilizada, a ollos modernos, pareza suxerir *arcua*. Do mesmo xeito, a *rrua dos Baticados* (*Libro II de tenzas*, folio 4v) nada ten que ver con *baticar* 'golpear', senón que se trata da compostelá rúa dos Bautizados, pois o grafema <c> podía representar no galego medieval unha pronuncia fricativa, mais comunmente escrita <ç>.

⁶⁷ Recomendamos neste punto o traballo de Maure Rivas (2006), polo seu carácter abrangente e por recoller as principais achegas de investigadores doutos na materia, como Ramón Lorenzo, Clarinda Maia, Ramón Mariño e Henrique Monteagudo.

Cos textos escritos en latín, as dificultades son maiores. Son varias as posibilidades que se abren canto á relación entre a secuencia gráfica e a realidade lingüística do topónimo. Pode suceder, en primeiro termo, que o nome de lugar figure no texto latino de acordo cos estándares da *scripta* romance: «Jtem habet aliud casallem in Salgeyra» (*Libro II de tenzas*, folio 1r). Pero tamén é posible que o topónimo se axeite á lingua do texto: *rue Moneta Noua* (*Libro II de tenzas*, 1r). *Moeda Nova* é un hodónimo de orixe discutida, aínda que é posible que proceda dun étimo *MONETA NOVA*. Do que non hai dúbida é de que na altura en que foi escrito o manuscrito (lembramos, finais do século XIV), o nome desa rúa era xa *Moeda Nova*. O problema en casos coma estes reside en que a forma gráfica reflicte unha solución extemporánea en relación á evolución diacrónica do topónimo, dato que debemos ter en conta á hora de bosquexar cronoloxías da evolución da forma baseadas nos rexistros documentais. Tamén caben aquí formas intermedias entre o latín e o romance, como *Figaria*, por vez de *Figueira* (< lat. *FICARIA*).

Asunto distinto é cando o amanuense alatina falsamente un nome (cfr. Martínez Lema 2011). Por exemplo, o apelativo e topónimo *Outeiro*, unanimemente considerado un derivado do latín *ALTUS*, mesmo que sexa por vía dunha solución xa romance *outo* (Álvarez Maurín 1994: 88-89; Hermo González 2013b: 51), aparece con frecuencia na documentación dos séculos XII e XIII cunha forma convencional *Octerium* (Navaza 2009: 217). O mesmo sucede cos topónimos prerromanos, onde o escriba pode tender a darlles unha aparencia latina que non se corresponde coa súa realidade etimolóxica. Por exemplo, o nome do río Sor, probablemente proveniente dunha raíz indoeuropea **sor-* ‘fluír, discorrer’, figura en manuscritos dos séculos VIII-XII como *Saur*, *Saure*, *Saurium*, que non deberon existir nunca, mais que lle conceden ao hidrónimo feitura latina (CODOLGA; Moralejo Laso 1980: 162 n.20).

Estas latinizacións, puras ou híbridas, rectas ou falsas, non son totalmente alleas á documentación escrita xa en romance. Non é o máis habitual, pero existe algún caso, como a solución intermedia *Preguntorio* que figura nun manuscrito de 1416 copiado en galego (TMILG).

En todo caso, o investigador en toponimia histórica deberá ter coidado, especialmente, con (a) empregar atestacións toponímicas como proba irrefutable dunha determinada hipótese etimolóxica, pois sabemos que son posibles as falsas latinizacións, e (b) concluír acriticamente que a forma latina (ou intermedia) presente nun manuscrito, mesmo que sexa correcta, era aínda a empregada polos falantes na altura en que se redactou o documento.

Verbo da documentación galega escrita en español, hai que engadir unha nova possibilidade de desvío a respecto da realidade lingüística da toponimia

de noso: as (pseudo)castelanizacións⁶⁸. O fenómeno é antigo, pois remóntase á propia existencia de prosa instrumental castelá no reino de Galicia: *Vivero, Valle d'Oro, Riberas de Minno, Cellero, Orense* ou *Mellid* son algúns dos exemplos que Antón Santamarina (2002: 257-259) cita a propósito desta cuestión. Con todo, os textos casteláns da Idade Media gozan, aínda, dun grao de fiabilidade lingüística considerablemente alto, máxime se os comparamos cos que posúen os de séculos posteriores. Paga a pena consultar, neste sentido, o chamado *Libro do subsidio* (Vázquez Bertomeu: 2003), escrito en castelán no transo entre os séculos XV e XVI, no escritorio capitular compostelán. O manuscrito recolle unha cantidade importante de topónimos galegos e, entre eles, as formas deturpadas son case que anecdóticas. O proceso de castelanización irase consolidando ao longo do tempo, de tal maneira que, chegados ao século XVIII, o *Catastro de Ensenada*, outra fonte esencial para o estudo da evolución dos nosos nomes de lugar ao longo do tempo, nos amosa unha toponimia máis regularmente deturpada.

5. LOCALIZACIÓN E CORRESPONDENCIA COA FORMA MODERNA. ALGUNHAS CUESTIÓNNS

Á hora de tentar localizar os topónimos, o investigador atoparase cunha casuística relativamente complexa que tentaremos sistematizar a continuación. Interésanos neste punto non soamente situar no mapa os topónimos, senón tamén cotexalos coa denominación actual do mesmo territorio, sempre que sexa posible, a fin de analizar a evolución dos nomes no tempo. En consecuencia, e malia que o obxectivo último da toponimia histórica como disciplina lingüística é levar a cabo unha análise de tipo estrutural, o labor de localización dos nomes de lugar que figuran nas fontes históricas preséntase como unha tarefa necesaria antes de efectuar unha abordaxe lingüística completa, que teña en conta, non soamente o plano formal dos topónimos e mais a súa motivación semántica, senón tamén o que Terrado Pablo (1999: 70) denomina *designatum*, quérese dicir, os referentes extralingüísticos que o nome designa.

A continuación, repararemos nalgúns cuestións que atinxen directamente á localización das atestacións toponímicas e mais á súa correspondencia coa denominación actual do territorio. Para tal fin, xebraremos as atestacións en distintas categorías de acordo coa súa operatividade metodolóxica,

⁶⁸ Debe terse en conta a tendencia nos usos escritos da Idade Media a “axeitar” calquera elemento á lingua de escrita documental, de tal xeito que non podemos falar dunha vontade consciente de deturpación da toponimia asimilable á que existiu desde as instancias administrativas españolas do século XIX en diante con respecto á toponimia galega. Exemplos gráficos tirados de manuscritos galegos como os de *Valedolide* (Valladolid) ou *Badallouce* (Badajoz) ilustran perfectamente esta tendencia, que, como vemos, tamén se producía á inversa (DDGM).

reparando especialmente naquelas que non presentan correspondencia coa denominación actual do mesmo territorio.

5.1. As atestacións toponímicas: autonomía e dependencia de estruturas onomásticas persoais. Unha división de orde metodolóxica

Á hora de tentar localizar os topónimos, cabe diferenciar aqueles que, empregando a terminoloxía de Martínez Lema / Pichel Gotérrez (2009: 223), posúen un carácter autónomo daqueles outros que aparecen como constituíntes de cadeas onomásticas persoais. Estes últimos representan os inmediatos antecedentes dos modernos apelidos detoponímicos. Son nomes de lugar que se inscriben nun conxunto antroponímico complexo, xeralmente precedidos da presentación *de* (aínda que non sempre), e que en principio sinalan ‘procedencia’ ou ‘residencia’ (Boullón 1999: 55). A modo de exemplo, distinguimos entre a forma *Castro* dunha cadea persoal como *Gonçaluo de Castro* (*Libro II de tenzas*, folio 78v) destoutra que figura nunha venda datada no ano 1330: “en Castro da friigresia de sam Viçenço de Vama” (Justo Martín / Lucas Álvarez 1991: 97).

En realidade, este corte é de orde puramente metodolóxica, pois, en tanto os nomes de lugar constitutivos de cadeas persoais non se configuren como apelidos hereditarios, e polo tanto perdan o seu carácter de identificación xeográfica, continúan a ser topónimos nun sentido pleno. Esa deriva antroponímica non calla ata despois de transcorrida a Idade Media, así que ben se podería concluír que, no marco en que nos movemos, a devandita categorización carece de pertinencia. Ora ben, no plano metodolóxico é plenamente funcional.

Volvamos ao exemplo que citabamos arriba. No caso da venda, a referencia ao topónimo é unívoca: o propio texto nolo sitúa como nome dunha localidade da freguesía de San Vincenzo de Bama, hoxe concello de Touro, que se mantivo no tempo ata a contemporaneidade (NG). Podería suceder que a referencia textual non fose tan explícita e, por exemplo, non se mencionase a freguesía de adscrición, ao darse esa información por sabida. Aí o marco espacial en que move o manuscrito, así como as referencias a outros topónimos no corpo do texto, acostuman a abondar para situalos. Pode haber casos ambiguos, mais sempre contamos co carácter estritamente referencial do topónimo.

Porén, nas cadeas onomásticas o elemento xeográfico constitutivo pode ter distintos significados:

pode designa-la orixe, o lugar de residencia, o nome do señorío (no caso dos nobres) ou o lugar onde desempeñan a súa función (cargos eclesásticos e notarios, nomeadamente). A interpretación é en ocasións difícil, especialmente cando non se contan con máis datos cós da simple cadea onomástica, pois calquera circunstancia anecdótica

pode suscitar un alcume de orixe toponímica (unha viaxe puntual, certa particularidade individual...) (Boullón 1999: 55).

Sabemos que o documento en que figura o antedito *Gonçaluo de Castro* (*Libro II de tenzas*, folio 78v) é unha tenza que recolle propiedades na cidade de Santiago e terras próximas, mais ese dato, ao contrario do que acontece coas atestacións de nomes de lugar que gozan de autonomía respecto da onomástica persoal, carece de sentido mentres non saibamos se *Castro* indica na secuencia ‘lugar de orixe’, ‘lugar de residencia’ ou outra cousa.

Obviamente, baixo esta estrutura, só é posible identificar con precisión os topónimos que dispoñen dun único referente, como por exemplo *Taragoña*, que remite de xeito exclusivo a unha freguesía do concello de Rianxo. O propio *Rianxo* é xa ambivalente, pois identifica cando menos dous espazos distintos (un no Barbanza, outro en Vila de Cruces), mais as dificultades para detectar de cal dos dous se trata son ben menores cás que presentan topónimos de alta densidade xeográfica como *Vilar* ou o mesmo *Castro*. É dicir, canto maior sexa o número de referentes dun nome de lugar, maiores son os problemas para localizalo. Isto é válido para calquera atestación toponímica, pero nas secuencias onomásticas, onde o carácter exclusivamente referencial se perde en favor dunha relación (máis ou menos ambigua) de dependencia cun antropónimo, as opcións de localizar con precisión e seguridade minguan notablemente⁶⁹.

Hai, aínda, un outro problema ligado a este grupo de nomes que non convén desatender: “a dificultade á hora de establecer a natureza toponímica ou delexical dun sobrenome” (Martínez Lema 2008: 11). Efectivamente, os nosos modernos apelidos delexicais proceden de antigos alcumes que, na Idade Media, ás veces se engadían á cadea onomástica precedidos da secuencia *dito/a* ou *dictus/a*, como en *Domingo Lourenco dito Caluo* (*Libro II de tenzas*, folio 55v), e ás veces non, como en *Iohan Caluo* (a. 1303) (TMILG). Isto tamén acontece coa preposición *de* verbo das formas toponímicas destas cadeas, que frecuentemente as antecede (*Didaco Petri de Grolos*), pero non sempre (*Didaco Grolos*) (Boullón 1999: 61). Cada un destes elementos, preposición *de* e mais *dito/dictus*, marcan lingüisticamente que o forma que segue é, no primeiro caso, un topónimo e, no segundo, un alcume. O problema atopámolo coas atestacións en que esa marca non está presente. Volvendo ao exemplo que empregabamos arriba, en *Domingo Lourenco dito Caluo* non hai dúbida de que *Caluo* é un alcuño que, con toda seguridade, remite á ausencia ou carencia de cabelo desa persoa. Porén, malia as aparencias,

⁶⁹ No caso concreto das testemuñas que dan fe dun determinado acordo notarial, as opcións de localizar os detopónimos son maiores, pois estes acostuman a sinalar o lugar de residencia desas persoas, necesariamente próximo ao punto xeográfico onde se sela o acordo.

podemos dicir o mesmo no caso de *Iohan Caluo* (a. 1303) (TMILG). Pénsese que as solucións *Calvo* e *O Calvo* existen na toponimia, e nin sequera dunha maneira residual (NG, PTG). Por outra banda, temos constancia de que eses topónimos se usaron en secuencias antroponímicas como identificadores de lugar: *Pedro Esteues de Caluo* (a. 1370) (TMILG). Por fortuna para a investigación en toponimia histórica, a ambigüidade atinxe un número reducido de formas. Kremer (2010: 16) cita *Gordón*, Martínez Lema (2008: 10) *Cornoes* e *Pico*, e existen outros, como *Abade*, *Cousiño*, *Ferreira* e *Ferreiros*, *Xerpe* ou *Barón*.

Sexa como for, esta cuestión incide na necesidade de manter separados do punto de vista metodolóxico as formas toponímicas autónomas das dependentes dunha estrutura antroponímica complexa. Con estas últimas, o investigador deberá operar con especial cautela, non só para evitar confundilas con alcumes, senón sobre todo á hora de ofrecer a súa localización como definitiva.

5.2. Toponimia maior e microtoponimia

Tamén cremos necesario xebrar da análise a toponimia maior, ou toponimia das entidades de poboación, da microtoponimia, isto é, a dos núcleos non habitados, por varias razóns que cómpre sinalar.

En primeiro termo, por cuestións que atinxen á carencia de recursos que dean soporte á investigación. Mentres que para a toponimia maior dispomos do *Nomenclátor de Galicia*, elaborado pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e editado en 2003, non contamos cun corpus similar que recolla o groso da microtoponimia existente. O *Proxecto Toponimia de Galicia* (PTG) naceu con ese obxectivo, pero na actualidade atópase parado, e só ofrece unha pequena porcentaxe de concellos en que o traballo de campo foi xa completado e dixitalizado⁷⁰. Máis alá diso, existen estudos realizados en determinadas parroquias ou aldeas, traballos que se poden rastrexar facilmente grazas ao compendio bibliográfico BILEGA do Centro Ramón Piñeiro para o Estudo en Humanidades, pero que non alcanzan a atinxir sequera unha parte substancial do territorio galego. Isto dificulta o traballo de análise e, en moitas ocasións, impide chegar a conclusións certas.

En segundo lugar, hai que ter en conta a dificultade para coñecer a localización exacta das atestacións microtoponímicas, xa que na documentación medieval xeralmente non se ofrecen datos que permitan precisar. Poñemos por caso: “Jtem enna dita jgleja de Sam Gião de Salnes hñu barral que cha-

⁷⁰ Lévese traballado no 30% do territorio galego, cun total de 302000 topónimos recollidos. Pódese consultar un mapa cos concellos en que o traballo foi iniciado, rematado ou que se atopa pendente de realizar en Boullón 2010.

man Paradela Pequena. Ssuyan dar por el dez octauas de pan et agora está todo hermo” (*Libro II de tenzas*, folio 21r). Na documentación instrumental da Idade Media, non era necesario localizar con exactitude un microtopónimo como *Paradela Pequena*, pois o nome abundaba para identificar esa parcela de terreo das demais da parroquia. Salvo naquelas ocasións en que dispomos de medios, e estes nos confirman que a denominación se mantivo ata actualidade, resulta imposible situar o microtopónimo no mapa e, polo tanto, coñecer o seu nome moderno. Ben é certo que se poden aproveitar a información que se menciona no texto, e así sabemos que se trata dun barral, e que tamén debemos ter en conta a natureza etiolóxica do nome, e de aí concluimos, por exemplo, que un lugar chamado *Paradela Pequena* non se pode tratar dun espazo montañoso, pero son datos insuficientes.

Por outra banda, os microtopónimos son máis sensibles aos cambios de denominación, por causas que tocan á tipoloxía das entidades que designan. Os nomes das leiras ou das fontes son coñecidos e empregados por un número ben máis reducido de falantes ca os nomes das aldeas e parroquias e isto facilita que as mudanzas de nome callen mais doadamente.

Por último, debemos ter en conta que a microtoponimia aparece moitas veces integrada en cadeas onomásticas complexas, de tal xeito que, como sinalabamos arriba, os problemas á hora de tentar localizar a forma no espazo aumentan considerablemente.

Todos estes argumentos coinciden na necesidade de manter separadas ambas as clases de nomes, sabendo que o traballo cos microtopónimos será, polo xeral, máis custoso e os resultados máis difíciles de atinxiren a categoría de definitivos.

5.3. Mudanza e desaparición de topónimos. Cambios de tipo estrutural e cambios de orde extralingüística

Cando abordamos a tarefa de localizar as atestacións de topónimos que extraemos dun determinado manuscrito, atoparémonos acotío con que a realidade toponímica medieval non se corresponde con exactitude coa contemporánea. É evidente que o paso dos séculos provoca alteracións na denominación dos territorios, mais convén diferenciar con clarezza os cambios estruturais, aqueles que afectan ao plano formal dos nomes, daquelas mudanzas que responden a factores extralingüísticos. No primeiro dos casos a denominación mantense, aínda que suxeita á evolución formal da lingua ao longo do tempo; encontrámonos, así, ante o que Martínez Lema (2010: 31) denomina *continuidade toponímica*. Nesta primeira posibilidade, a máis frecuente en termos xerais, o investigador novo deberá ter en conta que as pautas de evolución fonética e morfolóxica sinaladas pola lingüística diacrónica

para o galego non son sempre adscribibles de xeito inmediato á toponimia, cuxos resultados formais acostuman a presentar un maior grao de diverxencia e irregularidade ca o léxico apelativo. Se, en galego, a solución resultante do latín *ECCLESIA* é *igrexia*, na toponimia as opcións formais inclúen o equivalente *Igrexa*, mais tamén outras como *Irixia*, *Irexia*, *Eirixia* ou *Eirexia*, algunhas das cales son difíciles de recoñecer, se non se conta coa información necesaria, nunha atestación como *Ecclesia* ou similares (Santamarina 2008: 937-943). Con todo, casos coma estes son os menos habituais; o normal é que non haxa problemas para vincular a forma medieval coa contemporánea. Noutras palabras, os procesos de *continuidade toponímica* son acotío recoñecibles de xeito inmediato.

Por mudanzas de orde extralingüística referímonos a aquelas situacións en que o nome medieval perdeu vixencia no transo á actualidade. Nestes casos, a continuidade quebrou nalgún momento do percorrido histórico do territorio, por razóns que podemos englobar nestas dúas: (a) que a entidade nomeada desaparecese e (b) que se producise un cambio de denominación.

Para a primeira posibilidade, Martínez Lema (2010: 31-33) diferencia a *extinción toponímica*, que recolle aqueles nomes que caeron canda o seu referente extralingüístico, do *deslocamento*, en que a entidade desaparece pero o signo se despraza para nomear realidades da contorna máis ou menos inmediata. A extinción prodúcese en formas que se refiren a terras, coutos, xurisdicións e outros xeitos de organización do territorio que morreron no salto á modernidade. O mesmo autor menciona os exemplos *Toronium*, ampla *terra* que abranguía boa parte do surleste de Galicia, e o couto de *Corenza* ou *Corentia*, situado na actual freguesía de Roo (Noia). Para ilustrar o proceso de *deslocamento*, referirémonos a *Aueancos* (*Libro II de tenzas*, folio 2r), *terra* que se situaba en torno á actual comarca de Melide, e que deixou pegada toponímica nas freguesías de *Abeancos* (San Salvador) e San Cosme de *Abeancos*, hoxe pertencentes ao concello de Melide. A distinción que establece Martínez Lema entre estes dous fenómenos resulta pertinente, especialmente no plano metodolóxico; pénsese que, se partimos da base de que o interese último da toponomástica como disciplina lingüística se move cara ao signo e non tanto cara ao *designatum*, daquela o feito de recuperar unha forma toponímica extinta adquire maior relevancia científica ca outra que sobreviviu como nome dalgún territorio da contorna, pois permite ampliar o campo de estudo da disciplina.

Precisamente polo mesmo motivo, parécenos necesario abrir unha terceira categoría que reúna aquelas formas que desapareceron da man da entidade que nomeaban sen que se producise descolocamento, pero que existen

na actualidade como denominacións doutros territorios de Galicia, sen que exista ningún tipo de conexión motivacional entre elas. Por exemplo, no *Libro II de tenzas* aparece mencionado o couto de *Lama Maa* (folio 53v), na ribeira do Miño, preto da vila de Tui, que se extinguiu sen deixar pegada na toponimia da contorna. Con todo, o mesmo signo toponímico atopámolo no nome da freguesía de *Lama Má*, en Baños de Molgas (comarca de Allariz-Maceda) ou na localidade homónima da parroquia de Louredo, no concello de Arteixo (comarca da Coruña). Estes tres nomes de territorios teñen carácter heteroxénético, é dicir, responden a procesos de nominación autónomos, independentes entre si, mais a coincidencia do punto de vista formal fai que o interese lingüístico suscitado pola recuperación dunha forma como a do couto de *Lama Maa* sexa menor que a de formas como *Toronium* ou *Corenza*, sen correlato na realidade toponímica actual.

O cambio de denominación do territorio é a outra grande posibilidade que barallamos arriba; imos alcumalo como *retoponimización* (Tejero Robledo 1995) ou *substitución toponímica* (Martínez Lema 2010: 31). Este fenómeno recolle procesos abondo complexos aos que nos referiremos sucintamente máis abaixo.

Non obstante, o dito ata aquí é aplicable a aquelas atestacións toponímicas que podemos localizar sen maiores problemas, independentemente de que o signo se mantivese, se extinguiuse ou mudase no transo á contemporaneidade. Mais cabe a posibilidade de que non poidamos determinar a relación do signo toponímico co seu *designatum*, de tal xeito que non sexa posible sinalar que proceso dos antes comentados se atopa por detrás do proceso de denominación do lugar. Estamos a nos referir a situacións en que se perdeu a forma antiga, e non coñecemos o nome moderno da realidade xeográfica á que aludía, pero aínda así, «grazas ás referencias explicitadas nos documentos, podemos establecer cunha certa marxe de seguranza a freguesía, o concello e/ou a provincia en que se encontra» (Martínez Lema 2008: 13). Acontece con relativa frecuencia cando nos enfrontamos ao baleirado da toponimia das fontes medievais. A xeito de exemplo, no *Libro II de tenzas* (folio 62v) fálasenos dun lugar habitado en San Xurxo de Veá (A Estrada) chamado *Sequeeyro*. As referencias textuais, polo tanto, abundan para situar a entidade nunha parroquia determinada, mais, tendo en conta que hoxe non hai ningún núcleo de poboación con ese nome na parroquia (NG), son insuficientes para sabermos se ese *Sequeiro* era o antigo nome dalgunhas das aldeas que hoxe configuran a freguesía, e, nese caso, de cal, ou se é que foi un núcleo abandonado co paso de tempo cuxo nome esmoreceu canda a aldea, etc. É dicir, malia contarmos co signo toponímico para o

seu estudo, e dun *designatum* aproximado que, cando menos, nos permite falar dun proceso de mudanza de orde extralingüística, con continuidade toponímica xebrada, non podemos precisar se nos atopamos ante un caso de substitución ou de extinción. Como é obvio, as limitacións da investigación en toponimia histórica están pautadas pola información contida nas fontes documentais e non sempre é posible abordar un estudo todo o profundo que sería necesario.

Cómpre, aínda, falarmos da chamada *retoponimización* ou *substitución toponímica*. Algúns dos motivos polos que a denominación dun territorio é desprazada por outra foron xa bosquexados por Tejero Robledo (1995), quen os organiza en oito grandes ítems, a saber, a imposición rexia ou señorial, as traducións doutras linguas, os motivos estéticos, o prestixio literario, a memoria histórica, a desvaloración popular, a imposición política e o culto á personalidade e o axuste xeográfico. Na mesma liña, aínda que con criterios sensiblemente distintos e diferentes rótulos, se move Joan Veny (2006) desde o ámbito da toponomástica catalá. De especial interese para nós é a achega de Palacio (2014), quen partindo do esquema de Tejero Robledo, analiza algúns casos de retoponimización en Galicia por motivos de orde eufemística. En todo caso, e malia a importancia dos traballos citados, estamos lonxe de ser quen de establecermos unha casuística que permita atender todos ou, cando menos, a meirande parte dos casos de substitución. Queda traballo que facer neste sentido, comezando polo labor de pescuda. Só ata que teñamos un conxunto o suficientemente amplo de casos de substitución, poderemos perfilar un conxunto completo de patróns ou pautas regulares que sirvan de modelo para novas investigacións e achegas.

6. CONCLUSIÓNS

Da abordaxe que acabamos de bosquexar podemos destacar algunhas ideas a xeito de síntese conclusiva. En primeiro lugar, constatamos as deficiencias que presentan as edicións de fontes documentais medievais para un uso lingüístico das mesmas. Boa parte dos textos galegos da Idade Media foron transcritos de acordo con criterios non filolóxicos, necesarios para que as atestacións toponímicas resulten fiables. As abreviaturas desenvolvidas falseando a realidade toponímica medieval, os erros de lectura ou o escaso respecto á realidade grafolingüística dos manuscritos abundan neste tipo de edicións, o que obriga ao investigador en toponimia histórica a traballar directamente sobre as fontes documentais, a fin de evitar erros insalvables nas decorrer do traballo que se deban á man errada dos intermediarios, isto é, os editores.

En segundo termo, analizamos a distinta fiabilidade das secuencias gráficas que se refiren a topónimos en relación á lingua en que foi copiado o documento. O galego preséntase, *a priori*, como o código menos problemático, fóra cuestións de orde escriptolingüística. Nos textos latinos indicamos as precaucións que debemos tomar cos topónimos cuxa forma resulta extemporánea en relación á época en que foi redactado o manuscrito e cos nomes falsamente alatinados. Por último, nos documentos escritos en español sinalamos a posibilidade de atopar toponimia deturpada, mesmo que a castelaniación de nomes de lugar non sexa o máis frecuente na altura.

Á hora de abordar a localización das formas, marcamos a conveniencia de distinguir entre a toponimia autónoma e a integrada en cadeas antroponímicas complexas, así como entre a macro e microtoponimia, pois de cada grupo derívanse apreciacións metodolóxicas sensiblemente distintas. Para aqueles nomes de lugar que non atoparon continuidade no transo á modernidade, diferenciamos os que desapareceron xuntamente coa entidade que nomeaban daqueles outros que sufriron un proceso de cambio de denominación.

Quixemos, en definitiva, abrir algunhas vías de análise verbo do traballo lingüístico coas atestacións toponímicas medievais, conscientes da carencia de ferramentas metodolóxicas neste campo. Sería necesario un traballo integral que abordase o conxunto de cuestións teórico-prácticas que afectan á investigación en toponimia histórica, pois é ese o mellor xeito de incentivar a pescuda neste campo e animar os novos filólogos a continuaren o traballo.

7. BIBLIOGRAFÍA

Referencias bibliográficas

- Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): “Aproximación á configuración dos apelidos en Galicia”. *Verba* 34, 285-309.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2010): “Toponimia de Galicia. Estado da cuestión”. En María Dolores Gordón Peral (ed.): *Toponimia de España. Estado actual y perspectivas de la investigación*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 31-58.
- David, Pierre (1947): *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIe siècle*. [Lisboa]: Institut Français au Portugal.
- Hermo González, Gonzalo (2013a): “Topónimos de base *Sarand-* e *Serant-*: unha hipótese etimolóxica común”. *Revista Galega de Filoloxía* 14, 43-69.

- Herme González, Gonzalo (2013b): “Toponimia maior da parroquia de Tarañoña (Rianxo, O Barbanza). Estudo etimolóxico”. *Estudos de Lingüística Galega* 5, 43-67.
- Justo Martín, María Xosé / Lucas Álvarez, Manuel (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela: pergameos da serie BENS do Arquivo Histórico Universitario: (anos 1237-1537)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Kremer, Dieter (2010): “Toponimia de España – Toponomástica en España”. En María Dolores Gordón Peral (coord.): *Toponimia de España. Estado actual y perspectivas de la investigación*. Berlin: De Gruyter.
- Lorenzo, Ramón (2004): “Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunha abreviaturas”, en Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos de escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986). *História do galego-português: estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Marqués, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martínez Lema, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo do Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. USC. Tese de doutoramento. Disponible en: <http://dspace.usc.es/bitstream/10347/2870/1/9788498875782_content.pdf>
- Martínez Lema, Paulo (2011): “Estrategias de latinización de toponimia romance en un cartulario medieval gallego: el tumbo de Toxos Outos”. *Estudis romànics* 33, 265-277. <DOI: 10.2436 / 20.2500.01.81>
- Martínez Lema, Paulo / Ricardo Pichel Gotérrez (2009): “Documentación romance no Tombo de Toxos Outos: edición filolóxica e estudo lingüístico”, *Moenia* 15, 207-231.
- Maure Rivas, Xulián (2006): *Para unha escriptoloxía do galego: edición e estudio escriptolóxico do Tombo do hospital dos pobres de Tui (1436-1490)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

- Moralejo Laso, Abelardo (1980): “Notas acerca de hidronimia gallega”. *Verba* 7, 157-170.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza, Gonzalo (2009): “Toponimia prelatina na documentación medieval de Galicia”, en Dieter Kremer (ed.): *Onomástica galega II: onimia e onomástica romana e a situación lingüística do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 215-226.
- Palacio, José Antonio (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Palacio, Antón (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”. *Estudios de Lingüística Galega* 6, 217-231. <DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.6.1717>>
- Pérez Rodríguez, Francisco (2004): *Os documentos do tomo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rivas Quintas, Eligio (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2014): “Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del Parroquial suevo”, *Hispania sacra* LXVI n. 134, 439-480. <DOI: [doi: 10.3989/hs.2014.058](https://doi.org/10.3989/hs.2014.058)>
- Santamarina, Antón (2002): “A recuperación e salvagarda da toponimia galega”. En *Actas dos IV encontros para a normalización lingüística*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 253-262.
- Santamarina, Antón (2008): “A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edificios relixiosos”, en Xosé Luís Axeitos / Emilio Grandío / Ramón Villares (eds.): *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela; A Coruña: Real Academia Galega, 935-949.
- Tejero Robledo, Eduardo (1995): “La retoponimización: cuestión interdisciplinar”. En Hermógenes Perdiguero / Antonio A. Álvarez (coords.): *Toponimia de Castilla y León. Actas de la reunión científica sobre toponimia de Castilla y León*, 107-116.
- Terrado Pablo, Javier (1999): *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: Edición do autor.
- Vázquez Bertomeu, Mercedes (2003): *A Igrexa de Santiago contra 1500: O Libro do Subsidio*. Noia: Lóstrego.
- Veny, Joan (2006): “Cap a les arrels dels nostres noms de lloc”, en *Seminari de metodologia en toponímia i normalització lingüística (Palma, 27 i 28 d'octubre de 2005)*. Palma: Universitat de les Illes Balears, 11-26.

Recursos en liña

- BILEGA = García Gondar, Francisco (1994–): *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>>
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (1994–): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>
- DDGM = González Seoane, Ernesto X. (dir.) (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <<http://sli.uvigo.es/DDGM/>>
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<http://www.realacademiagallega.org/diccionario>>.
- GMH = Consello da Cultura Galega (2014–): *Gallaeciae Monumenta Historica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. <<http://gmh.consellodacultura.org/>>
- ITGM = Martínez Lema, Paulo (dir.) (2008–): *Iventario Toponímico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/itgm/>>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2004): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator>>.
- PTG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2000–): *Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>>
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004–): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>

O réxime xurídico da toponimia en Galicia: distribución competencial, organización e conflitos xudiciais

Alba Nogueira López

Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Os topónimos, os nomes de lugar, accidentes xeográficos, son unha expresión máis da riqueza lingüística dun pobo mais tamén teñen unha relevancia xurídica ao designar sitios que forman parte da organización institucional (provincias, concellos), que integran as redes de infraestruturas ou que ofrecen información á cidadanía.

A lexislación existente reflexa unhas competencias compartidas. Por un lado é competencia autonómica a determinación dos aspectos da toponimia ligados á súa compoñente de protección da lingua galega. Por outra existen competencias estatais, autonómicas e municipais en canto ao uso material desa toponimia nos ámbitos relacionados coas súas competencias materiais (tráfico, rúas, turismo...).

Desde a aprobación da Lei de Normalización Lingüística o uso exclusivo do galego na toponimia ten convivido con incumprimentos tanto municipais (A Coruña), como estatais (sinalización de autoestradas, aeroportos, estacións do tren). O repaso da lexislación e a xurisprudencia pode contribuír a deitar luz sobre o réxime xurídico da toponimias.

1. USO EXCLUSIVO DO TOPÓNIMO EN GALEGO

A Lei 3/1983, de Normalización lingüística, regula a normalización dos topónimos sen ambigüidades, probablemente nun dos artigos con maior grao de taxatividade de toda a lei. O artigo 10 da lei establece que estes “terán como única forma oficial a galega”. Trátase dun dos escasos artigos onde aparece unha obriga concreta e, ademais, o único onde o uso do galego é exclusivo e obrigado.

A determinación dos nomes oficiais correspóndelle á Xunta sempre que se trate “dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia”. Os Concellos, pola súa parte, poderán fixar os nomes das vías urbanas. O Estado, finalmente, ten a competencia para a determinación dos nomes oficiais das provincias.

Os efectos xurídicos que implica a fixación desta forma oficial galega exclusiva son que “estas denominacións son as legais para tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas”. Polo tanto, salvando a previsión respecto aos compromisos que se poidan derivar da normativa internacional de rotulación que poida subscribir o Estado, é evidente que non pode haber máis denominacións que as que a Xunta -ou, no seu caso, os Concellos e o Estado- fixe de forma oficial a través do procedemento establecido na normativa de desenvolvemento da Lei de Normalización. Denominación legal a tódolos efectos

O Tribunal Supremo viu amparar esa exclusividade e extensión a todos os efectos legais da competencia autonómica na toponimia na súa sentenza de 25 de setembro de 2000:

SEPTIMO. La declaración del gallego como lengua propia de Galicia, contenida en el artículo 5.1 EAG e integrante del bloque de constitucionalidad, lleva consigo también determinadas consecuencias jurídicas. Justifica, en primer lugar, que los toponímicos de Galicia tengan como única forma oficial la gallega, correspondiendo a la Xunta de Galicia la determinación de los nombres oficiales de los municipios que serán los legales a todos los efectos (art.10 de la Ley del Parlamento de Galicia 3/1983, de 15 de junio, de Normalización Lingüística, LNLG, en adelante). Y así, por el Decreto de la Xunta de Galicia 146/1984, de 27 de septiembre, se estableció que la denominación de la capital de la provincia de La Coruña fuera A Coruña.

Reafirmase que é a Xunta de Galicia a competente para a fixación da denominación oficial dos concellos e que esta é a única forma oficial e, por tanto, a que desprega as consecuencias xurídicas inherentes a esa oficialidade.

2. PROCEDEMENTO DE FIXACIÓN DA TOPONIMIA

A fixación dos topónimos realízase pola Xunta de Galicia a través dun procedemento establecido no Decreto 132/1984, de 6 de setembro. É probabel-

mente unha das normas en relación coa lingua con maior vixencia temporal se ben existe algunha posterior que concreta algún dos aspectos organizativos.

O procedemento pode ser iniciado polo Conselleiro ou Conselleira de Presidencia por propia iniciativa ou ben instada polo Concello interesado. Esta dobre vía permite que nos casos de inmovilidade municipal sexa a propia Xunta a que proceda á iniciar o procedemento, sen prexuízo da intervención municipal que se garante no procedemento.

Un dos trámites máis importantes na fixación do topónimo oficial é o ditame da Comisión de Toponimia.

O Decreto 174/1998, de 5 de xuño, regula a composición e funcións da Comisión de Toponimia. A comisión é un órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta para estas cuestións e está composta por representantes das Consellerías implicadas e expertos en temas de toponimia e lingua (uns designados por pertencer a certas institucións e outros designados, en función desa cualificación, directamente polo Conselleiro).

Artigo 3º

1. O Pleno da Comisión estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

b) Vicepresidente primeiro: o secretario xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública ou persoa na que delegue.

c) Vicepresidente segundo: o director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa na que delegue.

d) Vocais natos:

O director xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais con competencias en materia de Administración local ou persoa na que delegue.

O director xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, con competencias en materia de cartografía ou persoa na que delegue.

O secretario xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal ou persoa na que delegue.

O director do Instituto Galego de Estatística, ou persoa na que delegue.

e) Vocais representativos:

Un representante do Consello da Cultura Galega.

Un representante da Real Academia Galega.

Un representante do Instituto da Lingua Galega.

Un representante do Instituto Padre Sarmiento.

Un representante da Facultade de Xeografía e Historia.

f) Vocais de libre designación: seis expertos sobre toponimia e lingua galega, que serán nomeados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública entre persoas de recoñecido prestixio.

g) Secretario, con voz e sen voto, que será un funcionario da Consellería da Presidencia e Administración Pública, designado polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública ou un dos vocais de libre designación.

2. Os vocais representativos serán nomeados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública de entre unha terna proposta polas corporacións ou institucións que representen.

Dentro da comisión funciona unha Ponencia de Estudos que é quen realiza o traballo técnico de determinación das formas máis acaídas da toponimia de acordo con criterios científicos. Esta ponencia está “composta polos vocais de libre designación e ás súas sesións, para os efectos de coordinación e asistencia material, asistirá o secretario xeral da Consellería da Presidencia que convocará as reunións, ou o funcionario en que este delegue” (art.4 Decreto 174/1998). De forma singular, garántese tamén a presenza do “Delegado do Instituto Xeográfico Nacional de España en Galicia” ao que se lle comunican as convocatorias dos plenos “por se quixese asistir como vocal”. Non se establece se esta participación é con voz e voto ou só con voz.

O ditame da Comisión é preceptivo, isto é, de obrigada solicitude, e quase-vinculante para a Xunta de Galicia. En caso de discrepancia co ditame non se pode resolver sobre a denominación, senón que se prevé unha segunda revisión do expediente por parte da Comisión, no que ademais será oída a Corporación local interesada e onde pode haber, incluso, un período de información pública para que os cidadáns afectados expresen as súas alegacións. Despois desa segunda fase, e vistos o acordo tomado polo pleno do Concello e o ditame da Comisión de Toponimia, a Xunta debe proceder á fixación do correspondente topónimo.

O topónimo establécese por Decreto aprobado polo Consello de Goberno da Xunta cando se trata de nomes oficiais de concellos, das súas capitais, das parroquias e comarcas⁷¹. Os topónimos “menores” (ex. lugares) establécense por Orde da Consellería de Presidencia.

⁷¹ Decreto 332/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Ourense (DOG do 29.08.1996; BOE do 18.11.1998)

Decreto 219/1998, do 2 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra (DOG do 28.07.1998; BOE do 17.11.1998, corr. erros no BOE 4.03.1999)

Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo (DOG do 25.01.2000; BOE do 24.02.2000)

Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente á entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG do 25.03.2003; BOE do 6.11.2003)

Neste punto hai que ter en conta que a normativa estatal de réxime local establece que para alcanzar o carácter oficial os cambios de denominación teñen que publicarse no BOE, despois de ter sido anotados no Rexistro do que dispón a este efecto á Administración do Estado (art. 14.1 da Lei 7/1985 de bases de réxime local). Existe por tanto unha inscrición no Rexistro estatal e unha publicación suplementaria no Boletín Oficial do Estado para completar os efectos xurídicos da fixación da toponimia.

A lexislación estatal establecía subsidiariamente que esta denominación oficial podía ser tanto en castelán como na lingua propia, como nas dúas á vez (art. 14.2 da Lei 7/1985 de bases de réxime local). Esta previsión resulta contraditoria coa competencia galega exclusiva na materia.

A contradición entre a Lei de Normalización Lingüística e a Lei de Bases de réxime local estatal foi unha das vías que intentou buscar o Concello da Coruña na prolongada batalla contra o uso do galego emprendida polo rexedor municipal Francisco Vázquez. De feito, o Concello de A Coruña recorreu xudicialmente a inscrición do cambio de denominación no rexistro e o Tribunal Supremo nunha Sentencia de 19 de setembro de 2001 confirmou a inscrición, apoiándose nunha argumentación que ratifica a plena competencia autonómica para regular e proceder aos cambios de denominación.


Houbera tamén un recurso fronte á necesidade de proceder á inscrición no rexistro estatal e posterior publicación para que o cambio sexa oficial a todos os efectos pero o Tribunal Constitucional ratificou o carácter básico deste precepto, e polo tanto a competencia do Estado para establecer eses requisitos, se ben non como un control do Estado sobre a denominación se non como unha garantía de publicidade do topónimo debido á natureza territorialmente complexa do Estado no que vivimos (STC 214/1989). A inscrición no rexistro estatal é, pois, necesaria pero é un acto puramente automático sen posibilidade de introducir modificacións no topónimo e configúrase como un paso previo á publicación no BOE para que sexa de coñecemento xeral pero sen converterse nunha vía de control do Estado.

Fundamento Xurídico 10. “Pues bien, no puede negarse el carácter básico de la norma cuestionada, por cuanto la previsión ahora enjuiciada reconoce a la Administración del Estado una competencia propia que es necesaria dado el ámbito nacional del interés afectado. Y es que, como ya dijéramos en nuestra STC 4/1981, fundamento jurídico 9.º), «la concepción del Estado como organización compleja - expresamente reflejada en el título VIII de la Constitución- permite-sostener que el cambio de aspectos relevante de una de las partes que la constituyen no es indiferente -y de alguna manera-puede afectar a las demás».

Hay que tener en cuenta que la norma sólo condiciona el carácter oficial del cambio decidido por el poder público competente, lo cual es razonable para garantizar la seguridad jurídica; *no correspondiendo ya al Estado la aprobación de los referidos cambios,*

el propio interés general supraautonómico en que esos cambios o alteraciones sean conocidos con carácter general, justifica plenamente la previsión cuestionada, que *no supone control del Estado*, sino *un medio de garantizar esa necesaria publicidad* en todo el territorio por medio de la inscripción del cambio en el correspondiente Registro estatal y de su publicación en el «Boletín Oficial del Estado» (a cursiva é nosa).

Ademais desa inscrición no rexistro e do requisito de publicidade, o texto refundido das disposición en materia de réxime local, Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, determinaba que a “alteración do nome ... dos concellos poderá levarse a efecto polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma, previo acordo do Concello e informe da Deputación Provincial respectiva”(art.11). Para o acordo do concello esíxese unha maioría de dúas terceiras partes do pleno da corporación (art.47.2 d) LBRL). Esta previsión choca abertamente co procedemento sinalado no Decreto autonómico xa que este non prevé a consulta, e menos a decisión do pleno por maioría cualificada, excepto no caso de que a propia Xunta teña discrepancias coa Comisión de Toponimia. Esta discordancia pode ser integrada, non obstante, porque este precepto non ten carácter básico quedando, por tanto esta materia á libre regulación das Comunidades Autónomas. Neste punto, pois, a regulación aplicable é a contida no Decreto da Xunta de Galicia. De feito a Sentencia do Tribunal Constitucional 214/1989, de 21 de decembro establece claramente que a “aprobación da alteración ou cambio de nome dos municipios é típica competencia de execución en materia de réxime local que, de acordo co marco constitucional de distribución de competencias, os Estatutos de Galicia e de Cataluña atribúen ás súas respectivas Comunidades Autónomas”.



3. O CASO DO TOPÓNIMO A CORUÑA

Ten interese facer mención ao proceso xudicial emprendido pola Mesa pola Normalización Lingüística contra o Concello de A Coruña polo incumprimento reiterado no uso da forma oficial do topónimo. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Tribunal Supremo, e posteriormente o Tribunal Constitucional, avalaron as teses de A Mesa, no sentido da obriga de usar o topónimo oficial -ademais da de cumprir as normas de uso do galego polos entes locais fixadas na normativa autonómica- (Sentenza 606/1994, de 28 de xullo do Tribunal Superior de Xustiza á que seguiron diversos autos e providencias dirixidos a efectuar a execución dos mandatos xudiciais; Sentenza de 25 de setembro de 2000, do Tribunal Supremo; Auto do Tribunal Constitucional 11.2.2002 e 1.7.2002, STS 5 de xullo de 2006). A pesar das sucesivas resolucións xudiciais os deficientes mecanismos existentes para garantir o cumprimento das obrigas legais neste ámbito permitiron a prolongación do conflito⁷².

Neste asunto ten especial importancia o recoñecemento de lexitimación, isto é de capacidade para ser parte no xuízo, á Mesa pola Normalización Lingüística. Esta lexitimación foi atacada polo concello coruñés, mais o Tribunal Supremo, facendo unha interpretación extensiva dos artigos 28.1^a) e 32 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, considerou que debe recoñecerse que as asociacións poden exercer accións encamiñadas a defender xudicialmente os intereses lexítimos que constitúen o obxectivo da súa actividade. Na medida en que os Estatutos da Mesa contemplaban entre os seus fins unha utilización normalizada da lingua considérase que pode ser parte no xuízo, cuestión dunha importancia crucial de cara a unha defensa completa do uso da lingua.

Outra cuestión que é relevante no preito continuado sobre o topónimo da cidade da Coruña é a existencia de convivencia na propia esfera xudicial cos incumprimentos municipais nesta cuestión. Só cabe poñer o exemplo do maxistrado do TSX de Galicia, posteriormente nomeado Valedor do Pobo, que reiteradamente substituíu a denominación oficial polo alambicado “en la ciudad sede de este tribunal” para evitar o uso do galego (vid. por exemplo STSXGalicia 546/2004, de 23 de xuño). Ou a persecución do xuíz decano coruñés, Antonio Fraga Mandián, denunciando por inxurias ao presidente de A mesa pola Normalización Lingüística por ter criticado o seu uso do topónimo castelanizado (a sentenza absolveu ao presidente da Mesa en 2013).

⁷² En 2009 intentouse tamén garantir o uso da forma castelán mediante a presentación dunha Iniciativa Legislativa Popular que non foi admitida a trámite por entenderse que era unha materia de desenvolvemento estatutario nas que non cabe o uso deste procedemento legislativo.

4. OUTRAS PREVISIÓNS REFERIDAS Á TOPONIMIA NO ÁMBITO COMPETENCIAL AUTONÓMICO

Ademais desta regulación no ámbito autonómico hai que mencionar que o Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia en 2004 apuntaba entre as súas medidas unha referida á microtoponimia:

Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente, deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na Rede” (Medida 1.2.6. Sector 1. Administración. Área 2. Administración local).

Finalmente, debe sinalarse, xa que chama a atención a omisión, que o Decreto 138/2008, de 22 de maio, de sinalización turística non menciona en absoluto a lingua ao regular as especificacións técnicas, estéticas e de normalización da sinalética autonómica no campo do turismo.

5. AS COMPETENCIAS ESTATAIS EN MATERIA DE TOPONIMIA

A competencia autonómica en materia de lingua é concorrente con competencias estatais que poden afectar á toponimia. Así a denominación das provincias é competencia do Estado en tanto que as provincias son o nivel territorial no que se descentraliza a estrutura institucional estatal, tanto a efectos electorais na maior parte dos procesos como para a propia organización administrativa. Por iso, é necesaria unha lei aprobada polas Cortes Xerais para a modificación legal das denominacións provinciais. A Lei 2/1998, de 3 de marzo, cambia definitivamente a denominación das provincias de La Coruña e Orense por A Coruña e Ourense, pondo fin ao longo período de vixencia dos topónimos traducidos iniciada en 1833, que non por iso conseguiu ocultar a realidade lingüística, histórica e mesmo tradicional -tal e como reconece o preámbulo da lei- do mantemento dos topónimos galegos. A exposición de motivos da lei é suficientemente elocuente en relación coas bases xurídicas e históricas para este cambio oficial de denominación:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 2.1, establece que a denominación actual das provincias de Galicia é La Coruña, Lugo, Orense e Pontevedra.

A denominación das capitais das provincias de La Coruña e Orense é A Coruña e Ourense, respectivamente, tal como quedou establecido no Decreto da Xunta de Galicia 146/1984, do 27 de setembro, de conformidade coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece, no seu artigo 10, que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega».

O Real decreto do 30 de novembro de 1833 establece no artigo 1 que as provincias tomarán o nome das súas capitais respectivas, salvo as de Álava, Navarra, Guipúscoa e Biscaia, que conservan as súas actuais denominacións.

O Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón no artigo 25.2 que «só mediante lei aprobada polas Cortes Xerais pode modificarse a denominación e capitalidade das provincias».

Na actualidade segue manténdose o nome oficial de La Coruña e Ourense para as ditas provincias, cando a realidade é que ámbolos dous topónimos veñen utilizándose coas denominacións A Coruña e Ourense, respectivamente, gozando de plena aceptación popular por parte dos cidadáns, que os usan a diario.

Por outra banda, estas denominacións da Coruña e Ourense aparecen xa escritas desta forma en documentos que datan do século XIII, o que supón un claro referendo á argumentación de que aquelas responden a unha realidade lingüística, histórica e mesmo tradicional.

A concorrencia competencial con aspectos lingüísticos de competencia autonómica e aspectos materiais que poden caer baixo a competencia estatal apréciase tamén no Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional (BOE do 30.11.2007)⁷³. Nesta norma regúlase o xeito de incorporar ao nomenclátor xeográfico do Estado dos topónimos. O nomenclátor é “é un rexistro dinámico de información que recolle as denominacións oficiais referenciadas xeograficamente que se deben utilizar na cartografía oficial”. Se ben o artigo 23 fai referencia a que as denominacións oficiais estarán “tanto en castelán como nas linguas cooficiais correspondentes” hai que entender que ao corresponderlle á Galicia a determinación da oficialidade dos topónimos só cabería a inclusión de topónimos en galego. De feito o artigo 24 da mesma norma afianza esa interpretación ao indicar que se incluírán: “As denominacións oficiais das comunidades autónomas, as provincias, as illas, os municipios e as entidades locais de poboación, así como as súas variacións acordadas polas administracións públicas competentes. Non incorporará modificacións que se refiran ao nome das entidades locais sen que previamente aquelas quedasen inscritas no Rexistro de Entidades Locais”. Do exposto anteriormente queda claro que tanto a lexislación vixente como a xurisprudencia son claras en canto a que esas denominacións son as de forma galega.

Artigo 23. Nomenclátor xeográfico nacional.

1. O Nomenclátor xeográfico nacional é un rexistro dinámico de información que recolle as denominacións oficiais referenciadas xeograficamente que se deben utilizar na cartografía oficial.

⁷³ http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2007/12/01/pdfs/A03912-03925.pdf

2. O Nomenclátor xeográfico nacional está constituído pola harmonización, e integración, se é o caso, de:

a) O Nomenclátor xeográfico básico de España, que comprenderá todas as denominacións oficiais xeorreferenciadas sobre cartografía topográfica a escalas de 1:25.000 e menores, tanto en castelán como nas linguas cooficiais correspondentes.

b) O Nomenclátor xeográfico de cada unha das comunidades autónomas, comprendendo cada un as denominacións oficiais xeorreferenciadas sobre cartografía topográfica a escala superior de 1:25.000 da respectiva comunidade autónoma.

3. A selección e tratamento das denominacións incluídas no Nomenclátor xeográfico nacional deberanse axustar aos criterios de toponimia aprobados pola Comisión Permanente do Consello Superior Xeográfico por proposta da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos.

4. A cartografía oficial deberá incluír as denominacións incluídas no Nomenclátor xeográfico nacional.

Artigo 24. Nomenclátor xeográfico básico de España.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional a aprobación do Nomenclátor xeográfico básico de España, no cal se rexistrarán:

a) As denominacións oficiais das comunidades autónomas, as provincias, as illas, os municipios e as entidades locais de poboación, así como as súas variacións acordadas polas administracións públicas competentes. Non incorporará modificacións que se refiran ao nome das entidades locais sen que previamente aquelas quedasen inscritas no Rexistro de Entidades Locais.

b) Os topónimos correspondentes á orografía, hidrografía, vías de comunicación, comarcas naturais e outras formacións, coa referencia xeográfica que permita a súa localización na cartografía oficial, cando fosen aprobados pola Administración pública competente e polo Consello Superior Xeográfico.

Nunha cuestión que garda certa relación coa toponimia como é a sinalización pública de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas e outros servizos de interese xeral o Real Decreto 334/1982, de 12 de febreiro, establece que naquelas Comunidades Autónomas con lingua propia todas as instalacións competencia da Administración do Estado, a lingua utilizada será o castelán e a lingua propia. Esta obriga que se lle impón tanto á Administración como aos concesionarios responsables, curiosamente, “estará condicionada a que cada unha das comunidades Autónomas ás que se refire a presente disposición dite, no ámbito da súa propia competencia, unha norma que determine a utilización do castelán en idéntico senso”. En definitiva establece un principio de reciprocidade que, no caso galego, non atopa correlato nunha norma autonómica que fixe idénticas previsións. Enténdese, en todo caso, que o único aspecto que cabería que estivera, tamén, en castelán nesa sinalización, tendo en conta a Lei de Normalización, son as

indicacións non toponímicas (ex. Autoestrada, vía rápida, saída, peaxe...). Con posterioridade a esta norma dos inicios constitucionais, aprobouse o Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental y el material impreso de la Administración Xeral do Estado no que se fixa inequívoca e incondicionalmente a obriga de rotulación bilingüe. Esta normativa é aplicable non só á Administración Xeral do Estado propiamente dita senón tamén aos organismos dependentes dela:

Artículo 6. Utilización de linguas cooficiales en sinalizacións y carteles.

Serán bilingües, redactándose en castellano y en la lengua cooficial correspondiente, las señalizaciones exteriores de identificación de las dependencias administrativas, así como los contenidos más relevantes de los carteles de carácter informativo o publicitario que se elaboren para su ubicación en el ámbito territorial de una Comunidad Autónoma con lengua cooficial. El Manual de Imagen Institucional que se apruebe en aplicación de este Real Decreto determinará los supuestos y los formatos de las señalizaciones de identificación y carteles a que se refiere el presente artículo.

E por se houber dúbida algunha o propio Real Decreto somete as súas previsións ao que estableza a normativa autonómica que puidese existir en relación co uso das linguas oficiais:

Disposición adicional tercera. Normas autonómicas.

La regulación contenida en el presente Real Decreto sobre la utilización de lenguas cooficiales se entenderá sin perjuicio de lo que, en el ámbito de sus competencias, establezcan las normas de las respectivas Comunidades Autónomas sobre esta materia.

Finalmente hai que mencionar que AENA, como ente que xestiona os aeroportos do Estado dispoñía dunhas “Directrices para o uso igual e equilibrado dos segundos idiomas oficiais nos aeroportos”, sen carácter normativo, que establecen as pautas de uso das linguas propias tanto na información oral como na rotulación.

6. REFLEXIÓNS FINAIS

Parece claro que a lexislación vixente busca recuperar e asegurar o uso da toponimia en galego con carácter exclusivo como única vía de garantir a identificación dos nomes de lugar co que representaron historicamente en relación coa denominación de hábitats, accidentes xeográficos, acontecementos históricos, localización de actividades. *Sete Grixas, Trala Costa, Rego Foxo, Auga Pesada, Fontefría, Carballases, Porta Ventosa...* eses son algúns dos topónimos que poderían recoller os traballos administrativos dirixidos a fixar a toponimia.

A denominada “paisaxe lingüística” entendida como a presenza visible da lingua de oficial na paisaxe e rotulación pública e privada sería un paso máis dese camiño de normalización⁷⁴.

⁷⁴ O afortalamento da presenza pública da lingua mediante a visibilidade na rotulación (toponímica, administrativa, comercial...) é un elemento relevante da política lingüística, por exemplo, en Quebec: “Loi 86. Article 58. L’affichage public et la publicité commerciale doivent se faire en français. Ils peuvent également être faits à la fois en français et dans une autre langue pourvu que le français y figure de façon nettement prédominante. Toutefois, le gouvernement peut déterminer, par règlement, les lieux, les cas, les conditions ou les circonstances où l’affichage public et la publicité commerciale doivent se faire uniquement en français ou peuvent se faire sans prédominance du français ou uniquement dans une autre langue”. Vid. sobre iso I. Urrutia Libarona (2000): “El régimen jurídico del paisaje lingüístico en Euskal Herria”, *Revista Vasca de Administración Pública* 54, 357-404.

Bibliografía esencial da toponimia galega

Preténdese ofrecer unha relación dos estudos máis importantes sobre a toponimia galega, cunha organización temática. Non se terán en consideración traballos con orientación historiográfica (obxecto do primeiro capítulo deste libro) nin de tipo máis xeral (desde o punto de vista xeográfico, lingüístico ou político), senón que se pon o foco sobre a nosa área lingüística. Prescínlese aquí dos numerosísimos estudos de palabras, para incluír só aqueles de máis alcance ou os considerados de particular interese. Para maior pormenor ou información, pódense consultar as compilacións bibliográficas que se citan a seguir, amais da sempre actualizada bibliografía en liña BILEGA.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2010): “Toponimia de Galicia: estado da cuestión”, en M^a Dolores Gordón Peral (ed.), *Toponimia de España. Estado actual y perspectivas de la investigación*. Berlín / New York: Walter de Gruyter, 31–58.

Ferro Ruibal, Xosé (2005): “Onomástica gallega: lo hecho y lo por hacer”, en José Luis Ramírez Sádaba (coord.): *La onomástica en Navarra y su relación con la de España: actas de las primeras Jornadas de Onomástica (Pamplona, 2003)*. Pamplona: Universidad Pública de Navarra =Nafarroako Unibertsitate Publikoa, 35-90.

1. CORPUS

Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares. Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-2004). Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>>. *Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia) (PTG). Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2000–). 406.943 topónimos recompilados,

375.311 topónimos dispoñibles (outubro 2010). <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>>.

Varela Aenlle, Carlos Xesús (2000): *Toponimia del Eo-Navia*. Eilao [Asturias]: Mesa prá Defensa del Galego de Asturias. Reed.: *Repertorio toponímico e xentilício da terra Eo-Navia*. Universidade de Vigo, 2010. <https://issuu.com/carlosva/docs/repertorio_toponimico>

1.1. A microtoponimia

O Proxecto Toponimia de Galicia, auspiciado pola Xunta de Galicia, comezou no ano 2000, co fin de recompilar a toponimia menor do país. Ata o momento realizouse algún tipo de actuación (traballo de campo, de gabinete, dixitalización, etc.), en 146 concellos, e lévase traballado no 30% do territorio galego, con máis de 400.000 topónimos recollidos. Actualmente está paralizado (desde o ano 2010).

A toponimia en Galicia. Informe sobre o Nomenclátor e o Proxecto Toponimia de Galicia. Xunta de Galicia, 2005. <file:///D:/Usuario/Downloads/PUB_Toponimia_Galicia.pdf>

Estudo da microtoponimia nas Mariñas lucenses e Ortegal. Estudo lingüístico e toponímico: Vicente Feijoo Ares, Óscar Castro Castedo. Estudo etimolóxico: Gonzalo Navaza. [Santiago de Compostela]: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 2007.

Méndez, Luz / G. Navaza (eds.) (2007): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/agon/indice-das-actas-do-i-congreso-internacional-de-onomastica-galega-%E2%80%9Cfrei-martin-sarmiento/>> [Contén: Fernando García Pazos / Xermán García Cancela: “O Proxecto Toponimia de Galicia”, 745-752, Xosé Ramón López Boullón / Óscar Castro Castedo / Vicente Feijoo Ares / Marta López Macías: “Metodoloxía da enquisa toponímica: materiais e procedementos”, 753-765, Vicente Feijoo Ares: “A toponimia nas montañas do sueste ourensán”, 773-780]

Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia. Da Punta do Caranguexo (Panxón, Nigrán), ó Regueiro da Gándara (Salcidos, A Guarda)*. Gondomar [Po]: Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), 2009. [Dispoñible parcialmente en liña en “Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón” <http://81.47.175.201/costa_da_morte/attachments/article/44/ardentia3_Rguez_Vilar.pdf>, <http://www.depourense.es/download/cultura/raigame/raigame_22.pdf>, e publica-

do previamente en *Ardentía* 3 (2004), 41-54, *Ardentía* 22 (2005), 7-55, ámbolos dous traballos asinados xuntamente con Roberto Rodríguez Álvarez].

2. ESTUDOS DE CARÁCTER XERAL

Kremer, Dieter (1994): “Galegisch: Interne Sprachgeschichte III. Onomastik”, en G. Holtus / M. Metzelin / Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen: Max Niemeyer, vol. 6, 2, 34-46. Tradución en galego de Carlos Búa dispoñible en <<http://ilg.usc.es/agon/descargas/>>.

Navaza, Gonzalo (2002): “Dialectoloxía e toponimia”, en R. Álvarez, F. Dubert, X. Sousa (eds): *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 137-146. <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>

Navaza, Gonzalo (2005): “A onomástica como patrimonio”, en *Un tesouro invisible: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Pontevedra. 1, 2 e 3 de decembro de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 239-248.

Santamarina, Antón (2002): “A Journey through Galician Onomastics”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas: Santiago de Compostela, 20-25 setembro 1999*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 3-32. [Edición en CD-Rom]. Trad. gal.: “Viaxe pola onomástica galega”, *A Trabe de Ouro* 62 (2005) 11-38. Versión resumida en “Onomástica galega”, apéndice da *Gran Enciclopedia Gallega* 35, 140-152.

3. ESTUDOS ETIMOLÓXICOS

Ares Vázquez, Nicandro (2012, 2013): *Estudos de toponimia galega*. [A Coruña]: Real Academia Galega, 2 vols. [Compilación dos seus estudos toponímicos]

Machado, José Pedro (1984): *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa*, 3 vols. Lisboa: Confluência.

Moralejo Laso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Editorial Pico Sacro.

3.1. Por áreas xeográficas delimitadas

A meirande parte da bibliografía científica existente sobre toponimia galega baséase en estudos específicos de áreas xeográficas ben acoutadas. Menciónanse aquí só algúns deles destacados polo seu rigor científico e metodolóxico, maiormente teses de doutoramento.

- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *Atoponimias das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago. <http://dspace.usc.es/bitstream/10347/2870/1/9788498875782_content.pdf>
- Palacio Sánchez, X. Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento (inédita). Univ. de Santiago.
- Navaza, Gonzalo (1991): *Os camiños da identidade. Toponimia de Reboreda*. Redondela: Concello de Redondela.
- Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- Navaza, Gonzalo (2011): *Saiáns. O nome dos lugares*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
- Porto Dapena José Álvaro (2014): *Diccionario toponímico do concello e ría de Cedeira*. Universidade da Coruña.
- Rivas, Elixio (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Sestay, Iván (2008): *Toponimia do Val do Fragoso I. Coia*. Vigo: Universidade de Vigo / Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. <<http://snl.vigo.org/imaxes/file/toponimia/coia%20libro>>
- Sestay, Iván (2010): *Toponimia do Val do Fragoso: 2. Lavadores*. Vigo: Universidade de Vigo / Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. <<http://snl.vigo.org/imaxes/file/toponimia/lavadores%20libro>>
- Vázquez García, Carlos (2014): *Toponimia do concello de Lugo*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela. <<http://hdl.handle.net/10347/12006>>

3.1.1. Límites lingüísticos

- Bello Garnelo, Fernando [2001]: *La toponimia de la zona arqueológica de Las Médulas (León): La toponimia del espacio geográfico de Borrenes, Carucedo y el Puente de Domingo Flórez*. León, Universidad de León.
- Bello Garnelo, Fernando (2012): “Toponimia y antroponimia en la zona de Las Médulas (León)”, *Lletres Asturianas* 106, 93-115. <<http://www.academia-delalingua.com/lletresasturianas/pdf/Lletres%20Asturianas%20106.pdf>>
- Cortés Vázquez, Luis (1954): *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora). Toponimia, textos y vocabulario*. Salamanca: Univer-

- sidad de Salamanca. Ed. facs.: Salamanca: Universidad de Salamanca, 2001.
- Costas González, Xosé Henrique (2004): “Historia e toponimia do val do río Ellas”, en R. Álvarez / A. Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita: estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 81-99.
- García y García, Jesús (1984): “Los límites lingüísticos en el Bierzo vistos en la toponimia”, *Tierras de León* 56, 77-88. <<http://www.saber.es/web/biblioteca/libros/tierras-de-leon/html/56/8limites.pdf>>
- Gargallo Gil, José Enrique (1995): “Topònims de frontera a la península Ibèrica: als lindars de l'àmbit lingüístic gallec-portuguès i del català/valencià”, en V. Rosselló / E. Casanova (eds.), *Materials de toponímia (Mestratge de Toponímia. 1990-1991)*, Valencia: Denes / Universitat de València / Generalitat Valenciana, tomo II, 1069-1088.

3.2. Campos semánticos

- Dourado Fernández, Rocío (2013): “Aproximación á zootoponimia do concello de Ribadeo (Lugo)”, en Emili Casanova / Cesáreo Calvo Rigual (eds.): *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas. Valencia 2010*. Berlin: De Gruyter, vol. V, 99-110.
- Feijoo Ares, Vicente (2014): “Las motivaciones de los nombres de las piedras en Galicia. Cultos, ritos y leyendas”, en Joan Tort i Donada / Montserrat Montagut i Montagut (eds.): *Els noms en la vida quotidiana. Actes del XXIV Congrés Internacional d'ICOS sobre Ciències Onomàstiques*. Generalitat de Catalunya, 1129-1145. DOI: 10.2436/15.8040.01.116 <<http://www.gencat.cat/llengua/BTPL/ICOS2011/116.pdf>>
- Martínez Lema, Paulo (2007): “Orotoponimia da comarca do Barbanza no tomo de Toxos Outos”, en J. Evans Pim / B. Kristensen / O. Crespo Argibay (eds.): *Mocidade investigadora galega. Relatorios do primeiro congreso galego da mocidade investigadora*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 189-195.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf>
- Palacio Sánchez, Antón (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, *Estudos de Lingüística Galega* 6, 217-231. <DOI: <http://dx.doi.org/10.3989/hs.2014.058>>
- Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de lugar referentes ao relêvo e ao aspecto geral do solo. Capítulo de uma toponímia galego-portuguesa”, *RPF* 1, 153-198.

- Piel, Joseph M. (1947): “As águas na toponímia galego-portuguesa”, *BF* 8, 4, 305-342.
- Piel, Joseph M. (1966-1967): “Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik”, *Portugiesische Forschungen der Görresgesellschaft* 6 (1966), 164-202, 7 (1967), 195-209.
- Piel, Joseph M. (1968): “Beiträge zur spanischen und portugiesischen Phytoponomastik (I)”, en H. Flasche (ed.) (1968): *Litterae hispanae et lusitanae: Festschrift zum fünfzigjährigen Bestehen des iberoromanischen Forschungsinstituts der Univ. Hamburg*. München: Max Hueber, 331-348.
- Piel, Joseph M. (1968): “Beiträge zur spanischen und portugiesischen Phytoponomastik (II)”, en *Festschrift Walther von Wartburg zum 80. Geburtstag*. Tübingen: Max Niemeyer, 175-194.
- Piel, Joseph M. (1971): “Sonne, Wind, und Schatten in den Ortsnamen der Iberischen Halbinsel”, *Iberoromania* 1, 1-7. Trad. ó port.: “Sol, sombra e ventos na toponímia da Península Ibérica”, en Piel (1989), 71-75.
- Varela Sieiro, Xaime (2007): “Terminoloxía toponímica relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 497-512. <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2013/10/30.VarelaSieiro.pdf>

3.3. Antropotoponimia

Os traballos de Piel sobre a antropotoponimia latina e xermánica están incluídos nos puntos 4.2 e 4.3.

- Dourado Fernández, Rocío (2014): “Toponimia de base antroponímica en el Ayuntamiento de Ribadeo (Lugo): apuntes para una sistematización”, en Joan Tort i Donada / Montserrat Montagut i Montagut (eds.): *Els noms en la vida quotidiana. Actes del XXIV Congrés Internacional d’ICOS sobre Ciències Onomàstiques*. Generalitat de Catalunya, 1091-1102. <<http://www.gencat.cat/llengua/BTPL/ICOS2011/113.pdf>>
- Martínez Lema, Paulo (2007): “Achegamento á antropotoponimia do concello de Vilalba (Lugo)”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 155-162.
- Martínez Lema, Paulo (2007) “Nomes de posesor na toponimia do concello de Begonte (Lugo)”, *Revista Galega de Filoloxía* 8, 125-155. <http://illa.udc.es/rgf/pdf/RGF_o8_enteiro.pdf>

- Méndez, Luz / Gonzalo Navaza (2004): “Xentilicios e nomes persoais na toponimia de Chantada”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega, historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. III, 523-532.
- Navaza, Gonzalo (1999): “Quelques noms de personne dans les noms d’endroits de la Galice méridionale”, en Dieter Kremer (ed.): *Onomastik. Akten des 18. Internationalen Kongresses für Namenforschung. Trier, 12.-17. April 1993*. Tübingen: Niemeyer, vol. IV, 281-304.

3.4. Haxiotoponimia

- Domínguez García, Manuela (2002): “Hagiotoponimia de Galicia”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas Santiago de Compostela, 20-25 setembro 1999*, v. I. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 161-172.
- Navaza, Gonzalo (2009): “Parroquias e toponimia”, en F. García Pazos (coord.): *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela, 181-201. <http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/publicacions/DR/A_Parroquia_en_Galicia.pdf>
- Piel, Joseph M. (1949/1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponimia peninsular”, *Biblos* 25 (1949), 287-353, 26 (1950), 281-314. Separata, Coimbra (1950).
- Santamarina, Antón (2008): “A pegada relixiosa na toponimia galega. I. Edificios relixiosos”, en X. L. Axeitos, Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares (eds.), *A patria enteira: Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago, 935-949.

3.5. Aspectos morfolóxicos

- Álvarez, Rosario (2002): “Topónimos en *edo/-ido*”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas Santiago de Compostela, 20-25 setembro 1999*, v. I. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 87-102.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*. Ed. en CD-ROM. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Cano González, Ana M^a (2006): “Sufixos con valor colectivo na fitotoponimia del Navia-Eo”, en *Actas das Segundas Sesións d’Estudio del Occidente (A Caridá, 1 y 2 d’abril de 2005)*, Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 217-257.

- García Sánchez, Jairo Javier (2002-2003): “El elemento prefijal SUB (> ‘so’) en toponimia. Reconsideración de su valor”, *Archivum* 52-53, 159-195.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977): “Topónimos variables con nasal o sin ella: *edo/a* o *endo/a*”, *Verba* 4, 301-310. Reed. en Moralejo Lasso 1977, 341-354.
- Pérez Capelo, Carolina (2015): *Toponimia e variación dialectal en galego: Os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa, -uá*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago. <<http://ilg.usc.es/gl/publicacions/libros/toponimia-e-variacion-dialectal-en-galego-os-toponimos-rematados-en-oa-oa-ua-ua>> <DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/limiar.2015.751>>
- Piel, Joseph M. (1949): “Sobre o sufixo -ELLUS, -ELLA, no onomástico tardío hispano-latino”, *Humanitas* (Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra) II, 241-248.
- Piel, Joseph M. (1962): “Sobre a terminação -endo (-indo), -enda na fito-toponimia galego-portuguesa”, en *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (Lisboa, 1959)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, vol. 3, 153-163. [= *Boletim de Filologia* 20 (1961)]
- Wolf, Heinz Jürgen (1998): “Galicien und die spanischen Ortsnamen auf ‘-ára(s)”, en D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, 929-941.

4. ESTRATOS LINGÜÍSTICOS

4.1. Prerromano

- Bascuas, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- Bascuas, Edelmiro (2005): *Hidronimia y léxico de origen paleuropeo en Galicia*. Edicións do Castro, Sada.
- Bascuas, Edelmiro (2008): “La hidronimia de Galicia. Tres estratos: paleoeuropeo, celta y latino”, *Estudios Mindonienses* 24, 521-550. <<http://www.mondonedoferrol.org/estudios%20mindonienses/MINDONIENSES%2024%20%5Bprotegido%5D.pdf>>.
- Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea gallega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Búa Carballo, Juan Carlos / Servando Lois Silva (1994/95): “Los topónimos gallegos en *bre* de origen prerromano”, *Beiträge zur Namenforschung* 29/30, 13-41.
- Martínez Lema, Paulo (2009): “Hidrotoponimia da comarca de Bergantiños na documentación do Tombo de Toxos Outos: estudo lingüístico--etimolóxico”, *Ianua* 9, 195-212. <https://www.academia.edu/17150488/Hidrotoponimia_da_comarca_de_Berganti%C3%B1os_na_documentaci%C3%B3n_do_Tombo_de_Toxos_Outos>

- Moralejo Álvarez, Juan José (2008): *Callaica nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Callaica_Nomina.pdf>
- Moralejo Álvarez, Juan José (2009): “Hidronimia prerromana de Galicia”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II, Verba Anexo 64*. Santiago de Compostela, 37-90.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2009): “Toponimia de las vías romanas de Galicia”, *Palaeohispanica* 9, 189-202.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2010): “Documentación medieval galaica: topónimos en *bre*”, en Francisco Cortés Gabaudan / Julián Víctor Méndez Dosuna (eds.): *Dic mihi, musa, virum: Homenaje al profesor Antonio López Eire*. Salamanca, Universidad de Salamanca, 473-480 (= Acta Salmanticensia. Estudios Filológicos; 326).
- Moralejo Álvarez, Juan José (2010): “Topónimos célticos en Galicia”, *Palaeohispanica* 10 [= *Serta Palaeohispanica in honorem Javier de Hoz*], 99-111.
- Kremer, Dieter (ed.) (2007): *Onomástica galega, con especial consideración da situación prerromana. Actas do primeiro Coloquio de Trier, 19 e 20 de Maio de 2006*. Anexo 58 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Contén (referido a toponimia): Carlos Búa: “O ‘Thesaurus Palaeocallaecus’, un proxecto que quere botar a andar”, 15-40, Jürgen Zeidler: “Celto-Roman Contact Names in Galicia”, 41-56, Jürgen Untermann: “Topónimos y apelativos de la lengua lusitano-galaica”, 57-73, Bärbel Kramer / Johannes Kramer: “Topónimos e hidrónimos de Portugal y Galicia en una nueva fuente antigua: el papiro de Artemidoro”, 99-106, Martín Sevilla Rodríguez: “La toponimia reconstruye el indoeuropeo. El origen de los hidrónimos *Dobra, Dubra*, etc.”, 107-112, Amilcar Guerra: “Reflexões em torno de alguns elementos da toponomástica do extremo Occidente peninsular”, 113-134, Susanne Dietrich: “El proyecto ‘Microtoponimia de Galicia’ ¿una investigación onomástica?”, 149-156]
- Kremer, Dieter (ed.) (2009): *Coloquio sobre onomástica galega. Onomástica galega II: onimia e onomástica romana e a situación lingüística do noroeste peninsular. Actas do segundo coloquio, Leipzig, 17 e 18 de outubro de 2008*. Anexo 64 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 215-226. [Contén: Javier de Hoz: “La indoeuropeización del noroeste”, 5-35, Juan José Moralejo Álvarez: “Hidronimia prerromana de Gallaecia”, 37-90, Carlos Búa: “Hidronimia e teonimia”, 91-155, Jürgen Untermann: “Galicia y Celtiberia. Rasgos comunes y diferentes”, 185-198, Gonzalo Navaza: “Toponimia prelatina na documentación

medieval de Galicia”, 215-226, José María Vallejo Ruiz: “Intentos de definición de un área antroponímica galaica”, 227-262, Dieter Kremer: “Substratos prerromanos no léxico do noroeste peninsular”, 283-297, Ramón Lorenzo: “Fenómenos fonéticos relacionados co substrato”, 299-317.]

Untermann, Jürgen (2007): “Griegos, romanos y «bárbaros» en la toponimia paleohispánica”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 815-830. <<http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2013/10/55.Untermann.pdf>>

4.2. Latino

Piel, Joseph M. (1947): «Nomes de ‘possesores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa», *Biblos* 23, 143-202, 283-407; Separata: Coimbra, 1948.

Piel, Joseph M. (1975): “Novos fragmentos de toponimia galega oriunda de nomes latinos de senhorios rurais medievos”, *Verba* 2, 45-58.

Piel, Joseph M. (1982): “Respiga de antroponimia galega de orixe latina”, *Verba* 9, 125-152.

4.3. Xermánico

Piel, Joseph M. (1960): “Toponimia germánica”, en M. Alvar (dir.): *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Madrid: CSIC, vol. 1, 531-560. Trad. ó portugués: “Toponimia germânica da Península Ibérica”, en *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. [Lisboa]: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1989, 149-172.

Piel, Joseph M. / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der iberischen Halbinsel*. Heidelberg: Carl Winter.

4.4. Árabe

Frías Conde, Xavier (2000-2002): “O elemento árabe en galego”, *Revista Galega de Filoloxía*, 1, (2000), 157-171 (I); 3, 2002, 65-80 (II).

Serra, P. Rocha Cunha (1967): *Contribuição topo-antroponímica para o estudo do povoamento do noroeste peninsular*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 1967.

5. ESTANDARIZACIÓN E NORMALIZACIÓN

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2011): “O artigo na toponimia galega: aspectos da estandarización”, *Revista Galega de Filoloxía* 12, 11-35. <http://illa.udc.es/rgf/pdf/RGF_12_enteiro.pdf>

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012): “A gheada na onomástica (achegas á estandarización)”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, 151-168. <http://ilg.usc.es/elg/volume/4/peneira/Peneira_Boullon_ELGo4_2012.pdf>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2013): “Variación e estandarización na toponimia galega”, en M^a Dolores Gordón Peral (coord.): *Lengua, espacio y sociedad. Investigaciones sobre normalización toponímica en España*. Berlín: Walter de Gruyter, 37-59.
- Costas González, Xosé Henrique (2008/09): “A deturpación da toponimia galega do Eo-Navia”, *Cadernos de Lingua* 30-31, 5-25. <<http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/04025ef3-8f57-4a81-ad9f-coa29e088159>>
- García Ares, M. Carme / Concha Martínez Mayo / Margarita Neira (2002): “La estandarización de los topónimos gallegos: estado de la cuestión”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*. Ed. en CD-ROM. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-456.
- Santamarina, Antón (1988): “Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega”, en *Homenaxe a Joseph Piel*. Tübingen: Niemeyer, 87-96. Versión en cast.: “Problemas para la restauración de topónimos gallegos”, en E. Knörr / M. Á. Líbano (eds.): *Actas de las I Jornadas de Onomástica, Toponimia. Vitoria-Gasteiz, abril de 1986*. Bilbo-Bilbao: Real Academia de la Lengua Vasca / Euskaltzaindia, 1991, 237-246.
- Santamarina, Antón (2002): “A recuperación e salvagarda da toponimia galega”, en *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística, 9 e 10 de novembro de 2000*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 253-262. <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/IVencontros.pdf>>.

6. DIDÁCTICA E DIVULGACIÓN DA TOPONIMIA

- Marqués Valea, Xulia (2003): *A toponimia na escola. Guía para a recollida, catalogación e estudio dos nomes tradicionais de lugar*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.
- Marqués Valea, Xulia (2008): *Enredando nos topónimos con Rodari*. [Santiago de Compostela]: Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Méndez Fernández, Luz (2000): *¿Por que se chama así este sitio? O significado dos nosos nomes de lugar*. Santiago de Compostela: Lea.

7. A TOPONIMIA E O MARCO LEGAL

Os topónimos de Galicia teñen como única forma oficial a galega (artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística, 3/1983, do 15 de xuño, publicada no DOG

o 14 de xullo de 1983). A Comisión de Toponimia é a institución encomendada pola Xunta de Galicia de fixar as formas estándares na toponimia (decreto 43/1884, DOG do 31.03.1984, modificado polo decreto 174/1998, do 5 de xuño, DOG do 22.06.1998). O *Nomenclátor de Galicia* foi publicado en 2003 co repertorio estandarizado da toponimia maior.

Ferreira, Xavier / Alba Nogueira / Anxo Tato / Luís Villares (2005): *Estatuto xurídico da lingua galega*. Vigo: Xerais.

García Cancela, Xermán (2007): “Normativa en materia de toponimia. Proceso de fixación da toponimia oficial”, en *Estudo da microtoponimia nas Mariñas lucenses e Ortegal*. [Santiago de Compostela], Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 19-24. <http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/publicacions/DR/Microtoponimif__1_.pdf>

RECURSOS EN LIÑA E WEBS DE INTERESE

Asociación Galega de Onomástica (AGOn). <<http://ilg.usc.es/agon/>>

Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dir: Francisco García Gondar. <<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>>

Cartografía dos apelidos de Galicia (CAG). Instituto da Lingua Galega (USC)/ RAG. Dirs: Ana Boullón / Xulio Sousa. <<http://ilg.usc.es/cag/>>

Catastro del Marqués de la Ensenada (CME) (1750-1754). Portal de Archivos Españoles (Ministerio de Cultura). <<http://pares.mcu.es/Catastro/>>

Corpus Documentale Latinum Gallaeciae. (CODOLGA). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>

Inventario Toponímico da Galicia Medieval (ITGM). Instituto da Lingua Galega (USC). <<http://ilg.usc.es/itgm/>>

Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti. <<http://www.bibliotecavirtualdeandalucia.es/catalogo/consulta/registro.cmd?id=6353>>

Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILGa). Instituto da Lingua Galega (USC). Dir: Xavier Varela. <<http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>>, <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>

